



**NOVA ESCOLA GALEGA
E A LINGUA
1983 - 2008**

**25 ANOS NA DEFENSA
DO IDIOMA**



XXV ANIVERSARIO DE NOVA ESCOLA GALEGA

Deseño da cuberta: Item-aga

© Nova Escola Galega, 2009
Produción: Edicións Xerais de Galicia
Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo
www.xerais.es
xerais@xerais.es

ISBN: 978-84-9914-069-8
Depósito legal: VG 1451-2009

Impreso en Obradoiro Gráfico, S.L.
Polígono do Rebullón, 52 D
36416 Mos (Pontevedra)

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.



NOVA ESCOLA GALEGA E A LINGUA 1983 - 2008

25 ANOS NA DEFENSA DO IDIOMA

Coordinadores/as:
Xosé Lastra Muruais
Grupo de Normalización Lingüística de NEG



XXV ANIVERSARIO DE NOVA ESCOLA GALEGA

Índice

Limiar. Xosé Lastra Muruais7

Achegas. Artigos

- Ma^a Pilar Freitas Juvino. *Da represión e desprezo da lingua galega ao bilingüismo «cordial». Memorial de agravios á lingua galega*11
- Anxo M. Lorenzo Suárez. *Unha ollada prospectiva sobre a evolución sociolingüística da lingua galega*.....21
- Carme Hermida Gulías. *Os avances na calidade do galego*33
- Henrique Monteagudo. *Sobre a necesidade de renovar o discurso galeguista sobre o idioma*40
- Agustín Fernández Paz. *As difíciles mudanzas. A lingua na Educación Infantil e Primaria*.....47
- Bieito Silva Valdivia. *A lingua galega na Educación Secundaria Obrigatoria. Reflexións sobre a súa presenza escolar e sobre o seu ensino*60
- Goretti Sanmartín Rei. *A cultura como modelo de transformación (socio)lingüística. Política lingüística, universidade(s) e prestixio*.....73
- Xosé Manuel Sarille. *Algúns apuntamentos sobre organizacións de defensa e defensores do galego desde a fin do franquismo*.....83
- Nel Vidal Barral. *A lingua no traballo, o traballo na lingua. Unhas anotacións rápidas a prol da normalización*95
- Valentín García Gómez. *A normalización lingüística nos concellos. Análise e proposta da Coordinadora Galega de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL)*103

Achegas. Entidades

- Consello da Cultura Galega (CCG).....123
- Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG)127
- Confederación Intersindical Galega (CIG)129
- Comisións Obreiras (CCOO)133
- Sindicato dos Traballadores e Traballadoras do Ensino de Galiza (STEG) ..136

Nova Escola Galega e a lingua

César Martínez Yáñez. *Van aló 25 anos!*143

Documentos. Anexos

Anexo 1. <i>Un modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego (1988)</i>	154
Anexo 2. <i>Modelo de normalización lingüística para o ensino (1989)</i>	171
Anexo 3. <i>NEG: Boletín interno, nº 24, maio de 1991</i>	178
Anexo 4. <i>NEG: Boletín interno, nº 35, setembro de 1995</i>	181
Anexo 5. <i>Modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego (1999)</i>	182
Anexo 6. <i>NEG Opina, Educar en galego: o compromiso renovado, setembro de 2004</i>	194
Anexo 7. <i>NEG Opina, Normalización lingüística no ensino, abril de 2007</i>	200
Anexo 8. <i>Resolución da XXIV Asemblea de NEG, marzo de 2008</i>	208
Anexo 9. <i>NEG Opina, A necesidade de educar en galego, abril de 2008</i>	209
Anexo 10. <i>NEG Opina, A cuestión lingüística, xuño de 2009</i>	213

Limiar

Co gallo de facermos vinte e cinco anos, en Nova Escola Galega acordamos realizar un certo exercicio de memoria e recollermos en varios soportes algúns dos momentos e preocupacións que nos tiveron cativos ó longo de todo este tempo. Naceu así, entre outros, a publicación titulada *1983-2008. Memoria e proxecto. Alicerces para mañá*.

Pero, sendo a lingua un dos eixos ou leitmotiv da nosa singradura, non podiamos deixar pasar esta efeméride sen lles darmos o espazo correspondente ás nosas xeiras nese eido, no da nosa lingua inserida no máis íntimo da nosa cerna.

Pensamos, logo, en facermos un chamado a persoas de NEG e a outras que, sen selo formalmente, as sentimos como nosas, co fin de que, en tratándose sempre de voces moi autorizadas na materia, puidesen achegar a esta publicación as súas reflexións e coñecementos. Pensamos, igualmente, que algún dos documentos que sobre a lingua elaboramos dende a asociación pagaba a pena recollelos tamén xuntos neste volume.

Así que trazamos un plan de edición que recollese achegas dende os puntos de vista diacrónico, sincrónico e prospectivo, dende as perspectivas da sociolingüística, da evolución, dos diferentes niveis do ensino, das asociacións a prol da lingua, do mundo do traballo ou dos concellos. E tamén dende a visión que sobre o asunto tiñan organizacións políticas, institucións, asociacións pedagóxicas ou sindicatos.

Certo é que petamos en moitas portas e que case sempre tivemos unha resposta, as máis das veces en forma de colaboracións, tal e como se recollen neste libro. Tamén o é que, nalgúns casos, obtivemos algunhas respostas de clamoroso silencio. Porén, sendo unhas e mais outras, peticións e achegas, realizadas no derradeiro trimestre de 2008, por diferentes razóns non puidemos dar xuntado o imprescindible para achegármolos ó deseño inicial co fin de o publicar na fin do ano pasado, como era a nosa arela. Realmente, puidemos recompilar estas achegas todas para un case nada antes das eleccións autonómicas. Como naqueles tempos anteriores e posteriores a ese proceso electoral pasou o que pasou, sirva este apuntamento como coñecemento do contexto concreto en que deben situarse os artigos e respostas que aquí se recollen.

Mesmo se nos instalou fortemente a dúbida de se sería bo ou non realizarmos a publicación nas actuais circunstancias, onde mudaron e moito aspectos en relación coa lingua, por mor da acción –ou inacción, no seu caso– do novo goberno do país. Pensamos, porén, que todo o que recolleemos nas páxinas deste libro ten un innegable valor polo fondo e pola forma, polo contexto e o momento, e sobre todo por se tratar para nós dun elo máis da nosa propia historia e celebración.

Sirvan estas liñas introdutorias a xeito de limiar, para lles agradecermos moi sinceramente a súa contribución a todas as persoas que aquí participaron e, moi especialmente, a todos os compañeiros e compañeiras de NEG, que fixeron da lingua tamén unha razón de ser neste cuarto de século.

O que eu podería escribir aquí sobre as nosas opinións e as nosas propostas neste tempo pódese ler, moito mellor explicado, nos anexos documentais da parte final. Así que unicamente me resta solicitar do lector ou da lectora que mire estas páxinas como unha humilde contribución á total normalización da nosa lingua nacional, a dos nosos devanceiros e a dos nosos fillos e fillas. Pedir tamén que se nos permita un certo exercicio de fachenda do traballo desenvolvido nestes anos por NEG. E, finalmente, asegurar que temos a máis firme decisión de seguirmos nese camiño no futuro, con todas e con todos, mesmo contra vento e marea.

Novembro 2009

Xosé Lastra Muruais (Coordinador)

ACHEGAS

ARTIGOS

Da represión e desprezo da lingua galega ao bilingüismo «cordial».

Memorial de agravios á lingua galega

María Pilar Freitas Juvino

1. A realidade mistificada

Nos últimos tempos vimos asistindo con abraio a unha campaña difamatoria e manipuladora da realidade sociolingüística de Galiza, que nos retrotrae no tempo e nos traslada a épocas pretéritas. Despois de pasaren máis de vinte e cinco anos da aprobación por unanimidade no Parlamento de Galiza da Lei de Normalización Lingüística (1983), e despois de macroenquisas e estudos, elaborados por institucións galegas de prestixio, afirmaren que nos últimos anos se produciu un importante avance na mellora das actitudes lingüísticas cara ao galego, a belixerancia dalgún grupo minoritario, a colaboración cómplice de certos medios de comunicación galegos e estatais, e a aquiescencia e apoio dalgúns partidos políticos, están a crear na sociedade a impresión de que o consenso que se acadara tocante á lingua do país está roto, crebado, debido ao fanatismo dos partidos gobernantes en Galiza.

Se seguimos con atención o que se vén publicando nos medios de comunicación escritos, se lemos con curiosidade manifestos promovidos dende o Centro, e se nos interesamos por informes pagados por clubs que aglutinan elites financeiras, podemos tirar a impresión de que se produciu unha milagrosa reversión da situación secular do galego como lingua reprimida, desprezada e desprazada dos seus propios ámbitos de uso e que arestora esta é a lingua que se impón e despraza o castelán, ata o extremo de preocupar fondamente os seus defensores.

Esgrímense argumentos que se repiten como ladaíñas e o vocábulo «imposición» reitérase coma un mantra. «O galego imponse», exclaman uns; «quérese erradicar o castelán», pregoan outros; «os hispanofalantes estamos discriminados», atronan os demais. Así, para evitar o uso e abuso de privilexios dos que goza o galego e que nos poden conducir ao desastre, a receita que prescriben é a da «sedución», o «amor», o «estímulo» e o «impulso», pero, iso si, sen imposicións, porque ante todo, lembremos, o galego non é obxecto de deberes, só de dereitos. Ademais, a liberdade persoal e os dereitos individuais deben primar sobre os dos territorios, e, por desconta-

do, as linguas non posúen dereito ningún. Na Constitución española consagrouse a asimetría das linguas, priorizando o castelán como lingua oficial de todo o Estado e posuíndo esta en exclusiva o deber de ser coñecida; en consecuencia o que se está a facer é «violentar o espírito» da Carta Magna ao outorgarlles ás outras linguas, españolas tamén, prebendas das que non deberían gozar.

Afirman, igualmente, que o galego é un obstáculo para o desenvolvemento económico e supón unha mingua das posibilidades laborais; significa atraso e sitúanos fóra do mundo globalizado; é unha barreira para a mobilidade laboral e convértese nunha pexa para a competitividade das empresas; un idioma propio diferente da «*lengua común*» é unha rémora para o desenvolvemento das Comunidades Autónomas que o posúen. O galego non é útil, xa que é unha lingua minoritaria no contexto internacional, en absoluto comparable ao castelán, lingua «xenerosa» e «enorme», falada por máis de catrocentos millóns de persoas. Pola contra, as linguas que eles denominan aleivosamente «locais» ou «rexionais» convértense en «barreiras», «fronteiras», «aramadas», que nos illan e nos impiden progresar e avanzar. Este falso criterio de utilidade conduce a afirmacións tan obsoletas e rancias como: «*Pasada Piedrafita, el gallego no sirve para nada*» ou «*Las materias científico-técnicas no se deben impartir en gallego*». E xa no cumio da mistificación sosteñen a falacia de que o castelán é tamén a «lingua propia de Galiza» (Club Financeiro de Vigo, *dixit*) e, asemade, a lingua común de todos os españois.

Colixen que esta situación de acoso e persecución do castelán ten a súa orixe nunha «*cruzada galleguista*» orquestrada por nacionalistas «recalcitrantes», «radicais», «sectarios», «inquisidores» e «fanáticos», que o único que buscan é poder e diñeiro, é dicir, vivir á custa do presebe do galego tornando Galiza nun «gulag» lingüístico.

Esta campaña agresiva e virulenta contra o galego e as outras linguas españolas que non son o castelán, vén acompañada de advertencias ameazantes proferidas por partidos políticos e colectivos moi minoritarios. Así, Núñez Feijoo, presidente do Partido Popular de Galiza, promete, en chegando ao poder, derrogar o Decreto 124/2007 polo que se regula o uso do galego no ensino, cando este é unha consecuencia, unha secuela, do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade de todos os grupos parlamentarios e promovido polo Goberno do PP, presidido por Manuel Fraga, e que nun dos obxectivos específicos para o ensino primario e secundario recolle: «Garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Dentro das posibilidades de cada centro tenderase a que entre as materias que se impartan nese idioma figuren matemáticas e a tecnoloxía, á parte das xa existentes». Decreto, ademais, avalado por unha sen-

tenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza do 21 de novembro de 2007. Este mesmo partido considera ilegais, por segregacionistas, as aulas voluntarias de infantil que usan exclusivamente como lingua vehicular o galego e, paradoxalmente, concorda coas teses de separar o alumnado en función da lingua cando está prohibido por lei (Lei de Normalización Lingüística, artigo 13, alínea 3). A nivel estatal, Mariano Rajoy prometeu levar ao Congreso unha proposición de lei para garantir o uso e coñecemento do castelán en todo o territorio español, intención á que xa se lle adiantou Rosa Díez, única deputada en Madrid por UPyD.

2. A auténtica realidade

Ante tanta falsidade e manipulación, a realidade social da lingua galega é ben diferente. De botarmos unha ollada aos xornais das últimas xeiras, observamos titulares coma estes: As forzas de seguridade rexeitan certificacións en galego; o galego é a última lingua de lectura despois de linguas estranxeiras como o francés ou o inglés; hai indicios de que tres de cada catro colexios de Vigo incumpren o decreto do galego, segundo un estudo realizado pola universidade da mesma cidade; o xuíz decano da Coruña declara: «*No tengo ningún rubor en usar la ilegalidad del topónimo La Coruña*»; unha empregada madrileña de Navantia envía un correo electrónico a un compañeiro de empresa no que cualifica o galego de «dialecto de aldea»; o párroco de Vedra predica contra o galego nas súas homilías; o Valedor do Pobo realiza declaracións despectivas contra a lingua do pobo que representa; unha empregada de Carrefour é insultada polo seu xefe de sección por falar en galego; un mozo galegofalante, coñecedor de varios idiomas, non é aceptado para un posto de recepcionista de hotel porque se lle pode escapar algunha palabra en galego; a UNED négalle a un cangués o dereito de ler a súa tese en galego, pero si o pode facer en linguas tan afastadas da nosa cultura coma o chinés; finalmente, o eco de semellante desatino nos medios de comunicación e a actitude afouta do doutorando fan que a Universidade rectifique; Sanidade descarta esixir aos médicos que saiban galego, pois o que se precisa é unha boa atención á marxe da lingua na que se fale; unha granxa escola de Fornelos de Montes (Pontevedra) prohibe o uso do galego aos seus traballadores; e para rematarmos, o filósofo de sona internacional, George Steiner, realiza unhas declaracións a un xornal de tirada nacional nas que menospreza o galego e a súa literatura, e considera que non ten categoría para ser lingua oficial da universidade. A reacción de escritores, xornalistas e intelectuais galegos, asemade sorprendidos e anoxados, consegue que pida desculpas.

Mentres asistimos á morte a fío de diferentes linguas e lemos acotío noticias que nos alertan de que outras están ao bordo da extinción (retorrománico, ladino etc.), a verdadeira realidade é que seguen existindo casos de discriminación contra o galego e os galegofalantes, malia estar prohibido por lei: «Ninguén poderá ser discriminado por cuestión da lingua» (Estatuto de Autonomía, artigo 5º, alínea 4). A pesar disto, existe un profundo devezo por parte dalgúns grupos políticos e colectivos sociais que non superaron o autoodio, ese complexo de inferioridade que fomos interiorizando ao longo dos séculos ao nos faceren crer que o noso era o peor e o deles, o outro, era o mellor, en crear un conflito lingüístico artificial, conflito non real, inexistente, pero do que eles interesadamente culpan ao nacionalismo «pailán» e «curto de miras», exculpándose eles mesmos que defenden e promoven un bilingüismo que deixou de ser «limpo e harmónico» para transmutarse en «cordial».

A que vén a defensa ferreña do bilingüismo cando case todos os estudosos e expertos concordan en que non existen sociedades bilingües senón sociedades diglósicas? Ou ben nun alarde de ignorancia descoñecen todo o corpus bibliográfico nacional e internacional acerca do tema, ou están obrando de mala fe e o que realmente pretenden é, nunha concepción darwinista das linguas, preservar o dominio do castelán, lingua imperialista e asimiladora onde as haxa, falada por centos de millóns de persoas como consecuencia dun xenocidio lingüístico continuado; deste xeito só sobrevivirán as «grandes linguas» do mundo, dende unha perspectiva cuantitativa, e o resto desaparecerá seguindo o criterio punitivo da Biblia que considera a diversidade lingüística como un castigo e un problema, non como unha riqueza, un trazo inherente ao ser humano, que favoreceu e favorece a súa evolución e a súa conservación como especie.

Mais esta situación actual finca as súas raíces nun pasado secular de represión e desprezo lingüísticos que os propios galegos acabamos por asumir, e que nos pode conducir, se os axentes sociais, políticos e nós mesmos, cada un individualmente, non reacciona na dirección adecuada de reposición e mantemento do galego, a un suicidio lingüístico, a unha perda absoluta de identidade en aras dunha favorecedora globalización que nos uniforma cultural e lingüisticamente, pero que nos anula como colectivo con trazos definidores propios e útiles para situármonos no mundo dentro da diversidade.

Se facemos un breve percorrido pola nosa memoria lingüística podemos observar como todos estes prexuízos, verbalizados por algúns e latentes en moitos outros, son moi similares e se formulan dunha maneira case idéntica dende hai séculos.

3. Memorial de agravios

Non nos imos deter na Idade Media, época de esplendor literario en galego-portugués, lingua de prestixio e recoñecemento internacional. Tampouco nos demoraremos nas causas que provocaron que o galego se deixase de escribir e perdesse o nivel culto e o rexistro formal (*vid.* os clásicos Sarmiento e Castelao e os actuais Monteagudo e Mariño Paz), e se convertese nunha lingua case exclusivamente oral, carente de todo prestixio e repudiada polos propios falantes. Para unha exposición máis didáctica habemos seguir unha orde cronolóxica, comezando esta a partir do século XVIII.

3.1. Século XVIII

Será a finais deste século cando nazan os Estados-nación modernos, invención europea que ten a súa orixe na Revolución Francesa, e vai ser a partir deste momento cando se comece a vincular un Estado cunha soa lingua ata converterse no desiderátum da maior parte das nacións europeas (de feito na actualidade só existen cinco países oficialmente plurilingües). Pola contra, este Século das Luces vai producir grandes pensadores que dunha forma clarividente se converterán na conciencia crítica da realidade lingüística. No caso da lingua galega, será Frei Martín Sarmiento, na estela do Padre Feixoo, o ilustrado, quen plasme por escrito a situación de precariedade e menosprezo que sufría a lingua de Galiza, e quen reivindicou dereitos para esta lingua e os seus falantes, daquela a esmagadora maioría do pobo galego.

O primeiro que trata de establecer o Padre Sarmiento é que o galego non é un dialecto do castelán, senón do latín, e á vez pai do portugués: «*Es un error creerla dialecto de la lengua castellana, ni antigua ni moderna*»; tampouco é un falar rudo e ridículo como moitos pretendían. Constata as burlas que os galegos sofren fóra de Galiza polo acento que os delata e, sobre todo, son ridiculizados ao escaparlles algunha palabra ou frase na lingua do país; isto lévaos a desprezar e odiar a lingua que falan e, avergonzados, abandonan o seu uso. O ilustrado chámalles «apóstatas da lingua» e esfórzase por conseguir a dignificación da imaxe social da lingua. Así mesmo, critica a represión do galego na escola, unha práctica para el totalmente antipedagóxica: «*(...) cuando no hace muchos años que era delito que un discípulo se le escapase alguna palabra gallega (...) y desterrar de Galicia la cruel y tiránica barbarie de estudiar una lengua ignota, por otra desconocida*». Avoga polo seu coñecemen-

to e uso, o que contribuirá á aprendizaxe do latín e ao prestixio do galego. Nunha actitude visionaria defende o plurilingüismo: latín, galego, castelán e calquera outra lingua estranxeira, e cunha afouteza abraiante insiste na utilidade do galego e na inutilidade do castelán para Galiza: «*Para maldita la cosa se necesita en Galicia la lengua castellana; le ha bastado por algunos siglos su lengua gallega*». Finalmente, nun afán xustificativo, achégase ás causas da perda do ámbito da escrita e do desprezo e desidia que sofre. Apunta a tres sectores como os causantes desta situación: o clero, o ensino e a burocracia, nomeadamente, a xustiza.

3.2. Século XIX

Durante este século acentúase a centralización e a homoxeneización do Estado. Para acadar isto e que España se converta nun Estado moderno só se necesita un idioma, e o castelán vaise converter na única lingua oficial. Promulgarase lexislación *ad hoc* para reforzar este carácter, e así, a Lei do Notariado de 1862 estipula que os documentos oficiais se escriban en castelán, o Regulamento da Lei do Notariado de 1874 insiste na tradución ao castelán cando aparezan termos ou textos noutros idiomas. Paralelamente a este reforzamento legal do castelán, son moitas as manifestacións que se fan a favor desta lingua e do que significa para a unidade nacional e en contra da diversidade de idiomas que, entre outras moitas pexas, representan unha limitación para exercer cargos en todo o territorio do Estado. Xa nesta época se amosaba preocupación polo abandono do castelán e se defendía o seu uso. Deste xeito, a lingua castelá vaise converter nunha marca social que identifica as persoas distinguidas e decentes e as diferencia dos demais, por iso os galegos desprezan e rexeitan o seu idioma e prohiben aos seus fillos que o falen, como recolle Carme Hermida de *El Heraldo Gallego*: «*Con dolorosa frecuencia, son gallegos que reprenden y censuran acremente a cualquier persona de su familia que incurra en el grave delito de expresarse por medio de frases gallegas*».

Esta realidade sociolingüística reflíctese na literatura da man de escritores e escritoras que consideran un compromiso coa terra o uso e reivindicación do idioma. Xoán Manuel Pintos, en *A gaita gallega* (1853), fai unha alegación a favor da lingua de Galiza. Utiliza indistintamente os termos «dialecto» e «idioma», pero afirma que procede do latín e retruca a consideración do galego como dialecto do castelán. Constata que apenas se escribe e confía en que non tardando se elaboren unha gramática e un dicionario. Critica os que desprezan e renegan do seu idioma porque o consideran inadecuado: «*Aquí mismo, aquí en Galicia / a doctorcillos de*

pelos / les oí que su idioma / es tosco lenguaje y feo / inapropiado de gente fina / reservado a los paletos»; pero tampouco se preocupan de estudalo: «*Que es criminal desidia en los gallegos / no dedicarse a recoger su idioma*». Para evitar esta situación debe favorecerse a autoestima dos galegos estudándoo na escola e, como xa fixera Sarmiento, avoga por coñecer varias linguas.

Rosalía de Castro, no «Prólogo» de *Cantares gallegos* (1863), laméntase do desprezo con que tratan fóra de Galiza os galegos e a súa lingua: «Todo isto me atrevín a cantar neste humilde libro para dicir unha vez sequera, e aínda que sexa torpemente, aos que sen razón nin coñecemento ningún nos desprezan, que a nosa terra é digna de loanzas, e que a nosa lingua non é aquela que bastardean e chamurrán torpemente nas máis ilustradísimas provincias cunha risa de mofa que, a dicir verdade (por máis que esta sexa dura) demostran a ignorancia máis crasa...». Curros Enríquez, no poema «Introdución» de *Aires da miña terra* (1880), refírese ao galego como unha lingua escarnecida e inxuriada, que non vai morrer malia o pretenderen os desleigados: «Apóstol teu, anque o máis ruín de todos, / por onde quer levarei teu evanxeo, / o fatelo vestindo da ignominia / que pra mofa nas costas che puxeron».

Marcial Valladares en «Aos lectores», prólogo da súa novela *Maxina ou a filla espuria* (1880), deixa constancia de que os galegos se avergonzan de falar a súa lingua e isto ten moito que ver coa total castelanización da escola. De feito, na súa obra o idioma funciona como unha derrega cultural e social: os fidalgos falan castelán, os criados destes, «castrapo» e os labregos, galego. Antonio López Ferreiro, en *A tecedeira de Bonaval* (1894), porfía en que o galego non só é a lingua natural (propia) de Galiza, senón tamén é pai do portugués. Laméntase así mesmo da aldraxe e a burla que sofren os galegos: «Moito se nos apupa e despreza aos galegos polo noso acento»; «De aquí é que fagan burla e mofa do acento galego». Non é de estrañar, logo, que se refuxie na intimidade do fogar e se atope desprazado do ámbito público (especialmente da escola), mais a culpa non é só dos foráneos, senón tamén dos propios galegos que non fan nada por mudar a situación.

3.3. Século XX

É imposible abarcarmos todos os actos represivos que se levaron a cabo contra a lingua galega ao longo do século pasado, polo que imos sintetizar o máximo posible e esbozar unha idea moi xeral do que supuxo a represión lingüística durante este longo período. Existe abondosa lexislación que prohibe expresamente o uso das lin-

guas que non sexan o castelán en diferentes ámbitos sociais como a educación, a administración etc. Xa a comezos do século (1902) un decreto obriga os mestres a impartir a doutrina cristiá e calquera outra materia en castelán so ameaza de amonestación. A este ségueno outros moitos polos que se pretende expulsar o galego ou calquera outra lingua, que non sexa a oficial do Estado, da escola. Nos dous períodos de ditadura vividos ao longo do século (1923-1930 e 1936-1975) acentúase a persecución que irá mingando a partir dos anos setenta, máis concretamente a partir da promulgación da *Ley General de Educación* (1970), que continuará co coñecido como Decreto de Bilingüismo (1979), disposición preautonómica pola que se introduce o ensino obrigatorio da lingua galega no ensino primario e secundario, que provocou non poucos actos de represión cara aos mestres e mestras que pretendían usar o galego como lingua vehicular, e que culminará coa Lei de Normalización Lingüística, que no título III establece o galego como lingua oficial do ensino. Igualmente, dende comezos do século promúlganse varios decretos e regulamentos polos que se restrinxe o uso das outras linguas ou dialectos que non sexan o castelán á esfera privada e se prohíbe o seu uso na esfera pública, ameazando con multar a quen non respecte a legalidade vixente. De 1938 é unha orde ministerial pola que se prohíbe o uso de calquera outra lingua no Rexistro Civil, e serán declaradas nulas todas as inscricións realizadas nun idioma diferente. En 1939 prohíbense os rótulos e nomes de hospedaxes que non estean consignados en castelán. O afán represor chega ao paroxismo cando se retiran caixas de mistos do mercado por non levaren lemas en castelán, se prohiben etiquetas nos medicamentos en linguas que sexan distinta da oficial, ou se prohíbe poñer nomes a embarcacións en calquera outra lingua. Haberá que esperar á LNL para que no título II se fixe a cooficialidade das dúas linguas na administración.

Ademais da lexislación elaborada *ad hoc* para eliminar todo rastro das outras linguas do ámbito público e institucional, dende o poder e os seus arredores despréganse campañas propagandísticas sublimando o castelán e infravalorando e desprestixiando o galego e as outras linguas. Os argumentos máis empregados son: O galego é un dialecto e polo tanto unha variante territorial do castelán; o galego é unha lingua minoritaria, incomparable a unha lingua extensa e internacional coma o castelán, que serve de elo de unión dun imperio; o galego é un idioma axeitado para a lírica e o costumismo, pero non apropiado para a alta cultura, a ciencia e a tecnoloxía; o galego é unha lingua rural, arcaica e ordinaria que estigmatiza a quen a fala e que acabará por desaparecer; e o seu uso significa atraso, retroceso e involución, porque nos illa do mundo e crea barreiras artificiais.

Tamén se procedeu á desmitificación e menosprezo dos escritores galegos máis senlleiros e da súa obra literaria, non só do Rexurdimento, senón tamén da primeira metade do século. Alén diso, manobrouse para conseguir o descrédito de obras e autores coa pretensión de mistificar e negar a existencia duns devanceiros que realizaran unha obra encomiable en galego para lles subtraer ás novas xeracións un fulcro no que estearse. Ademais, a súa falta de categoría impídelle ser un trazo esencialista para definir a literatura galega e o seu valor redúcese a un trazo secundario. Realizáronse ataques furibundos a institucións galeguistas como a Real Academia Galega e os seus membros dende o mesmo momento da súa fundación, desmantelouse o Seminario de Estudos Galegos, saqueouse a Editorial Nós e fusilouse o seu director, Ánxel Casal, asemade alcalde galeguista de Santiago, e ilegalizouse o Partido Galeguista, fusilando varios dos seus membros, exiliándose outros e sendo represaliados no interior outros máis. Prohibíronse publicacións de orientación galeguista como *A Nosa Terra*, programas de radio como as emisións dende a BBC de Londres, coleccións de poesía como Benito Soto e revistas como *Grial*. Tamén se recorreu ao silencio administrativo para delongar a publicación de obras como a tradución do alemán da obra filosófica de Martin Heidegger *Da esencia da verdade*, realizada por Ramón Piñeiro e Fernández de la Vega, ou revistas como *Ínsula*. Non será ata 1972 cando se lle conceda á Universidade de Santiago a Cátedra de Lingua e Literatura Galega.

En consecuencia, asistimos á ausencia do galego da escola ao longo de máis dos dous terzos do século, o que contribuíu a minar o seu desprestixio. Á case ausencia absoluta do galego dos medios de comunicación; en caso de empregarse, existe discriminación temática ao reduciren o seu uso a temas fundamentalmente culturais e lingüísticos. Á ausencia do galego da Igrexa; dende 1963 procedeuse á introdución paulatina do castelán e ao refugamento do galego por parte da maioría do clero; os seminarios convertéronse en centros represores da lingua galega e dos galegofalantes. Á ausencia do galego da administración e, polo tanto, de documentos, actas e todo tipo de texto formal. Todo isto leva aparelhada a castelanización e «castrapización» da toponimia, oronimia, antroponimia etc.

4. A modo de conclusión

Que podemos dicir ante todo isto? En primeiro lugar, estamos a asistir á ruptura da *pax* lingüística que prevaleceu en Galiza ata hai pouco, en boa parte grazas á responsabilidade de grupos políticos e sociais que, sen estar de acordo en gran

medida coa política lingüística desenvolvida polo goberno, aceptaron o *statu quo* establecido. Esta creba do consenso non se debe aos grupos gobernantes arestora, senón a outros, políticos ou non, que atoparon na lingua unha arma arboladeira contra o goberno e o único que pretenden é crear un clímax social de enfrontamento entre uns e outros para pescar en río revolto. En segundo lugar, asistimos con aglaio a unha reformulación de teses galegóforas, case obscenas, que criamos superadas. O que realmente se busca é unha involución nos dereitos lingüísticos, acadados co esforzo e o sufrimento de moitos e moitas, e unha volta atrás, a unha etapa en que, en nome das liberdades individuais e facendo ostentación de amor á terra e á lingua, se reprimía, se repudiaba e se abandonaba. En terceiro lugar, cremos que o que realmente queda patente é que a única lingua reprimida, antes e agora en Galiza, é o galego, e senón, revisemos a prensa galega nos últimos tempos e escrutemos cantas denuncias de represión se formularon polos castelanfalantes. E finalmente, do que debemos falar é de **reposición**, non de imposición, no lugar que lle corresponde por dereito natural como única lingua natural e propia de Galiza, e dunha vez por todas, amemos de verdade o noso, a nosa lingua, obra de arte creada polos nosos devanceiros e por nós mesmos; amémola por enriba de todo e de todas, ela vive en nós e por nós, sen nós ela non poderá existir. A defensa da lingua galega non significa en ningún caso que avoquemos polo illamento e a ignorancia da realidade plurilingüe do mundo no que vivimos; cantas máis linguas saibamos mellor poderemos entender a realidade que nos rodea. O ecoloxismo das linguas debe ser o noso obxectivo.

Unha ollada prospectiva sobre a evolución sociolingüística da lingua galega

Anxo M. Lorenzo Suárez

1. Introducción

Os vinte e cinco anos que cumpre Nova Escola Galega, desde o seu nacemento en 1983, coinciden no tempo co período de máis intensa xestión lingüística, tanto social como institucional, da historia de Galicia. E tamén é un dos intervalos temporais en que asistimos aos máis vivos debates, desde diversas e moitas veces diverxentes formulacións, respecto do papel das linguas en Galicia e, máis concretamente, sobre os contidos, dirección e límites dos procesos de recuperación da lingua galega.

Ao longo destes anos, diversos traballos (cfr. Iglesias, 1999; Monteagudo & Lorenzo, 2005) dedicáronse a analizar as realidades sociolingüísticas e as opinións e discursos lingüísticos dunha sociedade en transformación que viu como o galego accedía á consideración legal de lingua propia e a un estatuto de cooficialidade co castelán. Unha sociedade que, ademais, se converteu en suxeito paciente, en forma de receptor e destinatario, dunha política lingüística institucional implementada polos gobernos da Xunta de Galicia, por diversas administracións locais, xudiciais ou universitarias, etc. E, tamén, unha sociedade que seguiu reivindicando o seu rol de suxeito axente na posta en práctica de actuacións encamiñadas a estender a presenza do galego a todos os ámbitos posibles, e a dignificala e rehabilitala na procura de maiores niveis de respecto polos dereitos lingüísticos dos galegofalantes.

Vou centrar a atención da reflexión que aquí presento¹ no futuro da lingua galega e da súa xestión pública e privada, achegando puntos de vista que teñen por obxectivo estimular o debate e animar un intercambio de ideas que nos permita superar o actual estado de cousas, caracterizado por un fondo debate político —

¹ Neste traballo reformulo, completo e, nalgúns casos, reviso diversas reflexións que están presentes, en diferente medida, en dous traballos redactados durante este ano: por unha banda, o relatorio do foro *Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade*, organizado polo Consello da Cultura Galega en xuño de 2008, e publicado na revista *Grial* (cfr. Lorenzo, 2008); e o traballo para a revista electrónica *Galicia 21*, que verá a luz proximamente (cfr. Lorenzo, a saír).

tamén partidario– arredor das políticas lingüísticas públicas. Ao nos referir no título deste traballo á *prospectiva*, facémolo en tanto que disciplina e conxunto de metodoloxías que están orientadas á previsión do futuro: trátase, basicamente, de imaxinar escenarios futuros posibles e, en ocasións, de determinar a probabilidade de que sucedan, co obxectivo de planificar as accións necesarias para evitar ou acelerar a súa ocorrencia.

2. Os escenarios europeo e español no futuro da lingua galega

O futuro da lingua galega vai ter que ver principalmente coas decisións que tomemos os individuos que conformamos iso que denominamos Galicia. Pero, ao mesmo tempo, non podemos esquecer que ese futuro, polo menos unha parte nada desprezable del, tamén se vai xogar en España e en Europa.

Respecto do escenario europeo, a Unión europea, con vinte e sete linguas oficiais, é considerada a institución internacional máis políglota do mundo e un caso de estudo de xestión das linguas. Agora ben, tanto a consideración que se lle dá como a xestión que se leva a cabo desde os organismos europeos respecto das denominadas «linguas rexionais ou minoritarias» teñen sido moi discutibles e adoito son criticadas por non ir máis alá dun mero recoñecemento simbólico e ritualístico da diversidade lingüística europea en tanto que un ben para conservar, sen que tal recoñecemento teña efectos prácticos claros en termos de recoñecemento oficial e de promoción do seu uso.

Neste contexto pouco propicio para o desenvolvemento de políticas europeas comprometidas no fomento e mantemento da diversidade lingüística existente na maioría dos estados membros, a aprobación nos anos noventa da *Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias* por iniciativa do Consello de Europa, pode avaliarse como un paso de considerables dimensións na procura dun estándar internacional de dereitos e deberes lingüísticos, que ten como obxectivo principal que a promoción desas linguas forme parte da lexislación e do funcionamento cotián dos estados.

Aínda que a aceptación do uso parcial das outras linguas españolas, diferentes do castelán, con algunhas institucións europeas, aprobado en 2005, non supuxo ningún tipo de mudanza cuantitativa no seu recoñecemento legal, non podemos pasar por alto a relevancia simbólica deste cambio de situación, que facilita a comunicación oral e escrita en galego coas institucións comunitarias e axuda a visibilizala formalmente.

No escenario español, onde máis do 40% da cidadanía española habita comunidades cunha lingua propia diferente do castelán, o Estado español foi historicamente moi reticente ao recoñecemento do plurilingüismo. Tras o período franquista non se asumiu, con todas as súas consecuencias, ese pluralismo lingüístico suxerido como tal na mesma Constitución española de 1978. Ademais, a ausencia dunha «pedagogía lingüística» nas comunidades autónomas castelanófonas segue provocando un descoñecemento profundo da heteroxeneidade lingüística de España, ao tempo que esa falta de información e de sensibilización alimentou –e segue a propiciar nos tempos actuais– discursos alarmistas ou abertamente contrarios á existencia de realidades lingüísticas e culturais diferentes.

Ademais, a existencia dunha ideoloxía lingüística nacionalista edificada arredor do castelán (Moreno Cabrera, 2008), que argumenta a superioridade intrínseca desta lingua baseándose en criterios históricos, políticos e demográficos, e que se constrúe por oposición á heteroxeneidade lingüística de España, dificulta as posibilidades de cambio e apertura.

O xurdimento no debate político en España do discurso lingüístico da «España plurilingüe»² busca contrarrestar esa nacionalismo lingüístico excluyente favorable ao castelán. Con el búscase a configuración dun novo marco constitucional, que substitúa o anterior, no cal se recoñeza explicitamente o carácter pluricultural e plurilingüe de España, asentando nun novo ordenamento constitucional baseado no principio de territorialidade lingüística (seguindo o exemplo de Suíza e Bélxica, por exemplo), e no cal o Estado desempeñe un papel activo na promoción e na protección desa realidade plurilingüe en todas as súas actuacións.

3. Galicia: un escenario multidimensional

É incuestionable que Galicia será o escenario principal onde o futuro do galego se vai xogar a fondo. Que tendencias sociolingüísticas podemos enxergar a prazo medio e longo? Sen sermos exhaustivos nesta reflexión, imos formular algunhas ideas. Non parece que a incerteza sobre a situación social actual da lingua galega vaia minguar nos anos vindeiros. Os indicadores sociolingüísticos básicos seguen mostrando tendencias que levan á preocupación, porque remiten á continuación do proceso histórico de substitución social do galego polo castelán. Se a iso lle

² Sobre esta cuestión, poden consultarse distintos traballos do profesor Albert Branchadell (cfr. Branchadell, 2007, ou Branchadell & Requejo, 2005).

engadimos que a política lingüística levada a cabo desde 1980 ata hoxe deu resultados pouco alentadores, temos argumentos para pór de relevo os avances conseguidos ata agora e, ao mesmo tempo, para deternos na consideración dos estancamentos e dos retrocesos observados.³

Avances atopámoslos cando observamos que o galego segue a conservar unha importante fortaleza demográfica como lingua inicial, habitual e de uso oral espontáneo, aínda que todas esas fortalezas seguen a decrecer lentamente. Se a iso lle sumamos que a lingua galega entrou en ámbitos de uso impensables hai poucos anos, que se constata un aumento exponencial na porcentaxe de individuos que teñen capacidade para escribir e ler en galego –sobre todo nas xeracións máis novas–, e que os individuos manifestan un aumento da consideración social –positiva– cara ao galego, o panorama pode conducir a presentar unha lectura positiva do futuro que lle agarda ao idioma. E todo iso, non debemos esquecerlo en ningún momento, contando cun recoñecemento legal que segue garantindo un alto nivel de protección dos dereitos lingüísticos dos galegofalantes, e dispoñendo de ferramentas para desenvolver unha política lingüística institucional que afonde en liñas de actuación revitalizadoras.

Pero tamén atopamos un abano, igualmente amplo e diversificado, de estancamentos ou de retrocesos, dependendo dos casos. A forza demográfica dunha lingua, medida no seu número de falantes habituais por exemplo, é un factor importante para a súa sobrevivencia e vitalidade, pero non garante a inmunidade ante o avance da substitución lingüística. Ao tempo, se a lingua perde presenza nos usos informais orais e non gaña espazos significativos nos usos escritos, malia o aumento da capacidade para facelo, a vitalidade social desa lingua estará comprometida.

Moito diso temos na lingua galega no momento actual: un déficit importante de vitalidade, de poder e de prestixio social.⁴ A presenza e mais o uso efectivo do galego nos espazos máis urbanizados e entre a mocidade segue sendo baixo. Aquel aspecto positivo que supuña o aumento dos individuos competentes á hora de falar, ler e escribir en galego non se traslada ao uso efectivo do idioma, de manei-

³ Para que ninguén se engane, cómpre deixar claro que avances, estancamentos e retrocesos hai máis dos que se mencionan nos seguintes parágrafos. Permítanlle ao autor a licenza de se centrar só naqueles que se consideran nucleares nunha e noutra dirección.

⁴ En Lorenzo (2008) tentei mostrar como encaixa esa falta de poder sociolingüístico da lingua galega no seu percorrido histórico e, sobre todo, nas conceptualizacións edificadas arredor do galego e do seu proceso *normalizador* durante a transición, onde ese aspecto foi arrombado a un plano secundario da análise sociolingüística predominante.

ra que os individuos son capaces de utilizar a lingua pero non o fan porque non queren, porque non teñen alicientes expresivos ou utilitarios ou porque carecen de espazos sociais e de estímulos abondo para facelo.

Ademais, persisten actitudes negativas implícitas e prexuízos respecto do galego, e tamén agroman novos elementos valorativos negativos. En palabras de Bouzada (2005: 85), e malia os cambios tan importantes operados na sociedade galega, no galego seguen pesando as «xeografías da precariedade». O mantemento de ámbitos de uso moi refractarios para o galego —o xudicial, por exemplo— e ámbitos sociais en xeral pouco galeguizados —o ámbito socioeconómico ou a universidade, por exemplo— mostran ben ás claras a fragilidade dun proceso recuperador con serias limitacións no seu percorrido histórico recente.

Tampouco son nada desprezables as consecuencias negativas que para a recuperación do galego teñen os novos discursos lingüísticos que, amplificados pola acción de certas formacións políticas e de diversos medios de comunicación, van na dirección de cuestionar a estrutura legal que acubilla na actualidade a oficialidade do galego, e de dudar permanentemente da política lingüística gobernal. Se a iso lle engadimos a acción dos sectores máis conservadores, que piden abertamente a capacidade de optar en exclusiva polo castelán, o panorama dos discursos e dos debates lingüísticos, sempre lexítimos e enriquecedores en calquera situación, tórnase difícil de xestionar.

Puntos de vista diverxentes xorden tamén na actualidade cando acudimos a concretar a valoración dos actores sociais (formacións políticas, asociacións, analistas, expertos e medios de comunicación) sobre a situación social da lingua galega, valoración que se move nun continuo con dous extremos: o do optimismo e o do pesimismo.

Por unha banda, o extremo do *optimismo*, por veces rebordante, que salienta a capacidade secular de mantemento e resistencia da lingua galega, así como os logros acadados desde 1980 na súa dignificación social e no proceso de institucionalización (véxase, como un exemplo, o diagnóstico do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, cfr. Xunta de Galicia, 2005a). E, por outra banda, o extremo do *pesimismo*, por veces tinguido de aberto catastrofismo, que considera que a lingua galega vive o peor momento da súa historia (consúltense os diversos titulares de medios de comunicación galegos, electrónicos e impresos, durante a primavera de 2008, por exemplo), e que a substitución social do galego polo castelán é practicamente imparabile (a menos que se poñan en marcha actuacións glotopolíticas decididas, case sempre pola vía da imposición e da obrigación). Xúntase a isto unha crí-

tica aos diferentes gobernos, pasados e actuais, polos limitados logros obtidos a partir da política lingüística institucional desde 1980 (cfr., por exemplo, Sarille, 2007).

Ambos os extremos utilizan para a súa argumentación *pesimista* e *optimista*, respectivamente, datos que proceden con frecuencia das mesmas fontes documentais –datos macro-sociolingüísticos, análise de resultados e de impacto da política lingüística institucional, etc.–, de maneira que o que para uns é positivo e un grande avance, para outros supón un paso insuficiente e ornamental.

Paréceme que non se trata de que uns teñan razón e os outros non tanto, xa que non estamos ante os resultados dunha análise sociolingüística e glotopolítica neutra, que se cadra nunca existe en toda a súa extensión, senón que máis ben se trata de posicionamentos ideolóxicos con respecto a cuestións como as seguintes: que papel deben desempeñar galego e castelán na sociedade galega? Que futuro enxergamos especificamente para a lingua galega? Que escenarios económicos, sociais ou institucionais poden ser máis adecuados ou favorecedores da lingua propia? Etc.

Tendo en conta iso, consideramos que a sociedade galega debe reflexionar, de entrada, sobre o seu futuro lingüístico en termos como os seguintes: estamos dispostos a seguir apostando polo galego como lingua principal e identificadora dunha identidade colectiva diferenciada? Se a resposta á cuestión anterior é positiva (resumindo: o galego debe *salvarse*), debe producirse un debate sobre que significa *salvarse*: por exemplo, cal será o modelo lingüístico da sociedade galega do futuro? Cales serán as funcións e usos sociais para a lingua galega? Que papel e status deberá ter o castelán? Que política e planificación lingüísticas estamos dispostos a asumir para acadar os obxectivos sociolingüísticos consensuados? En definitiva, urxe promover unha discusión aberta e participativa sobre esa configuración lingüística que queremos para a Galicia do futuro, modelo que deberemos consensuar para concretar o significado e o horizonte futuro diso que anteriormente adoitamos denominar como *normalización* da lingua galega.

Ademais, tampouco debemos esquecer que a revitalización do galego se encadra nos novos desafíos que se formulan na sociedade actual, que cuestionan o papel único do Estado nos procesos sociolingüísticos e que salientan o valor económico das linguas. Nas dinámicas políticas, culturais e económicas do neoliberalismo, os medios de produción de capital privado acadan un papel moi relevante, similar con frecuencia ao mesmo sector público. Neste novo escenario non parece que a revitalización das linguas minoritarias deba seguir centrándose só nos esforzos que os gobernos dediquen ao dominio público. Os mercados pasan a ser institucións con capacidade para regular non só os intercambios económicos senón tamén os sim-

bólicos (sociais, culturais e lingüísticos). Por iso parece este un momento propicio para abrir un debate complementario sobre as interaccións público-privado, mobilizando sinerxías que teñan como obxectivo poñer en valor a responsabilidade do capital privado, que é quen representa boa parte dos argumentos que axudarán a construír un novo modelo de prestixio para a lingua galega. Aínda que, como é obvio, a finalidade principal do capital privado é a procura de beneficios, tamén cómpre recoñecer que o capital ten dimensións diversas e que capitalizar unha empresa en termos culturais (incluída a lingua) pode, co tempo, converterse en capital económico.

4. Unha ollada prospectiva: o *que* e mais o *como* na aposta polo galego

Tendo en conta o que acabamos de comentar na sección anterior, imos centrar a atención en dúas cuestións que teñen que ver coa xestión lingüística en Galicia nunha dimensión prospectiva: por unha banda, *que* aspectos deberán estar na base do proceso de recuperación do galego; e, por outra, *como* se poden implementar e xestionar os ditos procesos recuperadores.

Tocante aos aspectos que están na base dunha xeira recuperadora do galego, estes deberán dirixirse a fortalecer o prestixio social da lingua galega e dos grupos sociais galegofonos: é dicir, avanzar no *empoderamento* (ing. *empowerment*) do idioma galego. Lembremos a este respecto que unha das principais variables sobre as que se constrúe o prestixio lingüístico é o valor que unha determinada lingua ten para a mobilidade socioeconómica dos seus falantes e da comunidade en xeral. Unha lingua tenderá a desenvolver máis ou menos prestixio na medida en que a súa aprendizaxe e uso teña un determinado valor funcional na estrutura social. O proceso contrario –a ausencia de prestixio lingüístico– contribuirá á desmotivación cara á súa aprendizaxe e uso, propiciando unha reducida produción e reprodución lingüísticas. Pola súa parte, unha lingua socialmente prestixiada terá o efecto contrario: mobilizará consciencias, esforzos e investimentos, tanto individuais coma colectivos.

O cambio social que segue operando en Galicia, co aumento do nivel de vida, do produto interior bruto (PIB) da poboación ou do nivel educativo da cidadanía, por exemplo, cremos que contribúe positivamente no obxectivo de fortalecer o prestixio social difundido polo galego, porque distancia os individuos das fontes do estigma sociolingüístico. Aínda que en por si só non abundaría, está sendo un primeiro paso imprescindible. E para avanzar no *poder sociolingüístico* do galego, faise preciso considerar ademais outros elementos como os seguintes.

En primeiro lugar, é imprescindible conseguir que se manteña o grupo social galegófono na proporción cuantitativa actual, coa finalidade de dispoñer dunha base demográfica sólida de falantes nativos –iniciais e habituais– que asegure unha reprodución alta na transmisión lingüística primaria e nas interaccións familiares e locais. A este respecto, ademais de compartir a idea expresada por Regueira (2006: 89) de que hai que buscar fórmulas para preservar en maior medida os dereitos dos falantes de galego e asegurar a perpetuación do idioma, cómpre desenvolver as estratexias precisas para garantir o traspaso lingüístico interxeracional (principalmente nas familias) e a consolidación das redes sociais que garantan unha alta densidade de circulación da lingua galega nas interaccións espontáneas. Nesta liña non podemos deixar de mencionar o interesante modelo desenvolvido polo sociolingüista norteamericano Joshua Fishman, denominado *reversing language shift*, baseado precisamente na reconstrución da comunidade local e no fortalecemento do uso lingüístico nas familias e nas comunidades (cfr. Fishman, 1991; 2001).

En segundo lugar, os *neofalantes* son a outra clave sociolingüística deste proceso revitalizador: desenvolver un discurso positivo que poña en valor o seu papel como usuarios/as do galego e como provedores/as da comunidade lingüística, e ao tempo establecer mecanismos que favoreza a súa aparición como subgrupo relevante na sociedade galega actual. A motivación identitaria e o perfil sociodemográfico que teñen (en xeral, nivel cultural e capital social altos) convérteo nun subgrupo especialmente interesante en por si e polo efecto imitativo que pode suscitar. A acción combinada do aumento dos neofalantes e do declive da asociación estigmatizadora tradicional do idioma galego coa ruralidade, a pobreza, o atraso social ou a incultura, declive xa en marcha por mor do paseniño cambio sociodemográfico e xeracional da Galicia actual, debería facilitar, tal como sinala Bouzada (2005: 89), «un novo marco sociolingüístico definido cada vez pola liberdade de decisión, a competencia cultural e o orgullo identitario».

En terceiro lugar, a supervivencia do galego vaise xogar principalmente nas cidades, de aí a participación clave que van ter neste proceso as clases medias urbanas. A implicación do tecido social e asociativo, principalmente aquel que teña máis incidencia sobre a cultura infantil e xuvenil e sobre a mocidade en xeral, así como o xurdimento de novos medios de comunicación (escritos e audiovisuais) implicados co galego, xunto coa potenciación das novas formas de comunicación e de relación social a través das novas tecnoloxías, deben ser camiños para explorar e para desenvolver con decisión desde as políticas lingüísticas públicas e desde a iniciativa social.

En cuarto lugar, tamén cómpre recoñecer e salientar a participación e implicación das elites económicas, sociais e empresariais neste proceso, aspecto este que terá tamén unha repercusión moi positiva de cara á mobilización dos grupos sociais urbanos que acabamos de sinalar. Hai que seguir sumando esforzos continuando coa estratexia histórica do galeguismo, establecendo as pontes precisas entre o capital económico, os líderes sociais de opinión e a lingua e a cultura galegas. Non se trata, en calquera caso, de vertebrar unha estratexia simplemente conxuntural ou oportunista, senón que debemos pensar nun proceso de fondo dirixido a que o galeguismo enchope todos os axentes sociais, empresariais e económicos do país (incluíndo neste conxunto os líderes sociais e de opinión). O que non pode seguir acontecendo é o que temos, a grandes trazos, agora: un hiato profundo entre elas. Aínda que ese hiato vén de lonxe, é moi probable que a agrandalo teña contribuído en parte o mesmo galeguismo, tal como sinala Ferro Ruibal (2005: 15): «o grave problema de comunicación que o mundo do galeguismo mantén coa sociedade. Os avances prodúcense pero unha parte importante da sociedade non os percibe».

Ben é certo que, malia certas resistencias implícitas e ás veces explícitas, a sensibilidade galeguizadora no ámbito socioeconómico e no tecido empresarial galego semella cada vez maior, ao cal contribuíu un amplo mangado de factores: desde esa estratexia histórica do galeguismo antes mencionada, pasando polos efectos do cambio xeracional –que favoreceu unha abordaxe da cultura galega desde unha focaxe menos dramática por parte dos grupos socioeconómicos máis acomodados– ou pola existencia dun empresariado galeguista e militante, ata chegarmos ás consecuencias das actividades socio-institucionais de estímulo cara aos axentes sociais e empresariais: da iniciativa pioneira da Fundación Galicia –empresa ao traballo entusiasta actual do Foro Enrique Peinador.

Os catro aspectos que acabamos de debullar –falantes tradicionais, neofalantes, ámbitos urbanos e líderes e axentes socioeconómicos– deben estar presentes na folla de ruta da revitalización do idioma, ás veces de forma directa e explícita, e outras de forma transversal e indirecta.⁵ A continuación, imos considerar brevemente *como* se poden implementar e incorporar eses aspectos na xestión lingüística, para o cal propoñemos varias consideracións.

Por unha banda, precisamos desenvolver un percorrido revitalizador propio, aprendendo dos demais e considerando o que se fai noutras partes do planeta, pero

⁵ Véxanse a este respecto as propostas de Monteagudo (2002) sobre o *bilingüismo receptivo* e as reflexións de Regueira (2006) sobre o *discurso plurilingüismo*.

cunha focaxe propia e independente. A nosa historia social e a deriva sociolingüística, tanto a de Galicia coma a específica da lingua galega, terá sen dúbida puntos de conexión con outras linguas e situacións, pero as diferenzas van ser sempre moi profundas. Daquela, dedicarse á importación de conceptos, modelos e procesos, supoñendo que se poden aplicar directamente á nosa realidade, é un erro no que convén non insistir.

Por outra banda, tampouco debemos pensar que o poder político e as institucións públicas teñen a única chave deste proceso, é dicir, a case total e exclusiva responsabilidade de que o galego se salve. Recollendo as palabras de Antón Baamonde, «por suposto que un goberno debe ter algo que dicir niso [na promoción do galego nos contextos urbanos], pero estaríamos enganándonos a nós mesmos se non entendemos que a clave está en nosoutros, a sociedade civil. O goberno non é a resposta a todos os problemas» (Baamonde, 2007). Tal como sinalé anteriormente, a clave da recuperación está en garantir a reprodución lingüística e isto é responsabilidade última dunha cidadanía informada, implicada e dinamizada lingüísticamente. As institucións teñen un papel promotor e organizador neste proceso, pero non se poden esperar milagres lingüísticos por obra da enxeñaría sociolingüística.

Asumindo esa responsabilidade compartida, e centrándonos na parte institucional do asunto, consideramos que debe practicarse unha política lingüística pouco invasiva: que estea baseada en poucas obrigacións, moi claras e de cumprimento preceptivo. Trataríase basicamente de asegurar o cumprimento do actual marco legal sen establecer máis obrigas ou restricións legais das que fosen estritamente necesarias –aquelas que se tirasen preceptivamente da implementación do PXNLG, documento consensuado polas forzas políticas parlamentarias.⁶

Ademais, debe facerse unha aposta social e política pola planificación lingüística, optando por desenvolver unha estratexia planificadora creativa e orixinal, que teña como eixe central a dinamización sociolingüística. Este esforzo planificador non deberá agachar esoutra faceta, que seguirá sendo clave para o futuro do idioma: a vinculación emotiva e expresiva coa lingua galega. Da habilidade no manexo deses dous factores, e da proposición de pontes de comunicación entre eles, pivotará o éxito dunha planificación lingüística eficaz.

⁶ Quedaría por tentar introducir no futuro novo estatuto de autonomía o deber de coñecemento do galego, como fórmula que asegure a auténtica igualdade xurídica entre os dous idiomas cooficiais de Galicia, na liña do que se aprobara no seu momento na Lei de normalización lingüística de 1983, e que o Tribunal Constitucional considerou inconstitucional precisamente porque tal deber de coñecemento do galego non estaba recollido no Estatuto de autonomía de 1981.

Tanto unha política lingüística pouco invasiva como a aposta pola planificación lingüística deberán partir da procura do máximo consenso social e político. Con ese obxectivo, non está de máis lembrar agora algunhas das consideracións contidas no informe de política lingüística que, elaborado polo Consello da Cultura Galega, describiu detalladamente o marco glotopolítico e a planificación da lingua galega no período 1980-2000 (cfr. Cidadanía, 2001: 237): tras afirmaren que non se detectaban diferenzas insalvables entre os principais actores do escenario da política lingüística en Galicia durante ese período, presentábanse os seguintes tópicos como posibles lugares neutrais para a busca de consenso: a) na xestión lingüística galega debe conxugarse a protección dos dereitos lingüísticos individuais coa promoción da lingua galega desde os poderes públicos; b) a política lingüística debe basearse no diálogo, debate e participación, con dúas partes: o diálogo político e máis o social; c) sería preciso un terceiro diálogo: o interinstitucional; e d) a necesidade de incorporación dunha cultura e práctica planificadora. Visto desde a perspectiva actual, estas catro recomendacións seguen plenamente viventes e son todas elas igualmente necesarias.

5. Remate

Consideramos nas páxinas precedentes diferentes aspectos da situación sociolingüística da lingua e do debate lingüístico producido en Galicia, utilizando a clave prospectiva: que pode pasar e que queremos que pase na situación e na xestión das linguas en Galicia?

A existencia, no momento presente, de discursos lingüísticos diferentes non debe ser un impedimento para seguir desenvolvendo estratexias e procesos na dirección de atopar puntos de acordo amplos e realistas para a Galicia do futuro. Ademais, a exploración dos posibles puntos comúns entre eses discursos lingüísticos debería tamén permitir a superación de certas diferenzas que, de entrada, poderían parecer insalvables. Consideramos que, malia a falta dunha concreción maior, o discurso do plurilingüismo pode constituír un punto de arrinque para consensuar posicións coas que unha maioría da cidadanía se identifique.

Referencias bibliográficas

- BAAMONDE, Antón, 2007. «Algo más sobre el gallego». *El País* (14-11-2007). http://www.elpais.com/articulo/Galicia/Algo/gallego/elpepuespgal/20071114elpgal_13/Tes.
- BRANCHADELL, Albert, 2007. «¿Plural o singular?». *El País* (27-07-2007).
- BRANCHADELL, Albert & Ferrán Requejo (2005). «Plurilingüismo del Estado». *La Vanguardia* (29-06-2005). <http://www.lavanguardia.es/web/20050629/51188064448.html>
- BOUZADA, Xan, 2005. «Cambio de valores e futuro da lingua galega». *Grial* 165: 80-93.
- CIDADANÍA, 2001. *O proceso de normalización do idioma galego 1980-2000. Volume I. Política lingüística: análise e perspectivas* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- FERRO RUIBAL, Xesús, 2005. «Unha sociolingüística cualitativa e terapéutica para a Galicia do 2006». *Cadernos de Lingua* 27, 5-35.
- FISHMAN, J., 1991. *Reversing language shift. Theoretical and empirical foundations of assistance to threatened languages* (Clevedon: Multilingual Matters).
- FISHMAN, J., 2001. *Can threatened languages be saved? Reversing language shift, revisited: A 21st century perspective* (Clevedon: Multilingual Matters).
- IGLESIAS, Ana, 1999. «Os estudos empíricos sobre a situación sociolingüística do galego». *Cadernos de Lingua* 19: 5-42.
- LORENZO, Anxo M., 2005. «Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego». *Cadernos de Lingua* 27: 39-59.
- LORENZO, Anxo M., 2008. «A situación sociolingüística do galego: unha lectura». *Grial* 179, 19-31.
- LORENZO, Anxo M., «A situación actual da lingua galega: unha ollada desde a sociolingüística e a política lingüística». *Galicia* 21. http://www.bangor.ac.uk/ml/galician/Galicia_21.php.
- MONTEAGUDO, Henrique, 2002. «A lingua galega na sociedade: descrición da situación actual e perspectivas de futuro». En Varios autores, *A normalización lingüística a debate* (Vigo: Xerais), 7-46.
- MONTEAGUDO, Henrique & Anxo M. Lorenzo, dirs., 2005. *A sociedade galega e o idioma: evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- MORENO CABRERA, Juan C., 2008. *El nacionalismo lingüístico* (Barcelona: Península).
- REGUEIRA, Xosé Luís, 2006. «Política y lengua en Galicia: la “normalización” de la lengua gallega». En Mónica Castillo & Johannes Kabatek, eds., *Las lenguas de España. Política lingüística, sociología del lenguaje e ideología desde la Transición hasta la actualidad* (Vervuert: Iberoamericana), 61-93.
- SARILLE, Xosé Manuel, 2007. *A impostura e a desorientación na normalización lingüística* (Santiago de Compostela: Candeia editora).
- XUNTA DE GALICIA, 2005. «Notas para un diagnóstico da saúde da lingua galega». En Xunta de Galicia, *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia), 3-22; 29-36.

Os avances na calidade do galego

Carme Hermida Gulías

Nos comezos da década dos 80 quen isto subscribe iniciaba na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago os seus estudos coa intención de licenciarse en Filoloxía Galega. Daquela os coñecementos da lingua galega que posuíamos reducíanse ós que tiñamos como falantes. Case ninguén de nós –agás os estudantes que proviñan do colexio Lasalle de Santiago que recibiran aulas de lingua e literatura galega– sabíamos nada de normas ortográficas, morfolóxicas e sintácticas nin da nosa historia literaria. Para obtermos eses coñecementos básicos aínda tivemos que esperar ata terceiro de carreira, ano en que cursamos por primeira vez a materia de Lingua Galega. Certo é que as nosas primeiras leccións nolas deu en primeiro curso o profesor de francés, Antón Figueroa, quen nos ensinou a moitos de nós que *le leur* non tiña como equivalente en galego a *llo*, senón a *llelo*.

As melloras na calidade do galego

Van aló moitos anos dende aqueles inicios e moitas primaveras pasaron dende que o galego está presente en tódalas etapas do currículo escolar. Hoxe ó estudantado que chega á universidade non hai que explicarlle case nada da teoría gramatical galega. Se cadra aínda están máis preparados có profesorado universitario para repetir de memoria as regras que definen o noso sistema lingüístico e mesmo para estendelas ou precisalas máis aló do indicado nos propios libros, tal e como os seus mestres ou mestras lles ensinaron. Velaí o primeiro grande avance no coñecemento do galego: as regras de ortografía e a descrición gramatical do idioma son coñecidos pola poboación que comezou a súa formación a partir do 79.

Mentres que noutras épocas os textos escritos aparecían inzados de formas incorrectas ou pouco axeitadas, hoxe pódese pasear con eles sen medo de tropezar en moitas silvas e toxos.¹ As ultracorreccións, pseudogaleguismos, vacilacións e inventos case

¹ Para ter unha visión xeral dos usos lingüísticos na década dos 80 pode examinarse o traballo de Xosé Graña Núñez (1993): *Vacilacións, interferencias e outros «pecados» da lingua galega*. Vigo: Ir Indo.

desapareceron, aínda que hai algúns que presentan fortes resistencias como *a pesares* ‘a pesar’, *a partires* ‘a partir’, *gañas* ‘gana’, *estrano* ‘estraño’, *brilar* ‘brillar’ ou *lonxano* ‘afastado, arredado’. Desafortunadamente non ocorre o mesmo cos castelanismos.

En xeral pódese afirmar que a corrección do castelanismo léxico tivo moito éxito, especialmente naquelas palabras para as que se propuxo unha solución afastada. Por iso non é moi difícil atopar nun texto *beiravía*, *beirarrúa* e *guindastre*, pero estas formas poden convivir con total naturalidade con *escoba* ‘vasoira’, *tenedor* ‘garfo’, *grifo* ‘billa’, *cuchillo* ‘coitelo’, *sartén* ‘tixola’, *parexa* ‘parella’, *conexo* ‘coello’, *averiguar* ‘pescudar, saber’, *olvidar* ‘esquecer’, *convertir* ‘converter’, *silla* ‘cadeira’, *taza* ‘cunca’, *reflexar* ‘reflectir’, *tonto* ‘parvo’, *xudío* ‘xudeo’, *maxestuosa* ‘maxestosa’, *testigo* ‘testemuña’, *este* ‘leste’, *disfrutar* ‘gozar’, *habitación* ‘cuarto’, *ubicar* ‘situar’, *sillón* ‘cadeira de brazos’, etc. Na morfoloxía aparecen erros no plural dos demostrativos masculinos (*un destes días* ‘destes’), na conxugación verbal (*sube ata Monforte* ‘sobe’), no artigo que acompaña ás palabras que comezan por *a* (*o augardente* ‘a augardente’), etc. Os castelanismos máis visibles hoxe son, sen dúbida sintácticos, entre eles os seguintes:

- Uso da preposición *a* co obxecto directo (*chamar a unha filla* ‘chamar unha filla’, *consigo enganar ó can* ‘consigo enganar o can’, *atrae a moitos devotos* ‘atrae moitos devotos’).
- Aparición do pronome reflexivo cos verbos intransitivos (*decidiron quedarse un pouquiño máis* ‘decidiron quedar un pouquiño máis’) ou cos transitivos que van acompañados dun complemento directo (*lávase as mans* ‘lava as mans’, *intenta gañarse a confianza das rapazas* ‘intenta gañar a confianza das rapazas’).
- Uso incorrecto de *fai anos* con valor aproximativo (*fai algúns anos que non o vexo* ‘hai algúns anos...’).
- Emprego do positivo *algún* en oracións negativas (*non fixo comentario algún* ‘non fixo comentario ningún’; *sen deixar rastro algún* ‘sen deixar rastro ningún’).
- Utilización do pronome de complemento indirecto no canto do directo (*non lle convence* ‘non o convence’; *o home míralle ós ollos* ‘o home míraa ós ollos’).
- Ausencia do artigo (*por todas partes* ‘por todas as partes’; *quería que viñese a casa* ‘quería que viñese á casa’).
- Aparición da preposición *a* coas perífrases *ir* e *volver* máis infinitivo (*non o ían enganar* ‘non o ían enganar’; *volver a ver os seus compañeiros* ‘volver ver os seus compañeiros’).

- Emprego da preposición castelá *hacia* (*mirando hacia un futuro mellor* ‘mirando cara a un futuro mellor’) ou da locución galega *cara sen a preposición a* (*partían cara lugares infranqueables* ‘partían cara a lugares infranqueables’).
- Uso da expresión comparativa *ao/ó igual* (*ó igual ca eles eu tampouco o creo* ‘igual ca eles eu tampouco o creo’).
- Utilización da forma apocopada *gran* cando vai seguida de palabras que comezan por vogal (*sobre unha gran alfombra* ‘sobre unha grande alfombra’).

Na semántica é sistemática a aparición do substantivo *pobo* co valor de ‘poboación, lugar habitado’, circunstancia en que debe ser substituído por ‘lugar, aldea, vila ou cidade’. Na ortografía continúan aparecendo casos de *abó* ‘avó’, *votar* ‘botar’, *cobarde* ‘covarde’, *inmóvil* ‘inmóbil’, *maravilloso* ‘marabilloso’, etc., pero tamén se comezan a ver formas como *aprobeitar* e *convibir* e non tardarán moito en amosarse os *xamar*, *xorar*, *kro*, *gerra...*, produto estes da economía de tempo, cartos e xestos propia das mensaxes de móbil. Aínda que hai que andar cos tempos, agardemos que usos do tipo *krot m8 bks* non se xeneralicen.

Se os avances na corrección escrita foron moi evidentes, non podemos afirmar o mesmo con respecto á corrección oral, que cada vez presenta maiores deficiencias. Os maiores erros na expresión oral céntranse na deturpación do sistema vocálico coa eliminación da distancia entre as vogais tónicas medias abertas e pechadas; no uso de palabras con vogais medias que non lle corresponden, caso de *sete*, *home* e *pedra*, pronunciadas con vogal media pechada; na articulación cada vez máis constante do *-n* final como alveolar –e non como velar– en palabras como *relación*, *emoción* ou *serán*; na consonantización total do *-i-* semivocálico en palabras como *praia*, *maio*, *apoiar* que se articulan –e nalgún caso mesmo se escriben– como *pralla*, *mallo*, *apollar*; nas reducións dos ditongos, especialmente do *ou*.

Algunhas das incorreccións léxicas, sintácticas e morfolóxicas que puiden escoitar nas prácticas de expresión oral do meu alumnado universitario do curso 2008-2009 foron as seguintes: *perezoso* ‘preguiceiro’, *fincas* ‘leiras’, *amplio* ‘amplo’, *chillar* ‘berrar’, *todavía* ‘aínda’, *mezclar* ‘mesturar’, *tontería* ‘parvada’, *reñir* ‘rifar’, *dulzura* ‘dozura’, *mote* ‘alcume’, *cuarenta* ‘corenta’, *trombosis* ‘trombose’, *semilla* ‘semente’, *ovillo* ‘nobe-lo’, *receta* ‘receita’, *arañar* ‘rabuñar’, *personal* ‘persoal’, *cuadrado* ‘cadrado’, *heredar* ‘herdar’, *vendimia* ‘vendima’, *enterarse* ‘saber’, *tuvo* ‘tivo’, *sonrisa* ‘sorriso’, *entrenar* ‘adestrar’, *peleas* ‘pelexas’, *coscorrón* ‘croque’, *habitación* ‘cuarto’; *xove* ‘mozo’, *persoalidade* ‘personalidade’, *zoa* ‘zona’, *carreteira* ‘estrada’, *convinte* ‘conveniente’, *calquer*

‘calquera’; *sacouse unha oposición* ‘sacou unha oposición’, *non me sei a historia* ‘non sei a historia’; *sempre te afecta bastante* ‘sempre che afecta bastante’, *quítate as cousas* ‘quítate as cousas’; *despois de todo o que había traballado* ‘despois de todo o que traballara’; *que lle había acontecido* ‘que lle acontecera’, *que habían emigrado* ‘que emigraran’; *é coma eu* ‘é coma min’, *igual que min* ‘igual ca min’; *estar en casa* ‘estar na casa’; *que atópense* ‘que se atopen’, *dedicarse ó que a el gustáballe* ‘dedicarse ó que a el lle gustaba’; *a coñezo de toda a vida* ‘coñezoa de toda a vida’. E pechando o círculo de todos estes usos incorrectos aparece o emprego constante de *bueno* como conector ou interxección.

Os erros fonéticos que se observan na expresión oral espontánea tamén se manifestan –e en moitos casos de maneira moito máis evidente– cando se trata dun texto lido. As deficiencias que se escoitan na lectura son abondo preocupantes porque, ó mesturárense as deficiencias fonéticas coa mala vocalización, a incapacidade de manter un ton axeitado para unha expresión pública, a velocidade excesiva, o pouco dominio dos mecanismos entonativos, o descoñecemento do valor das pausas, o máis común é que se escoite un texto dificilmente comprensible por pouco claro, tateante e sen sentido.

Non hai dúbida que o coñecemento dos mecanismos internos da lingua e a limpeza dos textos escritos que se observa dos oitenta para acá está directamente relacionada coa insistencia do profesorado na corrección dos usos lingüísticos. Seguindo esa mesma equivalencia pódese afirmar que as deficiencias da oralidade son debidas á pouca atención que no sistema escolar actual se lle presta a este ámbito fundamental da lingua. Con todo, a responsabilidade no aumento ou na diminución da calidade do idioma non corresponde só ó corpo docente.

Os usos lingüísticos dos difusores do modelo ideal de lingua

Na actualidade, os tres grandes difusores dos modelos lingüísticos son o corpo docente –en tanto que prescritores dos usos correctos–, os medios de comunicación e a clase política, estes na súa condición de difusores dos usos modélicos. O traballo conxunto destes tres colectivos debería servir para presentarlle á sociedade un modelo de lingua libre de incorreccións e de presións alleas.

Como se pretendeu demostrar no apartado anterior, o traballo do corpo docente foi especialmente produtivo para mellorar a calidade lingüística da sociedade galega. A contribución dos medios de comunicación e da clase política non resulta, con todo, tan positiva.

Sobre a calidade da lingua dos medios xa se ten falado abondo, con non moito éxito é certo, e a eses traballos remitimos.² Menos atención suscitou dos especialistas os usos lingüísticos da clase política, o outro gran foco de extensión do modelo lingüístico ideal.

Para intentar suplir esta carencia vou enumerar deseguido uns cantos usos incorrectos escoitados no congreso do Bloque Nacionalista Galego celebrado en Santiago de Compostela o 5 de outubro do 2008. Cómpre indicar que esta relación non é exhaustiva nin deriva dunha análise polo miúdo do dito, que debería incluír varias audicións, senón de notas que se foron tomando no mesmo momento de transmitirse a mensaxe.

Fonética

- Palabras con vogal aberta que se pronunciaron con vogal pechada, cousa que aconteceu con *sempre, ben, enerxética, forte, escola, obxectivos*.
- Palabras con vogal pechada que se pronunciaron con aberta: *galego, deseño*.
- Consoantes nasais velares que se pronunciaron como alveolares: *con outras, delegación*.
- Contraccións que non se marcan na escrita pero que é inescusable facer na fala: *ao, de aquí*.
- Outras solucións fonéticas impropias, como a desaparición do *-d-* na terminación *-ado*: *desaforaos*.
- Solucións acentuais á castelá: *cónclave* ‘conclave’, *éramos* ‘eramos’, *facíamos* ‘faciamos’, *élite* ‘élite’, *ósmose* ‘osmose’.

Morfoloxía

- Xéneros á castelá: *mensaxes apocalípticos* ‘mensaxes apocalípticas’.
- Plurais castelanizados: *estos* ‘estes’.
- Pronomes inexistentes en galego: *estou convencido delo* ‘estou convencido diso’; *por elo* ‘por iso’.
- Solucións verbais castelanizadas: *convertir* ‘converter’, *fumos* ‘fomos’, *parezca* ‘pareza’, *construyamos* ‘construamos’.

² As máis recentes poden verse en Freixeiro Mato, X. R., M. Ríos e L. Filloy (ed.) (2008): *Lingua e Comunicación. IV Xornadas sobre Lingua e Usos*. A Coruña: Universidade. Os artigos que máis inciden sobre o tema son os de Luz Méndez (2008): «O modelo de galego oral na dobraxe», pp. 119-133 e de C. Hermida (2008): «A cantidade e a calidade do galego nos medios», pp. 57-73.

- Solucións verbais inventadas: *server* ‘servir’.
- Uso incorrecto dalgúns pronomes: *no contido do mesmo* ‘no seu contido’.

Sintaxe

- Incorrecta colocación do pronome: *nós o lembramos i o decimos* ‘nós lembrámo-lo e dicímolo’; *os nosos votantes nolo recoñecen* ‘os nosos votantes recoñécennolo’; *para que sexamos capaces de que o BNG colóquese ó fronte* ‘para que sexamos capaces de que o BNG se coloque á fronte’.
- Uso á castelá da preposición *a* co complemento directo: *que substitúa ós cargos* ‘que substitúa os cargos’.
- Ausencia do artigo na locución *a parte* ‘á parte’ seguindo a estrutura castelá.
- Aparición errónea da preposición *de*: *sería conveniente de que...* ‘sería conveniente que...’

Léxico

- Castelanismos: *ombligo* ‘embigo’, *herencia* ‘herdanza’, *olvidar* ‘esquecer’, *aportación* ‘contribución’, *xenerar* ‘xerar’, *errores* ‘erros’, *inversións* ‘investimentos’, *financieiro* ‘financeiro’, *sin embargo* ‘con todo, porén’, *conlevar* ‘levar consigo’, *a costa de* ‘a custa de’, *perdonar* ‘perdoar’, *espacio* ‘espazo’, *frente* ‘fronte’, *cliché* ‘clixé’.
- Hipergaleguismos: *abandoadas* ‘abandonadas’, *semáns* ‘semanas’, *trunfalismo* ‘triumfalismo’, *conscentes* ‘conscientes’.
- Lusismos: *proprios* ‘propios’, *avanzo* ‘avance’, *dados* ‘datos’, *meios* ‘medios’, *respeito* ‘respecto’, *perguntar* ‘preguntar’, *cenario* ‘escenario’, *aceitar* ‘aceptar’, *preconceito* ‘preconceito’.
- Expresións frásticas castelanizadas: *non estar reñido con* ‘non empece que’...
- Outras: *crisi* ‘crise’.

Da relación presentada, que non contén un número moi alto de erros tendo en conta que se estivo falando durante moitas horas, cómpre concluír o seguinte:

- a) A calidade do idioma ten deficiencias mesmo entre aquelas persoas máis concienciadas na súa defensa.
- b) Esas deficiencias teñen maioritariamente a mesma causa: a presión do castelán, que se fai claramente sentir mesmo entre quen se cadra nunca o falou e, aínda máis, é consciente do seu influxo negativo sobre o galego.

- c) A aposta clara pola normalización da lingua non leva necesariamente emparellado o coidado nos usos idiomáticos, o que, sen dúbida, vai en detrimento da conservación da identidade da lingua que se quere potenciar.

Conclusión

Visto en perspectiva, neste ano 2008 o galego falado presenta unha maior calidade nas súas manifestacións escritas pero empeorou a das manifestacións orais, xa que agora é moito máis doado ca antes escoitar manifestacións fonéticas incorrectas e pouco auténticas.

O corpo docente ten unha gran responsabilidade na mellora da corrección escrita. No empeoramento da calidade oral hai que repartila entre os medios de comunicación, a clase política –en ámbolos casos por apostar por un modelo pouco auténtico, nada coidado e cheo de incorreccións– e o corpo docente –por non prestarlle a suficiente atención na aula á expresión oral.

Sobre a necesidade de renovar o discurso galeguista sobre o idioma

Henrique Monteagudo

A situación social do idioma é motivo de cada vez maior preocupación para as persoas que nos interesamos polo seu porvir, xa que non deixamos de percibir unha deterioración progresiva e un empeoramento das expectativas. Ultimamente, as voces de alarma son máis e máis frecuentes e dramáticas. Algúns analistas chegaron á conclusión de que a política lingüística foi un fracaso e un enguedello prescindible, e outros xa dan a causa do galego por irremisiblemente perdida e prefiren adoptar ou unha actitude sardónica ou, ao contrario, un aceno despreocupado. Aínda por riba, xorden movementos como «Galicia Bilingüe» que sementan a crispación e convidan ao desánimo. Dentro do nacionalismo está a callar unha sensación de impotencia e é perceptible o desconcerto, incluso das voces tradicionalmente máis autorizadas. Un desconcerto ás veces adobiado con discursos que soan cada vez máis resesos, baleiros e irrealis, onde se mesturan apelos voluntaristas con deprecacións desesperadas.

Cómpre unha nova reflexión, un novo discurso, e, desde logo, un cambio de rumbo. Non podemos seguir fuxindo para adiante ou ollar facendo que non vemos, nin ten sentido que nos refuxiemos nun repregamento que nos aboca á inoperancia. En ocasións, cando se fala dun novo discurso, hai xente que torce o bico e pensa para si: sóbranos a teoría, o que precisamos é máis práctica. En certo senso, este pensamento ten algo de acertado (tratarei disto máis abaixo, punto nº 5), pero noutro senso, está completamente errado: se non temos claro en nome de que, por que e para que queremos promover o galego, dificilmente poderemos atopar os medios axeitados para facelo, nin convencer o país da bondade, desexabilidade e viabilidade do noso proxecto. Como dixo o sociólogo J. S. Mills, «non hai nada máis práctico ca unha boa teoría». (Para afondar máis nesta, permítome remitir ao nº 179 da revista *Grial*, en particular o traballo de Xaime Subiela).

As liñas que veñen a seguir queren contribuír a esa reflexión que considero urxente e imprescindible. A xeito de síntese, vou concentrarme en cinco puntos clave. Non pretendo desenvolverlos, pois cada un deles merece un tratado; ofrézoos só en

apuntamento. Son consciente de que corro o risco da mala interpretación, pero confío en que ao longo dun debate (pois isto só se ofrece como posible guión para un debate) que desexo, e que me gustaría sereno e intelixente, terei ocasión de introducir as matizacións que nesta entrega sintética considerarei dispensables.

1. *A situación sociolingüística.* En cuestión de dúas/tres décadas, o galego non será o idioma maioritario da poboación galega, nin como lingua inicial nin como lingua usual. Hoxe éo, pero só entre a poboación adulta; na menor de trinta anos é minoritario. Este dato é dunha importancia fundamental. Cada vez máis cidadáns e cidadás deste país son castelanfalantes, e iso para eles/elas non se trata dunha cuestión de actitude, de consciencia ou de sentimento, é unha simple situación vital, perfectamente compatible para a maioría cunha actitude positiva cara ao idioma galego e cunha consciencia máis ou menos forte de identidade galega. Incluso é compatible coa simpatía cara ao nacionalismo, e co apoio a este, ao menos electoral. Un apoio que pode minguar ou perderse, se este non procura as maneiras axeitadas de dirixirse a ese crecente sector de poboación. Non podemos ignorar este sector da poboación, nin poden sentirse considerados ou tratados como galegos de segunda categoría. Haberá que pensar nunha abordaxe específica e non dar por feito que se recuperarán para o galego por arte de birlibirloque.

2. *As campañas contra o galego non son novidade,* apareceron cada vez que se insinuou ou tentou levar a cabo algún avance. Actúan como ataques preventivos, e teñen dúas finalidades principais. A primeira, envelenar todo o posible unha opinión pública incansablemente bombardeada por mensaxes prexuzosas, reticentes ou refractarias ao galego. Segunda, amedrentar uns responsables políticos frecuentemente confusos, indecisos e pouco comprometidos co idioma.

Temos que ser conscientes de que determinados sectores sociais (fundamentalmente, certas elites económicas de cidades como Vigo e A Coruña, e mais elementos da burocracia e do funcionariado) veñen actuando con perfecta coherencia histórica como principais impulsores da castellanización do país. Son grupos imbuídos dunha mentalidade visceralmente antigalega, e manipularán todos os resortes de poder (sobre todo o mediático, que controlan amplamente) contra o idioma. Ao mesmo tempo, non se pode perder de vista que eses sectores son claramente minoritarios, e aínda que moitos preconceptos continúan a prevalecer máis ou menos soterradamente, a gran maioría da sociedade galega

aspira, ao menos difusamente, á recuperación da lingua. Para tornarse realidade, fai falla que esa aspiración vaga sexa canalizada polos movementos sociais e os poderes públicos, o cal, como sabemos, dista de ser doado.

Co devandito non quero negar que detrás de queixas, malestares e posicións contra tal ou cal aspecto do proceso de normalización, existan problemas reais, que non se poden desatender (por exemplo, os problemas pedagóxicos no caso do ensino). Pero os movementos anti-galegos non teñen interese en resolver eses problemas, soamente lles interesa manipularlos para convertelos en atrancos. Agora si, non podemos perder a batalla do debate público, e para iso haberá que afiar moi moito os argumentos que utilizemos. En particular, no caso do debate sobre o ensino, debemos recoñecer que os argumentos na liña da liberdade de opción lingüística son hábiles e extremadamente insidiosos, precisamente pola súa simpleza e carácter falsamente evidente.

Pola contra, a explicación da necesidade de incrementar o emprego vehicular do galego no ensino resulta bastante máis complexo. Por certo, para isto non abonda con apoiarse na *legalidade* (Lei de Normalización Lingüística, Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, etc.), cómpre ir ao fondo da cuestión, isto é, xustificar a *lexitimidade* desta política: tanto por razóns de xustiza como por unha estratexia de país, Galicia propúxose como meta colectiva recuperar o seu idioma ata colocalo en condicións de igualdade co castelán, e iso esixe que todas as persoas teñan plena competencia en galego, para o cal é imprescindible que este teña un uso preferente no ensino. O problema do galego non é un asunto de lingua, é unha cuestión de cidadanía.

En definitiva, as campañas contra o galego ata poden revelarse beneficiosas se colocan o problema da lingua na axenda pública, e nos dan a oportunidade para clarificar as razóns, os problemas e os camiños da normalización da lingua.

3. *Carece de sentido seguir opóndose a un bilingüismo realmente alcanzable e progresivamente mellorable en nome dun quimérico monolingüismo.* Sobre esta cuestión coido que existe unha serie de malentendidos de fondo, que cómpre despexar de vez. As organizacións e a militancia nacionalista viñeron propugnando e practicando o chamado *monolingüismo defensivo*, que consiste en usar o galego sen renuncias, en todos os ámbitos e para todo tipo de funcións, incluso con interlocutores castelanfalantes ou descoñecidos (sempre en condicións razoables). O monolingüismo práctico así entendido contraponse ás pautas vixentes de *uso diglósico*, que obrigan a renunciar ao galego e mudar para o castelán con inter-

locutores castelanfalantes ou descoñecidos, e a usar esta lingua en ambientes formais (nos usos profesionais, públicos, na escrita, etc.). Impulsar o *monolingüismo práctico* así entendido foi e continúa a ser un acerto, pois o uso diglósico limita a visibilidade e a utilidade do galego, e coloca en posición subalterna os seus falantes. Secomasí, disto a propugnar que a única solución para o galego consiste en conseguir o *monolingüismo social*, isto é, o seu establecemento como única lingua de uso público e oficial do país, vai un abismo.

A ortodoxia monolingüista desprestixia a idea do bilingüismo utilizando argumentos presuntamente científicos: ao parecer, está demostrado que o bilingüismo social é insustentable, pois desemboca necesariamente na asimilación dunha das linguas en contacto. O certo é que este axioma está lonxe de atoparse verificado. A sociolingüística mostra que as modalidades de convivencia das linguas no seo das diversas formacións sociais son múltiples, e non necesariamente implican a subordinación dunhas a outras, nin desembocan irremediabilmente en procesos de asimilación e substitución lingüísticas. En moitos casos, o bilingüismo aparece como unha fórmula de convivencia que permite o pleno desenvolvemento de dúas linguas que comparten un espazo social. Isto implica, claro está, que se unha das linguas parte dunha situación de desvantaxe, debe recibir un apoio extra e gozar dun status preferencial, ao menos nunha serie de ámbitos clave.

Digámolo claramente. Hoxe, e no inmediato futuro, a alternativa para Galicia non consiste en optar entre o bilingüismo galego/castelán ou o *monolingüismo en galego*; está en escoller entre o bilingüismo *galego/castelán* e o *monolingüismo en castelán*. Ningunha persoa cunha mínima dose de realismo pode imaxinar que no horizonte das nosas vidas e nas dos nosos fillos e fillas o galego se vai tornar na única lingua de Galicia. Non podemos presentar á poboación castelanfalante do país (que será a maioría en poucas décadas) unha perspectiva de regaleguización súbita e total: si que podemos ofrecerlles razoablemente o bilingüismo, que esixirá unha aprendizaxe integral do galego e o seu uso en polo menos certos ámbitos e funcións. Se ata agora eramos os e as galegofalantes os únicos obrigados ao bilingüismo, do que se trata é de que os e as castelanfalantes sexan tamén efectivamente bilingües, isto é, teñan a capacidade, as ocasións e a motivación para empregar o galego. Deste xeito, pasaremos dun *bilingüismo asimétrico* e *unilateral* (obrigatorio só para os galegofalantes) a un *bilingüismo simétrico* e *bilateral*. Un bilingüismo que xa non sería substitutivo, senón *restitutivo*, de recuperación. E se existe un *bilingüismo restitutivo*, como de feito exis-

te, e ademais constitúe a única alternativa real que temos diante, deixemos de enredar.

4. *A cuestión da norma e a corrección lingüística non son tan importantes.* Durante dúas décadas, sectores da dirixencia e da militancia nacionalista gastaron unha morea de pólvora en salvas, isto é, de enerxía pelexando en estériles lideiras ortográficas e gramaticais, que na realidade só interesan a círculos de iniciados con tendencia á monomanía. Ata tal punto, que, ironicamente, para moita xente a expresión *conflito lingüístico* estaba e está asociada ao *debate normativo* máis ca a subalternización do galego con respecto ao castelán. A ver se aprendemos a lección. Non malvendamos os nosos esforzos en propugnar modelos de lingua irremediabilmente periclitados, non sempre ben fundados, e que ademais nos arredan innecesariamente dos falantes comúns.

Seguro que é preciso forxar e difundir un modelo de lingua enxebre, rica e depurada, e ofrecelo como ideal para os/as falantes a través do uso público, dos medios de comunicación, da literatura e do sistema educativo. E si, temos razón en mostrarnos esixentes coas persoas que usan acotío a lingua en público, e máis se viven dela. Pero cando se trata sexa do estudantado sexa da poboación común, resulta enfermizo e suicida dar prioridade sistemática á corrección gramatical, á pureza e á ortografía antes ca ao uso, a práctica efectiva do idioma. Os métodos de ensino/aprendizaxe da lingua, os programas, os libros de texto e as rutinas educativas deben mudar radicalmente, abandonando toda teima ortográfica e toda obsesión normativista e gramaticalizante, e concentrándose en gañar novos usuarios para o galego (no caso dos castelanfalantes) e en capacitar para a expresión en diversos xéneros da oralidade e da escrita, no caso dos galegofalantes.

E por certo, acollamos de brazos abertos os novos falantes, tantas veces vistos con desconfianza e sometidos á chanza ou á censura, pois forman parte imprescindible do futuro do idioma.

5. *A planificación lingüística é unha ferramenta útil,* e cómpre prestar máis atención aos seus aspectos técnicos e operativos. A política lingüística dos sucesivos gobernos galegos foi un rotundo fracaso, polo menos se a xulgamos en relación aos obxectivos máis importantes sensatamente desexables: non só mellorar a competencia en galego da poboación en xeral e incrementar os ámbitos de uso da lingua (o que máis ou menos se conseguiu), senón, sobre todo, deter o aban-

dono do galego, frear a perda da súa transmisión interxeneracional e gañar novos usuarios. Daquel fracaso deducen algúns que a política lingüística é unha perda de tempo, e esa falsa dedución conforta na ignorancia a quen nin fixo nin parece disposto/a a facer ningún esforzo para espreguizarse e saír dela.

En realidade, falando en senso estrito, a política lingüística que se veu aplicando en Galicia consistiu xustamente en evitar facer unha auténtica política lingüística. Nese senso, a estratexia foi todo un suceso, un paradoxal éxito no fracaso, pero dese resultado non se pode deducir que a política lingüística sexa un instrumento inservible. Poida que o sexa, pero desde logo a experiencia galega das últimas décadas non pode utilizarse para aboar tal conclusión. Pola contra, noutros lugares onde si se fixo auténtica política lingüística, ben planificada, articulada e arroupada política e socialmente, esta revelouose de grande utilidade para mellorar a situación de linguas ameazadas, para garantir a consecución de obxectivos de reforzo e recuperación destas a curto e a medio prazo e para obter bos resultados ao menor custo posible.

Claro que para facer política lingüística en serio en Galicia (algo distinto a desbaldir os fondos públicos para fomentar redes clientelares, fabricar propaganda barata pero cara, ornar algunhas festividadeas e matar un pouco a mala consciencia: ou sexa, basicamente, o que se veu facendo ata agora, incluíndo os catro últimos anos), fai falla, ademais de vontade política real, investir en formación de capital humano, unha formulación realista, serena e informada dos problemas, os obxectivos e as oportunidades, artellar organismos e procedementos de intervención eficaces, tender pontes coa sociedade, e botarlle un pouco de imaxinación e un moito de traballo. E para iso, o nacionalismo terá que desprenderse, entre outras cousas, dalgúns tópicos (ou mellor fora dicir supersticións), dunha tendencia ao parecer irresistible a envurullarse na retórica, e da confianza inxustificada que veu mostrando ata agora no voluntarismo e nun certo ideoloxismo dogmático.

Resumindo en poucas palabras, eu diría que no pasado tendeu a compensarse as insuficiencias para a actuación efectiva cunha esaxerada sobrecarga de discurso, de maneira que a partir de agora temos que alixeirar o discurso ao mesmo tempo que reforzamos a competencia para intervirnos eficazmente. Clarificación dos obxectivos e as prioridades. Máis modestia nos obxectivos, e máis capacidade para facelos realidade. Pequenos sucesos que nos sitúen nun camiño de avance. Coa experiencia destes anos ás costas, aprendendo dos acertos e tamén dos erros, afinando a capaci-

dade de análise para comprender mellor o país, e procurando novos camiños, aínda temos marxe para encarrear o noso idioma nuns vieiros de futuro mellor. Todo o contrario a recrearse na nostalxia e repregarse na autocompracencia.

As difíciles mudanzas. A lingua na Educación Infantil e Primaria

Agustín Fernández Paz

1. Algunhas xustificacións

Aínda que me debiera resultar doado abordar a crónica do tratamento que recibiu a lingua no ensino infantil e primario ao longo destes vinte e cinco anos, en boa parte pola miña implicación persoal como docente, o certo é que non teño máis que dúbidas. A tentación primeira é a de centrarme na situación actual, a que máis lle interesará a calquera persoa preocupada pola lingua e as súas perspectivas de futuro. Mais ben me decato de que este enfoque só respondería parcialmente ao que se me pediu, pois, en boa medida, a situación actual é unha consecuencia dos pasos –equivocados ou acertados, que de todo houbo– que se deron ao longo destas dúas décadas e media. Isto tamén me fai ver a necesidade de lle darmos un repaso ao que sucedeu neste tempo, mais evitando unha segunda tentación na que de ningún xeito querería caer: a de determe en exceso no camiño percorrido (e mitificalo, dalgún xeito), levado pola tendencia a deixármonos arrastrar polos avatares biográficos persoais.

Debo centrar a miña ollada, ademais, nas etapas de Educación Infantil (EI) e Primaria (EP). Dúas etapas que sufriron cambios estruturais significativos ao longo deste tempo, pois, ata datas ben próximas, a EI abranguíu só o período 4-6 anos (e, daquela, chamábase Preescolar) e a Primaria estaba subsumida na EXB (que daquela abranguíu dos 6 aos 14 anos). Malia as mudanzas de todo tipo aparelladas a estes cambios, é doado percibir unha continuidade de fondo ao longo dos anos.

Ben mirado, máis que redactar este texto, o que debiera facer sería remitir a todas as persoas interesadas ás páxinas do traballo que, en 2002, publicamos Xan Bouzada, Anxo Lorenzo e mais eu: o segundo volume do estudo *O proceso de normalización do idioma galego, 1980-2000*¹, dedicado precisamente á análise do proceso

¹ Bouzada, Xan; Fernández Paz, Agustín; Lorenzo, Anxo (2003): *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume 2: Educación*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

normalizador nas etapas de Educación Infantil e Primaria. Nas conclusións finais (páxs. 300-318), malia ser anteriores ao Plan Xeral de Normalización da Lingua (2004) e ao novo decreto 124/2007, faciamos unha síntese do estado da cuestión e das perspectivas de futuro que, con levísimas matizacións, subscribiría agora sen dubidar. Como mostra da súa actualidade, transcribo un breve fragmento desas páxinas finais:

d) O caso especial de Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria

Como ben se sabe, é nestes anos cando resulta máis doada a adquisición dunha boa competencia comunicativa por parte do alumnado, tanto na súa lingua inicial como na que no centro funcione para eles como segunda lingua. Sen embargo, os datos dos que dispoñemos indican que é xusto aquí onde o incumprimento da norma legal [referímonos ao Decreto 247/1995, mais podería estenderse, con matices, ao 124/2007] é clamoroso, moitas veces por descoñecemento desa norma legal e, tamén, por carece-lo profesorado de estratexias didácticas específicas para traballar nunha sociedade na que coexisten dúas linguas. Neste sentido, cremos que urxe unha intervención decidida da Administración para poñer remate a unha práctica escolar que, sobre todo en ámbitos urbanos e nos centros privados, funciona dun xeito totalmente alleo á vontade legal da normativa normalizadora. (...)

Á vista dos datos e das liñas de diagnóstico sinaladas, parece necesario dar un salto cualitativo, sen alterar notablemente o modelo lingüístico actual no ensino obrigatorio. O que si se precisa, antes que os cambios, é a efectiva explotación das posibilidades que presenta o modelo actual, moi restrinxidas na práctica. A mellor proba do que afirmamos é que o obxectivo marcado pola lei (a adquisición dunha boa competencia comunicativa nas dúas linguas oficiais) falla de xeito importante no que se refire ó galego, sobre todo nos usos orais. Faise necesaria unha maior organización, planificación e implementación do galego nos centros e, sobre todo, nas transmisións educativas, para garanti-lo coñecemento da lingua e para fomentar-la súa utilización.

A necesidade dun cambio cualitativo como o que estamos a indicar faise aínda máis patente no ensino infantil, onde é necesario repensar toda a planificación desenvolvida para a introdución do galego, dados os pobres resultados atopados, por exemplo, na extensión da lectoescritura en galego.

Por riba, estas miñas reflexións teñen un inevitable enfoque xeneralizador, algo que me desacouga, por saber que é inxusto. Hai tantos tipos de centros e o traballo coa lingua é tan diverso por parte do profesorado que non vexo maneira de recoller ben esa pluralidade. Queda dito aquí, como aviso do que non se debe esquecer: durante estes anos houbo centros e docentes que traballaron nunha liña coherente cos obxectivos sinalados na lei, conseguindo avances significativos na adquisición e desenvolvemento das competencias comunicativas do alumnado, así como no medre da valoración social da lingua. E houbo outros que, na práctica, actuaron coma se o galego estivese excluído da realidade social de Galicia e –fose por desleixo, por ignorancia ou por convicción ideolóxica– realizaron un labor contrario aos obxectivos e ao marco legal que debían respectar. Neste sentido, ten un gran peso a responsabilidade social de cada docente, malia non esquecermos que é á Administración educativa a quen lle corresponde unha responsabilidade maior.

Por último, escribo estas liñas nun tempo en que os ataques explícitos á presenza social da lingua galega (e ao seu papel no sistema educativo) aumentaron dun xeito significativo, tanto por algunhas organizacións políticas como por unha parte dos comentaristas habituais da prensa. Estes ataques non son unha novidade, sempre estiveron aí: os que xa eramos ensinantes nos últimos anos setenta lembramos ben a oposición que, en boa medida desde a prensa e desde organizacións como AGLI, se fixo á introdución do galego nas aulas, sobre todo se se pretendía utilizar como vehicular.

O que resulta unha novidade é unha parte da argumentación empregada agora, como a que denuncia unha pretendida marxinação do castelán e da cidadanía castelanfalante, que, segundo esas teses, estaría a ser discriminada, especialmente no ámbito do ensino. Unha amarga falacia, como ben sabemos. Unha estratexia que, sen dúbida, responde ao que Josep Ramoneda escribía hai pouco nun artigo² onde daba conta da aparición do libro de Sheldon S. Wolin, *Democracia S.A. La democracia dirixida y el fantasma del totalitarismo invertido*: «O obxectivo é impoñer unha determinada idea da realidade, establecer como verdadeiro o que de feito non o é. Por iso a mentira se fai dona do escenario. No fondo, mentir é a expresión dunha vontade de poder. O meu poder aumenta se unha descrición do mundo que é produto da miña vontade é aceptada como real.» Palabras que ben se lle poden aplicar ao discurso reiterado que un abano de voces, desde as dúas organizacións

² «Democracia amenazada». *El País*, 10-1-2009.

antigalego con maior presenza mediática ata o Club Financiero de Vigo, están tentando impoñer nestes tres últimos anos.

O que segue é, xa que logo, un repaso breve do que ocorreu ao longo destes vinte e cinco anos. Un repaso valorativo e sintético, xaora, porque a crónica detallada dos feitos –os sociais e os educativos– xa se pode atopar en moitos outros lugares.

2. Hai vinte e cinco anos: Nova Escola Galega e a Lei de Normalización Lingüística

O ano 1983, ano da fundación de Nova Escola Galega, é tamén o da data en que o Parlamento Galego aproba a Lei de Normalización Lingüística (LdeNL, en diante), unha lei que viña desenvolver o que, en materia de lingua, aparecía sinalado na Constitución de 1978 e, sobre todo, no Estatuto de Autonomía de 1981.

Non é que a introdución da lingua galega no ensino comezase coa LdeNL, nin moito menos. Sen me referir agora ao intenso traballo que, xa desde finais dos anos sesenta, viñan desenvolvendo grupos minoritarios de docentes, cómpre sinalar o papel que xogou o chamado Decreto de Bilingüismo, promulgado polo goberno preautonómico en 1979. A súa aplicación motivou que, na etapa 1979-1983, houbera unha ampla polémica na sociedade sobre a presenza do galego na escola. Malia o seu escasísimo alcance (introducía o ensino da lingua galega como materia, algo que só se cumpríu naqueles centros onde os docentes tiñan interese en facelo efectivo), foi utilizado pola Administración para reprimir os docentes que sobordaban os estreitos límites impostos, e tamén por sectores sociais contrarios ao galego. Era a primeira vez que se descubrían as serias resistencias que os poderes fácticos do país, e tamén un significativo sector dos docentes, ían opoñer á extensión do galego no ensino. Unha constante neste cuarto de século. Unha realidade que se entende moi ben á luz dun imprescindible e clarificador traballo de Anxo Lorenzo, «A situación sociolingüística do galego: unha lectura»³, onde analiza a feble situación sociolingüística en que se atopaba a nosa lingua no inicio do período autonómico. Con escasos medios materiais e humanos, cun apoio social moi restrinxido, co estigma histórico dos prexuízos, cun sector do profesorado instalado aínda nos esquemas da escola franquista, sen apenas preparación didáctica para o que supuña desenvolver un ensino en dúas linguas... Así foron os primeiros pasos do galego no ámbito do ensino infantil e primario.

³ Lorenzo Suárez, Anxo (2008): «A situación sociolingüística do galego: unha lectura». *Grial*, 179.

3. A importancia da Lei de Normalización Lingüística

Como a LdeNL segue a estar en vigor e continúa exercendo o papel de eixe central ao redor do que se articulan as medidas lexislativas, cómpre deterse unha miga na análise desta lei esencial. Non detallarei aquí o contido do seu título III («Do uso do galego no ensino»), porque creo que é coñecido dabondo.⁴ Mais si cómpre salientar o que nela se lle pide ao sistema educativo: a garantía de que os alumnos e alumnas, ao remate das etapas en que o ensino é obrigatorio, acaden unha boa competencia nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal sexa a súa lingua familiar e a súa lingua habitual. Un obxectivo básico, en boa medida aínda sen conseguir.

Paréceme necesario insistir na importancia deste obxectivo da dobre competencia, sobre todo nos tempos actuais. Pois esa dobre competencia é a que lle permitirá á cidadanía decidir libremente se usa unha ou outra nos diferentes ámbitos e situacións. Ou sexa, é imprescindible para garantir a liberdade lingüística. Unha dobre competencia que xa posuímos todos os cidadáns que temos como lingua de instalación o galego (non esquezamos que a Constitución impón o deber de coñecer o castelán). Por iso non se pode aceptar a falsa oposición entre castelanfalantes e galegofalantes; en todo caso, a oposición será entre as persoas que temos competencia bilingüe e as que se aferran ao mantemento da competencia monolingüe vivindo nun país con dúas linguas oficiais.

Para conseguir este obxectivo básico da LdeNL, en calquera etapa, pero máis nas de Infantil e Primaria, é preciso deseñar as planificacións lingüísticas que garantan a súa consecución, e que pasan pola utilización vehicular maioritaria da lingua máis desfavorecida socialmente.⁵ E isto, en vez de ir contra a liberdade lingüística, como afirman os que empregan a falacia de «la imposición del gallego», é unha actuación imprescindible para garantir esa liberdade. Algo reiterado polo Tribunal Constitucional, por certo, que na sentenza 337/1994 «avalaba un trato desigual, que non discriminatorio, para as dúas linguas oficiais en función do carácter propio dunha delas que fai preciso unha acción normalizadora que debe, necesariamente, implicar accións de apoio singularizado».⁶

⁴ Pódese consultar en <http://www.galego.org/lexislacion/xbasica/lei3-83.html>

⁵ As pautas para unha planificación lingüística en Infantil e Primaria están amplamente desenvolvidas en: Fernández Paz, Agustín; Lorenzo Suárez, Anxo; Ramallo, Fernando (2007): *A planificación lingüística nos centros educativos*. Santiago de Compostela, SXPL-Xunta de Galicia.

⁶ AA. VV. (2005): *Estatuto xurídico da lingua galega*. Vigo, Xerais.

4. Comezos apoucados: a etapa 1983-1988

O primeiro desenvolvemento da LdeNL deuse a través do Decreto 135/1983. Con este decreto o galego recibía no sistema educativo un tratamento similar ao dunha lingua estranxeira, pois só obrigaba á súa aprendizaxe como materia.

Nos niveis de Preescolar e Ciclo Inicial da EXB (4-6 anos e 6-8 anos) sinalábase que «os profesores usarán a lingua materna predominante entre os alumnos, coitando que estes adquiran de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios do correspondente nivel». Para os outros niveis da EXB, o Decreto indicaba que «usaranse indistintamente o galego ou o castelán, se ben o respectivo Consello de Dirección, Órgano superior competente do Centro ou Departamento haberá de arbitrar un equilibrio na utilización dun ou doutro idioma».

Estas directrices non pasaron de ser indicacións teóricas, con moi escasa incidencia real. En Preescolar e Ciclo Inicial impúxose a tendencia a ler só ata a primeira coma (e iso cando conviña, xaora), ignorando o que viña despois das dez palabras iniciais. A suxestión de que nos centros se tentase chegar a un equilibrio no uso das dúas linguas nunca chegou a callar, agás nun escaso número deles, onde había un profesorado disposto a asumir avances normalizadores. É normal que ocorrese isto, dado que os prexuízos sociais e as actitudes negativas dun amplo sector do profesorado (non podemos esquecer que viñamos dos valores da escola franquista, amplamente interiorizados), unidos ao escaso pulo social e político, eran poderosos factores en contra. O «uso progresivo do galego no ensino» do que falaba a LdeNL quedou esquecido durante o tempo que estivo en vigor o Decreto.

5. Un paso adiante: a etapa 1988-1995

Houbo que agardar ata o curso 1987-88 para que aparecese un novo decreto onde, por primeira vez de xeito obrigatorio, se lexislaba o uso do galego como lingua vehicular nunha parte do currículo. É dicir, o galego deixaba de ser tratado como lingua estranxeira e pasaba a ter unha certa presenza (minoritaria e subordinada, iso si) nos usos vehiculares.

En concreto, no artigo 6º dicíase que «Nos ciclos medio e superior de EXB [é dicir, dos 8 aos 14 anos] impartirase en galego, polo menos, a área de Ciencias Sociais». Pola contra, Preescolar e Ciclo Inicial seguían rexéndose polo mesmo que se indicaba no Decreto anterior.

Esta Orde supuxo un paso adiante, non só no plano teórico, senón na práctica. A creación dos Equipos de Normalización Lingüística no curso 1990-91, serviu tamén de pulo para que se abandonase a pasividade da etapa anterior. Un indicador de que realmente era un paso adiante foron as fortísimas reaccións contrarias que motivou por parte de sectores cidadáns con poderosos prexuízos cara ao galego, convenientemente apoiados por algúns medios de comunicación. Houbo unha intensa campaña en contra desta Orde, e do galego no ensino en xeral, que conseguiu temperar en boa medida os seus aspectos positivos.

A Orde marcaba uns mínimos de obrigado cumprimento, indicando logo que cada centro arbitraría as medidas precisas para, en función da súa situación lingüística de partida, planificar o uso das dúas linguas no currículo. É dicir, o que se sinalaba eran os mínimos de obrigado cumprimento, o chan a partir do cal cada centro debería edificar a súa planificación específica. O paso do tempo permitiu comprobar que a maior parte dos centros fixo unha lectura restritiva deste regulamento, tomando os mínimos como máximos. Dalgún xeito, o que se sinalaba como chan a partir do cal edificar tomouse como teito a partir do cal xa non cabía construír máis nada. Isto foi máis acusado en Infantil e 1º ciclo de Primaria, dado que na Orde non se concretaban normas para estes niveis.

6. Unha certa planificación: a etapa 1995-2007

Unha serie de iniciativas sociais de base solidamente fundamentadas (entre as que salientou a proposta *Un modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego*, promovida por Nova Escola Galega) e, sobre todo, os cambios lexislativos derivados da implantación progresiva da LOXSE (1990), que trouxo unha nova estruturación do sistema educativo, uns novos currículos e uns novos obxectivos xerais para as sucesivas etapas, levaron a unha actualización do marco legal da lingua galega, que se plasmou no Decreto 247/1995.

O novo decreto tentaba dar un paso máis na liña marcada pola LdeNL. Tal como se sinalaba no preámbulo, o eixe articulador do texto era o mandato básico recollido no artigo 14.3 da citada Lei, reiterado nos novos obxectivos para Primaria e Secundaria: conseguir que os alumnos e as alumnas acaden unha competencia plena nas dúas linguas oficiais.

Para a Educación Infantil e o 1º ciclo de Educación Primaria, sinalábase que «o profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre os alumnos e alumnas, terá en conta a lingua ambiental e coidará que adquiren de forma oral e

escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da etapa ou ciclo». Nos ciclos 2º e 3º de Educación Primaria, «impartiranse en galego dúas áreas de coñecemento, cando menos, sendo unha delas a área de Coñecemento do medio natural, social e cultural».

Este Decreto estivo en vigor ata hai dous cursos. Trouxo canda si algunhas melloras, como pode ser a maior concreción das materias que se debían impartir en galego, así como algunhas actuacións dirixidas á formación sociolingüística do profesorado. E tamén importantes eivas, postas de manifesto nas significativas porcentaxes de incumprimento que se deron, que xa viñan de lonxe. Estas porcentaxes aparecían, sobre todo, en Educación Infantil e 1º ciclo de Primaria, onde, de fiármonos pola práctica docente, o número de nenos e nenas galegofalantes en Galicia sería escasísimo, dado que as clases seguiron a se impartir só en castelán nunha gran maioría das aulas (unha maioría esmagadora en ámbitos urbanos). Por parte da Administración non se deu unha vontade de facer cumprir a lei, pois apenas houbo un seguimento real da súa aplicación e foron moi tímidas as medidas prácticas para corrixir os incumprimentos que se producían.

7. O camiño ao Decreto de 2007

A aparición do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* en 1995, constituíu un fito nas análises sobre a situación da lingua. Fixéronse tamén outros estudos máis limitados, pero moi significativos, coma o *Estudio sobre o uso do idioma galego*, un informe elaborado pola Dirección Xeral de Política Lingüística en 1998, que desvelaba un incumprimento escandaloso e uns resultados máis que preocupantes, que se agudizaban precisamente en EI e no 1º ciclo de EP.

Ao comezo do século XXI, cando xa transcorreran vinte anos da introdución do galego no ensino, foi imposible seguir afirmando que o proceso ía na boa dirección. As porcentaxes de transmisión interxeracional baixaran dun xeito rechamante, e tamén a porcentaxe de nenos e nenas que tiñan como L1 o galego ou que usaban o galego, aínda que fose como L2. E os prexuízos sobre a lingua galega, se ben algo temperados, seguían a estar presentes. Este panorama imposible de ocultar foi o que motivou, no ano 2002, a elaboración do Plan Xeral de Normalización da Lingua, impulsado polo último goberno do PP e aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro de 2004.⁷

⁷ Xunta de Galicia (2005): *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

O Plan Xeral sinalaba os avances que se produciran nos vinte anos anteriores e tamén as numerosas carencias. No plan propoñíanse unha serie de obxectivos para os anos vindeiros, obxectivos que deberían servir para guiar as liñas de acción dos gobernos que se formasen no futuro.

No ámbito do ensino, entre outras medidas, demandábase un novo decreto que asegurase a adquisición da dobre competencia por parte do alumnado. Este decreto foi o 124/2007, o que agora está en vigor, e correspondeulle a súa redacción e posta en marcha ao novo goberno PSdeG-PSOE e BNG.

Para a EI, o decreto aborda, por primeira vez, a concreción que tanto se botaba en falta en todos os anteriores, co obxectivo de conseguir que os alumnos manteñan unha boa competencia na súa lingua familiar (L1) e que, progresivamente, adquiran unha competencia suficiente na outra lingua oficial (L2):

Na etapa de educación infantil o profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e coidará que o alumnado adquira de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo. No caso de contornos castelanfalantes, a utilización nesta etapa da lingua galega como lingua de comunicación e ensinanza, será como mínimo igual á da lingua castelá e fomentárase a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, na perspectiva de que este se converta no idioma base da aprendizaxe de modo que o alumnado obteña unha competencia que lle permita comunicarse normalmente en galego co alumnado e o profesorado.

Para toda a EP (pois xa non se singulariza o 1º ciclo), o decreto sinala unha liña semellante, cunha redacción que introduce a necesidade de medidas planificadoras:

En toda a etapa da educación primaria garantírase que, como mínimo, o alumnado reciba o cincuenta por cento da docencia en galego, sendo de impartición obrigatoria en galego as áreas de matemáticas, coñecemento do medio natural e educación para a cidadanía e dereitos humanos.

Aínda que transcorreu moi pouco tempo para podermos realizar unha avaliación da súa posta en práctica, hai tres aspectos da súa curta vida que paga a pena sinalar:

a) Este decreto motivou virulentas reaccións en contra, con ampla cobertura mediática. O mesmo PP que pulara polo PXNL oponse agora a un decreto que non fai máis que trasladar á práctica as medidas alí aprobadas. O vello *mantra* de «la imposición del gallego», baixo o que subxacen os poderosos prexuízos

contra a lingua e a vontade de mantela nunha posición socialmente subordinada, volveu aparecer, aínda que con formas anovadas.

- b) A Consellería de Educación, se cadra como consecuencia do anterior, non fixo o imprescindible esforzo de divulgación social dos obxectivos e contidos do decreto, polo que se lle deixou o campo libre a quen publicitan unha interpretación nesgada del.
- c) Malia todo isto, a nova normativa está a provocar avances na boa dirección nunha parte dos centros, sobre todo naqueles en que existe un profesorado libre de prexuízos. Non contamos aínda con datos que nos permitan saber se se consolida un cambio significativo ou se impoñen as vellas prácticas que condenan o galego á subordinación.

8. Un balance destes vinte e cinco anos

Nunhas intervención feita no Parlamento Galego en abril de 2007, o presidente Pérez Touriño cualificaba de «fracaso histórico» as políticas para o galego no ensino de anos anteriores. Facíao en referencia a un demoledor informe do Consello Escolar de Galicia, que sinalaba abertamente o desleixo na posta en práctica da lexislación vixente. E en setembro de 2007, nun dos blogs de referencia no noso país, *As uvas na solaina*, Marcos Valcárcel escribía un lúcido post: «A escola desgaleguiza», unha análise que se viña sumar a outras na mesma liña, onde falaba do drama que se produce cada día en tantas aulas, o drama que axuda a explicar o devalo do galego que se está a producir nas novas xeracións, máis dramático no caso dos nenos e nenas de familias galegofalantes. Un devalo indicador dos avances do persistente proceso de substitución da lingua que todos os estudos sinalan.

Eu estou de acordo co presidente Pérez Touriño no substantivo («fracaso») mais non no cualificativo («insólito»), se ben comprendo que unha persoa coma el non ten por que coñecer polo miúdo o que ocorreu nas aulas. Mais, para min, de insólito non ten nada.

Se os resultados son tan insatisfactorios, é que algo fallou nestes vinte e cinco anos. Ou, se cadra, en realidade non fallou nada e este era o resultado ao que se quería chegar, aínda que oficialmente non se dixera. Como moi ben sinala Anxo Lorenzo no seu traballo «Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego»,⁸ «...percibimos que se renuncia á implementación de actuacións de recupera-

⁸ Lorenzo, Anxo (2005): «Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego». *Cadernos de Lingua*, 27.

ción do galego que supoñan, polo menos na teoría, conflitos por cuestións lingüísticas, mesmo no caso de ámbitos sociais regulados legalmente», xa que «se interpreta a situación actual como un estado de cousas que non debe sufrir alteracións significativas debido á intervención consciente e activa da política lingüística institucional». Aínda que Anxo Lorenzo se refire á política lingüística, en xeral, as súas palabras encaixan como anel no dedo para o ámbito educativo. Harmonía e calma aparente, de fachada, mentres o proceso de substitución avanzaba diante dos nosos ollos.

Ao longo destas décadas, o galego foi a lingua habitual dunha moi ampla maioría da poboación, ben o sabemos. Mais funcionou como unha lingua oculta socialmente, sobre todo nas cidades. A que se deixaba na porta do médico, ou do avogado, ou da cafetaría. A que sufría un clamoroso proceso de ocultamento dos medios de comunicación, que en boa medida continúa hoxe. Un caso claro de lingua minorizada.

Unha das cousas que primeiro aprendemos é que as leis non cambian a realidade. Axudan a cambiala se hai vontade real de intervir para que así sexa. E a lexislación lingüística no ensino naceu nun contexto sociolingüístico nada favorable para a lingua galega. Axiña se empezou a ver que había leis para cumprir e leis para adornar, que non pasaba nada se non se cumprían. Isto foi máis evidente nos niveis de Infantil e Primaria, dado que, ao estaren as aulas ao cargo dunha única persoa, era moi doado seguir coas prácticas de décadas anteriores sen que se notase desde fóra.

Isto ocorría porque, en boa medida, a política lingüística que tivemos no ensino podemos caracterizala por estas notas:

- a) Foi apoucada no desenvolvemento legislativo de LdeNL, como xa vimos máis arriba.
- b) Foi desleixada ou cómplice no incumprimento da lexislación. De aí nace esa sensación de permisividade e mesmo de impunidade que ten un sector apreciable do profesorado; ese saber que fagas o que fagas (ou o que non fagas), non vai pasar nada, agás que a cuestión salte ao ámbito dos medios de comunicación.
- c) Foi parcial e insuficiente na formación do profesorado. Fixéronse cursos para que adquirise competencia na lingua, e para promover a alfabetización na variedade estándar. Mais non se abordou a aprendizaxe da planificación nin a didáctica de ensino en dúas linguas, agás en iniciativas puntuais. A un profesorado que viña do franquismo, onde só había unha única lingua oficial nas aulas e onde o galego estaba estigmatizado como lingua propia de xente rural e inculta,

non se lle ensinou como planificar nin tampouco a traballar didacticamente nun contexto bilingüe. Fóra de iniciativas illadas, como foi o caso dos Coordinadores Docentes de Galego, tampouco non se fixo cos cargos intermedios responsables de poñer en práctica o lexislado, desde directores xerais ata formadores, pasando polo corpo da Inspección.

- d) Foi incapaz de favorecer unha planificación lingüística merecedora de tal nome.
- e) Foi cautelosa ante os hipotéticos avances do galego. É a que eu chamo teoría do «amodiño». Non sabería contar a de veces que os da miña xeración escoitamos «amodiño» ao longo destes trinta anos. Amodiño, paciencia, pouco a pouco. Algo que se podería aceptar se se camiñase na dirección correcta, mais non se se ve que o resultado é unha nube de fume. Porque aló van vinte e cinco anos e, amodiño, segue a producirse o devalo social da lingua. Por iso o que cómpre é esixir a aplicación e explicación das intervencións que hai que realizar.

Malia todo isto, tamén houbo factores favorables. Quizais os planificadores non contaban cun apreciable sector do profesorado que puxo toda a súa enerxía en facer que as cousas avanzasen. O voluntarismo dese sector foi decisivo para que teñamos un resultados parcialmente favorables, sobre todo en determinados centros e zonas. Debemos agradecer profundamente os exercicios de dignidade que están na raíz deste voluntarismo. Grazas a este profesorado, un sector do alumnado –galego ou castelanfalante– puido educarse coa conciencia de que o galego é unha lingua de pleno dereito, válida para todos os usos e situacións; puido medrar sen prexuízos verbo do galego; puido adquirir ou consolidar a competencia necesaria; e pode utilizalo con naturalidade, coa confianza de estar usando unha lingua tan válida como calquera outra.

Mais isto non se xeneralizará se falta unha intervención decidida da Administración. Henrique Monteagudo escribiu⁹ que «o entusiasmo e a boa vontade son indispensables, pero sería perigosamente inxenuo pensar que abundan. (...) A realidade ensina que en situacións desfavorables e conflitivas, a intervención política e concretamente a governamental pode resultar decisiva para o porvir do idioma».

Precisamos medidas para que ningunha aula de EI e EP sexa un ecosistema hostil á lingua galega. Para que nesas aulas, estean onde estean e calquera que sexa a súa procedencia social, o alumnado galegofalante poida manter a súa lingua e

⁹ Monteagudo, Henrique (1997): «Quince anos de política lingüística en Galicia (1981-96). Notas para un balance». *Grial*, 136.

aprender o castelán como lingua de relación, ademais das linguas estranxeiras que se planifiquen. E o alumnado castelanfalante, sen abandonar a súa lingua, poida adquirir unha competencia plena e desprexuízada en galego, que lle permita utilizala nos contextos que considere oportunos. Dese xeito, o sistema educativo si estará contribuíndo (na medida do que pode, pois o ámbito escolar é só unha faceta das diversas que se dan na sociedade) a que a lingua galega estea socialmente normalizada. Os camiños para actuar eficazmente nos diversos contextos están trazados con claridade.¹⁰ Chegaremos a ver un sistema educativo así nos anos vindeiros? A resposta, como sempre ocorreu, depende de todas e todos nós.

¹⁰ Fernández Paz, Agustín; Lorenzo Suárez, Anxo; Ramallo, Fernando (2007): *A planificación lingüística nos centros educativos*. Santiago de Compostela, SXPL-Xunta de Galicia.

A lingua galega na Educación Secundaria Obrigatoria. Reflexións sobre a súa presenza escolar e sobre o seu ensino

Bieito Silva Valdivia

Introdución

Pasou algo máis dun cuarto de século desde a incorporación oficial da lingua galega ao ensino e parece un momento oportuno para facer balance do que deu de si como materia escolar e como instrumento para vehicular coñecementos curriculares nas distintas materias e etapas. E revisar isto supón, de feito, facer balance dos resultados da política lingüística desenvolvida durante estes vinte e cinco anos, xa que, por mor dunha visión inxustificadamente reduccionista, o labor de normalización social do idioma durante todo este período se confundiu na práctica co que se levou a cabo no eido educativo.

Antes de entrar na análise dos éxitos e dos fracasos da actuación escolar cómpre, polo tanto, subliñar esta eiva estrutural, porque a capacidade de incidencia do sistema educativo nos procesos de substitución lingüística é limitada e a posibilidade de reorientalos só pode vir por unha intervención decidida en todos os escenarios da vida social. E isto non se debe entender como unha xustificación das insuficiencias da lexislación lingüística escolar e, máis aínda, da súa implementación na vida dos centros, senón como unha reflexión imprescindible para abordar a situación con máis garantías no futuro e tamén para liberar o ensino e os seus profesionais de responsabilidades que non son exclusivamente deles.

Dito o anterior, podemos e debemos analizar o que se fixo a prol da recuperación do idioma no ámbito escolar, e habería que preguntarse tamén sobre que repercusión tivo isto na transformación dos indicadores de competencia, de uso e de valoración da lingua por parte das xeracións escolarizadas durante a xeira na que o galego gozou de presenza oficial no sistema educativo. Centrarémonos no primeiro, porque sobre o segundo só sería posible emitir hipóteses e, en todo caso, reborda os límites desta colaboración; pero non debemos esquecer que o feito de que a lingua propia do país se incorpore á vida escolar non é exactamente unha finalidade, senón un medio para avanzar na súa normalización social. Noutras

palabras: a lingua histórica dun territorio ten que estar solidamente asentada no seu sistema educativo porque é a maneira académica de garantir o seu coñecemento e tamén unha plataforma privilexiada para reforzar o seu status, pero de pouco serve isto se non se converte en referente identitario da comunidade e, sobre todo, se non é asumida como instrumento básico de comunicación entre os seus cidadáns.

A etapa educativa que nos corresponde analizar é a da Educación Secundaria, e máis en concreto da Educación Secundaria Obrigatoria, pero non podemos ignorar que vén precedida de dous períodos decisivos na formación académica e lingüística do alumnado –Infantil e Primaria–, e prosegue para unha porcentaxe importante no Bacharelato, nos Ciclos Formativos, na Universidade e, nunha dimensión evidentemente diferente, na educación de adultos. Esta fragmentación xustifícase como esixencia metodolóxica, porque dalgunha maneira hai que delimitar o obxecto de estudo para que se poida abranguer, pero non debemos perder a perspectiva global do sistema educativo como un contínuum no que cada momento está condicionado polos anteriores e serve ao mesmo tempo de base para os seguintes.

A exposición que se ofrece a continuación organízase en dous epígrafes: no primeiro analízase o papel da lingua galega na ESO atendendo á ambientalidade lingüística escolar e ao seu uso como vehículo doutros coñecementos non lingüísticos, e no segundo realízase unha aproximación á situación da área de lingua galega e literatura desde unha perspectiva pedagóxico-didáctica en tanto materia curricular. As conclusións finais pretenden subliñar os aspectos máis relevantes e establecer algunhas consideracións para que a dinámica plurilingüe na que inevitablemente se ten que instalar o sistema educativo non afogue as expectativas de normalización da lingua propia do país e, de ser posible, permita a súa afirmación sobre unhas bases máis sólidas.

Situación escolar da lingua galega

O protagonismo do idioma galego como instrumento da docencia veu sendo considerado nas últimas décadas como un indicador básico da súa situación escolar, de maneira que non debe sorprender que este fose o obxecto principal das investigacións sociolingüísticas que se centraron no ensino, nin tampouco o foco do debate sobre o grao de normalización no sistema educativo. E isto é, sen dúbida, un feito totalmente xustificado, porque ninguén discute que se trata dun dato

fundamental para medir o que está dando de si a lexislación lingüística escolar; pero entendemos que este discurso non sempre se orientou adecuadamente, e que, por iso, o seu efecto tampouco foi sempre o que se buscaba.


Coidamos, por exemplo, que se centrou de máis no control dos «mínimos» que a lexislación establecía en galego e moi pouco na planificación do resto das materias que non viñan condicionadas lingüísticamente na lei; insistíuse —e segue sendo necesario facelo— na necesidade de esixir o cumprimento das normas legais, pero moito menos nas axudas e estímulos necesarios para que se avance nun compromiso escolar en positivo coa normalización do idioma; e, en último termo, a focalización case exclusiva da cuestión lingüística no eido escolar fixo que este se convertese case no único responsable do problema e, en consecuencia, de resolvelo. E, por moitas eivas que siga mostrando hoxe a situación da lingua a nivel escolar, non é precisamente o ámbito máis desasistido, nin posiblemente do que se poidan esperar resultados máis espectaculares; porque, se non existe unha actuación global a prol da lingua en todos os espazos do día a día, a aspiración dunha escola plenamente normalizada é bastante improbable, e, de conseguirse, tería un impacto social ben escaso.

Con estas reflexións como punto de partida, e adiantando tamén que os estudos sobre a situación escolar da lingua se centraron máis nas etapas de Educación Infantil e Primaria, por seren as que definen con máis claridade o modelo lingüístico e as que condicionan de xeito máis decisivo a relación dos aprendices co idioma, ofrecemos de seguido algúns datos sobre a Educación Secundaria Obrigatoria a partir de varios indicadores complementarios: a lingua habitual dos distintos colectivos relacionados co centro, a lingua de funcionamento do centro en xeral, a importancia que se lle dá ao idioma galego e o seu uso específico no ensino doutras materias escolares.¹

A opinión do profesorado e do alumnado sobre a *lingua habitual nos centros* (gráfica 1) ofrece unha perspectiva de bastante equilibrio entre os dous idiomas, aínda que con diferenzas segundo os colectivos: o máis galeguizado sería o persoal non docente, seguido de pais/nais, e do profesorado (os tres con medias lixeiramente por

¹ Os datos que ofrecemos neste artigo están collidos dunha investigación realizada entre o ICE da Universidade de Santiago de Compostela e o Consello da Cultura Galega no curso 2004-2005 e na que se combinou unha metodoloxía cuantitativa (cuestionarios para unha mostra representativa de profesorado e alumnado) e cualitativa (grupos de discusión). A referencia da súa publicación é a seguinte: B. Silva (dir.), P. Buela, X. Loredo, C. Morán (2008): *Situación do ensino da lingua e da literatura galega na Educación Secundaria Obrigatoria*, Consello da Cultura Galega.

riba do 2,5, que representa o grao intermedio de galeguización); mentres que o alumnado é o colectivo máis castelanizado.




Gráfica 1

Opinión de profesorado e alumnado sobre os usos lingüísticos nos centros.

- 1 = só / case só castelán
- 2 = máis castelán
- 3 = máis galego
- 4 = só / case só galego

A distribución destes datos por centros de titularidade pública e privada (gráfica 2) demostra que os primeiros están bastante máis galeguizados cós segundos, tanto na opinión dos estudantes como na dos profesores: nos centros privados ningún dos colectivos acada o punto intermedio da escala, mentres que nos públicos, o persoal non docente, os pais/nais e o profesorado están por riba dese índice medio de galeguización. No que toca ao alumnado, aparece nas dúas redes escolares por debaixo dese índice, aínda que cunha media moito máis baixa nos centros privados.



Gráfica 2


Opinión de profesorado e alumnado sobre usos lingüísticos por titularidade de centro.

- 1 = só / case só castelán
- 2 = máis castelán
- 3 = máis galego
- 4 = só / case só galego

En canto á *lingua na que funciona o centro*, que é un ítem que pretende integrar todas as tarefas e ámbitos da vida escolar, a percepción do alumnado é de equilibrio entre os dous idiomas, cun lixeiro predominio do galego: o 31,7% entende que

funciona a partes iguais en galego e en castelán; porcentaxes próximas ao 25% inclínanse polas opcións «máis galego» (28,2%) ou «máis castelán» (22,7%), e son menos do 20% os que seleccionan unha opción monolingüe (12,2% «só galego» e 5,3% «só castelán»).

Esta percepción é moito máis favorable ao galego nos centros públicos ca nos privados (medias de 3,41 e de 2,67, respectivamente, nunha escala de 1 a 5) e nos hábitats máis rurais ca nos urbanos. Como se pode observar na seguinte gráfica, a distancia entre os centros de aldeas e os de cidades é de máis de 1 punto nesa mesma escala, o que indicaría que a escola reproduce bastante a situación lingüística do contorno e que, como moito, o que fai é consolidar un *statu quo*, co conseguinte risco de reforzar a existencia de territorios lingüisticamente contrapostos.




Gráfica 3

Opinión sobre funcionamento lingüístico dos centros por hábitat.

- 1 = só castelán
- 2 = máis castelán
- 3 = galego / castelán
- 4 = máis galego
- 5 = só galego

A opinión sobre a *importancia da lingua galega nos centros* é, en xeral, bastante positiva. As respostas do profesorado e do alumnado sitúan a valoración da lingua en medias bastante altas, se ben neste caso cómpre subliñar que a opinión dos estudantes é máis negativa cá dos docentes e que a autopercepción que cada un ten do seu propio colectivo é menos favorable cá do outro (os datos referidos ao alumnado distáncianse case 0,5 puntos).



Gráfica 4


Opinión de alumnado e profesorado sobre a importancia que se lle dá á lingua galega.

- 1 = moi pouca / ningunha
- 2 = pouca
- 3 = bastante
- 4 = moita

A escasa importancia que os estudantes consideran que lle dá o seu colectivo á lingua galega (media de 2,34 fronte ao 3,19 que eles mesmos lle atribúen ao profesorado) é, sen dúbida, un indicador preocupante que vai ademais asociado ao escaso uso que recoñecen facer dela. Noutras preguntas de carácter tamén apreciativo sobre o idioma (se «quen vive en Galicia debe ter un bo coñecemento do galego» e se «este coñecemento é útil para o seu futuro»), as respostas son máis positivas, o que quizais pode indicar que a valoración da lingua ofrece matices e perspectivas poliédricas. Cómpre ter en conta, porén, que o tratamento das actitudes na investigación sociolingüística é un tema complexo e que cada vez hai máis acordo sobre que non é fácil detectalas a través de preguntas directas.²

Finalmente, aludiremos ás linguas nas que se vehiculan as ensinanzas escolares, que, como xa indicamos máis arriba, é o indicador que se veu utilizando como test básico da galeguización escolar.

No primeiro ciclo da ESO (gráfica 5) só as áreas que obrigatoriamente debían ser impartidas en galego naquel momento (curso 2004-2005) superan o 50%, pero con índices de incumprimento da legalidade aínda considerables: arredor do 15% en Ciencias sociais, Xeografía e Historia, e entre o 25% e o 30% nas Ciencias da natureza. O resto das materias sitúanse, como media, arredor do 40%.




Gráfica 5

Porcentaxe das clases en galego no 1º ciclo (respostas do alumnado).

² Esta é unha cuestión que xa se suscitou en relación coa investigación coñecida como *Mapa Sociolingüístico de Galicia* elaborada na década de 1990. Os datos sobre actitudes declaradas resultaban sorprendentemente positivos en comparación cos usos, pero estudos posteriores que pescudaron nas actitudes subxacentes con enfoques máis indirectos demostraron que os prexuízos seguen máis asentados do que parece. Consúltese a estes efectos, por exemplo, A. Iglesias (2002): *Falar galego: no veo por qué*, Edicións Xerais, ou Seminario de Sociolingüística da RAG: *O galego segundo a mocidade*, Real Academia Galega.

No segundo ciclo, o uso do galego nas áreas que está establecido que se imparten nesta lingua é aínda máis baixo. No resto do currículo a realidade é un pouco máis heteroxénea, con algunha materia que apenas supera o 25%, pero tamén cunha tendencia maioritaria a situarse arredor do 40% (gráfica 6).



Gráfica 6

Porcentaxe das clases en galego no 2º ciclo (respostas do alumnado).

A distribución destes datos por titularidade de centro mostra unha galeguización moito menor nos da rede privada ca nos da pública, tanto no primeiro ciclo coma no segundo. En concreto, nas materias que non veñen reguladas na lei a presenza do galego nos centros privados poucas veces supera o 20%.

Os datos que acabamos de reproducir confirman de forma aproximada os doutros estudos anteriores e unha impresión xeneralizada entre os docentes: que os avances producidos na galeguización nesta etapa educativa parece que tocaron teito e que cada vez pesa máis nas dinámicas lingüísticas dos centros a situación socio-lingüística extraescolar. É certo que aquí non se miden aínda os posibles efectos do Decreto 124/2007, pero todo indica que de momento non son moi importantes.

A materia de lingua galega e literatura


Os estudos escolares relacionados coa lingua galega centráronse fundamentalmente no seu emprego como instrumento do currículo, ignorando case por completo a maneira na que se está abordando o seu ensino e aprendizaxe. E, aínda aceptando que o traballo dentro da aula de lingua está moi condicionado pola situación social e escolar do idioma, entendemos que as influencias tamén se dan en sentido

contrario, polo que cómpre facer unha reflexión seria sobre como está funcionando a materia de lingua galega e literatura desde o punto de vista didáctico.

Na investigación que vimos tomando como referencia neste artigo ofrécese uns resultados que sintetizamos a seguir con comentarios mínimos e só nos seus trazos máis relevantes. Polas dimensións desta colaboración, evitamos no posible datos estatísticos e só entramos excepcionalmente na súa estratificación en función de variables como o nivel académico (2º e 4º da ESO), a titularidade dos centros, a súa localización máis ou menos urbana, ou o seu perfil lingüístico, malia seren todas elas case sempre significativas.

- a) A programación didáctica é un instrumento xeneralizado para o longo prazo (curso académico), pero menos na dimensión trimestral e moito menos aínda na perspectiva semanal ou diaria. Esta constatación, así como a distribución dos datos segundo a titulación do profesorado e a titularidade dos centros fai pensar que para moitos docentes –especialmente os licenciados do ensino público– se trata dunha tarefa que se realiza máis por prescrición ca por utilidade pedagóxica.
- b) A coordinación docente tamén mostra carencias importantes: a intradepartamental céntrase nas decisións que se han de tomar obrigatoriamente de forma colexiada, e a interdepartamental practicamente non existe. Tamén neste caso hai que sinalar que son os licenciados de centros públicos os que responden con máis claridade a esta tipoloxía.
- c) En canto aos obxectivos, existe discrepancia nas respostas do profesorado e do alumnado: os docentes destacan a importancia dos referidos a destrezas comunicativas e a actitudes fronte ao coñecemento do código, mentres que os estudantes –coincidindo neste caso cos participantes nos grupos de discusión, que denuncian o exceso de gramaticalismo e o abandono da oralidade– non ven tan claro que o norte das clases de lingua galega estea no dominio da comunicación.

A seguinte gráfica ilustra esta distinta perspectiva:




Gráfica 7

Obxectivos lingüísticos.
Comparación de importancia
(profesorado/alumnado).

1 = mínimo
4 = máximo

d) Outro dato que consideramos de grande importancia é a distancia existente entre o valor que se lles concede ás aprendizaxes lingüísticas, sociolingüísticas e literarias, e o grao en que se acadan. É un desaxuste sinalado especialmente polo profesorado, que é sen dúbida quen ten un control máis rigoroso desta cuestión, e que seguramente hai que considerar como un indicador de fracaso profesional. Na seguinte gráfica recóllense só os datos referidos aos obxectivos de carácter lingüístico, pero os literarios e sociolingüísticos seguen unha pauta similar.




Gráfica 8

Obxectivos lingüísticos.
Comparación entre importancia e consecución (profesorado).

1 = mínimo
4 = máximo

e) As actividades de aprendizaxe consisten preferentemente en realizar e corrixir exercicios, en atender explicacións teóricas, e en ler e estudar documentos; a forma de desenvolvelas é individual –cando traballan os estudantes– ou en gran grupo –cando intervéñ o docente–; o recurso central no que se apoia o proceso didáctico é o libro de texto, e o procedemento de avaliación dominante é –desde a perspectiva dos alumnos– o exame escrito. Son trazos que, no seu conxunto, configuran unha práctica docente individualista, reiterativa, tradicional e moi pouco indicada para conseguir os obxectivos que supostamente se buscan. Na gráfica que segue recóllese en medias o protagonismo que teñen distintas actividades didácticas na aula de lingua e literatura galega desde a dobre perspectiva do profesorado e do alumnado.




Gráfica 9: Protagonismo de actividades didácticas (profesorado/alumnado).

1 = *moi pouco / nada*
 2 = *pouco*
 3 = *bastante*
 4 = *moito*

f) É importante tamén facer unha breve referencia aos criterios de avaliación, porque son os que a fin de contas lles dan o valor definitivo ás distintas aprendizaxes.

E aquí observamos a mesma discrepancia entre o profesorado e o alumnado que vimos nos obxectivos: os docentes contestan que lles dan moita importancia ao dominio das destrezas comunicativas (comprender textos, expresarse ben oralmente e por escrito) e ás actitudes, mentres que os estudantes entenden que os saberes que máis se valoran son a expresión escrita, coñecer estruturas, regras e conceptos gramaticais e coñecer vocabulario. Cos simples matices que poida introducir a coincidencia na importancia de expresarse ben por escrito, estamos, pois, diante da contraposición xa reiterada entre dominio da lingua e coñecemento do código.



Gráfica 10: Criterios de avaliación. Comparación de importancia (profesorado/alumnado).


1 = mínimo

4 = máximo

- g) E pechamos este breve repaso á situación do ensino da lingua galega na ESO cunha comparación entre os obxectivos, as actividades de aprendizaxe e os criterios de avaliación.

A coherencia pedagóxica demanda que haxa unha continuidade entre estes tres indicadores: unha alta valoración dun obxectivo comunicativo debe implicar un traballo didáctico moi centrado na práctica da comunicación e tamén unha avaliación orientada a medir ese dominio. Pois ben, as respostas do profesorado e do alumnado indican unha correlación alta entre os obxectivos e os criterios de avaliación, pero unha incoherencia radical no tipo de actividades didácticas que se realizan.


Nas gráficas que seguen ofrécese esta comparación desde a perspectiva dos dous colectivos, podéndose comprobar a mesma discrepancia de fondo.



Gráfica 11

Obxectivos, actividades e avaliación. Comparación de importancia (profesorado).

1 = *moi pouca / nada*
 2 = *pouca*
 3 = *bastante*
 4 = *moita*



Gráfica 12

Obxectivos, actividades e avaliación. Comparación de importancia (alumnado).

1 = *moi pouca / nada*
 2 = *pouca*
 3 = *bastante*
 4 = *moita*

Conclusións

Da exposición anterior, pensamos que se pode concluír que as dúas perspectivas da situación da lingua galega na ESO que analizamos mostran carencias importantes:

a) Como idioma ambiental dos centros, é indiscutible que o galego acadou un certo asentamento, pero irregular en función das tarefas escolares das que se trate, variable se atendemos aos distintos colectivos escolares e moi desequilibrado se os indicadores dos que botamos man son o hábitat ou a titularidade dos centros.

Todo o anterior é mostra dunha debilidade evidente, porque nas case tres décadas que levamos de presenza oficial da lingua galega no sistema educativo non se conseguiu consolidar unha galeguización de base universal nas tarefas escolares, independentemente de quen sexan os responsables delas, de onde estea localizado o centro ou de quen sexa o seu titular. Se por riba as eivas atin-

xen especialmente os colectivos e contextos máis vizosos e con maior futuro (os alumnos e os contornos urbanos), as perspectivas son aínda menos optimistas.

- b) No que toca á dimensión pedagóxico-didáctica da materia de lingua galega e literatura, obsérvanse insuficiencias e incoherencias que tamén cómpre destacar: o papel basicamente burocrático que se lle parece atribuír á programación didáctica non permite aproveitar as súas posibilidades como instrumento pedagóxico; a deficiente coordinación cos docentes da área e cos doutras áreas lingüísticas impide darlles continuidade aos proxectos didácticos, rendibilizar tempos e favorecer a transferencia de saberes lingüístico-comunicativos; a utilización dunha metodoloxía demasiado tradicional, pouco variada e moi centrada no libro de texto non facilita que os estudantes asuman a aprendizaxe da lingua como algo vivo e funcional; e, finalmente, o desaxuste recoñecido polo propio profesorado entre o que se busca (obxectivos) e valora (criterios de avaliación), e o que realmente se fai na aula (actividades) é unha mostra de desorientación profesional que é urxente corrixir.

As dúas dimensións son interdependentes e están, ao mesmo tempo, directamente condicionadas pola situación extraescolar do idioma, como o sinalan reiterativamente docentes e participantes nos grupos de discusión cando se lles pregunta polos factores que máis inflúen na situación lingüística escolar e no ensino da lingua galega.

É evidente que a deficiente normalización social do idioma (o seu baixo status, as actitudes moitas veces pouco favorables, a restrición nos ámbitos de uso, os problemas de asentamento do estándar, a escaseza de recursos, etc.) non é só unha circunstancia pouco favorecedora, senón un condicionante estrutural, tanto da dinamización escolar da lingua como do seu ensino e aprendizaxe. Pero esta realidade non debe utilizarse como escusa, senón para comprometer solidariamente esas tres fronteas de actuación: no eido extraescolar, buscando complementariedades imprescindibles, porque a escola non pode funcionar como unha illa á marxe do que sucede na súa contorna; a nivel de centro educativo, con iniciativas de dinamización lingüística que impliquen directamente o alumnado e se apoiem nos referentes e instrumentos que lles son máis próximos, e, na materia de lingua galega, propiciando enfoques didácticos máis comunicativos e atraentes, e abríndose á colaboración coas outras áreas lingüísticas arredor de dous obxectivos que deben ser compartidos: o de mellorar as capacidades de uso dos respectivos idiomas e o de contribuír a un plurilingüismo en positivo que comece pola dignificación social da lingua galega.

**A cultura da participación como modelo
de transformación (socio)lingüística.
Política lingüística, universidade(s) e prestixio**

Goretti Sanmartín Rei

Escribo estas liñas a piques de chegar o ano 2009 e, por tanto, coa conta atrás para a que será a cita coa gran reválida do goberno bipartito que substituíu os longos anos en que foi a dereita quen se responsabilizou de deseñar a Política Lingüística para o galego, centrando os esforzos nun deficiente sistema formativo e na propaganda, e aínda no ano en que se conmemora o vixésimo quinto aniversario da Lei de normalización lingüística, en que se indicaba (artigo 5.2) que o Goberno galego e as autoridades universitarias arbitrarían as medidas oportunas para facer normal o uso do galego no ensino universitario. Mesmo coa escasa distancia con que podemos observar a nova etapa política para Galiza e co recoñecemento previo de ser moi difícil obter grandes resultados en marxes temporais moi cativas, si estamos en condicións de afirmar que non se deu ningún paso para que exista unha política lingüística diferente nun futuro próximo, pois as medidas planificadoras destes tres últimos anos foron moi semellantes ás dos vinte anteriores, co problema acrescentado de estas se nos faceren presentes nun momento en que existían esperanzas e ilusións que agardaban o momento de traballaren, de traballarmos, por fin, colectivamente. Transcorrido, por outra parte, un longo prazo desde o ano 1983 en que situamos o inicio da etapa obxecto de reflexión, temos que concluír que as medidas que se dispuxeron non deberon ser nin suficientes nin acaídas, pois a nosa lingua dista moito de ser o idioma habitual do ensino universitario e todos os indicadores sitúan moi lonxe o feito de ser normal o seu emprego no espazo de educación superior. Se a situación fose distinta non estaríamos a repetir as ridículas porcentaxes de docencia en galego, entre un 8 e un 20% no peor e no mellor dos casos, como ben podería corresponder a máis dunha lingua estranxeira que se quixese potenciar, nin teríamos que estimular a realización de traballos de investigación en galego e fomentar a edición de materiais na, por outra e paradoxal parte, lingua propia das tres universidades galegas, con decretos de uso e regulamentos e plans de normalización lingüística aprobados con consensos unánimes ou

moi maioritarios polas respectivas comunidades universitarias,¹ que axudan mais non modifican de maneira substancial unha vida cotiá á marxe do galego agás moi contadas excepcións individuais ou grupais, perfectamente percibidas como illas nunha maré en que o galego só conseguiu, e non sempre, ser unha lingua ritual. Desde a perspectiva administrativa o galego é a lingua da inmensa maioría da documentación oficial, mais o seu emprego retrocede segundo acudimos, por unha parte, a ámbitos máis especializados e internos e, por outra, conforme pasa a se concretar nos usos orais en que a nosa lingua só se reserva á lectura do texto escrito e formal.

Alén desta constatación inicial, os tempos que se achegan veñen cargados de novas e poderosas armas, pois a oportunidade de desenvolver un marco común de espazo superior europeo, moi lonxe de se aproveitar para espallar o plurilingüismo e a necesidade de nos constituírmos como diferentes e heteroxéneos, oferta máis do mesmo a través dun, en ocasións, nada inocente discurso do multilingüismo que reduce aínda máis as posibilidades do galego ao competir –para alén de co español– tamén co inglés como idioma tanto da docencia como da investigación, mesmo obviándonos o importante marco da formación a través da bibliografía, en que se investiron os esforzos mínimos para nos dotarmos de pensamento especializado a través da nosa lingua, para nos construírmos nela. Da preocupación sobre este tema nacen algunhas medidas de interese, como a adopción de accións xa probadas noutros países, como o voluntariado lingüístico ou o deseño de campañas específicas que subliñen os valores de posuírmos unha identidade e unha cultura propias, a que temos que acrecentar as opcións de relación e de coñecemento coa lusofonía.

A pesar de xulgarmos atinados moitos dos aspectos que presenta como diagnóstico o *Plan xeral de normalización da lingua galega*, é unha evidencia que as medidas están formuladas a través de enunciados vagos, de cuxa concreción –fundamentalmente orzamentaria e de construción colectiva– parece non encargarse ninguén. Velaí un problema fundamental a que temos de acrecentar o difícil encaixe entre puntos débiles, obxectivos específicos e medidas neste ámbito do ensino, sobre todo se o comparamos co que acontece nos outros treitos educativos. Así, se un punto débil é a escasa presenza de galego nos momentos iniciais de o alumnado

¹ Aínda que o seu desenvolvemento posterior fose habitualmente obxecto de polémicas que situaban a cuestión extralingüísticamente, como sucedeu após ofrecer algún incentivo –económico ou de redución da carga docente– para aumentar as aulas en galego.

se enfrontar ao sistema educativo e o obxectivo específico é garantir unha ampla oferta educativa en galego nesta etapa, parece lóxico, concordemos ou non coa proposta, establecer unha medida en que os/as nenos/as galegofalantes teñan garantido o ensino en galego e ficar mínimos (un terzo) na nosa lingua para o resto das crianzas. O mesmo observamos a respecto do ensino primario e secundario, nos bacharelatos e nos ciclos formativos, coa fixación dunha porcentaxe de docencia en galego dun mínimo do 50%. Porén, a universidade continúa a ser o reino onde a autonomía, desde a perspectiva da máis xenuína tradición nacionalista, parece insistir na súa esencia fondamente antigalega e, a pesar de recoller como debilidade principal o escaso uso do galego na docencia e na investigación e, en correspondencia con este diagnóstico, establecer como obxectivo específico promover un maior nivel de galeguización das universidades galegas, tanto na docencia e investigación como no que se refire ás relacións extraacadémicas, as medidas que acompañan esta epígrafe (Grupo de medidas 2.1.LL) obvian calquera referencia concreta ao tema da docencia en galego e perpetúan, na liña de moita lexislación anterior, o emprego da promoción como único instrumento normalizador, co agravante de esta promoción non atinxir as aulas. Fica, pois, moi lonxe das expectativas dos axentes máis combativos a prol do idioma neste ámbito un plan que acadou o consenso de todas as forzas políticas presentes no Parlamento galego naquela altura con importante presenza de profesorado universitario entre as persoas que participaron no proceso. E a causa, a responsabilidade final deste feito reside xustamente no grave problema da lingua galega para modificar o acelerado proceso de substitución lingüística: na falta de prestixio social e na consideración do ensino universitario como o lugar onde este se fortalece. A descomposición da universidade galega en tres non favoreceu un proceso de normalización iniciado con gran forza na universidade compostelá, pois houbo que agardar o transcorrer do tempo para estarmos en condicións de aproveitar e facer rendibles recursos e experiencias e, como coñecemos a través doutras loitas, as cuestións transversais sempre van ficar á marxe, aboiano en terreo de nin-gures, entre as pretensións dunha esaxerada especificidade e de inútiles disputas internas que xogan no terreo da competencia. Nada haberá que prime a galeguización como índice de calidade e de compromiso de responsabilidade, ou só o haberá se existir esa posta en valor desde o ámbito principal e non desde o circuíto reduccionista do localismo que non ten a cooperación como obxectivo central.

A primeira gran receita conclusiva do que vimos de desenvolver para acadar resultados normalizadores é traballar a prol do Sistema Universitario Galego e en contra dunha segregación do país, que tamén deixa as súas ramificacións no dese-

ño de políticas lingüísticas reiteradas e ao mesmo tempo diferenciadas por dependeren de gobernos conxunturais. Nesta materia específica a cualificación que temos que conceder á nova administración xurdida tras as eleccións de 2005 é un fracaso estrepitoso. De pouco serven ambiciosos plans para os primeiros anos e para a continuidade se existiren espazos onde se vai practicar o contrario do que se leva teorizando ou do que aparece nos compromisos de goberno. Realmente o único, e moi descoñecido, documento en que o ensino universitario é máis unha peza do noso sistema social é o *Modelo de normalización lingüística para o ensino* asinado o 30 de xuño de 1989 en Compostela por todas as forzas políticas, asociativas e académicas contrarias á política lingüística que se estaba a deseñar e practicar desde a Xunta de Galiza pois, con todas as consideracións que poida merecer polo seu carácter de aposta de máximos con certas dificultades de aplicación, ofrecía medidas realistas para a etapa de transición de cinco anos, como a de impartir como mínimo dúas materias por cursos en lingua galega, unha situación que aínda hoxe podemos contar cos dedos das mans en calquera centro ou facultade dunha universidade galega fóra do ámbito das humanidades (e mesmo en ocasións tamén dentro deste). Igualmente parecía posible xa naquela altura desenvolver unha política de edición que garantise que o 50% das publicacións universitarias financiadas con fondos públicos, aparecese en idioma galego.

Porén, o ensino universitario foi (é), a respecto do ensino, o grande esquecido na lexislación e na planificación lingüística sobre o galego, tamén por parte de grupos comprometidos co proceso de normalización, que xulga(ba)n que o feito de comezar noutros chanzos ha(bería), por pura lóxica de continuidade, de levar o galego ao mundo universitario. Mais nun mundo con tantas caixas e compartimentos diferentes, con regras distintas e elementos de xogo específicos, nada acontece de maneira natural e os impulsos planificadores deben acompañar todos e cada un dos espazos sociais de intervención pública. Se por naturalidade fose, o galego xa estaría morto nesta altura. Sen un esforzo de restauración lexítima de usos que significa que todas as persoas que empregamos esta lingua nalgúns contextos somos necesariamente neofalantes, en canto que decidimos, por vontade individual asumida, construírmos –e construímonos– (n)un modelo de expresión propia e diferenciada do emprego maioritario, cando non único, do español.

Se houbo algunhas institucións preocupadas por xerar debates e ofrecer ideas, estas foron as universidades (de maneira moi especial, sobre todo nunha primeira etapa deste período, a compostelá, a única que posúe un servizo de normalización cunha dotación humana que mesmo sendo mínima –a do resto das universidades

é aínda moi deficiente— goza da estabilidade precisa para garantir unha continuidade e un seguimento das propostas) e o Consello da Cultura Galega, un lugar desde o que se ofreceron algunhas solucións que caeron no absoluto silencio administrativo. Así, as persoas responsables dos servizos ou das áreas de normalización nas universidades galegas² presentamos nos IX Encontros para a Normalización Lingüística organizados polo Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia unha serie de propostas que partían da defensa da unidade de acción e de obxectivos a respecto da política lingüística do sistema universitario galego, que debe reforzar todos aqueles elementos que axuden a vertebrar e dar cohesión a un proxecto común de defensa da lingua propia das nosas respectivas institucións e da comunidade en que desenvolven as súas tarefas académicas e investigadoras. Neste sentido, o propio *Plan xeral de normalización da lingua galega* recollía a creación dunha comisión estable entre as tres universidades e a Xunta para deseñar a política lingüística universitaria, unha proposta que foi a primeira que fixemos explícita ao solicitarmos a súa constitución urxente. Non é que acreditásemos en que as comisións solucionasen os problemas, nin que tivéssemos interese en morreren estes como cuestións de debate social, senón que esta era, de entre as varias propostas recollidas no *Plan xeral de normalización da lingua galega* a que podería modificar realmente as condicións de minoración en que se acha a lingua galega no chanzo máis elevado do ensino. Outras alternativas posibles, como a realización de cursos de formación específicos, xa estaban —e están— a se desenvolver con maior ou menor éxito e algunhas relevantes precisan plans a medio e longo prazo e tamén esforzos conxuntos que esta comisión podería moi ben canalizar, como a pretensión de fornecer de manuais universitarios en galego os primeiros cursos de licenciaturas e diplomaturas. Nesta carreira de fondo que é a aposta polo ecoloxismo lingüístico e pola planificación precisamos sobre todo ferramentas e o desenvolvemento da cultura da participación. Noutra escala diferente, ese papel cumpreno de xeito parcial polos escasos recursos de que dispoñen, as comisións de normalización de centros e facultades que cun traballo lento, e con contradicións que co tempo e unha planificación máis xeral han superar, realizan un labor calado mais de interese por interviren directamente sobre unha realidade ben coñecida e a través de axentes lingüísticos propios que emiten mensaxes diariamente en

² Anxo Lorenzo, Manuel Núñez Singala e Goretti Sanmartín Rei, responsables naquel momento, respectivamente, dos servizos lingüísticos da Universidade de Vigo, da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade da Coruña.

espazos de referencia non excesivamente estigmatizados por seren recoñecidos como internos e, por tanto, con lexitimidade para se faceren escoitar.

Velaquí a causa de, na nosa opinión, o partido sobre o que recaeu a responsabilidade de dirixir o espazo do organigrama reservado de maneira especial para desenvolver a política lingüística, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, freou sistematicamente todas aquelas iniciativas que viñan avaladas polo intento de crear entidades ou instrumentos que coordinasen, homoxeneizasen e funcionasen como guías do traballo normalizador. Os dous exemplos máis relevantes foron as ordes de deter o proceso de constitución dun Consorcio de Planificación Lingüística e doutro de Terminoloxía, que mesmo poderían fusionarse nun único, e de o facer mesmo despois de apareceren xa orzados en anos sucesivos e de se ter falado con persoas ou grupos que poderían estar á súa fronte. As universidades poderían contribuír grandemente no deseño e no desenvolvemento deste(s) instrumento(s) que, sen ningunha dúbida, coadxuvaría a facer posible a existencia de voces especializadas e de calidade na materia e a achar o ámbito universitario o lugar onde máis e mellor pode impulsar a recuperación do idioma: a súa contribución fundamental sería dotar estes consorcios das persoas con mellor formación e xerar discursos e recursos que desen resposta ás demandas de estudos rigorosos e de materiais que facilitasen o labor dun colectivo docente que está, en liñas xerais, moito máis afastado do galego, que o resto dos colectivos universitarios e que o grupo máis numeroso de docentes do ámbito non universitario. Se desde o Partido Socialista non existía ningún interese en dotar de profesionais especializados a planificación lingüística (fronte a esa falta de referentes na Secretaría Xeral de Política Lingüística) polo efecto que podería causar de existiren máis voces con autoridade na materia que xerasen discursos a prol do galego e fosen capaces de calar tanta palabra baleira de significado ou distorsionada, desde o BNG tampouco se fixo todo o necesario para que este tema fose considerado, sen medo ás denominacións, un asunto de Estado que medía exactamente o estado da nosa conciencia nacional.

Mais propostas como estas, quizais por pareceren menores, tiveron unha cativa repercusión exterior. A posibilidade de nos dotarmos de criterios e de argumentarios e de discursos para estender o uso do galego na(s) universidade(s) a través dun instrumento de participación das redes existentes neste ámbito poderían facer rendibles os esforzos, os recursos e os medios e, sobre todo, fortalecer o prestixio da lingua tamén desde o aval académico e científico que a institución universitaria está obrigada a conceder. Na Comisión de Seguimento e Impulso do *Plan xeral de normalización da lingua galega*³ creada tras a chegada ao goberno da Xunta do

PSdeG e do BNG, co intento de deseñar unha nova política lingüística que aínda está por vir, presentei unha proposta de creación da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, cuxa redacción en fase de borrador inicial de discusión –que foi rexeitado por atentar contra a autonomía universitaria!!!– presento como anexo a esta contribución. O documento discutiuse na sesión da Comisión de Seguimento e Impulso do 1 de decembro de 2006 e o acordo recollido nas actas fala de que se adía a súa toma en consideración sen máis explicacións que as que fan referencia á necesidade de intervir nalgúns ámbitos universitarios, como o de enfermaría. A dedución que se tira é doada: si a accións e medidas puntuais; non a unha planificación global, organizada e asumida polo conxunto das institucións implicadas. No fondo, o que se perdeu nesta última etapa foi a posibilidade de facer da Política Lingüística unha cuestión de goberno transversal e central, como corresponde a unha intervención sobre o dereito inalienable ao emprego da nosa lingua. A intención ao tirar á luz este documento é provocar unha reflexión a respecto da necesidade de apostarmos polos organismos de coordinación e de planificación e de responder con contundencia a aquelas persoas e/ou institucións que foxen dos compromisos que supoñen un outro xeito de traballar en que todas e todos soñemos cunha nova etapa para a nosa lingua imaxinada.

³ Esta comisión existe oficialmente desde o 10 de abril de 2006, día en que se publica no *Diario Oficial de Galicia* o Decreto 58/2006, do 30 de marzo, polo que se crea e regula o seu funcionamento. A Comisión estivo formada, nun primeiro momento, como representantes do BNG, por Alberte Ansedo Estraviz e Manuel Portas Fernández (a quen substituíu nesta función até xuño de 2008) e como representantes do PSOE, por Hakân Casares Berg e Xosé González Martínez que no 2007 abandonaran tamén este organismo e foran substituídos por Francisco Martínez Hidalgo e Soledad Ríos Santomé.

ANEXO

[Proxecto de] Decreto/2007, do ... de ..., polo que se crea a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística

A Constitución española de 1978, no seu artigo 3.3, dispón que «a riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección».

O Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981, no seu artigo 5.3, establece que «os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento».

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, en consonancia coas disposicións precedentes, asegura a normalización do galego como lingua propia do noso pobo.

O Parlamento de Galicia aprobou o 22 de setembro de 2004, por unanimidade de todas as forzas políticas con representación parlamentaria, o *Plan xeral de normalización da lingua galega*, que establece como un dos obxectivos o de promover un maior nivel de galeguización das universidades galegas, tanto na docencia e na investigación como no que se refire ás relacións extra-académicas.

O *Plan xeral de normalización da lingua galega* nace con vocación de acadar unha serie de metas en diferentes sectores da sociedade. Logo de facer unha diagnose da situación de cada un deles, recolle unha serie de medidas encamiñadas a conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso. Concretamente, no caso das universidades, inclúe a creación dunha comisión estable, coa participación da Xunta de Galicia e das universidades galegas, que se encargue de propoñer e coordinar a política lingüística universitaria en Galicia.

Por todo o exposto, por proposta do conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día ... de ... de 2006,

DISPOÑO

Artigo 1º Creación

Créase a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo como órgano de impulso e de coordinación do proceso de normalización lingüística no ámbito universitario.

Esta comisión quedará adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Artigo 2º Composición

A Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo estará constituída polos seguintes membros:

Presidente/a: o/a secretario/a xeral de Política Lingüística

Vicepresidente/a: o/a director xeral de universidades

Membros:

- As persoas responsables dentro do Consello do Goberno de cada universidade da promoción e extensión de usos da lingua galega.
- O/a director/a do servizo ou área de normalización lingüística de cada universidade.
- Dúas persoas da Comisión de Seguimento e Impulso do *Plan xeral de normalización da lingua galega* da Xunta de Galicia.

Secretario/a: actuará como secretario/a da comisión, con voz mais sen voto, un/unha funcionario/a da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Esta comisión reunirse en sesión ordinaria tres veces ao ano. Tamén poderá ser convocada, con carácter extraordinario polo/a seu/súa presidente/a, por iniciativa propia ou por petición dunha maioría simple dos seus membros.

Artigo 3º Funcións da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo

- a) Definir as liñas políticas de actuación na comunidade universitaria galega no proceso de normalización lingüística.
- b) Promover accións transversais encamiñadas ao fomento e ao uso da lingua galega nos diferentes sectores e ámbitos da institución universitaria.
- c) Promover accións conxuntas para garantir o respecto dos dereitos lingüísticos en todos os ámbitos, corrixindo situacións de discriminación lingüística.
- d) Impulsar as iniciativas necesarias para conseguir que o galego sexa a lingua habitual nas relacións internas entre a comunidade universitaria.
- e) Planificar as accións necesarias para aumentar progresivamente o uso do galego na docencia na institución de ensino superior.
- f) Impulsar as iniciativas necesarias para promover o uso do idioma galego na investigación.
- g) Establecer a cultura da planificación e da dinamización participativa nas universidades como claves para a promoción do uso da lingua galega.
- h) Realizar campañas de promoción do plurilingüismo como un valor acrecentado no espazo europeo de educación superior.

- i) Promover a coordinación das diferentes institucións e organismos para optimizar os recursos existentes, co fin de acadar de forma máis eficaz os fins e os obxectivos previstos no *Plan xeral de normalización da lingua galega*.
- l) Promover unha mellora das actitudes dos altos cargos e do persoal ao servizo das universidades cara á lingua galega para que se practique unha oferta positiva que xeneralice o uso do galego nestas institucións, coidando expresamente que os cargos públicos fagan uso público da lingua galega, tanto oral como escrito.
- ll) Promover a promulgación das disposicións legais e/ou regulamentarias necesarias para facilitar e desenvolver o proceso de normalización da lingua galega no ensino superior.
- m) Avaliar o grao de consecución dos obxectivos das distintas accións establecidas nos apartados anteriores.
- n) Aqueloutras funcións que lle encomendar o/a seu/súa presidente/a.

Artigo 4º Coordinación e apoio que prestará a Secretaría Xeral de Política Lingüística

A Secretaría Xeral de Política Lingüística será responsable da coordinación técnica da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo. Para iso prestará todo o apoio técnico e o asesoramento que se precisar, actuando como órgano dinamizador do proceso de normalización.

Ao mesmo tempo, a Secretaría Xeral de Política Lingüística comprométese a contribuír economicamente ao desenvolvemento das accións derivadas do traballo desta comisión, apostando pola necesidade de homoxeneizar e articular unha política lingüística universitaria que contribúa á extensión de usos da lingua galega da institución de ensino de grao superior.

Disposición transitoria

Establécese un prazo dun mes, contado desde a publicación deste decreto, para as institucións implicadas determinaren as persoas representantes que formarán parte da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo.

Disposicións derradeiras

Primeira. Facúltase o conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda. Este decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, de de 2007

Algúns apuntamentos sobre organizacións de defensa e defensores do galego desde a fin do franquismo

Xosé Manuel Sarille

A Antón Costa Rico

Militantes monolingües

Ao remate da Ditadura de Franco, no primeiro lustro dos anos setenta, aparece en Galiza un novo xeito de afirmar e considerar a lingua galega. Xorde esta nova forma entre os membros das organizacións nacionalistas e máis concretamente na UPG, UTEG e ERGA e tamén entre os membros das asociacións culturais, moitos sen afiliación nas organizacións clandestinas.

Por primeira vez na historia de Galicia, elabórase e lánzase a mensaxe de que este país debe aspirar ao monolingüismo social en galego. Son activistas sociais que asumen tamén eles mesmos ese compromiso, aplicándose particularmente a teoría. As organizacións postulan ese principio oficialmente e os militantes pasan a usar o galego en todas as actividades da súa vida, practicamente sen excepcións, a non ser nos casos en que a represión franquista pura e dura, inmediata, non o permitía.

No ano que morre Franco a admisión nas organizacións nacionalistas anteditas era moi selectiva. A propia situación de clandestinidade impuña a selección, mais nestas organizacións non eran soamente os principios antifranquistas e a ideoloxía de esquerdas as condicións imprescindíbeis, senón que a entrada producíase despois de pasar por probas de asiduidade nas que tiña tanta importancia o compromiso nacionalista.

A segunda condición que máis determinaba a vida da persoa despois de asumir a nova condición de militante clandestino, era a de pasar a ser un individuo monolingüe en galego; é dicir que toda a vida ía desenvolverse no sucesivo en lingua galega, no traballo e cos pais, cos fillos e na rúa. Unha condición propia de militantes cualificados, porque tal compromiso daba lugar a enfrontamentos frecuentes con persoas que non admitían tal conduta no interlocutor e que tanto podían responder

que non entendían, como non dar permiso para falar en galego diante deles. A cousa facíase aínda máis seria, con represalias máis concretas, cando o problema se producía no traballo, na aula, ou diante de individuos dispostos a denunciar.

Eran fascistas e non fascistas que non toleraban a liberdade do outro á hora de expresarse en galego. Mesmo nos ambientes políticos antifranquistas había persecución da lingua galega. Ás veces non se admitía como vehículo de comunicación, nin no trato particular nin nos ámbitos formais. Militantes do Movimiento Comunista, da Liga Comunista Revolucionaria, do Partido del Trabajo, non todos nin cousa parecida, pero si moitos, pretendían en asembleas e reunións que todo o mundo se expresase en castelán e interrompían aínda no ano setenta e seis a quen se expresase en galego nas asembleas estudiantís na Universidade de Santiago de Compostela. Talvez fose menos vehemente o Partido Comunista, onde convivían diversas sensibilidades, galeguistas e non galeguistas, aínda que estas últimas eran tamén de coidado.

Así que por primeira vez asúmese un compromiso dentro de varios colectivos que obriga aos militantes a utilizar sen excepción a lingua galega, e que inclúe tamén a intención de estender o uso aos lugares de convivencia e a toda a sociedade. É un cambio de amplas consecuencias, o maior desde que se inicia a reivindicación da cooficialidade do galego co castelán na primeira metade do século XX.

A relación dialéctica co idioma cambia. A exixencia de incorporar a lingua á sociedade xa non se centra nos ámbitos tradicionalmente seleccionados polo galeguismo, literatura, política, actos folclóricos, etc., deixando á marxe os outros. Aspírase a todos os espazos, ao mundo do traballo, á vida particular moitas veces xa desgaleguizada, aos medios de comunicación, e enúnciase o obxectivo de que o galego acade o status de única lingua oficial.

Os militantes deben atraer para as estruturas nacionalistas clandestinas só a aquelas persoas que estean dispostas a asumir ese principio. Esta será unha marca distintiva do nacionalismo deica a actualidade, cúmprase ou non particularmente en moitos casos. En 1976, cando as organizacións da órbita da UPG medran intensamente e aparecen outras novas no mundo laboral e no agro, esta condición imprescindible xa non a discute ninguén.

A asunción do galego como única lingua ten outras consecuencias para alén das estritamente lingüísticas. Coa lingua como marca distintiva, a persoa transparente en todas as súas relacións o compromiso político adquirido. Polo menos durante as dúas décadas seguintes será o termómetro principal do seu vínculo colectivo. Se unha persoa tivo problemas políticos dentro destas organizacións, só continúa

mantendo certos lazos de pertenza se persoalmente mantén o galego como única lingua.

Este discurso non xorde de súpeto dentro dunha estrutura concreta, nin como teoría de autor que a fixe por escrito e a faga chegar ás direccións orgánicas correspondentes. É a consecuencia dunha maduración dispersa entre as novas xeracións, que se alimenta de varias achegas: das tendencias que chegan desde Euskadi e Cataluña, daquela por esa orde; da influencia provocada polas doutrinas que circulan polos países do Terceiro Mundo en guerra ou con conflitos recentemente cerrados: Alxeria, Vietnam, etc. Esa maduración bebe especialmente nos principios da psicopatoloxía da colonización, teorizada por Franz Fanon, e na afirmación dos valores identitarios subscritos por Fidel Castro, Mao Zedong e Ho Chi Minh fronte á invasión cultural do imperialismo. E antes que todo iso hai que citar, loxicamente, o amplo legado teórico do galeguismo sobre o idioma, e a dedución simple pero nova en calquera colectivo representativo, de que á nación independente que borrosamente arelan os militantes destas organizacións, correspóndelle o idioma nacional e non nin nunca o do país colonialista e opresor.

Cando Francisco Rodríguez edita en 1976 *Conflicto lingüístico e ideoloxía na Galiza*, entrega en formato de libro unha síntese da doutrina que até daquela se fora elaborando en pequenos documentos e principalmente na práctica política. Unha práctica xa estendida e validada oficialmente para todo o movemento nacionalista que xiraba arredor da UPG sobre todo polos vigueses, reunidos ao comezo arredor de Xosé Martínez (Pepiño de Teis) algo antes vinculado co Pai Seixas no ambiente dos xesuítas de Vigo. Pepiño de Teis, despois de Redondela, era naquelas datas o xefe indiscutido da UPG.

O libro de Rodríguez divulga por primeira vez en Galiza o nome e algunhas ideas dos sociolingüistas máis destacados, e fai unha aplicación moi resumida dalgúns deses enunciados. Desde un discurso de asediado, máis que defensivo, pretende refutar as teses contrarias ao monolingüismo social defendidas polas organizacións nas que milita. Enfróntase tamén ao discurso da morte da lingua, defendida por Alonso Montero.

Aplica para a súa argumentación o marxismo elemental que estaba de estrea no seo da UPG, e que se converterá por aquelas datas no fundamento ideolóxico desa organización, deica a actualidade. Baséase a teoría no esquema de facer a análise obxectiva da realidade obxectiva, análise obxectiva e verdade subseguinte que son, ben claro está, propiedade dos analistas que defenden as teses de que a realidade obxectiva existe.

Nas agrupacións culturais, moi numerosas e influentes nas vilas e cidades, dirixidas principalmente por cadros nacionalistas, tamén se fai presente esta idea. O militante político que traballa nas asociacións quere estender o seu ideario lingüístico entre os outros socios e visitantes, até que efectivamente se converte en algo familiar para os demais.

As agrupacións culturais eran daquela as plataformas de popularización da cultura galega, os instrumentos que había para amplificar a ideoloxía galeguista. Fóranos no franquismo, e tiveron o seu mellor período durante a transición co aumento da liberdade de expresión. No ensino aínda non se impartía de xeito regrado a cultura galega, nin tampouco se inauguraran os novos medios de comunicación galegos, particularmente a TVG, que xa na democracia serán os principais vehículos de transmisión da cultura galega. As asociacións eran xa que logo os principais conectores culturais.

O PSG, o outro partido nacionalista importante, asume tamén a nova posición. O partido de Beiras asume oficialmente o monolingüismo, sen dificultades, aínda que sen mantelo como inescusábel para ingresar na organización, á marxe de que o propio Beiras e outros dirixentes fosen monolingües en galego.

Tanto a posición da UPG como a do PSG anuncian xa nesas datas dúas maneiras de actuar politicamente. Dúas liñas que se manteñen deica a actualidade.

A primeira imbrícase na tradición comunista, e dentro dela nunha lectura esquemática do marxismo, que no entanto se compensa cun compromiso máis intenso no traballo-formiga, chamado así pola esquerda sudamericana, e cunha maior solvencia práctica.

A do PSG ten as maneiras da tradición socialdemócrata, con principios moi ben asentados na concepción plural da sociedade e na tolerancia, pero cun traballo en xeral menos tenaz, salvando evidentemente moitos e moi destacados exemplos do contrario.

Son as dúas correntes que cruzan os corenta últimos anos do nacionalismo, con diferentes formas, nomes, intensidades e mesturas. Tal como di Justo Beramendi na *Historia do Galeguismo Político*, a outra encarnación principal desa vea máis ben socialdemócrata foi o POG e a Esquerda Galega de Camilo Nogueira, que no entanto participa directamente, desde dentro das estruturas próximas á UPG, nesta primeira hora de asentamento das novas prácticas monolingües.

Xornalistas e escritores

Nos anos setenta os intelectuais e os militantes nacionalistas da nova xeración trazan unha nova fronteira nos medios de comunicación. Cando se escribe para un xornal ou se conceden entrevistas, faise coa aceptación por parte do xornalista, ou do editor, de que o entregado será publicado en lingua galega. E vanse debuxando colectivamente liñas inferidas. O xornalista nacionalista, por selo e ter que vivir diso, fai informacións e escribe artigos en castelán, mais conceptúase como unha excepción nese campo.

Este acordo tácito tivo vixencia até a aparición da edición de Galicia do diario *El País* en novembro de 2006. Nesa ocasión varios nacionalistas deciden escribir colaboracións fixas en castelán, por primeira vez desde o comezo da democracia, mentres que outros remitíndose ao vello principio non aceptan a condición e non se fan colaboradores. O único que sae sen perdas nin feridas desta especie de proba entre principios simbolicamente importantes e acceso a un instrumento moi influente no xornal máis importante é Manuel Rivas, que mantén as súas columnas en galego na edición de Galicia.

Nas entrevistas tamén estivo vixente o comportamento monolingüe, até que os políticos do BNG admitiron que se publicasen en castelán, sempre que constase na páxina publicada unha mención á lingua na que fora feita a entrevista. A obxeción de conciencia serviu de tránsito, de aterraxe suave, porque actualmente é tan raro que se mencione o asunto como que o reporteiro faga caso.

Este cambio no asunto das entrevistas coincidiu máis ou menos no tempo cun aumento substancial de membros do BNG que falan normalmente en castelán e que educan os seus fillos neste idioma. Hoxe son maioría os que rompen a transmisión interxeracional do idioma, tanto na base como nas direccións. Mais é certo que até agora seguen a preservar sempre para o galego os ámbitos públicos da política e os propios da tradición galeguista.

O comportamento monolingüe nos medios de comunicación era orixinal do nacionalismo galego. É verdade que as políticas de lingua que se desenvolven en Galicia imitan xeralmente ás catalás, mais os nacionalistas cataláns escribiron sempre nos dous idiomas nos periódicos do seu país.

A nova xeración literaria escribía só en galego. Abandonara o costume de combinar co castelán, como facían case todos os escritores de maior idade. Era unha conquista que non tiña equivalencia noutros campos. Os historiadores, por citar unha parcela próxima, non se viron obrigados naqueles anos a publicar as súas

obras en galego, nin sequera cando trataban sobre a Historia de Galicia. Ninguén puña tampouco a historia no mesmo nivel que a literatura, e menos aínda outras disciplinas, porque había, sen dúbida ningunha, un celo especial por consolidar aqueles ámbitos que foran máis traballados ao longo de dous séculos de reivindicación.

Xa que falamos de liñas fronteirizas e dos seus trazos sutís, imos facer referencia tamén á relación dos escritores galegos monolingües coa prensa e as editoras de Madrid e Barcelona.

Dentro do nacionalismo *admitíase* de mellor ou peor gana que algúns dos autores galegos escribisen (e escriban) nos xornais españois de maior tirada, necesariamente en castelán. Claro que tamén había quen non o admitía. Como é sabido os escritores escollidos por esas empresas xornalísticas dispoñen así de canles extraordinarias para multiplicar o recoñecemento, as vendas e a influencia.

Ese vínculo facilita a promoción dos seus libros, que primeiro se editan en galego e unhas semanas despois pónense á venda en castelán para o mercado español, ou simultaneamente, ou ás veces un pouco antes. Esta práctica, á que neste artigo non se lle quita nin se lle outorga lexitimidade ningunha (obsérvase, cavíase e dise) deu lugar a un vaivén parecido ao das habaneras que ían e viñan, modificadas, da Península para o Caribe e do Caribe para a Península, chamadas de ida e volta.

Para os casos de varios dos escritores máis recoñecidos e de varias das obras galegas máis vendidas en Galicia, non é o sistema literario galego o que despois de editar, debater, consumir e aceptar unha obra propia, a exporta para outros sistemas literarios, como o español, onde triunfa ou non. Nos casos aos que nos referimos, a obra sae ás veces uns días antes en galego en Galicia (o cal ten unha innegábel importancia simbólica) e despois edítase en castelán para España, edición que tamén se distribúe no mercado galego.

A partir dese momento, o éxito do libro en Galicia vai depender en boa medida do seu suceso en España. Será o sistema literario español coa promoción nos medios de comunicación, cos lectores de prensa española, en España e en Galiza, que reciben as impresións, cos ecos que recolle a prensa galega da información producida na española, coas vendas do libro en español no territorio español e no galego publicadas nos medios de comunicación españois que despois rebotan aos galegos, o que decida o éxito da obra publicada en galego.

Esta práctica e outros aspectos que aquí non se van tratar, configuran segundo algúns estudosos, particularmente segundo Elías Torres, un sistema literario, o galego, como un subsistema do español.

Os escritores elixidos convértense en portavoces recoñecidos da sensibilidade intelectual galega en España, e por eles fala Galicia. Para moita xente, incluída a maioría do nacionalismo, é unha sorte que pertencen ao seu mundo, ou polo menos que o representen dignamente. Mais unha minoría importante e rigorosa considera o contrario. Para resolver este problema, nalgún momento dos anos noventa desde a órbita a UPG lanzouse sen éxito a proposta de crear *zonas de sombra*. Propuñan que os escritores comprometesen as editoras españolas a non distribuíren os libros galegos traducidos para o español no territorio de Galicia e que agardasen un tempo prudencial para a publicación en castelán. Cando levaron a proposta a unha asemblea nacional de A Mesa pola Normalización Lingüística foi maioritariamente rexeitada e nunca ninguén chegou a traballar con ela. Esta solución era vista como semellante á de poñerlle portas ao campo.

Mais as fronteiras ás veces son moi caprichosas. É verdade que as edicións simultáneas de moitos autores galegos reciben os parabéns case unánimes. No entanto non se *admite* de ningún xeito que outros autores sen oportunidade de acceder aos grandes medios de comunicación españois nin ás plataformas literarias madrileñas nin barcelonesas, se presenten por exemplo a premios con obras traducidas para o castelán, coa finalidade de promocionarse e de buscar un lugar no sistema literario e comunicacional máis poderoso, e garantir así, de volta, como na habanera, o éxito no doméstico, coa mesma música aínda que coa letra algo cambiada. Cousas da vida.

A xeración ERGA

A organización Estudiantes Revolucionarios Galegos foi moi minoritaria nas aulas universitarias até o ano da morte de Franco. Mais en 1976 convértese no grupo hexemónico en Santiago de Compostela e nos centros superiores e medios das principais cidades.

É un período incerto e intúense grandes cambios no futuro inmediato. As aulas son laboratorios dun novo modo de vivir particularmente e tamén de comportarse fronte á sociedade e fronte ao poder. Entre a xuventude cambian moitas cousas, a maneira de pensar, de recibir as influencias europeas, americanas, dos países do Terceiro Mundo e da sociedade socialista instalada no mundo soviético e chinés. Todo isto prodúcese no momento en que se masifica a universidade, co ingreso dos fillos das clases medias e tamén dos traballadores, aínda que máis timidamente.

A incorporación ao galego desa masa estudantil que entra en ERGA dá lugar á toma de conciencia lingüística máis importante da historia do galeguismo.

Porque é moi numerosa, xa que estamos a falar de miles de estudantes que retornan á lingua dos seus pais ou dos seus avós despois de tela perdido no ambiente familiar, na formación escolar ou no ensino medio.

Porque é un retorno consciente e non só un achegamento afectivo. Os militantes de ERGA asumen que o galego debe ser a lingua de uso en todos os ámbitos e con esa finalidade utilízana sempre na vida pública e privada.

E porque con esa chegada ao galeguismo de varios miles de estudantes, que se produce ao longo de quince anos e que é moi firme (aínda que despois moitos o abandonen) ábrese novas expectativas de futuro, ao remataren os estudantes o ciclo de formación e pasar á actividade profesional.

ERGA enfrenta moitas veces a prohibición de usar o galego nas aulas, por parte doutros estudantes, sen ir máis lonxe, e esixe que a docencia se imparta en galego. Postula un ensino nacional, así lle chama, no que a lingua é o principal núcleo identitario. Consegue unha certa permeabilización da rúa, das facultades e do ambiente estudantil despois do ermo franquista, e tamén a extensión da cultura galega entre os estudantes, anteriormente case desaparecida.

Nesas datas fórmase por primeira vez en Galicia unha bolsa moi numerosa de persoas que actúan con gran liberdade, porque están sostidas economicamente polos pais. Prolongan a súa idade non activa para dedicarse ao estudo, cunha ampla disposición de tempo para actividades escollidas por eles. A masa xuvenil apenas condicionara a sociedade galega anteriormente, porque os acontecementos do sesenta e oito en Santiago son máis limitados e a Universidade menos numerosa.

Afirmase o modo de vida estreado en EEUU nos anos cincuenta pola xeración beat. Esa disposición de tempo fai posíbel que moitos membros de ERGA vivan como profesionais da axitación. Por iso e pola escolla selectiva, ERGA é un núcleo forte de oposición ao franquismo na Universidade e nos institutos. Tamén é a cerna máis importante para a consolidación do nacionalismo e do monolingüismo no interior das organizacións nacionalistas.

Estudantes de ERGA pasan a organizar sindicatos doutros sectores mentres estudan. Os membros de ERGA colaboran na articulación das Comisións Labregas (actualmente Sindicato Labrego Galego) e da Intersindical Nacional Galega (que cambiará até ser na actualidade a CIG). E aportan a estas estruturas e tamén ás organizacións políticas e de renovación pedagóxica, como a ANPG, EG, UPG, ASPG e Nova Escola Galega un alto grao de conciencia lingüística.

A dispersión posterior, ao remate dos estudos, dá lugar a unha permeabilización da sociedade como nunca se dera antes. Outra cuestión son os éxitos da Xeración

Erga cando lle toca xestionar a política de lingua nos concellos, no goberno galego e nas institucións ás que acceden nos anos posteriores e nas que ocupan cargos na actualidade. Tampouco o mundo da empresa variou moito. Do dito non se pode deducir que a Xeración Erga sexa a única achega, nin que tampouco sexa a única responsábel do fracaso sen paliativos na xestión institucional das políticas de lingua.

Os docentes

Cando a universidade se populariza e masifica, o maxisterio é a porta de acceso á cultura para os estudantes das clases traballadoras, galegofalantes ou próximos a esa maioría lingüística.

Aparecen asociacións preocupadas pola pedagogía e polo achegamento do labor educativo á realidade dos alumnos. Nos primeiros anos da transición moitos dos dirixentes nacionalistas exercen a docencia. O ensino é un sector que posúe unha base nacionalista importante e ao mesmo tempo é o ámbito prioritario na estratexia de galeguización, xunto cos medios de comunicación. Desde o ano setenta e tres vanse formando asociacións galeguistas de carácter pedagóxico, entre as que destaca a UTEG, o sindicato nacionalista de mestres e profesores, que postulan e elaboran estratexias para a plena galeguización.

Membros desta organización viven graves conflitos, entre os que destaca o expediente a Xosefa Bahamonde, mestra na escola da aldea de Dices-Rois, denunciada polos pais dos alumnos diante da inspección educativa por impartir en galego as súas aulas. Unha mobilización nacional, auspiciada pola UTEG e pola AN-PG, unha das organizacións políticas nacionalistas, paralizou o expediente de expulsión do corpo funcional, que seguramente contaba naquelas datas coa simpatía da maioría da poboación, a maioría social que apoiaba o franquismo e que despois continuou simpatizando coas forzas da dereita. Efectivamente, o labor a prol da normalización do idioma sempre foi minoritario en Galicia.

A crise dos anos oitenta e a aparición das organizacións de normalización lingüística

A aprobación do Estatuto de Autonomía e da Lei de Normalización Lingüística variou moito e ampliou o campo de actuación, de posibilidades legais para incorporar o galego a espazos dos que estaba afastado. Nas organizacións políticas

e nas asociacións de base fóranse afirmando dúas sensibilidades enfrontadas, entre as que chegou a desaparecer calquera colaboración.

Por unha banda estaban aqueles que buscaban a ruptura política e que se negaron a entrar no proceso negociador do Estatuto, e que tampouco aceptaron a Lei de Normalización Lingüística, por considerala curta para as súas expectativas (aínda que non puideron votar en contra dela porque estaban expulsados do Parlamento Galego por non xuraren a Constitución Española) e que seguían parapetados na afirmación dos principios, acusando con facilidade aos demais de traizoaren, e negando as posibilidades que se abrían.

Pola outra banda estaba o nacionalismo minoritario, que se incorporou ao proceso negociador. Para xustificar a súa nova táctica fronte ao empurrón constante da maioría nacionalista que apostaba aínda pola ruptura nos anos oitenta, dicían que se debía xogar dentro do sistema, no que había percorrido, e que cando rematase esa viaxe, rebordado xa o marco legal recentemente estreado, habería que reformular a estratexia cara aos horizontes daquela inalcanzábeis que procuraban os rupturistas.

A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística nace nos anos oitenta neste ambiente. Despois de aprobarse a LNL, o país e as vontades non tiñan mudado especialmente, é dicir, que sen forzas sociais dispostas a impulsar medidas para que a lei tivese vida, pois a lei acabaría non sendo nada. E non avanzar na incorporación do galego tendo esa posibilidade legal, parecía máis ben un delirio.

Esta asociación nace porque a construción da democracia cambia Galicia e nada vai ser igual no sucesivo, nin na política de lingua, nin no xeito de traballar, nin na maneira de acadar as metas. Ao comezo esta asociación actúa na administración local e despois na de xustiza, con propostas que hai que planificar e traballar para logralas, pero asumíbeis dentro do que marca a lei, e que de cumprírense farían variar sensibelmente a realidade lingüística neses dous ámbitos. Ante un novo escenario aparecen novos métodos, aínda que moi parcialmente.

O fracaso político da estratexia rupturista converteu o nacionalismo maioritario en extraparlamentario e por culpa da súa crise con poucas vías de actuación eficiente e transformadora. Despois do esforzo da transición esa corrente non tivo deputados no Parlamento galego e nas bases estendíase o desencanto. As asociacións desa órbita eran menos eficientes e apenas lograban obxectivos aplicando os vellos métodos.

O que se afirmaba na rúa, nas manifestacións, nos escritos doutrinaros, non era aplicábel á nova realidade sen buscar novos métodos de traballo e de negociación, e non se buscaban.

A Mesa pola Normalización Lingüística nace neste contexto. No ano oitenta e seis era tan difícil provocar entusiasmos como lograr adhesións. Desde o comezo esta organización pretende buscar un espazo común de traballo para todas as organizacións nacionalistas de base, con métodos novos, considerando que o escenario cambiou e que cómpre responder con axilidade e frescura á nova configuración social que establecen as novas leis.

Cando A Mesa propón que un terzo das materias de ensino básico e medio se impartan en galego, cando entrega esta proposta á Dirección Xeral de Política Lingüística, a tendencia rupturista do nacionalismo acepta sen entusiasmo ningún a nova expresión que xorde das súas propias filas. Non responde e até pode gustar, mais esa iniciativa é posibilista, taticista e contradí a finais de 1986 o vello discurso oficial. Desde ese momento o discurso da Mesa continúa por esa vía.

A desfeita política na UPG e nas organizacións satélites é de tal magnitude que non teñen capacidade para *intervir* con eficiencia na marcha da nova organización. Despois de tantos fracasos gardan silencio cando coñecen as novas iniciativas. Por primeira vez dásele importancia á imaxe externa dunha organización nacionalista de base, abandónase a épica clandestina e sobre todo a estética chafalleira. Tivo importancia.

A Mesa articula plataformas de organizacións de ensino, banca e outras e ten vontade verdadeira de ser árbitro, distanciándose así das posicións particulares de todos. A resposta máis ou menos inmediata desde o nacionalismo rupturista foi que eles non estaban dispostos a lavarles a cara aos demais (a lexitimar ideoloxicamente coa colaboración nas plataformas a outras organizacións ás que lles atribúan carencias importantes no terreo da lingua), sobre todo cando CCOO do Ensino, sindicato de estrutura estatal, pasa a formar parte moi activa da Plataforma de Ensino. Mais o criterio era sinxelo, quen acepta traballar pola galeguización do ensino entra na plataforma. O mesmo sucede na Plataforma da Banca, na que tamén se integra UGT.

A aceptación da Mesa chega a ser tan ampla entre os sindicatos e asociacións das plataformas, que todas consideran A Mesa como unha organización propia, á que nutren e da que se senten parte. O presidente da Mesa seguramente sexa a única persoa no Estado Español, desde o comezo da democracia até agora, que estivo liberado durante moitos anos por tres organizacións sindicais ao mesmo tempo. Os sindicatos acordaban quendas para que dispuxese de todas as horas de traballo para dedicarllas ao traballo normalizador. Foi así durante catorce ou quince anos.

A UPG e o nacionalismo rupturista nos primeiros momentos non tivo folgos para controlar a organización e ao longo dos anos oitenta e noventa xa non foron

capaces. A Mesa funcionou como unha organización verdadeiramente independente, con achegas moi diversas. E porque foi vista así desde o primeiro momento, nos anos de maior desencanto político comezou a medrar en número de socios até acadar varios miles. Coa colaboración imprescindible dese nacionalismo maioritario, rupturista, que vía na Mesa un bo instrumento de avance na normalización do idioma, e sen o cal A Mesa sinxelamente non tería futuro. E das demais tendencias que responderon positivamente aos sinais de confianza que desde a nova estrutura recibían.

A Mesa chegou a definirse como non nacionalista. Prescindía de lastras innecesarias. Abondaba con identificarse no necesario, é dicir, pulaba naqueles anos pola plena normalización do galego, con programas concretos para cada área e para toda a sociedade. O demais non era preciso. Quen aceptaba, e aínda menos, os colectivos que estaban dispostos a negociar eses programas sectoriais, eran interesantes para a asociación.

Durante bastantes anos houbo moi pouco contacto entre a dirección real da Mesa e as direccións partidarias, concretamente da UPG. Mesmo acostumaban a dicir que eles tamén eran da Mesa, o cal era rigorosamente certo. Mais non só eles, que chegaron a aceptar de bo grao a situación, á vista dos avances que os novos métodos aportaban.

Máis difícil foi para A Mesa achegarse á outra tendencia nos seus comezos, á do nacionalismo digamos que integrado, o de Esquerda Galega, Nova Escola Galega e sobre todo á CXTG, unha escisión recente e dolorosa da INTG. Como os dirixentes da Mesa procedían do rupturismo, a busca da confianza sincera converteuse nunha tarefa importante.

A Mesa consolidouse como a principal referencia da normalización lingüística. Cómpre resaltar que na crise que sofre a organización en 2002, o mar de fondo segue a ser o mesmo: as dúas vellas tendencias do nacionalismo que se debaten nunha organización de base. Coas súas virtudes, a resistencia e a tenacidade nunha, imprescindíbeis sempre para soste os edificios en pé, e a imaxinación e a apertura noutra, capitais para facer do vello algo novo. Co defecto do dogmatismo, ás veces castrador nuns, e a frecuente trangallada de afeccionados noutros.

A lingua no traballo, o traballo na lingua. Unhas anotacións rápidas a prol da normalización

Nel Vidal Barral

Introdución

Empresa, administración pública, ensino, corpos e forzas de seguridade, banca, xustiza, sindicalismo, construción, sanidade... Ollar a lingua no ámbito laboral é ollar practicamente a situación lingüística no conxunto da sociedade e atender ese amplo ámbito sociolaboral foi e é unha preocupación constante no traballo en normalización lingüística.

Esa normalización lingüística que é un proceso social de cambio que, para que teña éxito, debe ser asumido pola propia sociedade. É a sociedade no seu conxunto quen ten que protagonizalo. Mais as administracións públicas teñen a obriga¹ e a responsabilidade de apoialo e promovelos, para o que deberían implementar políticas lingüísticas activas, decididas, dinámicas e integradoras que implicasen no proceso normalizador as distintas entidades, sectores, ámbitos e colectivos sociais. Aquí, como tantas outras veces, a pescada que morde a cola. As administracións non fan porque a sociedade non demanda, e a sociedade non demanda porque as administracións non fan.

Lingua, política lingüística e traballo. Un pouco de historia

Desde o comezo do proceso de imposición do castelán sobre a lingua propia de Galiza, o idioma alleo foi substituíndo o galego no ámbito laboral, con maior e máis rápida substitución canto maior fose o prestixio do ámbito do traballo. Isto é, o nivel de substitución foi directamente relacionado co prestixio do traballo e,

¹ O Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras (Art. 25 da Lei 3/1983 de normalización lingüística). O Goberno galego asumirá a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega; asesorará a Administración e os particulares, e coordinará os servizos encamiñados a conseguir os obxectivos da presente Lei (Art. 22 da Lei 3/1983 de normalización lingüística).

polo tanto, coa clase social. Así, decontado se castelanizou a administración, a xustiza, a medicina, etc. A lingua que se foi introducindo en Galiza sobre o galego presentaba un valor que socialmente non se lle daba á propia: o prestixio.

Sen poder facer aquí unha análise rigorosa desta situación, en liñas xerais pódese afirmar que, deste xeito, se foi conformando un esquema que en xeral perdura até o día de hoxe: canto máis formais, prestixiosos e urbanos sexan os contextos sociolaborais maior penetración do castelán, e canto máis espontáneos, populares e rurais sexan eses contextos, maior mantemento do galego.

Até a década dos 80 non se formalizou a vontade de dar os primeiros pasos na procura de modificar esta situación. Rematar coa ditadura da dereita española supuxo que Galiza formalizase como propia a súa lingua, que a oficializase e que, polo tanto, desde os poderes públicos se comezase a andaina institucional –viva en certos sectores sociais– do proceso de xustiza social que é a normalización da lingua galega. O Estatuto de autonomía e a Lei de normalización lingüística, aínda que deixaron o galego en posición xuridicamente desigual² co castelán, marcaron ese inicio.

A Lei 3/1983 de normalización lingüística (LNL), aínda que non fai ningunha referencia directa ao ámbito sociolaboral, marca unha serie de pautas xerais que posteriormente foron pouco desenvolvidas. Así, ademais de establecer o dereito de todos os cidadáns e de todas as cidadás ao uso do galego (artigo 1) e de que os poderes públicos adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua (artigo 3), tamén establece a obriga de que tanto o goberno galego como as corporacións locais fomenten a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras (artigo 25); que o goberno galego asumirá a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega (artigo 22) e que este establecerá un plan destinado a poñer de manifesto a responsabilidade e os deberes que a comunidade ten respecto da conservación, protección e transmisión da lingua galega (artigo 23).

² Cómpre lembrar que, segundo se establece no artigo 3 da Constitución española de 1978, no artigo 5 do Estatuto de autonomía de 1981 e no artigo 1 da Lei de normalización lingüística de 1983, todos/as os/as galegos/as temos o dereito de usar a lingua propia, mais só temos a obriga de coñecer a castelá. O Parlamento galego aprobou por unanimidade que todos/as os/as galegos/as tivesen a obriga de coñecer a súa lingua propia, e que así se establecese na Lei de normalización lingüística de 1983, mais o Tribunal Constitucional, tras un recurso da Delegación do goberno do Estado en Galiza, declarou inconstitucional ese deber de coñecer o galego. Esta desigualdade xurídica entre galego e castelán foi, e é, unha traba moi importante para a normalización da lingua galega.

O goberno galego, que se dotou dunha Dirección Xeral de Política Lingüística –hoxe secretaría xeral– pouco transversal, xa que estivo até 2005 inserida no organigrama da Consellaría de Educación,³ tardou máis de 20 anos en aprobar ese plan que sinala a LNL. Houbo que agardar até 2004 para que o Parlamento galego aprobase, e fíxoo, outra vez, por unanimidade, o Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG), un documento que, con mellor ou peor criterio, senta as bases xerais dunha planificación lingüística inexistente até o momento e que debe ser unha guía xeral de referencia para as accións encamiñadas ao fomento do uso social da lingua galega en todos os ámbitos, tamén, como é lóxico, nese amplo eido socio-laboral.

A lingua do lugar de traballo segundo o *Mapa Sociolingüístico de Galiza* de 1992

Segundo o *Mapa Sociolingüístico de Galiza* de 1992 (aínda non temos estes datos da actualización de 2004, polo que se bota man dos de hai 17 anos, tempo abondo para que a situación mudase moito) o uso do galego no lugar de traballo é, ou era, claramente maioritario, pois o 46,2% da mostra afirmou utilizar só o galego e o 23,8% máis galego que castelán. Os/as que afirmaban empregar só castelán naquela altura eran o 12,3% e os que usaban máis castelán que galego o 17,7%.

Só castelán	Máis castelán	Máis galego	Só galego
12,3%	17,7%	23,8%	46,2%

Lingua no lugar de traballo. Datos do *Mapa Sociolingüístico de Galiza* 1992. Fonte: www.msg-92.com

Cruzando datos deste mesmo estudo podemos ver como no lugar de traballo se tendía máis, en xeral, a mudar do castelán cara ao galego que ao revés, pois da xente que tiña como lingua habitual só o castelán, dixo manter no traballo esa lingua o 48,4%, mentres que da xente que tiña como lingua habitual só o galego, o 80,5% afirmaban non mudar de lingua no traballo. Sería necesario comprobar se esta tendencia se mantén na actualidade.

³ Na actualidade a Secretaría Xeral de Política Lingüística depende directamente da Presidencia da Xunta, polo que, en teoría, pode actuar de xeito máis transversal en todos os ámbitos.

Lingua no traballo \ Lingua habitual	Só castelán	Máis castelán	Máis galego	Só galego
Só castelán	48,4%	38,9%	11,0%	1,6%
Máis castelán	10,0%	56,2%	30,2%	3,7%
Máis galego	1,9%	14,0%	69,5%	14,6%
Só galego	0,1%	1,1%	18,3%	80,5%

Lingua no lugar de traballo segundo a lingua habitual. Cruzamento de datos do *Mapa Sociolingüístico de Galiza* 1992. Fonte: www.msg-92.com

Agora ben, dentro do uso da lingua no lugar de traballo sería interesante analizar a lingua empregada en diferentes contextos, situacións ou con diferentes interlocutores, pois é moi posíbel que eses usos sexan variábeis cos compañeiros e compañeiras, cos e coas xefes/as, coa clientela, oralmente, por escrito, para enviar un correo electrónico, para emitir unha factura, por teléfono, etc. E tamén é moi posíbel que sexa variábel dependendo do tipo de traballo e do sector deste: na construción, na pesca, na gandaría, na administración pública, no comercio, na banca, en traballos de dirección e administración, en traballos de obreiro/a, etc.

Interesante podería ser tamén analizar até que medida hai ámbitos laborais «galeguizadores» e ámbitos laborais «castelanizadores». Isto é, até que punto a incorporación ao mundo laboral é un factor que pode influír no cambio de lingua, por exemplo, en mozos e mozas castelanfalantes que comezan a traballar na construción ou na pesca (ámbitos laborais nos que predomina o galego) ou en mozos e mozas galegofalantes que comezan a traballar en bancos ou en grandes almacéns (ámbitos laborais nos que predomina o castelán).

O ámbito sociolaboral no Plan xeral de normalización da lingua galega

Como xa se sinalou, ollar a lingua no ámbito laboral é ollar a lingua no conxunto da sociedade, pois a lingua utilizada no traballo é, polo tanto, a lingua utilizada na sanidade, na construción, na administración pública, no ensino, na xustiza, etc. Xa que logo, en todos os sectores verticais e transversais do PXNLG aparecen obxectivos, puntos fortes, puntos débiles e medidas que lle afectan, directa ou indirectamente, á lingua no traballo. Algúns exemplos disto son:

- No diagnóstico xeral do PXNLG un dos puntos débiles sinalados é: «Insuficiente necesidade de coñecer e usar o galego para acceder a un posto de traballo».
- Na área de mocidade sinálase como punto débil que: «O coñecemento e o uso do galego non se valoran como elementos importantes á hora de acceder ao mercado laboral, fronte ao que si ocorre co castelán e o inglés».
- Algúns dos obxectivos que se sinalan na área «Xunta de Galicia» no sector «Administración pública», e que son válidos e trasladábeis para o conxunto da administración, son: «Conseguir unha mellora das actitudes dos/as funcionarios/as cara á lingua galega e a súa capacitación para realizaren en galego, con fluidez e corrección oral e escrita, o seu traballo profesional», «Lograr que as persoas que traballan ao servizo da Xunta de Galicia, en calquera dos seus departamentos, practiquen a oferta positiva que xeneralice o uso do galego na Administración», «Lograr orde e uniformidade nas disposicións sobre capacitación lingüística no acceso á función pública», «Mellorar a calidade do idioma falado e escrito polos/as funcionarios/as», etc.
- Un dos obxectivos do sector «Medios de comunicación» é: «Pór ao alcance dos/as profesionais do sector os medios formativos, didáticos e técnicos suficientes que lles aseguren unha completa capacitación lingüística e un emprego doado do galego no seu traballo profesional».
- Na introdución do sector «Economía» afirmase que: «Con moita frecuencia no mundo da empresa a lingua marca as diferenzas de categoría e nómina con máis nitidez cós uniformes de traballo».
- Un dos obxectivos da área «Industria» do sector «Economía» é: «Incrementar o uso do galego como lingua de traballo no sector industrial e nas relacións entre as empresas».

Mais, dentro do sector vertical «Economía», hai no PXNLG unha área específica de «Traballo», na que se sinalan catro obxectivos xerais, un punto forte, un punto débil, un obxectivo específico e unha medida.

Obxectivos

- Xeneralizar o uso do galego como lingua de traballo e das relacións laborais.
- Asegurar unha maior presenza do galego nas carreiras técnicas, na formación profesional e no ensino non regrado.

- Comprometer os sindicatos e outras organizacións de traballadores/as no proceso normalizador da lingua galega.
- Garantir o dereito dos/as traballadores/as a utilizar a lingua galega nas súas relacións laborais.

Punto forte

- Receptividade da base sindical a iniciativas de promoción do galego no sector económico.

Punto débil

- Lixeiro decaemento da reivindicación da lingua galega na actividade sindical.

Obxectivo específico

- Darlle un novo impulso á colaboración sindical no proceso normalizador.

Medida

- Programar cos sindicatos, comités de empresa e Consello Galego de Relacións Laborais a introdución dos dereitos lingüísticos dos/as traballadores/as como cláusula de oficio en todos os convenios colectivos.

Como se pode apreciar, a medida sinalada nesta área do plan é moi puntual para poder acadar os obxectivos marcados na propia área, pois só prevé a introdución dos dereitos lingüísticos dos/as traballadores/as nos convenios colectivos, cando obxectivo da área tamén é, por exemplo, asegurar unha maior presenza do galego nas carreiras técnicas, na formación profesional e no ensino non regrado. De todos os xeitos, ao estar o ámbito laboral condicionado e relacionado con tantos aspectos, son moitas as medidas que no PXNGLG lle afectan, desde as que procuran unha maior presenza do galego no ensino e, nomeadamente, na formación profesional e na universidade, até os criterios de acreditación de dominio do galego para acceder á función pública.

Hoxe. Tecendo e destecendo

A día de hoxe non son moitas as iniciativas emprendidas para a reposición do galego como lingua de uso normal no ámbito sociolaboral. Se ben é certo que é

posíbel que o galego segue a ser, en xeral, idioma de uso maioritario neste ámbito, sobre todo en contextos informais, no sector primario e no nivel laboral, tamén é certo que, en primeiro lugar, ese uso do galego nese contexto, sector e nivel está en recesión e que, en segundo lugar, a imaxe do amplo sector socioeconómico segue a ser moi maioritariamente en castelán. Polo tanto, as poucas iniciativas emprendidas tanto a nivel institucional como a nivel social non foron, nin moito menos, suficientes.

Cómpre salientar que, aínda que a empresa en Galiza non adoita caracterizarse maioritariamente polo uso real da lingua galega –algo constatábel nos seus servizos, produtos, imaxe e publicidade–, nos últimos tempos déronse algúns pequenos avances, con certa presenza do galego na publicidade e rotulación e cunha maior asociación entre produto galego e calidade, cunha vinculación, aínda que non sempre directa, coa lingua.

Tamén é necesario salientar que en moitos ámbitos hai movementos sociais ou grupos sectoriais que socialmente traballan pola normalización lingüística. Claramente destacábel é o papel da Mesa pola Normalización Lingüística a nivel xeral, mais tamén importante é o papel doutras agrupacións máis sectoriais de traballadores e traballadoras, de funcionarios/as, de corpos e forzas de seguridade, de xuíces e xuízas, de profesorado, sindicais, etc., e tamén dalgúns empresarios e empresarias.

Mais, desgraciadamente, a día de hoxe aínda hai que seguir denunciando casos concretos de discriminación lingüística no ámbito laboral, con numerosos exemplos de prohibicións explícitas ou implícitas de uso do galego no traballo por parte dalgunhas empresas. Periodicamente saen á luz algúns exemplos que, desgraciadamente, non son máis que a punta dun iceberg.

O que cómpre

Como cidadáns e cidadás, debemos esixir sempre os nosos dereitos lingüísticos nas nosas relacións coas empresas, as administracións, os corpos e forzas de seguridade, a banca, a xustiza, a sanidade, etc. Se queremos obter información, servizos ou documentación en galego e non nola ofrecen por defecto, debemos esixila sen desistir até conseguilo. Deste xeito, ademais de obter nós en galego o que demandamos, estaremos contribuindo a facilitar a galeguización de servizos, produtos, información e atención. Tamén como cidadáns e cidadás, debemos esixirles aos poderes políticos que poñan en marcha medidas encamiñadas ao fomento do uso

e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos, tamén no sociolaboral. Debemos facer visíbel a demanda de utilización da lingua propia do noso país en todos os contextos, ámbitos e circunstancias.

Como traballadores e traballadoras non debemos deixar de reclamar o noso dereito ao uso da lingua galega no posto de traballo, e debemos procurar, ademais, que ese dereito quede explicitamente recollido no convenio colectivo. Debemos procurar tamén que a nosa relación laboral coa entidade se estableza en galego: contrato, nóminas, etc.

E a nivel político, nomeadamente desde a Xunta de Galiza, a quen lle corresponde asumir a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización lingüística, mais tamén desde o resto de administracións, cómpren medidas claras e decididas para garantir os dereitos lingüísticos dos/as galegofalantes en todas as situacións, para garantir o uso do galego por parte de todo o persoal que conforma a administración, para garantir que, cando menos, todos os servizos que contrate se presten en galego e para fomentar o uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos. É, ademais, responsabilidade do poder político impulsar un proceso que implique a todos os axentes do ámbito socioeconómico e, polo tanto, sociolaboral, e que teña como resultado acadar niveis de normalidade no uso da lingua galega na empresa, na propia administración, no ensino, na banca, na xustiza, na sanidade... E para levar a cabo esta tarefa é necesaria vontade política e recursos económicos e humanos. Cómpre, polo tanto, un organismo forte para a planificación lingüística en Galiza, tantas veces reclamado e até agora inexistente polo deixamento do goberno galego e, nomeadamente, da súa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

A normalización lingüística nos concellos. Análise e proposta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CNTL)

Valentín García Gómez

1. Aproximación histórica ás principais medidas adoptadas dende 1979 na normalización lingüística no ámbito da administración local e marco normativo

1979 Primeiras eleccións municipais democráticas, declaración do galego como lingua oficial nalgunhas corporacións locais.

1981 Estatuto de Autonomía de Galicia (EAG) (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril). Convén lembrar o artigo 5, especialmente o punto 3:

- 1. A lingua propia de Galicia é o galego.*
- 2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.*
- 3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.*
- 4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.*

1983 Apróbase a Lei 3/83 de Normalización Lingüística.

Con especial mención ao ámbito local, cómpre citar os seguintes artigos:

Título II: do uso oficial do galego

Artigo 4: 1. O galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua oficial (...) da Administración local. (Aínda que, no punto 2 advirte que «tamén o é o castelán, como lingua oficial do Estado»).

Artigo 6: 4. A Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As corporacións locais deberán (tamén) facelo de acordo coas normas recollidas nesta lei.

Artigo 11: 2. Nas probas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración autónoma e local considerarase, entre outros méritos, o grao de coñecemento das linguas oficiais, que se ponderará para cada nivel profesional.

Título VI: da Administración autonómica e a función normalizadora

Artigo 22: O Goberno galego asumirá a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega; asesorará a Administración e os particulares e coordinará os servizos encamiñados a conseguir os obxectivos da presente Lei.

Artigo 23: O Goberno galego establecerá un plan [un Plan Xeral de Normalización Lingüística (PXNL)] destinado a resaltar a importancia da lingua como patrimonio histórico da comunidade e a poñer de manifesto a responsabilidade e os deberes que esta ten respecto da súa conservación, protección e transmisión.

Artigo 25: O Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego (...).

O «desenvolvemento lexislativo» da LNL no ámbito específico da Administración local terá que agardar ata o ano 1998, e ademais, algunhas das propostas citadas aínda hoxe non tiveron unha realización estrita e efectiva: plan, seguimento do proceso, coordinación...

Xorden os primeiros «servizos de normalización lingüística (SNL)». Malia que sen un modelo nin un perfil claro, tanto no tocante ao seu funcionamento coma ao seu status legal, a súa aparición supuxo un salto cualitativo na concepción da «política lingüística» para algunhas administracións locais, e que se irá estendendo a outros concellos. Así, seguindo o modelo que se estaba a implantar en Cataluña, o Concello de Redondela crea o primeiro SNL, ao que se vai sumar, poucos meses despois, o Concello de Fene (1984).

1984 Constitúese por estas datas a **Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística de Galicia (AFNLG)**, que vai promover que o Concello de Santiago convoque, para o 17 de maio dese ano, a coñecida como «**Asemblea de Alcaldes de Compostela**», estando representados preto de 100 concellos, e na que se ratifica e ademais se asume a importancia da Administración local no proceso normalizador, alcanzándose un compromiso de tomar medidas concretas (10, en total). De feito, subscriben un manifesto (a «Declaración dos alcaldes galegos reunidos en Santiago de Compostela») comprometéndose os asinantes a tentar «adoptar, entre outras, as seguintes medidas tendentes a normalizaren o uso da lingua galega nas súas propias administracións:

1. *Valoración preferente do coñecemento do idioma galego nos programas para o acceso á función pública local.*
2. *Programación de cursos de lingua galega para os funcionarios en horas laborábeis, sendo obrigatoria a presenza dun funcionario, cando menos, por unidade administrativa con coñecemento do idioma galego.*
3. *Todo o caudal documental dos servizos administrativos será emitido en galego.*
4. *Rotulación das dependencias das casas consistoriais en galego.*
5. *Creación dun Servizo Municipal de Normalización Lingüística, encargado de asesorar e executar a política lingüística (o problema era ¿que política lingüística?) ad intra e ad extra da Corporación.*
6. *Potenciarase o galego como instrumento normal de comunicación dentro da Corporación. [Porén, matizan que] Nas actas recolleranse as intervencións na lingua en que se expresen.*
7. *Rotulación en galego das rúas, liñas de autobuses, servizos municipais ou concesionarias, etcétera.*
8. *Os Concellos potenciarán e apoiarán a organización de cursos para a alfabetización de adultos en galego.*
9. *Primarase o emprego do galego no campo publicitario mediante unha redución da taxa correspondente (de acordo co artigo 25 da LNL, que prevía a posibilidade de reducións ou exencións das obrigas fiscais). O propio concello publicará en galego os seus bandos, edictos e anuncios en xeral.*
10. *Organización de campañas, ben sexan propias ou en colaboración con outras Corporacións e entidades, que teñan como obxectivo a normalización, dignificación e promoción do uso público da lingua galega.*

Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia e Administración Pública, varios concellos e mais a Universidade de Santiago de Compostela, a través do Instituto da Lingua Galega (ILG), polo que esta se comprometía a editar os *Cadernos de Documentación Municipal*, publicacións referidas ás áreas de xestión administrativa dun concello (Persoal, Contratación, Urbanismo, etcétera...).

1988 *Lei do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais* (Lei 5/1988, do 21/06/88).

Na parte introdutoria podemos ler cousas tan cargadas de boas intencións coma estas: *A finalidade da presente Lei é a de establecer un criterio normativo*

impulsor do progresivo proceso de normalización do galego na Administración local, na procura dun clima social e político que multiplique os esforzos que se veñen realizando para a recuperación do uso normal da lingua.

Artigo 1:

- 1. As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas e actas das entidades locais de Galicia redactaranse en lingua galega. [Porén, atopamos de novo a «protección» do castelán, que non se cita explicitamente].*
- 2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, as devanditas entidades poden facelo, ademais, na outra lingua oficial.*

Este artigo será retomado nas sucesivas convocatorias de «Subvencións aos concellos de Galicia para a normalización da lingua galega», ata a do 14 de agosto de 1998, que recolle xa as modificacións introducidas no artigo 7 da Lei de Administración local de Galicia. Por outra banda, é unha tradución case exacta do artigo 86.1 do Regulamento da Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que establece que «As convocatorias de sesións, as ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo e ditames das comisións informativas redactaranse en lingua castelá ou na lingua oficial da comunidade autónoma á que pertenza a entidade...», advertindo xa, no punto 2, que «Nos debates poderanse utilizar, indistintamente, a lingua castelá ou a oficial da comunidade autónoma respectiva».

Artigo 2:

- 1. Correspóndelle á Xunta de Galicia o impulso do proceso de incorporación da lingua galega na Administración local, moi especialmente a través de programas de formación de funcionarios en lingua galega.*
- 2. Sen prexuízo do anterior, a Xunta de Galicia adoptará as medidas oportunas para que nos concursos de acceso de funcionarios á Administración local se garanta o coñecemento da lingua galega.*

Finalmente, a disposición transitoria establecía, inxenuamente, no seu punto 1, un prazo de dous anos para que as entidades locais incorporasen o galego como «lingua normal» nos actos escritos. (Lembremos, ademais, que só dous anos máis tarde –a partir do ano 1990– se convocarían os primeiros cursos de reciclaxe para funcionarios da Administración local, ou sexa, xusto cando rema-

taba o prazo que a propia lei establecía. Seguramente os bos propósitos e as perspectivas do lexislador víronse superados por unha realidade máis adversa do que quizais era previsíbel).

No seu punto 2, a Xunta comprometéase a elaborar un programa de actuacións para garantir o cumprimento da lei.

Citando textualmente as palabras do xefe de servizo de plans e programacións da DXPL (Dirección Xeral de Política Lingüística), «O programa de actuacións da Xunta de Galicia para garantir o cumprimento da lei circunscribiuse sobre todo ás seguintes iniciativas:

- Convenio co Instituto da Lingua Galega (ILG) para a potenciación da Sección de Linguaxe Administrativa e para a edición do *Boletín Informativo da Administración local*.
- Convocatoria de cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega, organizados pola DXPL.
- Convocatoria de subvencións para as corporacións locais para a creación de Servizos Municipais de Normalización Lingüística, compra de material bibliográfico, campañas de rotulación interior e exterior e normalización da documentación administrativa.
- Proposta de «Ordenanza municipal de normalización lingüística», elaborada por iniciativa da AFNLG. Isto vai levar a que moitos concellos galegos aproben a devandita ordenanza como regulamento que desenvolve e concreta o disposto na devandita Lei 5/88.

1989 Primeiras ordenanzas municipais de normalización lingüística.

1990 Primeiros cursos de reciclaxe para funcionarios da administración local. A DXPL convoca por primeira vez unha liña de axudas ás corporacións locais para a constitución de SNL e mesmo dá unhas orientacións sobre o que se debe entender por un SNL.

- Cursos de especialización en linguaxe administrativa na EGAP e aparición da figura do «Tradutor de linguaxe administrativa». Concepción subordinada do uso do galego e do papel da dinamización lingüística.

Créase a Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística (Decreto 221/1990, do 22 de marzo), que «ten como finalidade promover e potenciar o uso da lingua galega». Atopámonos de novo cun preámbulo ateigado de plausíbeis desexos. Resulta, non obstante, un tanto frustrante que, despois destas

introducións entre poéticas e panexíricas («un idioma propio constitúe a base máis esencial da identidade dun pobo e o máis forte vínculo de unión entre as súas xentes»), que seguramente asinarían os nosos máis insignes e convencidos galeguistas de antano, as disposicións propiamente lexislativas –e as actuacións «normalizadoras» que delas se derivan– non acaben nunca de satisfacer plenamente as expectativas levantadas ao comezo.

1997 Lei 5/97 da Administración Local en Galicia. Incorpora e mesmo amplía o disposto na Lei de uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

Lei 5/1997, da Administración local de Galicia (que incorpora –e mesmo amplía– no seu artigo 7 o disposto na Lei 5/88).

Artigo 7:

1. *O galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local. (Malia que o galego xa fora definida como «lingua propia» de Galicia no EAG e na LNL, o certo é que a Lei 5/1988 falaba de «lingua “oficial” de Galicia polas entidades locais»).*

As convocatorias de sesións, ditames, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais galegas redactaranse en lingua galega.

2. *Sen prexuízo do disposto no punto anterior, tales entidades poden facelo, ademais, na outra lingua oficial, o castelán.*

3. *A Xunta de Galicia impulsará o proceso de incorporación da lingua galega na Administración local, especialmente a través de programas de formación de funcionarios das entidades locais en lingua galega.*

Outro problema no pulo normalizador, constitúeo o feito de que o efecto dos cursos de lingua galega para funcionarios –locais, ou doutras administracións– vese freado porque segue sen prever ningún tipo de medida que garanta que esa competencia que van adquirir sexa empregada efectivamente por eles no seu labor. É este un gravísimo problema e unha importante eiva que cómpre atallar de inmediato, algo que, sen dúbida, contribuirá ao propio prestixio, seriedade e eficacia «normalizadora» destes cursos.

Por outra banda, e centrándonos nos aspectos positivos, ademais de que se amplía o abano documental que terá que ser redactado en lingua galega, quizais

o máis destacábel sexa o feito de que se fale explicitamente do galego como lingua propia da Administración local, concepto que podería ser desenvolvido lexislativamente moito máis do que esta Lei fai.

A este respecto, poderíamos mirarnos no espello da recente Lei de política lingüística (Lei 1/1998, do 7 de xaneiro) do catalán, que amosa entre as súas principais novidades, precisamente o desenvolvemento dos conceptos xurídicos de lingua «propia» e de lingua «oficial»:

Lingua propia: aplicado á catalá obriga os poderes públicos e as institucións de Cataluña a protexela, a usala de forma xeral e a promover o seu uso público a todos os niveis.

No ámbito oficial e administrativo, as administracións e institucións catalás deben utilizar de forma xeral o catalán, sen prexuízo do dereito dos cidadáns e cidadás a dirixirse a estas na lingua oficial que eles collan. Vai ser o artigo 2 o que determine claramente o que se entende por lingua «propia»:

- 2.a) A lingua de todas as institucións de Cataluña, e en especial da Administración da *Generalitat*, da Administración local, das corporacións públicas, das empresas e os servizos públicos, dos medios de comunicación institucionais, do ensino e da toponimia.
- 2.b) A lingua preferentemente utilizada pola Administración do Estado en Cataluña, na forma que ela mesma determine, polas demais institucións e, en xeral, polas empresas e entidades que ofrecen servizos ao público.

O artigo 9 alude explicitamente á «lingua das administracións de Cataluña»:

- 9.1. A *Generalitat*, as administracións locais e as demais corporacións públicas de Cataluña, as institucións e empresas que dependen destas e os concesionarios dos seus servizos deben utilizar o catalán nas súas actuacións internas e na relación entre eles. Tamén deben utilizalo normalmente nas comunicacións e notificacións dirixidas a persoas físicas ou xurídicas residentes no ámbito lingüístico catalán, sen prexuízo do dereito dos cidadáns e cidadás a recibilas en castelán, se o solicitan.

(Isto é fundamental, xa que a «excepcionalidade» sitúase no castelán, e non na lingua propia da comunidade autónoma, como habitualmente sucede en Galicia).

Lingua «oficial»: aplicado ao catalán e ao castelán, garántelles aos cidadáns e cidadás os dereitos subxectivos a aprender as dúas linguas, a poder usalas libre-

mente en todas as actividades públicas e privadas, a ser atendidos na que escollan nas súas relacións coas administracións e, de forma gradual e progresiva con todos os axentes sociais que ofrecen servizos ao público...

O artigo 3.2 deixa claro que «o catalán e o castelán, como linguas oficiais, poden ser utilizadas indistintamente polos cidadáns e cidadás en todas as actividades públicas e privadas sen discriminación. Os actos xurídicos realizados en calquera das dúas linguas oficiais teñen, polo que se refire á lingua, plena validez».

E máis aínda, no punto III do preámbulo, establécese explicitamente que «os cidadáns e cidadás de Cataluña deberán coñecer a lingua catalá e a castelá e terán o dereito a usalas». (Lembremos que pola «ousadía» dunha declaración semellante, a nosa Lei de normalización lingüística foi obxecto dun recurso de inconstitucionalidade por parte do Goberno español en outubro de 1983, e que a propia sentenza do Tribunal Constitucional –STC 84/1986– obrigou a eliminar ese «deber» do articulado da devandita Lei).

E xa para rematar con esta comparación, podemos citar un artigo que debería ser reclamado de inmediato na nosa lexislación lingüística, ou mesmo nunha nova e máis ambiciosa e explícita lei (de normalización) lingüística:

Artigo 39

As medidas de planificación

1. O Goberno (da *Generalitat*) ha de dotarse de instrumentos de planificación lingüística xeral consistentes en programas periódicos, co fin de establecer os obxectivos e medidas máis convenientes en cada momento e avaliar os seus resultados. A elaboración dos instrumentos de planificación debe ser concertada cos distintos axentes e colectivos implicados e deben terse en conta os principios de participación, simplificación e eficacia.
2. O Goberno (da *Generalitat*) ha de elaborar un mapa sociolingüístico de Cataluña, que debe ser revisado cada cinco anos, a fin de adecuar á realidade a súa acción de política lingüística e, á súa vez, para valorar a incidencia das actuacións realizadas.
3. O Goberno (da *Generalitat*) ha de informar cada ano ao Parlamento das actuacións de política lingüística e dos resultados obtidos.

Tendo en conta as eivas evidentes que atopamos na nosa lexislación lingüística –en especial na LNL–, como a non existencia de mandatos obxectivos que obriguen dun xeito concreto ao poder executivo galego –sexa cal sexa o partido

político que governe en cada momento—, ao ser simples declaracións de boas intencións —e tampouco excesivamente ambiciosas— con respecto á lingua galega (promover, fomentar, estimular...), ou a ausencia dunha expresión sistemática de obxectivos acordados con todos os axentes implicados no proceso normalizador e dos prazos nos que estes deberían acadarse, a CTNL está firmemente convencida de que este é un bo referente para nós.

1998 A Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua presenta un proxecto de Consorcio de servizos no marco dos II Encontros pola Normalización Lingüística, organizados polo Consello da Cultura Galega.

2004 Aprobación do Plan Xeral de Normalización Lingüística (PXNL).

2007 A Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL), crea unha comisión de asesoramento, na que se elabora o borrador de estatutos do Consorcio de Planificación Lingüística.

2. Situación na actualidade

2.1. *Servizos da Administración local*

- Aínda tendo en conta a evolución do proceso normalizador, obsérvanse niveis de uso moi desiguais. Xunto a concellos con clara vontade normalizadora, conviven os que se limitan a cumprir formalmente a lexislación vixente, os que a incumpren por deixación, rutina, precariedade de medios ou mesmo unha pequena minoría belixerante.
- O número de servizos lingüísticos estables é moi reducido, aínda que é importante destacar que nos últimos anos medrou en número, sobre todo a partir do convenio establecido entre a Deputación da Coruña e os concellos desta provincia, polo que se fornece de medios económicos a creación e mantemento dos servizos.
- Necesidade de abarcar todo o territorio galego. Na actualidade a distribución xeográfica dos SNL/SL é aleatoria e desigual.
- Cantidade de concellos existentes en Galicia (315), con moi distintas características sociolóxicas, xeográficas, etc.

- Falta de orientación, coordinación e apoio aos SNL. Dispersión de recursos e esforzos.
- Falta de continuidade. O funcionamento da maior parte dos servizos vese coartada e limitada pola contía da subvención outorgada pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Administracións Públicas.
- Aínda que a dotación económica para as subvencións a concellos procede da Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL), non ten unha competencia directa no das administracións locais, polo que debe facerse a concesión por medio da Consellería de Presidencia, Xustiza e Administracións Públicas, o que xunto co propio status xurídico e administrativo dos concellos, non permite a actuación da política lingüística da administración autónoma na local, o que xera a descoordinación existente.
- Escasa formación especializada dos/as técnicos/as. Falta de formación regrada e reciclaxe profesional.
- Falta de modelo/status legal do SNL/SL e do/a técnico/a en NL.
- Falta de centros/recursos de apoio. Necesidade de asimilar o Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia –hoxe dependente do Consello da Cultura Galega– así como do funcionamento e operatividade do TERMIGAL, como fonte de asesoramento e estudo.
- Falta dun programa global no que se integre o funcionamento e as actuacións dos servizos lingüísticos.

3. Bases da proposta da CTNL

Dende a CTNL téñense constatado os problemas e carencias antes expostos e que son atrancos fundamentais que impiden o éxito do labor dos servizos lingüísticos e a rendibilización do seu traballo.

E así quedou constancia da necesidade da busca de solucións que, tendo en conta os problemas e as experiencias doutras comunidades que apuntan cara a un modelo organizativo nos primeiros Encontros pola NL organizados polo CCG en decembro do 93, chegouse a conclusións do tipo:

- a) É preciso consolidar os SNL que xa existen e ampliar o seu número, coa debida dotación persoal, económica e de equipos, situados nun lugar idóneo no orga-

nigrama institucional e co apoio das máximas autoridades dos organismos correspondentes.

- b) Cómpre garantir a coordinación e orientación global do traballo dos devanditos servizos, para facelo máis efectivo e dotalo dun sentido de conxunto coherente.

Estas conclusións de 15 anos atrás foron asumidas polo Consello da Cultura Galega (CCG) como órgano consultivo que é para darlles traslado ao presidente da Xunta.

A comunidade de técnicas e técnicos que formamos a CTNL, tendo en conta os problemas e experiencias doutras comunidades apuntamos cara a un modelo organizativo que teña en conta os puntos seguintes:

3.1. Importancia da Administración local no proceso normalizador

- É a administración máis próxima á cidadanía, e polo tanto a que máis incidencia ten na vida da comunidade.
- Abarca a totalidade do territorio.
- É a administración á que os cidadáns lle outorgan un alto grao de responsabilidade en normalización lingüística, tal e como indican os datos do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* (MSG).

Xunta	Concello	Intelectuais	Ensino	Pais	Medios de comunicación	Empresas	Goberno central
4,51	4,27	4,18	4,11	4,10	3,99	3,37	2,69

Grao de responsabilidade na normalización do galego no total de Galicia e valorado entre 1 (nada) e 5 (moito).

- Administración na que se constituíron os primeiros SNL, e das que ten máis desenvolvida a Lei de normalización lingüística e o Plan Xeral de Normalización Lingüística.
- Existencia de certa disposición por parte da administración. Cada ano son máis os concellos que solicitan subvencións para a creación dun SNL. Sinatura do convenio FEGAMP-Ramón Piñeiro. Contactos iniciados entre a CTNL e a SXPL e a FEGAMP.

3.2. Criterios para solventar as carencias e impulsar o proceso normalizador

- Poñer en marcha un programa global para todo o territorio que cubra as necesidades de todos concellos en materia de normalización da lingua e permita avanzar na galeguización de todo tipo de entidades –administración, empresas e asociacións–. No deseño e aplicación do modelo global a cada zona (concello, comarca, etc.) deberán terse en conta as características sociolingüísticas de cada lugar, as súas necesidades e posibilidades.
- Crear unha estrutura única estable da que dependan os servizos lingüísticos, con órganos de decisión nos que participen as distintas entidades responsables: administración autonómica e local.
- Rendibilizar recursos existentes, xa de por si escasos:
 - Coordinación dos diferentes SNL/SL, cunha dirección única.
 - Posta en marcha de programas comúns.
 - Modelo de servizo lingüístico máis operativo, especializado e aglutinador.
 - Existencia de centros de recursos e apoio aos SNL/SL (CDSG, TERMIGAL, etc.).
- Garantir a solidez, continuidade e prestixio do proceso de normalización a través da necesaria estabilidade dunha estrutura, do seu funcionamento e do seu status legal.
- Dispor de persoal especializado, con posibilidades de recibir formación axeitada e reciclaxe permanente.
- A rede estable, co seu status legal e xurídico, deseñaríase tendo en conta a distribución comarcal e municipal do territorio pero respondendo a un principio de integración de todos os técnicos e técnicas. O seu funcionamento estruturaríase arredor de programas globais que se desenvolverían e especializarían en cada zona e se completarían con outros propios de cada nó da estrutura. Na distribución territorial deberían terse especialmente en conta os mapas comarcais e municipais pero deseñaríase sobre todo a partir de criterios sociolingüísticos, económicos, demográficos e de rendibilidade do proceso.

4. Proposta da CTNL

De acordo cos criterios expostos, a CTNL propón a creación dun organismo, participado pola Administración autonómica e a Administración local, encargado

de deseñar e executar programas de normalización dirixidos a todo o territorio galego, con distintos niveis de desenvolvemento, e que responde a necesidades sociolingüísticas de cada zona ofrecendo servizos ben dimensionados a entidades comarcais, concellos, empresas e demais entidades sociais.

O modelo de organización: como proposta inicial, e aberta ás correccións que puidesen facérselle ou a outras solucións máis acaídas, consideramos que unha posible figura xurídica para levar a cabo este propósito sería a dun consorcio das dúas administracións, autonómica e local. Esta entidade, o consorcio, con entidade xurídica, financiaríase coa contribución proporcional de cada unha das partes –establecida a partir duns criterios– e contaría coa autonomía necesaria para cumprir os fins específicos que recollan os seus estatutos. Cómpre diferenciar dentro deste consorcio os seguintes niveis:

Nivel político

As administracións participantes, ademais de contribuír economicamente á súa creación e mantemento, terían o seu papel na toma de decisións sobre programas a executar, no nivel político de toma de decisións. É dicir, os programas que o consorcio leve a cabo serían aprobados polo seu máximo órgano de decisión do que forman parte tanto a Administración autonómica como os concellos ou outras entidades locais participantes.

Deste órgano ou órganos de decisión política dependería o nivel técnico do que recibiría asesoramento.

Nivel técnico

Este segundo banzo da estrutura sería o encargado de deseñar e coordinar os programas de normalización lingüística consonte as directrices marcadas polo nivel de decisión política.

Dentro deste nivel técnico cómpre facer unha segunda división de responsabilidades entre a **área administrativa e de xestión**, que daría soporte a todo o organismo dirixida dende unha xerencia, e a **área de normalización**, que se encargaría propiamente do deseño técnico e da execución dos programas.

A área técnica, formada por un equipo cualificado, coordinaría o deseño dos programas globais, elaborados coa participación, mediante comisións, dos técnicos responsables en cada unidade territorial. Neste labor debería procurarse unha certa especialización e debería contarse co asesoramento doutros centros –de termi-

noloxía, de investigación lingüística, de formación ou de documentación, etc.– e cabería a posibilidade de que participasen tamén outras entidades.

Así mesmo a área técnica estaría encargada de coordinar a execución dos programas no nivel seguinte, nas unidades territoriais, de asesorar esas unidades e de avaliar o proceso completo –deseño e execución– para dar conta ao nivel político.

As unidades territoriais

Crearíase unha rede de unidades territoriais compostas por persoal técnico e administrativo asentadas en cada unha das zonas previamente delimitadas.

Cada unidade, implantada nunha zona, deberá estar dotada dos recursos materiais necesarios para o seu funcionamento que poden ser propios da entidade-consorcio ou ser cedidos polas administracións locais, interesadas dende a súa participación na creación do consorcio e como receptoras de servizos.

Estas zonas, que poden corresponder xeograficamente a unha comarca –entendida como entidade que aglutina máis dun municipio–, a un único concello ou mesmo a un distrito dentro dun concello, se fose o caso, deseñaríanse consonte a uns criterios sociolingüísticos, xeográficos, demográficos, económicos, administrativos e de rendibilidade para o proceso de normalización que precisan dun coitado estudo.

En cada unidade territorial, o equipo técnico, composto por un número de técnicos/as axeitado a cada caso, tería como tarefas:

- participar no deseño dos programas globais;
- desenvolver e executar os programas globais no seu ámbito de actuación;
- deseñar programas específicos para o territorio co asesoramento do nivel técnico 1;
- executar os programas específicos;
- avaliar todos os programas no seu nivel.

A programación, tanto a global como a específica, estará dirixida a dar servizo –a incluílas no proceso de normalización– a todas as entidades presentes no ámbito territorial de actuación (administracións e entidades públicas, empresas, asociacións, etc.). Poderíanse, mesmo, establecer convenios puntuais para actuacións máis específicas con algunha das entidades presentes.

O persoal administrativo de cada un destes centros territoriais daría soporte á xestión de todas estas tarefas.

Á parte dos distintos tipos de unidades territoriais dependentes organicamente dese consorcio –ou do modelo de entidade que se adopte– que poidan crearse en función do volume de traballo e da amplitude do seu ámbito de actuación, alí onde xa existen servizos de normalización estables como é o caso dalgúns concellos, poderán manterse, se se considera oportuno, coa mesma dependencia que teñen na actualidade, pero garantindo a súa integración na estrutura e a coordinación con todo o esquema de traballo a través da participación dos concellos de que dependen no consorcio. Habería logo dous tipos de unidades territoriais, as propias do consorcio e as dos concellos, pero todas elas integradas nun único esquema de funcionamento.

O modelo de servizos

Tanto no nivel técnico como nas unidades territoriais, as tarefas deberían organizarse de acordo cun modelo unificado de servizo para o que nos remitimos ás directrices que recollía o *Manual para cargos políticos sobre o uso do galego nas corporacións locais* publicado pola Xunta de Galicia no ano 1995, ou o establecido pola CTNL respecto ao perfil dos profesionais dos SNL/SL.

Basicamente esas orientacións enfocaban o deseño dos servizos cun dobre ámbito de actuación, interno e externo, que neste caso se concretaría na cobertura de servizos para o interior da administración e tamén para todo o resto de entidades que actúan no territorio.


Ademais, sinalábase que o labor debería desenvolverse en dous grandes campos, o lingüístico e o sociolingüístico. Isto podería completarse cunha maior especialización en tarefas de dinamización, asesoramento lingüístico e formación, sempre tendo en conta o esquema de desenvolvemento dos programas explicados máis arriba.

Parécenos importante resaltar que un dos elementos en que debería sustentarse a nosa proposta é a coordinación horizontal e vertical de todos os niveis da estrutura e desta con todas as demais entidades actuantes no proceso de normalización lingüística.

5. As vantaxes da proposta

Este deseño permite rendibilizar os recursos económicos, materiais e humanos para obter melloras significativas nos resultados. A especialización das tarefas; o aproveitamento dos materiais que se editan para programas e campañas; o achega-

mento ás necesidades reais; a oferta global de servizos; unha metodoloxía de traballo única, integradora, clara e eficaz; a posibilidade de avaliar o proceso na súa totalidade ou en cada un dos niveis e, en definitiva, a unificación dos esforzos nunha única dirección, son algunha das características da proposta que nos parecen abondo significativas.



ACHEGAS

ENTIDADES

Co fin de podermos contar cos puntos de vista das organizacións políticas, institucións da lingua, asociacións pedagóxicas, ANPA e sindicatos do ensino, dirixímonos ás que a seguir se citan, formulándolles estas catro preguntas:

- 1. Como consideran que foi a evolución da lingua galega nos últimos 25 anos?*
- 2. Cal é para Vdes. a situación da lingua galega na actualidade?*
- 3. Que significa para Vdes. a normalización lingüística do galego?*
- 4. Como albiscan Vdes. que será a posición social da lingua galega no futuro?*

Os destinatarios foron: Grupos parlamentarios do PP, PSdeG-PSOE e BNG; Real Academia Galega; Consello da Cultura Galega; Instituto da Lingua Galega; Mesa pola Normalización Lingüística; AS-PG; Confederación Galega de ANPA de centros públicos; CIG Ensino; FETE-UGT; CCOO; STEG.

Logo de varios intentos, as respostas que puidemos recoller foron as que aparecen nas páxinas seguintes.

Consello da Cultura Galega (CCG)

1. Como foi a evolución da lingua galega nos últimos 25 anos?

A constitución de Galicia como Comunidade Autónoma supuxo un punto de inflexión no devir histórico do idioma galego, que pasou a desenvolver un papel simbólico de lexitimación das novas institucións autonómicas. O Estatuto de Autonomía de Galicia (1981) outorgou ao galego o status de lingua cooficial, xunto co castelán, e tamén recoñeceu o seu carácter de lingua propia. A oficialidade concedeu plena validez xurídica e administrativa ás comunicacións realizadas nesta lingua mentres que o recoñecemento como «lingua propia» supuxo para a Administración un mandato explícito de normalización do galego, avalando que nos seus usos (tanto orais como escritos) lle outorgase carácter de lingua preferente, polo menos ata conseguir unha equiparación real entre as dúas linguas oficiais.

A aprobación en 1983 da Lei de normalización lingüística considérase o comezo oficial da política lingüística en Galicia, é dicir, da intervención pública sobre o idioma, e as principais actuacións da Xunta de Galicia neste sentido estiveron dirixidas ao recollido nesta lei: á codificación do idioma; á incorporación do galego como materia, primeiro, e logo como lingua parcialmente vehicular do ensino non universitario; á creación de medios de comunicación públicos en lingua galega; ao establecemento do galego como lingua preferente da Administración e á capacitación lingüística en galego (sobre todo na lectoescritura) dos cidadáns e cidadás. De xeito paralelo, desenvolveuse tamén por parte dos diferentes sectores sociais vinculados ao galeguismo, e principalmente ao nacionalismo, un importante labor de promoción e reivindicación lingüística.

Con todo, nin o proceso de dignificación social e institucionalización do idioma, nin a mellora das competencias e actitudes lingüísticas cara ao galego, foron quen de reverter outro proceso previo, fortemente arraigado na sociedade galega, como é a substitución social do galego polo castelán. Paradoxalmente, nestes últimos 25 anos, ao tempo que o galego foi aumentado o seu prestixio social e os seus ámbitos de uso (eido cultural, ensino, institucións públicas, ámbito político,

medios de comunicación públicos...), foi tamén perdendo falantes, sobre todo entre as camadas máis novas da poboación urbana.

2. Cal é a situación da lingua galega na actualidade?

Segundo os datos sociolingüísticos¹ dos que dispomos, o galego segue a ser a lingua máis falada en Galicia. Máis do 60% da poboación emprega o galego en maior medida ca o castelán como lingua de uso habitual. Por outra banda, conséntase un aumento dos usos lingüísticos monolingües, en ambas as linguas. Mais cómpre sinalar tamén que o uso do galego entre a poboación urbana, sobre todo na franxa de poboación máis nova, é moi limitado, continuando a tendencia histórica de perda de falantes. No que atinxe aos usos escritos, malia que na última década aumentou considerablemente a competencia lectoescritora (a metade da poboación declara actualmente saber escribir «ben» ou «moi ben»), só o 14% escribe de xeito habitual en galego.

O galego segue sendo a lingua inicial do 53,7% da poboación, mais só un 36,8% dos menores de 30 anos aprendeu a falar neste idioma.

No que respecta aos usos sociais, en termos xerais, pódese dicir que o galego goza dunha presenza social considerable naqueles ámbitos que foron obxecto dunha intervención pública máis decidida: institucións, Administración, ensino non universitario, medios de comunicación públicos e industrias culturais. Con todo, seguen a ser sectores especialmente desgaleguizados dentro do ámbito da Administración pública a Administración de Xustiza e mais a de Sanidade.

Un sector importante das elites sociais galegas, cun papel dirixente no ámbito económico e nos medios de comunicación, continúa a manter uns usos e unhas actitudes claramente reticentes cara ao galego, o que supón un serio hándicap para o proceso de normalización lingüística.

Feitos salientables foron tamén nestes últimos anos a reforma normativa aprobada pola RAG en 2003 e a probación por unanimidade de todos os grupos parlamentarios, en 2004, do *Plan de normalización da lingua galega*, que parecían reflectir un marco de consenso sociopolítico arredor da codificación do idioma e da política lingüística. Malia isto, nos últimos tempos está a deixarse oír con máis forza e crecente radicalidade un discurso que denuncia a suposta «imposición» do

¹ Os datos cuantitativos que presentamos están extraídos da *Enquisa de condicións de vida das familias. Coñecemento e uso do galego* (IGE, 2003).

galego en prexuízo dos dereitos lingüísticos dos castelanfalantes. Este discurso, apoiado en vellos prexuízos aínda arraizados en amplos sectores sociais, goza dun amplo eco mediático e político, e está a supor tamén un claro elemento distorsionador no xa de por si difícil proceso de revitalización do galego.

3. Que significa a normalización lingüística do galego?

O concepto de «normalización lingüística» naceu no ámbito da sociolingüística catalá. Defíníase como un proceso de recuperación dunha lingua minorizada que abrangúa dous aspectos interdependentes: por un lado, a adecuación da estrutura lingüística ás novas necesidades sociais (codificación, normativización, etc.) e por outro, o conxunto de accións sociopolíticas destinadas a aumentar os usos sociais do idioma. Ademais, sinalábase como peculiaridade propia da normalización a énfase na intervención da sociedade civil, aspecto este que queda en segundo plano ao falar de *planificación lingüística*.

Xa que logo, enténdese por normalización lingüística aquel proceso sociopolítico dirixido a conseguir a «normalidade» do status do galego. O posible debate que se deriva do concepto responde ao que debe entenderse por «normalidade»: monolingüismo social en galego, igualdade real e formal entre as dúas linguas, liberdade de opción dos cidadáns e cidadás...

Na nosa opinión, nunha sociedade cada vez máis plural e globalizada, debe fuxirse da confrontación galego-castelán e orientar o concepto cara ao discurso do plurilingüismo.

A sociedade civil debe demandar ao poder político que fomenta a competencia plurilingüe dos cidadáns e garanta os seus dereitos lingüísticos individuais, ao tempo que na vida pública lle outorgue ao galego, como idioma propio de Galicia, carácter de lingua preferente, estimulando o desenvolvemento pleno das súas funcións sociais.

4. Cal será a posición social da lingua galega no futuro?

Non é doado facer prospeccións na situación social dun idioma minorizado, xa que o seu futuro está determinado por factores políticos, económicos e sociais dificilmente predicibles. Os especialistas coinciden en sinalar que é fundamental a promoción social e cultural dos sectores galegofalantes, reforzando as dinámicas de mantemento da lingua, pero tamén que é no ámbito urbano, e entre as camadas

máis novas, onde se xoga o futuro, outorgándolle á recuperación de falantes un papel decisivo no proceso. No incremento do uso do galego nos medios de comunicación e nos ámbitos socioeconómico, tecnolóxico, educativo e do lecer parecen tamén estar boa parte das claves.

O Goberno deberá conxugar a garantía dos dereitos lingüísticos individuais co mandato estatutario de promover o uso preferente do galego, para o cal debe exercer un liderado non dirixista, fomentando tanto a colaboración interinstitucional como coa sociedade civil. É fundamental reforzar o aspecto técnico, contando con especialistas ben formados e cun entramado institucional sólido, eficaz e ben dotado, apto para implementar a política lingüística nos diferentes sectores.

As institucións e colectivos comprometidos coa normalización deben, pola súa parte, anovar o argumentario explorando novos discursos. Hai que subliñar a importancia do galego na construción da identidade colectiva, pero dunha identidade plural, dinámica e aberta; non fixada en clichés reducionistas. Ademais, hai que salientar o valor da diversidade e do multilingüismo, incidindo en valores pos-materialistas, e na proxección de Galicia cara a Portugal, Brasil e os países lusófonos. Cómpre enriquecer a deliberación pública sobre a lingua cun discurso integrador e non excluyente, universalizante máis ca particularista.

En resumo, as institucións deben velar polo cumprimento da legalidade vixente e o pleno desenvolvemento social do galego, como ben público que é, mais é a sociedade civil a que, cos seus usos e actitudes, vai decidir en última instancia cal é o papel que quere que o galego xogue tanto na propia autoconstrución identitaria como pobo como na relación intercultural cos outros pobos do planeta. O futuro está aberto a todas as posibilidades.

Asociación Socio-Pedagógica Galega (AS-PG)

1. Como foi a evolución da lingua galega nos últimos 25 anos?

A evolución nos últimos 25 anos foi en xeral negativa pois neste período perdeu a condición de lingua maioritaria no medio urbano e entre a xente nova. A perda de falantes foi continua nese tempo. Porén, o dato máis negativo dánolo o *Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004*, onde se constata que en 1992 o galego era a lingua inicial do 60,3% (MSG-92) e en 2004 éo só do 20,6%. Isto é, en 12 anos o galego non só perdeu a condición de lingua maioritaria como lingua inicial senón que se converteu en moi minoritaria (máis ou menos, hoxe aprenden a falar en galego o 20% e en español o 80%). Isto significa que a política lingüística seguida neste período non deu resultados positivos para a conservación ou aumento do número de falantes; todo o contrario, produciuse a maior perda de falantes iniciais de galego de toda a historia en tan curto período de tempo.

Claro que hai algún elemento positivo, como a recuperación de funcións na Administración, no ensino, na política..., así como o aumento das competencias en galego, mais isto fica totalmente escurecido polo anterior.

2. Cal é a situación da lingua galega na actualidade?

A situación da lingua galega na actualidade é extremadamente preocupante. Á luz do anterior, neste momento estase a producir a ruptura na transmisión interxeracional do galego, segundo a sociolingüística o elemento central que anuncia a substitución ou morte da lingua. Só aprenden a falar en galego neste momento o 20%, o que quere dicir que ese vai ser o número de falantes nas próximas xeracións, pois tamén a sociolingüística nos di que en xeral falan unha lingua aqueles que a tiveron como lingua inicial e que a posibilidade de recuperación de falantes iniciais doutra lingua é moi pequena. Esta situación é aínda máis preocupante se temos en conta que no medio urbano a porcentaxe é bastante menor. Asistimos, por tanto, ao momento crucial, a perda da transmisión, que se está a consumir neste momento. Se non se detén esta sangría agora, a situación vai ser irreversible.

Outro aspecto moi preocupante na actualidade é o avance constante do proceso de deturpación interno da lingua, isto é, da súa castelanización progresiva, que aos poucos vai camiño de o converter nun dialecto do castelán. Os perigos do galego na actualidade son, por tanto, dous: perda de falantes e perda de calidade da lingua ou castelanización brutal, sobre todo na oralidade. Isto quere dicir que o galego camiña cara á súa extinción por dúas vías, a da perda constante de falantes e a da disolución paulatina no español, ou dito con outras palabras, a da absorción do galego por parte do castelán, até o converter nunha das súas variantes.

3. Que significa a normalización lingüística do galego?

A normalización do galego debe significar que o galego, como lingua propia e ao mesmo tempo en perigo, ocupe todos os ámbitos e funcións públicas dentro da sociedade galega, de modo que, adaptando o postulado polo sociolingüista catalán Albert Bastardas, se faga en galego, en exclusiva, todo aquilo que sexa posíbel, reservando o uso doutras linguas (español, inglés...) só para aquelas funcións que o galego non pode realizar. Isto debe permitir conxugar os principios de territorialidade e personalidade. E normalizar o galego tamén debe supor establecer vínculos de relación e aproximación coas outras variantes faladas no mundo (portugués, brasileiro...), así como consolidar un modelo de lingua auténtico, isto é, descastelanizado.

4. Cal será a posición social da lingua galega no futuro?

O futuro da lingua galega, de non mudaren substancialmente as políticas lingüísticas, será o de se converter nunha lingua minoritaria (falada polo 10 ou 15% da poboación) e con funcións cada vez máis rituais. Se no XIX o galego deixou de ser a lingua das clases altas e no XX das clases medias e da mocidade, de a situación non mudar, o século XXI será o da perda do galego como lingua das clases populares, ficando só como idioma dunha pequena minoría concienciada e comprometida.

Confederación Intersindical Galega (CIG)

1. Como foi a evolución da lingua galega nos últimos 25 anos?

Se facemos balance da evolución do noso idioma durante estes 25 anos, o resultado, sen lugar a dúbidas, e moi ao noso pesar, é desalentador e negativo. Afirmar o contrario, cando un 40% da poboación nada ao redor desas datas cambiou de lingua en relación cos seus proxenitores, só se pode facer desde a inconsciencia ou desde o desinterese porque o noso idioma sobreviva no futuro.

O feito de que o galego teña maior presenza no ensino, que gañase prestixio e que se fose introducindo moi lentamente nalgún ámbito que lle era totalmente alleo, non nos pode confundir para aseverar que o galego perde uso social e diminúe o seu número de falantes.

De pouco serviu até hoxe termos unha Lei de Normalización Lingüística que fixa a obriga de que o alumnado galego reciba o 50% de aulas en galego, cando aínda hoxe estamos loitando para que este obxectivo sexa unha realidade, despois de 28 anos desde a súa publicación.

Nunha sociedade diglósica como a nosa, prexuízosa, polo tanto, co uso da nosa lingua, foi mortífera a política lingüística deseñada durante estes anos de subordinación e de substitución que, baixo a falacia do bilingüismo harmónico, se perseguía acalar calquera conflito lingüístico, tendo por natural a abafante hexemonía do español no sistema educativo e noutros eidos e espazos relevantes.

O poder político, ao longo destes anos, baseou a súa política «desnormalizadora» nunha pretendida normalidade do proceso de substitución lingüística, de aí que son irrelevantes as accións normalizadoras reais emprendidas pola Consellaría de Educación en todo o período do goberno do PP. Así na década dos 80, os cativos avances legislativos, pasaron, fundamentalmente, por conseguir o status de materia curricular para o galego. A impartición no noso idioma doutras materias foi motivada, en boa medida, pola disposición favorábel e compromiso militante dun sector do profesorado a prol da normalización lingüística.

A promulgación, no ano 95, do Decreto 247/95 de Normalización Lingüística no ensino, tivo de positivo que, por primeira vez, se prescribira a obrigatoriedade de

impartir un terzo das materias en lingua galega, máis non establecía ningunha medida normalizadora na Educación Infantil para aqueles centros en que o alumnado é maioritariamente españolfalante. Desde a CIG-Ensino, persistimos na necesidade de efectivizar o seu cumprimento. A Consellaría non só careceu do seguimento necesario, senón que, pese a constatar e comprobar o seu total infrinximento, mediante diferentes informes, entre eles o elaborado pola CIG a través dunha enquisa feita en 261 centros, nunca activou ningún mecanismo para evitalo.

O denominador común da etapa política de maioría absoluta do PP foi a violación permanente da lexislación idiomática. A presión e combate desde diferentes sectores comprometidos co idioma, nos que se atopa a CIG-Ensino, deu os seus resultados coa aprobación, no Parlamento Galego, no ano 2004, por unanimidade, do Plano de Xeral de Normalización Lingüística que abrangue medidas positivas para diferentes ámbitos da sociedade. Pero, unha vez máis, lexíslase para non cumprir.

2. Cal é a situación da lingua galega na actualidade?

A ninguén se lle escapa que os cambios profundos nos hábitos idiomáticos en sociedades dependentes e diglósicas son lentos, moito máis nunha sociedade como a nosa que, durante máis de cinco séculos, se lle inculcou e educou no prexuízo e desprezo do propio. Mais isto non é óbice para que sexamos críticos coa actual política lingüística pola falta do compromiso político necesario, por carecer de obxectivos claros, por non buscar propostas nin artellar actuacións novas e efectivas para a normalización e galeguización da sociedade, en xeral, e do ensino, en particular.

É inaceptábel que tanto a Secretaría Xeral de Política Lingüística como a propia Consellaría de Educación non só carezan e non fornezan de propostas e medidas normalizadoras, senón que eviten ou neguen apoios e reforzos a iniciativas que desde distintos ámbitos sociais están dispostas a activar para revitalizar o noso idioma.

A extensión do uso da lingua galega ao conxunto da sociedade, a galeguización e a normalización no ensino teñen que ser a prioridade das administracións públicas e de todo o goberno galego. Sumamente preocupante continúa a ser a presenza do noso idioma no sistema educativo. Observamos que, no mellor dos casos, nin un 25% do alumnado aprende a ler e a escribir no noso idioma e apenas un terzo do alumnado usa máis o galego que o castelán. Hoxe segue habendo alumnado que se incorpora ao sistema educativo como galegofalante que a escola transforma en españolfalante ao rematar os estudos. O emprego do galego como lingua de docencia é insignificante e anecdótico na Universidade.

Neste momento, a propia Consellaría de Educación en lugar de implicarse activamente na procura de que todos os centros docentes cumpran o Decreto 124/2007 que regula o uso e promoción do galego no ensino; en elaborar un plano de formación que abrangan todo o profesorado para mellorar a súa capacitación, buscando actitudes máis favorábeis cara ao ensino galego e o reforzo dos Equipos de Normalización Lingüística, pretende, igual que fixera o seu predecesor, limitarse a afirmar que o noso idioma non ten problemas e non fai efectiva nin a súa propia norma que, de cumprirse, sen lugar a dúbidas, suporía un avance importante na actual situación. Mentres, rexorde un sector fondamente españolista e antigalego, con fonda resonancia e apoio mediático, que ten como norma e pauta agredir e procurar a desaparición do noso idioma, nomeadamente da vida pública e do sistema educativo, cando o noso idioma non conta nin sequera cos mesmos dereitos que o español e non temos garantido nin o dereito a usalo.

3. Que significa a normalización lingüística do galego?

Trátase dun proceso cuxo final consiste en que o idioma propio de Galiza, o galego, consiga ser un idioma normal no seu propio país, único idioma oficial, usado e empregado por todos os galegos e galegas en todos os ámbitos, situacións e circunstancias.

Primeiro hai que fornecer o galego de todos os dereitos das linguas normalizadas: garantir o dereito a usalo e o deber de coñecelo. O camiño a percorrer para estender e avanzar no seu uso social necesita romper moitas barreiras, desfacer moitos prexuízos, desterrar a pasividade, facilitar a súa utilidade e poder exercer plenamente como galegos/as. Neste momento, debemos activar a mobilización social para avivar a normalización e para poder vivir as 24 horas en galego. Primeiro, executando as medidas previstas no plano de normalización lingüística, aprobado no Parlamento, no ano 2004 e, segundo, aplicando en toda a súa extensión o actual Decreto de Normalización Lingüística até conseguir que o galego sexa a única lingua vehicular do ensino en todas as súas materias e etapas educativas.

4. Cal será a posición social da lingua galega no futuro?

Con certeza, o porvir do noso idioma e o seu uso social pleno irá parello ao dereito a decidirmos o noso futuro como galegos.

O actual panorama lingüístico, aínda non sendo alentador, permite afirmar que a loita pola plena normalización non está, nin moito menos, perdida. En princi-

pio, é preciso que o idioma sexa a prioridade política de todo o goberno galego e o compromiso permanente e activo de todos os poderes públicos, visualizando así a importancia e a necesidade do coñecemento e uso do noso idioma. Precisamos vontade real, sen artificios e con valentía.

Para procurar e acertar nas solucións o primeiro que hai que considerar é que o comportamento idiomático da nosa sociedade segue sendo diglósico. A aposta pola alternativa bilingüe como futuro definitivo para o noso idioma suporía, no fondo, optar, máis cedo ou máis tarde, pola desaparición social do galego. Os «equilibrios lingüísticos» non existen máis que na imaxinación e a «pax lingüística» non é máis que un camiño para perder galegofalantes e presentar como normal a desgaleguización.

Sen lugar a dúbidas, o futuro social da nosa lingua ten que se asentar nunha política lingüística diferente para a cal é fundamental acadar o maior grao de soberanía política co fin de que nos poidamos dotar dunha lexislación propia, sen limitacións externas, que garanta todos os dereitos para a nosa lingua.

Acreditamos no futuro do noso idioma e para iso cómpre un cambio de rumbo que rompa coa imposición secular doutro idioma que non nos é propio e recupere a normalidade social para o noso.

Comisións Obreiras (CCOO)

1. Como foi a evolución da lingua galega nos últimos 25 anos?

Despois de anos de loitas e de privación de dereitos e liberdades, o pobo dotouse dunha Constitución democrática que lle reconece a Galicia o dereito histórico ao autogoberno. O conseguinte Estatuto de Autonomía consagra que «o galego é a lingua propia de Galicia». Consecuentemente con isto, o goberno da Xunta de Galicia promulga a Lei de Normalización Lingüística no ano 1983 que vén encher de contido normativo o coñecemento, a utilización, o estudo da lingua galega en todos os eidos da vida do pobo galego: no institucional, no privado, na administración, no ensino, nos medios de comunicación...

Xa que logo, a devandita Lei de Normalización vén supoñer un alicerce, unha ferramenta indispensable para a lingua galega que dá forma e contido aos anhelos dun pobo que, malia os atrancos e dificultades históricas, foi quen de manter acesa a chama da lingua, selo vivo e indispensable da identidade do pobo galego.

A lingua galega, antes prohibida, perseguida e afastada da vida pública, pasou a gozar dun status que había séculos deixara de ter.

2. Cal é a situación da lingua galega na actualidade?

Din as estatísticas que unha porcentaxe altísima de galegas e galegos –máis ca en Cataluña e, por suposto, en Euskadi– entenden o galego oral e escrito, pero que cada vez é menos o seu uso cotián –ao contrario do que acontece en Cataluña e en Euskadi–, e que este fenómeno se dá sobre todo entre a xente máis nova. Que acontecerá á volta de tres ou catro xeracións?

Nos últimos anos da Ditadura franquista, Alonso Montero expoñía no libro *Informe dramático sobre a lingua galega* a idea de que o galego acabaría por desaparecer por mor da chegada aos fogares galegos dun medio único de comunicación en castelán poderosísimo: a TVE. Galicia era daquela maioritariamente rural, galegofalante e coa mala e moi estendida conciencia de que falar galego era propio de pailáns.

A deus grazas, ese mal agoiro non se cumpriu. Botouse abaixo a Ditadura, aprobouse a Constitución e tamén o Estatuto, consagrouse o uso do galego na Lei de Normalización, púxose a andar a RTVG e deuse en publicar en galego como nunca antes se publicara, pero a realidade é que, como tamén dixo Alonso Montero revisando o seu *Informe*, o galego estase a converter nunha lingua litúrxica, nunha lingua só para os actos solemnes.

Si, temos unha Lei de Normalización Lingüística –imprescindible–, normas de desenvolvemento, ordes e decretos, pero o problema está en que ao tecido social, a xente que mantén viva a lingua, semella que tanto lle ten.

Colectivos que hai anos pedían «Liberdade, Amnistía, Estatuto de Autonomía» ou que mesmo pulaban por unha «Galiza ceibe», hoxe póñense do lado de «Galicia bilingüe», eufemismo no que se agocha aquela máxima rancia e fascista de «No seas bárbaro, habla la lengua del imperio».

3. Que significa a normalización lingüística do galego?

Vinte e cinco anos é moito tempo –unha xeración!–. Quere isto dicir que a cuarta parte dos galego e galegas deixaron o seu lugar a outros tantos galegos e galegas –é lei de vida–. Os que se foron deixáronnos en herdo esta lingua prestixiada na Idade Media, minorada durante cinco séculos, aguillón contra o franquismo.

Neste tempo, o galego foi recuperando terreo no ensino público non universitario a paso de tartaruga, no ensino privado atopouse con máis resistencias das esperadas e na universidade todo quedou á vontade individual dos docentes. Semella que os elementos cultivados da sociedade, aqueles nos que repousa a formación das novas xeracións, renunciásen a proporcionarlles as ferramentas necesarias para tomar conciencia e de se sentiren orgullosos da súa lingua materna.

Nos demais eidos da sociedade os resultados non son moi alentadores: na administración, agás os escritos (e non sempre), a lingua vehicular é o castelán, na xustiza acontece outro tanto, e no ámbito da empresa privada mesmo se di que o uso da lingua galega prexudica os negocios.

É lóxico, non podía ser doutra maneira: unha Lei –importante– que naceu e se puxo a andar baixo un goberno de persoas que rexeitaban todo o que cheirase a autonomía e a galeguismo, que interese podían ter en que se aplicase?

4. Cal será a posición social da lingua galega no futuro?

Catro mil, cinco mil linguas hai no mundo? Tanto ten, o galego é unha delas. O malo do asunto é que cada ano varias ducias de idiomas desaparecen por propia inanición.

No mundo global, uniformador, no que vivimos parece que só as linguas nas que se move a economía constitúen por si mesmas un saber útil, que o valor dunha lingua hai que medilo polo número de falantes ou polos cartos que é capaz de producir. Esquecémonos do valor psicolóxico, afectivo e humano que encerra.

«Mil primaveras máis para a lingua galega», deixou escrito Álvaro Cunqueiro. Contamos con todo o necesario para que sexa certo este desexo: unha institución, unha lei, unha gramática, un pobo.

Digamos como Celso Emilio Ferreiro: «Eu fáloa porque si, porque me gusta, porque me peta e dá a gaña».

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza (STEG)

1. Como foi a evolución da lingua galega nos últimos 25 anos?

A Constitución española vixente desde 1978, envolvéndose nunha retórica que se reclama «proteccionista» e «respectuosa», consagrou a desigualdade lingüística no Estado, en dolorosa continuidade de base co franquismo, e deu soporte xurídico á subalternidade dos idiomas que non son o castelán, para os que se predica o dereito de uso, mais non a obriga de coñecemento, e para os que non se contempla, nin sequer como *desideratum*, o horizonte da súa plena normalización.

Esa desigualdade no status xurídico, que converte o uso dos idiomas non casteláns nunha especie de permanente e heroica «obxección de conciencia» contra a regra xeral castelanófona en vez de nun dereito individual e colectivo básico dos pobos con lingua de seu, contaxia logo todos os estatutos autonómicos, normas e decretos correspondentes. Desa desigualdade e da actitude das forzas que hexemonizaron o panorama político, social, mediático, económico, etc., tanto en España como aquí derívanse todo tipo de discriminacións, de dobres raseiros, de bilingüismos descompensados, de tratamentos asimétricos, de minorizacións tanto simbólicas como prácticas para os que teñen como propia unha lingua distinta do castelán.

Por iso, a pesar do discurso «harmonicista» e negador do propio «contacto de linguas» (xa non falemos do vitimismo *soi-dissant* «bilingüista» dos pobriños defensores de «la lengua común», ese xigante tan débil...), por unha banda, e a pesar tamén, por outra, do tan elevadísimo gasto superfluo, derrochador, mal orientado e por veces abertamente escandaloso que se ten feito dos diñeiros públicos para, presuntamente, avanzar na «normalización» do galego (véxase, como botón de mostra, a «eficiencia» das axudas á prensa diaria escrita editada no país...), a realidade é abrumadoramente clara e triste: o galego foi a menos nos últimos 25 anos, vai a menos a día de hoxe, mesmo con pactos bipartitos que predicaron, de entrada, outras formas de gobernar e con planos de normalización disque unánimes.

Dito en poucas palabras. O galego non gaña espazos de uso apenas, faise cada vez máis tenue a súa presenza en determinadas áreas xeográficas e sociais, está en

posición subalterna a respecto do castelán en numerosísimas facetas da vida social e perde a cada xeración maior número de falantes.

Neste panorama de negativa continuidade do proceso glotofáxico, hai determinados avances que non deben ignorarse nin negarse: a presenza do galego na TVG, a fortaleza simbólica e expansión relativa do noso sistema literario, o labor abnegado e case «apostólico» dun sector do profesorado ou do asociacionismo cultural de base, etc., foron as vitaminas que impediron que o debilitado corpo do idioma galego mirrase aínda máis e a maior velocidade do que o fixo, mais a diagnose non pode apuntar máis que ao progresivo empeoramento global do estado de saúde e vitalidade do suxeito enfermo.

2. Cal é a situación da lingua galega na actualidade?

Algunhas porcentaxes falan por si soas sobre a invisibilidade, a subalternidade, a marxinação e a falta de verdadeira normalización de usos do galego na sociedade, ou o que é o mesmo, do fracaso das estratexias de normalización despregadas durante décadas, presuntamente con intención de favorecer o galego, polas distintas instancias políticas e institucionais actuantes, fosen estatais, autonómicas ou locais: só o 8% das sentenzas que se ditan nos xulgados galegos empregan o noso idioma; só o 5% das lápidas dos nosos cemiterios «falan» en galego; só o 8,9% da docencia na Universidade da Coruña se imparte na nosa lingua; só pouco máis dun 5% das páxinas da prensa diaria escrita editada en Galiza presentan o galego como idioma vehicular; menos dun 16% dos galegos empregan o galego habitualmente como idioma para a escrita...

Poderíanse engadir máis exemplos descorazonadores con tan só preguntarse en voz alta polo número de misas, vodas, bautizos, primeiras comunións que se celebran en galego; polos niveis de emprego no ámbito notarial e contractual; polo tanto por cento de declaracións da renda que se fan cada campaña na nosa lingua; pola cantidade de autoescolas que facilitan test e materiais en galego; pola cantidade de comercios que se publicitan na nosa lingua; polo número de contratos laborais e hipotecas subscritos no noso idioma; etc.

No propio campo educativo, xoia da coroa do esforzo normalizador nos últimos 25 anos, campo de aplicación de decretos de uso e de ampliacións favorábeis ao galego, os resultados son ben elocuentes: incumprimento masivo das disposicións en materia de lingua, tanto antes como agora; carencia sangrante de materiais didácticos e pedagóxicos en galego (véxase a situación ao respecto na ampla oferta de

ciclos formativos existente) e, en definitiva, continuidade histórica do sistema educativo no seu conxunto como panca de desgaleguización idiomática. Si, é certo, temos un profesorado e un alumnado máis capaz de ler, escribir e comprender o galego (o de falalo merecería nota á parte) ca antes, pero capacitación e dominio sen uso activo, sen cabal comprensión da situación sociolingüística, sen desarmamento de vellos e novos prexuízos lingüísticos, sen amábel convite ao afortalamiento social da lingua postergada é, en derradeira instancia, botar auga nun cesto...

En síntese, fóra do tradicional espazo familiar-coloquial, da maioría das institucións (onde o uso ritual do galego parece asumido por todos) e de ámbitos moi, moi concretos da vida social (a literatura, o teatro, o asociacionismo cultural, unha parte do ensino, unha parte da actividade sindical e da negociación, e pouco máis), o galego é un idioma en claro devalo, secundarizado, minorizado, ocultado e obxecto aínda de numerosos prexuízos negativos.

3. Que significa a normalización lingüística do galego?

Significa o que o propio concepto expresa con claridade meridiana: facer norma social o uso do galego, conseguir (de xeito gradual e paulatino, claro, pero tamén inequívoco) que a lingua habitual, cotiá e polivalente de todos e cada un dos galegos e galegas sexa a propia, sen que iso impida, antes ao contrario, a aprendizaxe, dominio e uso en contextos e situacións diversas de máis linguas, cantas máis mellor.

Trátase de poder vivir en galego sen pexas as 24 horas do día, de ter acceso a todo tipo de servizos, materiais, ofertas, produtos, anuncios, impresos, programas, traballos... no idioma propio de Galiza, de exercer o dereito ao uso do idioma coa mesma naturalidade e normalidade que o fai un vallisoletano na súa terra cando emprega o castelán.

4. Cal será a posición social da lingua galega no futuro?

Os niveis de perda na transmisión interxeracional do galego son tan preocupantes que sería un exercicio de ilusionismo ou unha irresponsabilidade pensar que o futuro que agarda ao galego nos vindeiros anos non pase, antes que nada, por frear e inverter esa tendencia, absolutamente letal para unha lingua, como advirte a UNESCO cando inclúe a nosa lingua na categoría «en perigo».

O galego, ademais de non perder uso entre os sectores que chegaron aos nosos días téndoo como lingua habitual, ten que conquistar, dito sexa esquematicamen-

te, as urbes, as clases medias e as capas novas da sociedade se quere ter garantida a súa continuidade. A planificación normalizadora que se faga, e debe facerse unha mellor e máis coherente e ambiciosa da que se aplicou nos últimos 25 anos, debe atender a premisa de que só creando espazos de uso se pode normalizar verdadeiramente, de que vale máis unha campaña de extensión práctica dun uso concreto do galego, por pequecho, limitado ou parcial que sexa, que non calquera super-campaña mediática (bolis, chapas, carteis, colantes e anuncios na tele...). Hai que colocar a conservación e o uso do galego, ademais, na perspectiva do multilingüismo positivo, da ecoloxía das linguas, do progreso humano individual e colectivo, e na clave menos «politizada», queremos dicir, máis «suprapartidista» e tamén «suprasindicalista», que sexa posíbel.

NOVA ESCOLA GALEGA E A LINGUA

A seguir incluimos algúns dos documentos que sobre a lingua veu facendo públicos NEG neste tempo e que recollen en parte a nosa preocupación, o noso traballo e as nosas propostas neste eido.

Poden consultarse estes e mais outros documentos no sitio web de Nova Escola Galega: *<http://www.nova-escola-galega.org>*

Van aló 25 anos!

César Martínez Yáñez

Grupo de Normalización Lingüística - NEG

...e NEG aínda teima por normalizar.

A verdade é que, ben pensado, esta teimosía merece un estudo a fondo. Traballo que non tardará en chegar tendo en conta que xa quedan moi poucos estudos que facer sobre este asunto.

A moitos socios e socias de NEG preocupounos e ocupounos a normalización da lingua e da cultura galegas no ensino e na sociedade. Se esta arela representa un dos eixes definitorios da nosa asociación, non pode estrañar a insistencia neste terreo. Pode, iso si, ser chocante para quen observe dende fóra o fenómeno, que se alongara tanto no tempo. Aí é onde esta organización xa non pode intervir; a súa capacidade de incidencia no sistema educativo non abrangue máis terreo có da formulación de propostas con aval pedagóxico e rigor científico. Así se fixo ao longo destes 25 anos con pouco éxito, polo que se ve. A outras instancias políticas e administrativas correspóndelles a responsabilidade de executar programas eficaces para restituír a normalidade. O seguimento destas actuacións e a perspectiva que darán os próximos anos van evidenciando a inutilidade e o fracaso das políticas aplicadas, constatada coa espectacular perda de falantes nas novas xeracións.

O feito dunha mingua destas dimensións contradí absolutamente o obxectivo central da normalización e desvirtúa aqueloutros avances que de xeito innegable se teñen producido noutros aspectos formais, en determinados usos e na recuperación de espazos. Eses avances están en risco de convertérense en rituais se perden o piar insubstituíble da masa de falantes.

Unhas estatísticas tan desfavorables invitan á reflexión sobre o que pasou en diferentes ámbitos da sociedade galega, no que á comunicación se refire, ao longo destes anos de aplicación de políticas lingüísticas:

- Normalizouse onde xa era normal, ou case normal: vilas e pequenos núcleos do interior e algunhas zonas costeiras. Nestes casos hai unha perda progresiva de peso específico polo despoboamento do rural e o envellecemento da poboación.
- Estandarizouse o uso do castelán en contextos urbanos (tamén vilas).

- Quebrouse a barreira do rural e mariñeiro como refuxio da transmisión lingüística e cultural interxeracional.
- Incorporáronse á dinámica social e laboral as xeracións castelanizadas que marcan o patrón lingüístico dominante ao estableceren a comunicación cos interlocutores. Este mesmo patrón aplícase á comunicación cos fillos e fillas.
- Urbanizouse e despersonalizouse o mundo do ocio asimilando esta actividade á transmisión da cultura alófona, dobremente alleada, a través do castelán.
- As grandes empresas multinacionais que se instaloron no país, especialmente no sector servizos, non foron sensibles co idioma (nin cos consumidores) e impuxeron directa ou indirectamente o castelán como lingua habitual de comunicación.
- A chegada das novas tecnoloxías puido ser unha inmejorable oportunidade para recuperar o terreo perdido pero non se está a facer todo o esforzo que cumpriría para aproveitálas neste senso. Tampouco se esforzan en colaborar as multinacionais do sector.

Estes son algúns dos exemplos significativos de que as dinámicas sociais viaxan en AVE e os intentos normalizadores viaxan con locomotora de vapor. Estaremos a tempo de coller o tren do futuro?

Ao longo destes 25 anos NEG caracterizouse pola súa independencia, pola crítica construtiva e polo esforzo en achegar propostas realistas. Por iso imos facer un repaso da súa traxectoria normalizadora neste cuarto de século.

As razóns de ser

Tempo de xestión (anos 70)

Lembrar a historia non é nostalxia; é realismo.

Deste xeito poderíamonos remontar ao Pai Sarmiento no que atinxe á reivindicación dunha escola galega e en galego. Tamén ao *Plan pedagóxico pr'a galeguización d'as escolas*, publicado en NÓS (1921) e algunhas honrosas iniciativas individuais de ensinantes esgrevios. Pero cando as arelas normalizadoras prenden con forza no mundo do ensino é no tardofranquismo e no posfranquismo. A lousa da represión política e lingüística tamén provocou unha reacción máis forte. E poida que a reforma educativa de Villar Palasí, con eivas clamorosas, pero con intención de xeneralizar o ensino básico a toda a poboación, contribuíse a dignificar o labor docente e a facilitar o contacto entre o profesorado.

A necesaria renovación metodolóxica leva a reflexionar sobre o tratamento escolar da lingua galega. Porén, nos anos 70 do século XX xorden os primeiros colectivos e tamén os grandes conflitos pola galeguización da escola que convulsionaron con frecuencia o mundo do ensino.

O labor e entusiasmo irrepetible dos docentes agrupados en colectivos como Movemento Cooperativo, Avantar, Xilberbeira, Lubicán, Escola Aberta, Preescolar na Casa, Bergantiños, etc. provocou cambios profundos na concepción do ensino, centrados en tres direccións:

- Democratización.
- Galeguización.
- Renovación metodolóxica.

Exemplos ilustrativos son a colección de diapositivas publicadas por Escola Aberta, innovadoras na metodoloxía e na introdución de contidos da cultura galega.

O colectivo Avantar, da bisbarra de Ferrol, xa difundía no curso 78/79 unhas *Bases de traballo prá normalización do galego na escola*. En 1979 colabora na *Programación de Lingua Galega pra Ensino Básico*, primeira programación oficial da Xunta de Galicia para o ensino, e en 1981 sae publicado (Ed. Xerais) o primeiro libro de texto de galego para 6º de EXB, *O noso galego 6*, deste colectivo.

1ª Etapa: As orixes (1983-1987)

Nace NEG o 11/6/83, porque lle cadrou, dous días antes de que o Parlamento de Galicia aprobase a Lei de Normalización Lingüística.

Desde o primeiro momento amosou a vontade normalizadora (lingüística e curricular) en tódolos documentos e pronunciamentos nos que participou.

Os estatutos, no seu artigo 3, deixan constancia desta vontade:

Nova Escola Galega nace coa finalidade xeral de impulsa-lo traballo de renovación pedagóxica e de galeguización lingüística e curricular do sistema educativo de Galicia...

Este texto tamén reflicte outro eixe fundamental da filosofía de NEG: o de vincular a normalización lingüística ós procesos de renovación pedagóxica. Evítase así a distorsión, con frecuencia disfrazada de progresismo, da separación de ambos os procesos.

As diferentes actuacións de NEG son consecuentes con este principio.

Esta primeira etapa está marcada polo peso e a traxectoria dos colectivos funda-

dores: Movemento Cooperativo, Xilbarbeira, Lubicán, Avantar, Escola Aberta, Preescolar na Casa, etc.

A posibilidade de introducir o galego na escola e a necesidade de abrir camiño cara a maiores cotas de galeguización, tiñan acaparada a capacidade dos diferentes grupos en tarefas de elaboración de libros de texto e todo tipo de materiais curriculares (unidades didácticas, renovación de contidos, traducións, materiais audiovisuais, etc.). Foi un esforzo inmenso, amplo e, visto á altura de 2008, unha decisiva contribución á incorporación do galego ó sistema educativo. A carencia case que absoluta de referencias dificultou este labor, superado con altas doses de voluntarismo e de ilusión.

2ª Etapa: Reflexión-reivindicación (1988-1992)

Nestes anos aparecen diferentes estudos sociolingüísticos que evidencian as eivas que se producen na normalización no sistema educativo.

O decreto do 88 significa un avance pero non é o marco ideal para restaurar o corpus lingüístico-cultural no ensino. O dinamismo inicial do profesorado tamén sofre atrancos desde diferentes instancias (un sector do profesorado, parte dos pais, lexislación, desamparo administrativo, etc.).

Neste período NEG desenvolve ó longo de cinco anos xornadas monográficas sobre a normalización. Como consecuencia destas reflexións publícase (1988) o primeiro modelo de normalización lingüística para o ensino: *Un Modelo de Normalización Lingüística para o Sistema Educativo galego* (Vid. Anexo 1), de NEG e o *Modelo de Normalización Lingüística para o Ensino* (Vid. Anexo 2), 1989, documento elaborado nunhas xornadas e asinado por máis de vinte organizacións representativas de diferentes sectores da docencia, do mundo laboral, político e social de Galicia.

A necesidade de contarmos cun instrumento deseñado para normalizar o galego no ensino queda reflectido no feito, pouco usual, de que un amplo abano de organizacións consensuasen este modelo:

APLL (Asoc. de Prof. de Lingua e Literatura Galega) / ASPG (Asociación Sociopedagóxica Galega) / BNG / CCOO de Ensino / Concello de Fene / Departamento de Filoloxía Galega (Univ. de Santiago) / División de Estudos de Bilingüismo (ICE) / Federación de APAs de Ferrolterra / Federación de Asociacións Culturais / Facultade de Filosofía e CC da Educación / ICE (Instituto das Ciencias da Educación) / ILG (Instituto da Lingua Galega) / MNL (Mesa pola Normalización Lingüística) / MCG / Nova Escola Galega / PSG-EG / SGEI-(CXTG) / SGTE / UTEG-(INTG)

Esta arela normalizadora maniféstase con claridade no parágrafo introdutorio:

As organizacións asinantes deste documento, interesadas na necesaria normalización lingüística do ensino, constatamos unha situación aínda moi deficitaria de presenza vehicular do galego nos diferentes niveis educativos e unha falta de vontade política por parte da Administración para efectivizar esta necesidade, que é, ademais, un mandato legal.

Máis adiante o texto analiza a situación actual (1989) e define o que entenden as organizacións asinantes como normalización:

Entendemos por normalización lingüística o proceso que teña como resultado o que o noso idioma acade unha situación normal, como lingua de uso de toda a poboación galega en todo tipo de situacións.

Nesa análise amósanse as carencias no eido administrativo e político:

Apréciase que os avances realizados ata agora neste proceso son insuficientes e producto de iniciativas individuais ou de grupos, non do necesario impulso administrativo ou político. Non hai obxectivos procesuais marcados no camiño normalizador, nin estratexias minimamente definidas, nin vontade de acadar dun xeito efectivo a normalización, nin sequera naqueles fins marcados pola lexislación vixente.

3ª Etapa: Expectativa (1992-1996)

O necesario impulso normalizador institucional parece lóxico coa publicación destes documentos. O mandato político e administrativo semella non poder adiar-se por máis tempo, pero as iniciativas chegan con poucos folgos.

Nestes anos, o orzamento procedente da débeda histórica fai pensar que a carencia de recursos xa non representa un atranco.

Con este panorama e a continuidade da precariedade da situación no ensino, pónense en marcha algunhas iniciativas.

A creación dos Equipos de Normalización Lingüística nos centros e a Coordinación Docente de Galego semellan pasos no camiño dunha planificación xeral.

NEG mantén esa expectativa e dálles continuidade a iniciativas normalizadoras de difusión xeral, xa iniciadas anteriormente (RGE, Novapaz, etc.) e participa en plataformas de apoio á normalización.

A publicación do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* dá pé a novas expectativas, pois evidencia que non estamos na situación ideal.

A administración mira para outro lado e burocratiza ou desmantela as tímidas iniciativas postas en marcha.

4ª Etapa: Presenza crítica; iniciativas de vangarda (1997-2004)

Transcorridos quince anos de ambigüidades normalizadoras, NEG, na liña de achega e intervención no mundo do ensino, pretende consolidar unha presenza activa e permanente na tarefa normalizadora. Neste senso presentou e foille aprobado un proxecto europeo que se desenvolveu ó longo do ano 1999 para revisar, redactar e difundir unha nova planificación que supere e lle dea resposta á situación actual. O resultado desta iniciativa concretouse na formulación dun novo *Modelo de Normalización Lingüística para o Ensino* (Anexo 5).

Han pasar outros cinco anos sen que a administración educativa elabore ou asuma algunha das propostas recollidas neste novo plan, adaptado ó novo sistema educativo. Un tempo no que NEG participa en debates como o da Fundación Enclave sobre «Coordinación de políticas lingüísticas», Compostela, febreiro de 2002, nos que defende o modelo presentado e sinala as liñas básicas dun plan xeral oficial que aínda non chegara.

A actitude da administración, compracida cun certo regulamento a través do DOG, evidencia a necesidade de exercer a crítica e ofrecer alternativas.

A carencia dun plano xeral de normalización, a ausencia de directrices coherentes e eficaces facilita o camiño aos sectores reticentes e deixa no máis absoluto desamparo ós que apostamos con esforzo e voluntarismo polo avance no proceso.

Deste xeito tivemos ocasión de ver como nuns anos se montaron pequenos xermes organizativos: equipos de centro e coordinacións que ao pouco se desmontaron ou se deixaron esmorecer abandonados á súa sorte.

Esa falta de directrices e planificación político-administrativa fixo xurdir seccións, grupos, colectivos relacionados dunha forma ou doutra coa normalización, pero sen canles para aproveitar as sinerxías xeradas e poder así contribuír a impulsar definitivamente o proceso. A administración amósase máis como freo aos avances que como locomotora dinamizadora.

A repartición pouco transparente de pequenas subvencións a centros e colectivos fai de bálsamo soporífero que contamina desde os sectores da vangarda ata os defensores da involución. Non hai debate social, non hai conflictividade; polo tanto non hai problema nin avances e todos vivimos nun mundo feliz. Deste xeito as autoridades teñen fachenda de harmonía lingüística (pax augusta), mentres o galego esmorece.

Nestes anos observamos abraiados (e avergoñados de nós) como son os fillos de emigrantes e os falantes estremeiros os que se manifestan sen complexos como orgullosos galegofalantes. Outros, acomplexados, na cerna do país, ridiculizában-nos do *a* ao *z*, coa teima polo *l* ou facendo desleixo das súas responsabilidades ó miraren para outro lado.

5ª Etapa: Chegounos a maioría de idade? (2004-2008)

No 2004, con motivo do comezo do curso escolar, NEG publica o boletín *Nova Escola Galega Opina. Educar en galego: o compromiso renovado* (Anexo 6) coa intención de relanzar o *Modelo* elaborado cinco anos atrás e con toda a súa vixencia. Tenta achegalo ós centros, ós docentes e á sociedade en xeral para provocar unha reflexión sobre as responsabilidades individuais e colectivas.

Transcorridos vinte e un anos da LNL (noutros tempos necesarios para a maioría de idade) asistimos ó agardado parto do primeiro plan de normalización lingüística oficial. Tódolos parabéns políticos, unanimidade e decisión para avanzar.

No mes de xullo o goberno levou ó Parlamento de Galicia unha iniciativa aprobada unanimemente en setembro como **Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega**.

Cando, ademais, se acaba de chegar a un consenso nun acordo normativo, NEG ve nestas decisións a raiola de esperanza que entra pola xanela. Con todo, non relaxa a actitude crítica e observadora e publica unha breve análise na que amosa eivas no recentemente nado plan.

Neste senso conclúe:

Un plan debe sinalar	A proposta aprobada ofrece
A realidade lingüística existente na poboación escolar.	Unha análise da legalidade e da súa aplicación.
O contexto social e a realidade sociolingüística que inflúe no sector.	Actitudes a prol e en contra da normalización.
Pautas de actuación que introduzan tamén a cultura galega nos deseños curriculares.	Non se propoñen.
Supostos de partida e estratexias para acadar o punto terminal normalizador.	Non se propoñen.
Fixar prazos e establecer unha etapa de transición.	Non se propoñen.

Un plan debe sinalar	A proposta aprobada ofrece
Asignación de recursos materiais e humanos.	Non se fixan nin estruturan.
Coordinación, apoio, dinamización e control.	Non se concretan.
Proxecto para todo o ámbito educativo desde a etapa infantil ata a universidade.	Non está deseñado con precisión nin temporalizado. A imprecisión é moito maior no que atinxe á universidade.
Capacitación específica de todos os axentes: lingüística, sociolingüística e cultural.	Hai referencias ó profesorado de lingua galega. E o resto do profesorado? Non docentes, pais, inspección, etc.?
Formación inicial, acceso á docencia e a outros estamentos do sistema educativo con criterios normalizadores.	Non se prevén reformas de calado nos plans das facultades de formación do profesorado nin no deseño dos CAPs.

Ó noso entender, esta proposta, PXNLG, debera chamarse con máis propiedade de análise ou diagnose, xa que, aínda que formula obxectivos, non cumpre os parámetros básicos para ser un plan a aplicar nos diferentes eidos sociais.

Por iso dicimos que estas e outras carencias reducen o pretendido Plan a unha batería de propostas que non se sabe quen, nin cando, nin como, nin con que medios se van aplicar.

O proxecto de decreto polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a promoción do galego no ensino, no marco da lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación tamén foi analizado, cando aínda era unha proposta. Mereceu no mes de abril de 2007 un extenso monográfico de *Nova Escola Galega Opina. Normalización Lingüística no ensino* (Anexo 7), no que se poñía o dedo na chaga dunha normalización na UCI con necesidade de urxente reanimación.

Cumpriron outros tres anos para artellar o Decreto 124/2007, que desenvolve algúns dos contidos do plan para a súa aplicación no ensino. Este Decreto, como pode observarse na análise comparativa co anterior, introduce maior concreción na definición de áreas e porcentaxes, aínda que non garante a consolidación dos avances en futuras revisións dos PECs de centro.

As conclusións tiradas naquel momento, coma os bos viños, van adquirindo corpo a medida que pasa o tempo, polo que cómpre lembralas hoxe:

Consideramos que, para dar resposta axeitada á situación actual, analizada dende unha perspectiva global e tomando en conta os indicadores da evolución socio-lingüística dos últimos anos, polo menos dende a publicación da Lei de normalización lingüística, serían necesarias medidas moito máis avanzadas e decididas –non só no eido do ensino– para conseguirmos colectivamente a reversión da tendencia á substitución lingüística en Galicia.

Á vista deses indicadores resulta obvio que os «argumentos» daqueles sectores que aínda falan da non «imposición» do galego e que esgrimen o «perigo» da desaparición do castelán só serven para enganar a opinión pública.

De xeito especial habería que salientar o papel que algúns medios de comunicación veñen desenvolvendo na ocultación da realidade e en serviren de soporte destas posturas, mesmamente para certa acción –ou inacción– política que non asume de xeito normal algo que semella obvio: a necesidade de que o galego, o idioma propio de Galicia, sexa a lingua habitual dos seus habitantes.

En moitos casos, e de boa fe, tamén se dá a postura de que non se debe facer fíncapé nos datos negativos sobre a lingua co fin de non transmitir sensacións derrotistas e favorecer a normalización. Porén, consideramos que a sociedade e os seus órganos e entidades representativas só lle poden dar solución axeitada a un problema cando realmente é consciente da súa dimensión. E o da normalización da lingua galega é na actualidade un problema de dimensións considerables, que precisa facerse explícito e require a adopción de decisións urxentes que mobilicen a sociedade. Sen lingua galega non hai Galicia.

No caso que nos ocupa, cómpre indicar que as disposicións recollidas no decreto aínda en vigor –como se dixo, non tan diferentes das propostas– nunca foron cumpridas de xeito efectivo.

Se esta nova proposta constitúe un avance significativo só poderá saberse se realmente hai unha vontade de cumprimento e control sobre as medidas recollidas. Xustamente o que non existiu nos doce anos que pasaron dende a publicación do decreto vixente.

Preocúpanos que entre os aspectos xerais considerados no Plan xeral de normalización da lingua galega (aprobado no 2004) e a normativa proposta existe un enorme baleiro, sen prazos nin concreción, e para o que non se ofrecen vías de progresión nin garantías de consolidación dos proxectos.

Bótase en falta un horizonte normalizador no que se poidan contextualizar as iniciativas que, coma esta, atinxan a normalización lingüística no ensino; ese momento no que os alumnos e alumnas acadaron a competencia necesaria para

que o galego sexa a lingua de ensino a todos os niveis. E preocupápanos non saber se estas iniciativas forman parte dun proceso cara a ese horizonte normalizador ou se son xa un punto de chegada.

A situación, xa que logo, vémosla entre luces e sombras, máis tinguida de grises, porque tampouco podemos albiscar neste momento unha situación política que puidese posibilitar en maior medida actuacións de máis fondo calado no plano da normalización lingüística.

Estas últimas iniciativas legislativas tamén foron amplamente tratadas na VII Escola de Verán (Fene, 2007): «A normalización lingüística», organizada por NEG.

Pasado máis dun ano da súa publicación está sen desenvolver unha parte importante (equipos comarcais e outras actuacións) imprescindibles para que o DOG non quede de novo nun formalismo máis.

As propostas formuladas no plan para normalizar a lingua noutros eidos sociais practicamente non botaron a andar, co que semella, de novo, que o ensino é o único refuxio da normalización lingüística e tamén o chibo expiatorio se non se consegue. Sen negar a importancia e mesmamente o efecto exemplificador que representa o sector, córrese de novo o risco de converter o ensino nunha illa lastrada pola ausencia de avances no conxunto da dinámica social.

Nestes 25 anos NEG caracterizouse polo seu traballo rigoroso e independente, feito que non lle proporcionou moitas simpatías oficiais. Asumimos esa carga que nos parece irrelevante ante a nosa teima. Trátase dun compromiso que vai máis alá: a nosa obriga de dar argumentos sólidos e alternativas viables para un ensino galego e renovado na sociedade do século XXI.

DOCUMENTOS

ANEXOS

Anexo 1

Un modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego (1988)

SUMARIO	
1.- TRES CONSIDERACIONES PREVIAS	1
1.1.- Análise da situación actual.....	5
A) A realidade lingüística de Galicia.....	5
B) O marco legal.....	7
C) A lingua galega no ensino: lexislación e datos da realidade.....	8
1.2.- Unha aproximación ós modelos de educación bilingüe en medios dixitais.....	9
A) Os programas de ensino bilingüe.....	9
B) O bilingüismo aditivo e os programas de inmersión.....	11
1.3.- A necesidade do deseño dun modelo de normalización.....	14
2.- O QUE ENTENDEMOS POR NORMALIZACION LINGÜÍSTICA NO ENSINO	16
3.- AS LIÑAS OU EIXES FUNDAMENTAIS DO MODELO	17
4.- O PROCESO A SEGUIR PARA A POSTA EN PRÁCTICA DO MODELO	20
4.1.- O papel da Administración educativa.....	20
4.2.- A aplicación do modelo nos primeiros anos da escolaridade.....	22

**UN MODELO DE NORMALIZACION
LINGÜÍSTICA PARA O SISTEMA
EDUCATIVO GALEGO**

nova escola galega

1. TRES CONSIDERACIONES PREVIAS

1.1.- ANALISE DA SITUACION ACTUAL

A) A realidade lingüística de Galicia.

A observación da realidade galega actual permítenos constatar que hoxe existen na nosa sociedade dúas linguas en contacto: o galego e o castelán.⁽¹⁾

O galego é a lingua propia do noso país, a que naceu nesta terra o tempo que o facían as outras linguas romances nas diversas rexións do que fora o Imperio romano.⁽²⁾

O castelán é de introducción moito máis serodia (finais do século XV) e foi cuantitativamente moi minoritario ata datas ben recentes (a década dos corenta).⁽³⁾

A distribución actual das dúas linguas dentro da sociedade é moi complexa, incidindo nela factores como a distribución territorial, a idade dos falantes, o nivel cultural, o estatus socio-económico, etc.

Pódese dicir que hoxe todavía é maioría a xente deste país que ten o galego como lingua de instalación,⁽⁴⁾ inda que faga un uso maior ou menor, en función das diferentes circunstancias sociais, da outra lingua.

A tendencia actual, de persistir as condicións que a continuación analizamos, indica unha progresiva diminución das persoas galego-falantes, coa paralela asimilación por parte do castelán.

A situación sociolingüística en Galicia pode calificarse, no esencial, como unha situación diglósica.⁽⁵⁾

Esta diglosia é doadamente constatable nos comportamentos lingüísticos dunha boa parte da poboación galega, que non fai un mesmo uso das dúas linguas.

ero trátase dunha diglosia inestable, non cristalizada, o que xera unha situación de conflito lingüístico.⁽⁶⁾

Isto lévanos a consideralo equivocado do término "bilingüismo" para caracterizar a situación actual. E sobre todo por dúas razóns: a primeira, porque dende unha perspectiva científica o término "bi-

4.3.- A aplicación do modelo nos restantes anos do Ensino Primario.....	25
4.4.- A aplicación do modelo na etapa da Secundaria Obrigatoria.....	26
4.5.- Estratexia a seguir durante a etapa de transición.....	27
5.- NOTAS.....	29

lingüístico" nunca ten unha dimensión social, senón individual: non existen sociedades bilingües, inda que si poden existir individuos bilingües; a segunda, porque inda tendo en conta a primeira razón, os comportamentos individuais das persoas que en Galicia utilizan as dúas linguas só se poden calificar de bilingües en moi contadas ocasións; na meirande parte dos casos teñen unha dimensión diglósica.

O conflito lingüístico ven dado porque existen hoxe amplos grupos sociais que, dun xeito máis ou menos intenso, teñen unha vontade de normaliza-la lingua propia do país, o que implica a ruptura da situación diglósica. Pola contra, outros sectores (minoritarios, pero cualitativamente importantes, polas plataformas públicas ás que teñen acceso) son partidarios da desaparición da lingua galega, coa conseguinte asimilación lingüística por parte do castelán (obviamente, non dun xeito traumático, senón deixando que se consolide a situación diglósica actual).⁽⁷⁾

Tres son os grandes sectores que cómpre considerarmos á hora de trata-lo tema da normalización: o eido político (concretado na lexislación sobre o tema), o eido educativo e o eido dos medios de comunicación. Dado que os dous primeiros se tratan nos seguintes apartados, cómpre dicir aquí unhas palabras sobre os mass-media.⁽⁸⁾

Os medios de comunicación existentes na sociedade galega son, en xeral, non normalizadores. Hai algúns plenamente antinormalizadores (é dicir, que manteñen unha actitude combativa diante da normalización) e outros que, en maior ou menor medida, manifestan un morno apoio ó labor normalizador.

Non que fai referencia ó idioma empregado, hai que salientar que nos medios escritos a presenza do galego é abertamente minoritaria.⁽⁹⁾ Nos medios audiovisuais, a aparición da RTVG en 1985 veu modificar un panorama que, se se exceptúan estes medios de titularidade pública, é moi semellante ó dos medios escritos.

Esta non normalización por parte dos mass-media é un factor que incide poderosamente en todo o entramado social.

B) O marco legal.

O secular non recoñecemento legal que padeceu o galego rematou coa transformación política posterior ó remate da ditadura, en 1975. O recoñecemento de dereitos e liberdades, consustancial a todo réxime democrático, fixo que se tivese en conta, alomenos nalgunha medida, a necesidade de recoñece-la realidade lingüística. Así, na Constitución (1978) e no Estatuto de Autonomía (1981), aparece o recoñecemento da lingua galega como propia e oficial de Galicia.

- "A lingua propia de Galicia é o galego" (art. 5)
 - "É competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia a promoción e o ensino da lingua galega" (art. 27.20).
- O desenvolvemento legal máis importante foi o que fixo o Parlamento de Galicia ó aproba-la Lei de Normalización Lingüística (xullo, 1983). Alí xa se concretaban importantes preceptos legais, que poderían servir -de haber vontade de levalos á práctica- para camiñar cara á normalización efectiva da lingua:
- "O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en tódolos niveis educativos".
 - "Os nenos teñen dereito a recibilo primeiro ensino na súa lingua materna".⁽¹⁰⁾
 - "As autoridades educativas da Comunidade Autónoma de Galicia arbitrarán as medidas encamiñadas a promover-lo uso progresivo do galego no ensino".
 - "As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ó remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán".

Ata o momento presente, isto concretouse nalgúns Decretos e nalgúns Ordes que son claramente insuficientes. Case seis anos despois da aprobación da Lei hai que dicir que son moi escasos os avances no proceso de normalización e que a intervención a prol da mesma por parte do poder político é abertamente insuficiente. Entendemos que non existe unha auténtica política normalizadora, nin por parte da Xunta de Galicia e a súa Administración, nin tamén

pouco por parte das outras administracións públicas de Galicia. No seu lugar existen situacións voluntaristas, precarias, discontinuas e descoordinadas.

C) **A lingua galega no ensino: lexistación e datos da realidade.**

A Lei de Normalización Lingüística, no que fai referencia ó ensino, desenvolveuse a través dun Decreto e dunha Orde (setembro 83). Neste desenvolvemento se promulgaba, con carácter xeralizado, o estudio obrigatorio da lingua galega nos niveis educativos básico e medio (estudio que xa viña dos anos do chamado Decreto de Bilingüismo, en 1979)(1) e deixábase a porta aberta para que, voluntariamente, se puidese utilizar total ou parcialmente o galego como lingua vehicular.

En agosto de 1986 houbo, dende a Dirección Xeral de Política Lingüística, un intento de avanzar un paso máis no camiño normalizador, promulgando un Decreto no que se xeralizaba a obrigatoriedade de impartir en galego a área de Sociais nos Ciclos Medio e Superior de EXB e de dúas asignaturas no Ensino Medio.

Este Decreto -que non facía máis que intentar iniciar-lo camiño sinalado pola Lei de Normalización- foi contestado por sectores minoritarios da sociedade galega e recurrido diante do Tribunal Constitucional, que introduciu certos matices nesa obrigatoriedade.

Na actualidade, o grao de cumprimento deste Decreto, así como doutros apartados da Orde do 83, é só parcial, inda que a tendencia é ó medre.

De calquera xeito, hai que sinalar que a situación dos Centros no que fai referencia á normalización é moi diversa, e vai dende Centros nos que a Lingua Galega é tratada como unha área de "baixo estatus", incunplindo mesmo a normativa legal, ata Centros nos que se constata unha clara vontade normalizadora por parte dos membros da comunidade educativa, e que se traduce na utilización do galego como lingua vehicular na maioría das actividades escolares. (12)

Dende a Administración, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística, houbo un conxunto de actuacións con resultados e va-

loracións moi desiguais: cursos de galego para profesores dos distintos niveis e de diferentes materias, elaboración dalgúns materiais, apoio a diversos proxectos de investigación, promoción de xornadas, edición de diferentes textos, etc. Pero, máis alá do esforzo voluntarista da Dirección Xeral, batemos coa pouquedade de medios materiais e humanos con que está dotada e que fai imposible unha acción plena e eficaz.

De todos xeitos, hai que dicir que o máis salientable, dende unha perspectiva legal, é a ausencia dunha planificación procesual encamiñada a conseguir unhas meirandes cotas de normalización no ensino.

A experiencia obtida despois destes anos de aplicación das normativas sobre o ensino 'do' e 'en' galego, con todo o que levou aparelado (a capacitación do profesorado, os programas legais, os libros de texto e outros materiais, etc) aconsellan como imprescindible a elaboración dese modelo procesual e das estratexias precisas e planificadas, para podermos camiñar cara á normalización do sistema educativo galego.

Hai que ter en conta, ademais, que a consideración social de carácter diglósico existente na nosa sociedade, asociando a lingua galega a imaxes de rémora antimodernizadora, de subdesenvolvemento e de ruralismo, incide efectivamente nese escaso alcance normalizador(13). Por iso, o tratamento de simple equiparación formilzante do galego co castelán, na actual situación social das dúas linguas, non propicia -senón todo o contrario- a normalización. (14)

1.2.- UNHA APROXIMACIÓN OS MODELOS DE EDUCACION BILINGÜE EN MEDIOS DIGLÓSICOS.

A) **Os programas de ensino bilingüe.**

Nos últimos vinte e cinco anos incrementouse notablemente a literatura científica sobre o tema dos modelos de educación bilingüe e/ou multicultural. (15)

Esos estudos, inda que fan referencia a outros países con situacións ben diferentes da nosa (distinto nivel económico, diferente evolución histórica, diferentes contextos políticos, etc), teñen en

Nos segundos -os de carácter "complementario" - empréganse no ensino as dúas linguas, pero a "baixa" só para asignaturas de carácter culturalista, deixando a "alta" para as asignaturas científicas. Refórzase así a diglosia e, a longo prazo, conséguese a asimilación.

B) O bilingüismo aditivo e os programas de inmersión.

Os estudos de meirande interese, dentro do eido que estamos a considerar, son os de Lambert, no Canadá francófono. A el lle debémos-las termos de "bilingüismo aditivo" e "bilingüismo sustractivo": claves para entende-lo tema que nos ocupa. (19)

De acordo con isto, o bilingüismo é de carácter aditivo cando unha persoa que ten unha determinada L1 aprende outra lingua diferente como L2, sen por iso perder competencia ningunha na súa L1. Pola contra, o bilingüismo é de carácter sustractivo cando unha persoa que ten unha determinada L1, ó ser escolarizado noutra lingua diferente, perde competencia na súa L1 e tampouco acadada unha competencia plena na L2 utilizada no ensino.

Para entende-lo porqué destes diferentes resultados hai que considerar a situación social das linguas. Así, o bilingüismo será de carácter aditivo nos seguintes casos:

- A) Cando unha persoa que ten como L1 a lingua de prestixio recibe o seu ensino a través da L2, de menor prestixio social.
- B) Cando unha persoa que ten como L1 a de menor prestixio social recibe o ensino nesa lingua e so se lle introduce a L2 cando ten a súa competencia na L1 plenamente consolidada, sen abandonar nunca a utilización escolar da L1.

Enténdese que se dá a situación de bilingüismo sustractivo cando un sistema no que se utiliza para o ensino a lingua de alto estatus, total ou parcialmente. Nestes casos, o que se consegue é que se perda competencia na lingua propia, con sentimentos diglósicos hacia ela, e non se acadou unha plena competencia na lingua de prestixio, xa que para adquirir competencia nunha segunda lingua é condición imprescindible acadada previamente

común con nós o feito de tratarse de medios sociolingüísticamente diglósicos: coexisten dúas linguas, de maneira que unha ten un meirande prestixio social e outra ten escaso prestixio -ou mesmo claro desprestixio- social. E isto, obviamente, con independencia de que linguas sexan, xa que -como se sabe- a valoración social non é algo inherente ás linguas e unha mesma lingua pode se-la de prestixio nunha sociedade e, ó tempo, se-la minusvalorada noutra. (16)

Non imos pretender aquí pasar revista a todo o moi numeroso corpus científico existente sobre o tema, xa que non é este o lugar para iso nin, por outra banda, está todo el á nosa disposición. Pero si tentaremos extrae-las ideas fundamentais que, ó longo desta década, foron sendo maioritariamente aceptadas como válidas e xeralizables as diversas situacións.

Así, parécenos do meirande interese comezar indicando unha interesante premisa: o deseño de calquera programa de ensino bilingüe non pode facer abstracción da realidade social das linguas en cuestión, xa que esta realidade é unha das variables que máis significativamente incide nos resultados do programa.

Nun programa de ensino bilingüe é fundamental a definición do obxectivo último a acadar, que pode ser un destes dous: ou ben un programa destinado a asimilar ós falantes da lingua de baixo estatus, para integrálos na lingua de estatus alto, ou ben un programa destinado a normaliza-la lingua de baixo estatus, rematando coa situación diglósica. Esta normalización pode ter como obxectivo a consecución dunha sociedade multicultural e multilingüe ou ben a consecución dunha sociedade na que esa lingua pase a se-la de instalación da xeralidade dos seus membros, facendo a(s) outra(s) lingua(s) o papel de lingua(s) de relación.

Os programas de ensino bilingüe que buscan a asimilación fóron estudados por Fishman e Lovas, que os definiron cos nomes de "bilingüismo de transición" e "bilingüismo complementario".

Nos primeiros -os de "transición", o obxectivo final é que as persoas que teñan como L1 (17) a lingua de baixo estatus sexan escolarizadas nos primeiros anos na súa lingua, para logo pasar posteriormente a recibilo ensino na lingua "alta", favorecendo así unha asimilación rápida e non traumática. (18)

na propia. A esta última situación, que non nos resulta descoñecida en Galicia, chamoulle Lambert semilingüismo.

Resulta evidente a consecuencia práctica que se deduce das consideracións anteriores e que constitúe o núcleo fundamental das aportacións de Lambert: naquelas comunidades nas que haxa un amplo e consciente desexo de conseguir unha sociedade bilingüe, debe darse prioridade a aquelas linguas que teñen máis posibilidade de se deixar descoñecidas. (20)

Proposta que ven coincidir con algo evidente: non se pode tratar con igualdade a dúas linguas que teñen unha situación desigual e, en consecuencia, hai que exercer unha forte discriminación positiva en favor da lingua que ten unha máis baixa valoración social.

A plasmación práctica destas ideas enunciadas por Lambert foron os programas de inmersión, que naceron coa pretensión de axudar a corrixir a situación diglósica posibilitando a consecución dun bilingüismo aditivo por parte dos nenos e nenas que se integraba neses programas.

Estes programas, nos que os nenos e nenas que tiñan como L1 a lingua socialmente prestixiada iniciaban a súa escolarización na L2, situación que se prolongaba durante os primeiros anos de escolaridade, reveláronse como o camiño ideal para conseguir persoas competentes nas dúas linguas. Nefarito, eses nenos e nenas non perdían competencia na súa L1, xa que a seguían consolidando a través da familia e da sociedade, e ademais adquirían unha competencia plena na L2 en que foran escolarizados. E todo isto tendo en conta que se trataba de linguas moi desemeillantes, como é o caso do francés e o inglés (resulta obvio que os mesmos resultados se acadarían con menores esforzos de seren dúas linguas máis cercanas, como poden ser-lo galego e o castelán).

Os programas de inmersión, que xa se experimentaron noutras situacións e que se están a aplicar desde hai poucos anos en Cataluña, son a mellor maneira de conseguir que os nenos e nenas castelán falantes (referíndonos xa ó noso caso) acaden unha competencia plena na lingua galega sen por iso perde-la súa competencia no castelán.

Tense dito, en ocasións, que algo parecido foi o que se fixo cos nenos e nenas galegos cando se lles escolarizou (ou se lles escolariza) en castelán, razonando entón que ese proceso non debe ser tan malo.

Pero un programa así non se chama de inmersión, senón de submersión. Porque os programas de submersión son aqueles que escolarizan a nenos que teñen como L1 a lingua non prestixiada, a través dun ensino no que se utiliza como lingua vehicular a socialmente prestixiada. Os resultados, como dixemos anteriormente, son radicalmente opostos ós dos programas de inmersión: pérdese a competencia na lingua propia, reforzando ademais os sentimentos de valoración negativa hacia ela, e non se acadada tampouco unha boa competencia na lingua utilizada no ensino.

Os programas de inmersión e os de submersión, por tanto, son do superficialmente semellantes, son radicalmente opostos e conducen a resultados diverxentes.

Os traballos doutros sociolingüistas, como é o caso de Cummins, venen complementar e aporiar nova forza ás teses de Lambert. Segundo Cummins, se o neno que asiste á escola pertence a unha familia ou grupo social que minusvaloriza a súa propia lingua e se lle impoñe a usa-la lingua de prestixio, e só esta lingua, para as funcións cognitivas, o que se fai é coartalo seu desenvolvemento lingüístico, con resultados negativos para as dúas linguas. Ocorre que, farto de estímulos, non desenvolve axeitadamente as estruturas lingüístico-cognitivas na lingua propia e, por non ter ese apoio previo, non chega a estruturar tampouco a segunda lingua.

Noutras palabras, se a educación bilingüe pode favorecer en principio a flexibilidade cognitiva, a creatividade, o pensamento diverxente e o conxunto de habilidades lingüísticas, en contextos sociolingüísticos semellantes ó noso téñense detectado consecuencias cognitivas e lingüísticas negativas pola implementación dunha educación infantil pretendidamente bilingüe (pero que esqueceu a valoración social das linguas), producindo fallos na competencia lingüística, con repercusións observables nas dificultades de aprendizaxe e no desenvolvemento emocional e da personalidade.

Hai unha constante que se repite en tódolos estudos sobre educación bilingüe e que fai referencia á importancia da motivación, decisiva para o éxito dos programas. O desexo, por parte dos que teñen como L1 a lingua de prestixio, de aprende-la lingua que está socialmente minusvalorada, é un factor decisivo para que se siga ese obxectivo. Nos que teñen como L1 a lingua minusvalorada, a motivación para a aprendizaxe da outra lingua xa adoitaba aparecer espontaneamente, pola presión social.

Por iso, en calquera programa de educación bilingüe que se deseñe, os aspectos motivacionais e a superación de estereotipos negativos e prexucios respecto á lingua considerada inferior teñen unha importancia decisiva, polo que urge a existencia dunha planificación para a superación dos mesmos. (21)

1.3.- A NECESIDADE DO DESEÑO DUN MODELO DE NORMALIZACIÓN

Resulta evidente, logo de tódalas consideracións precedentes, que a normalización lingüística no noso sistema educativo é un obxectivo imprescindible para a consecución dunha escola democrática e socialmente integradora. E parece evidente tamén que esa normalización lingüística non se vai acadar dun xeito espontáneo e voluntarista. Precisa dunha planificación, deseñada e asumida polo sistema educativo; é dicir, precisa dun modelo de normalización.

Ese modelo debe ter en conta a complexidade da realidade actual, e nel deben estar contempladas as grandes liñas polas que debe discorrer-lo proceso normalizador, así como a temporalización das diferentes etapas.

Porque, hoxe por hoxe, o modelo non existe, alomenos dunha forma explícita. Existen, iso si, os grandes obxectivos marcados pola Lei de Normalización, pero non están deseñados os camiños para facelos efectivos na práctica. E resulta claro, se se teñen en conta os estudos sobre o tema ós que nos vimos de referir e a constatación práctica do feito nestes anos, que o ensino da lingua galega e a utilización moi restrinxida da mesma como lingua vehicular, só pode levar a uns resultados moi semellantes ós do bilingüismo de transición e complementario, por usa-la terminoloxía de Fishman.

Pero nunca a conseguir persoas competentes nas dúas linguas, condición imprescindible para unha normalización efectiva.

Así, se de verdade se quere conseguir que o sistema educativo faga ós alumnos e ás alumnas competentes nas dúas linguas, algo imprescindible para a normalización lingüística, é preciso que haxa unha discriminación positiva en favor da lingua socialmente minusvalorada, que -na nosa sociedade diglósica- non é outra que o galego.

E esa discriminación positiva precisa dun modelo normalizador oficial, que debe incluír, como dixemos anteriormente, as estratexias necesarias para a súa aplicación, ademais das grandes liñas de actuación social destinadas ó conxunto da sociedade, buscando unha actuación pedagoxico-divulgativa sobre a necesidade do modelo. Actuación que, ó mesmo tempo, serviría para contrarrestar tódolos aprioris e falsos conceptos que a situación diglósica relación coa nosa lingua e, por extensión, coa súa utilización no ensino.

Porque non hai que esquecer, finalmente, que só na medida en que unha comunidade cunha lingua e unha cultura de seu estea disposta a mante-la súa identidade a pesar de se integrar nunha estrutura social e cultural máis ampla, poderá establecer e facer seu un sistema educativo no que o tratamento das linguas non poña en perigo a súa propia identidade, senón que favoreza o seu mantemento e consolidación.

2.- O QUE ENTENDEMOS POR NORMALIZACION LINGUISTICA NO ENSINO

Pódese dicir que existiría unha situación de normalización lingüística no ensino cando a lingua de instalación (é dicir, a empregada en tódolos contextos e en tódalas situacións) fose o galego, en tódolos niveis educativos.

Se temos en conta que, na actualidade, se dan na sociedade galega un amplo abano de diferentes situacións lingüísticas que é mister ter en conta, entendemos que conseguiu a normalización lingüística no ensino supón chegar a unha situación na que, a partir dunha certa idade dos alumnos, a lingua de instalación no ámbito escolar sexa o galego. Isto, presupón que a competencia lingüística de tódolos alumnos, alomenos a partir dese idade, é suficiente para facer posible esa situación.

Esta consideración da lingua galega como lingua de instalación debe verse complementada coa adquisición e dominio do castelán por parte de tódolos escolares, como lingua de relación no Estado español. Así mesmo, o sistema educativo terá que garantir a aprendizaxe dunha terceira lingua, en atención ó logro dunha educación plurilingüe demandada pola realidade e o contexto social.

A normalización lingüística no ensino non é algo que se poida conseguir dun día para outro. É mister considerar un proceso, que debe atender á realidade sociolingüística presente na sociedade, e que debe ter unha cuidadosa planificación e aplicación, sempre de acordo cun modelo de normalización, soporte teórico do proceso, que é o que expoñemos nas páxinas seguintes.

3.- AS LINAS OU EIXES FUNDAMENTAIS DO MODELO

Velaquí, enunciados dun xeito sintético, os eixes fundamentais sobre os cales se articula o noso modelo:

1.- En primeiro lugar, o modelo debe de contemplar todo o sistema educativo galego, tendo unha dimensión xeralizadora. Isto implica que debe ser asumido como tal pola Consellería de Educación e, máis alá, polo Goberno de Galicia e o Parlamento Galego. Este é o único xeito de que estas garantizadas a necesaria coherencia do modelo e a continuidade do mesmo, así como o desenvolvemento lexislativo complementario e os precisos recursos humanos e materiais necesarios para a súa posta en práctica.

2.- O modelo, tanto nas súas bases teóricas como nas súas estratexias de aplicación, debe ter unha dimensión científica contrastada.

Inda que somos conscientes de que as dificultades actuais no proceso normalizador non proveñen dunha insuficiencia científica, nin tan sequera dunha ausencia de modelo, senón da falta de vontade política para impulsalo e dotalo dos medios necesarios, cremos que é fundamental que todo o proceso se realice con criterios científicos.

Neste sentido, hai que dicir que son numerosos os traballos teóricos e prácticos, referidos a contextos moi semellantes ó noso, que nos proporcionan unha experiencia suficientemente contrastada e que debemos ter en conta.

3.- O modelo debe contemplar, ademais do contexto social en que se vai desenvolver, e que vimos de analizar sucintamente no primeiro apartado deste Documento, as distintas realidades lingüísticas existentes entre os nosos nenos e nenas.

Neste sentido, inda que cremos que se podería facer unha tipoloxía máis complexa, entendemos que esas realidades poden clasificarse en catro grandes apartados:

A) **Monolingües en galego:** nel estarían aqueles que falan habitualmente en galego, inda que entenden ben o castelán, po-

dendo expresarse oralmente nel (con maior ou menor corrección, en función de diferentes factores).

B) **Monolingües en castelán:** serían aqueles que falan habitualmente en castelán, sendo practicamente incapaces de se expresar con mínimo de competencia en galego.

C) **Castelán falantes aparentes (con pais galego falantes):** entendemos que pertencen a este grupo aqueles nenos e nenas que falan en galego "traducido", ou sexa, nese peculiar "castelán" con estruturas sintácticas galegas.

Obviamente, estes nenos e nenas son o froito da actitude lingüística duns pais que, tendo o galego como lingua propia, lles falan en "castelán" ós seus fillos.

D) **Castelán falantes aparentes (con pais que tamén son castelán falantes aparentes):** este grupo, como se observa, é moi semellante ó anterior. A diferenza está en que o abandono do galego como lingua habitual xa se deu na xeración dos pais. (22)

4.- O modelo, no seu deseño, debe fixar un punto terminal normalizador. E dicir, un modelo temporal no que se entende que tódolos alumnos acadaron a competencia lingüística necesaria para facer posible que o galego pase a se-la lingua de instalación.

Ese momento cremos que deberá ser ós 12 anos, coincidindo co inicio do que, na proxectada Reforma Educativa, será a Secundaria Obrigatoria.

Naturalmente, naqueles Centros nos que ese punto normalizador se poida acadar con anterioridade (haberá, como veremos posteriormente, Centros nos que o momento normalizador se poida contemplar incluso dende o inicio mesmo da escolaridade), non será necesario agardar a ese momento fixado nos 12 anos, que se debe entender como o momento temporal máis dilatado a considerar.

5.- Do punto anterior dedúcese que, nas etapas previas á Secundaria Obrigatoria (Educación Infantil, Educación Primaria) debe darse unha liña de normalización progresiva que, partindo das distintas situacións iniciais consideradas, teña

como obxectivo camiñar cara a ese punto terminal normalizador xa citado.

6.- O modelo debe contemplar asimismo as situacións de transición que se darán ata o momento de aplicación plena do mesmo. Haberá, xa que logo, que considerar unha estratexia específica para os nenos e nenas que xa estean no sistema educativo no momento marcado para o inicio do modelo.

7.- A comunidade educativa de cada Centro (alumnado, profesorado, pais e nais, representantes sociais) xoga un importante papel neste proceso normalizador. Cremos que debe participar activamente na definición, elaboración e posta en práctica das estratexias que leven, a partir da súa situación específica, ó punto terminal normalizador.

O seu papel será básico, por tanto, á hora de decidir os peculiares ritmos de aplicación que se consideren para o seu caso concreto. Neste sentido, vemos necesario que cada Centro defina o seu Plan de Normalización, enmarcado no correspondente Projecto Educativo de Centro e que se verá plasmado practicamente no Plan Xeral Anual de Centro.

8.- De todo o dito ata aquí dedúcese que propugnamos un modelo que non contemple estratexias ríxidas na súa aplicación. As diferentes estratexias estarán adaptadas ás diversas e peculiares circunstancias de cada Centro e/ou zona.

4.- PROCESO A SEGUIR PARA A POSTA EN PRACTICA DO MODELO

4.1.- O papel da Administración Educativa.

A Administración Educativa, de acordo coa plena asunción do modelo, tal como antes dixemos, deberá face-la oferta deste modelo á sociedade galega en xeral, ás distintas comunidades educativas, ó profesorado e ó conxunto de organizacións que estean relacionadas co ensino, buscando unha real implicación de todos os sectores afectados.

Esta oferta do modelo debe incluír, ademais dos obxectivos básicos a acadar e das grandes liñas que vimos de enunciar, unha ampla información sobre o proceso a seguir e os medios para levalo á práctica. Asímismo, esa información debe ser específica e adaptada a cada un dos sectores ós que vaia dirixida.

A Administración, con vistas á aplicación do modelo, debe crear unha estrutura descentralizada, na que se integran os distintos elementos do que chamaremos Equipo de Normalización no Ensino. Este Equipo de Normalización (de carácter pluridisciplinar, formado maioritariamente por persoas que se seleccionarían entre o profesorado) terá unha implantación zonal en toda Galicia, de maneira que o seu labor se desenvolvese en estreita interrelación coa aplicación práctica do modelo.

Este Equipo de Normalización, a través dos seus distintos grupos, será o encargado de orientar, explicar, controlar e avaliar todo o proceso de normalización, en estreita colaboración cos Seminarios de Normalización de zona, creados a tal efecto, que á súa vez estarían en contacto cos Seminarios de Normalización existentes en cada un dos Centros.

Todo isto, obviamente, supón un forte incremento de recursos, humanos e materiais, imprescindible para unha efectiva posta en práctica do modelo.

A Administración deberá favorecer, asímismo, todas as experiencias puntuais que supoñan un avance no proceso de normalización marcado polo modelo, potenciándoas na medida do posible.

Dentro deste favorecemento, entra a necesaria garantía da continuidade destas experiencias, o que leva á necesidade de considerar este factor á hora da asignación das correspondentes plantillas de persoal docente.

Interesará crear, dentro da estrutura do modelo, as chamadas "Zonas Intensivas de Normalización", entendendo por tales aquelas en que a vontade dos membros das comunidades educativas existentes nelas e a súa realidade sociolingüística fan posible a axilización e a redución temporal do proceso normalizador xeral que se establece.

A Administración deberá estar en condicións de ofertar programas específicos de inmersión a aquelas comunidades que os soliciten. Naturalmente, isto implica a realización dunha oferta previa, de carácter divulgativo, que explique as múltiples vantaxes destes programas.

Cremos que estes programas de inmersión, de probada eficacia, deben ter unha forte presenza dentro do conxunto do modelo. Como xa se dixo, trátase duns programas que se utilizan para, no noso caso, facilita-la instalación lingüística no galego, dentro do ámbito escolar, dos nenos e nenas de medios castelán falantes. O resultado é a adquisición dunha boa competencia no galego sen por iso merma-la súa competencia no castelán. As dúas premisas básicas destes programas é que se deben desenvolver ó longo dos primeiros anos da escolaridade e que é necesario que o contexto familiar do neno ou nena sexa favorable ós obxectivos do programa.⁽²³⁾

A Administración debe considerar ademais, no contexto do modelo, unha serie de factores imprescindibles para a aplicación con éxito do mesmo. Saientamos, entre outros, estes:

- Un rigoroso plan de formación do profesorado, que se debe realizar sempre cos meirandes recursos humanos e técnicos e coa máxima proximidade á realidade e ó contexto docente dos implicados.⁽²⁴⁾
- Un plan para a creación e difusión dos necesarios recursos e materiais didácticos que se prevean necesarios e que a realidade vaia demandando.

Será posible, en determinadas circunstancias, a elaboración dunha estratexia común para varios Centros dunha mesma zona, que teñan características sociolingüísticas moi semellantes. Aparece así a posibilidade dun Plan de Normalización de Zona que, en calquera caso, respectaría sempre as particulares adaptacións a cada Centro concreto.

De calquera xeito, a estratexia que defina cada Centro hai que entendela enmarcada non só nas grandes liñas definidas polo Modelo de Normalización aplicado, senón tamén polos grandes principios de carácter psicopedagóxico nos que se fundamenta.

Así, podemos partir do principio -xeralmente aceptado- de que é preferible e desexable que o ensino sexa na lingua "materna" (ou L1) durante os primeiros anos da escolaridade. Pero este principio recibiu nos últimos anos numerosas matizacións (émbrense os estudos de Lambert), en función dos obxectivos lingüísticos que se preténdan acadar e do estatus social de cada lingua. No noso caso, entendemos que estamos a falar dentro dun contexto no que se preténd acadar cidadáns que sexan competentes nas dúas linguas oficiais, que é un dos obxectivos fundamentais sinalados na Lei de Normalización.

Dunha maneira sintética, diremos que o ensino na lingua materna é imprescindible cando esa lingua se atopa nunha situación minorizada socialmente (caso do galego). De non facerse así, produciríase unha situación de empobrecemento e minusvalora máis e máis adquisición correcta da lingua máis prestixiada socialmente que se utilizase no ensino (o castelán, no noso caso).

Pola contra, tódolos estudos indican que a situación é moi distinta no caso dos nenos e nenás que teñan como lingua "materna" (ou L1) unha lingua que está socialmente prestixiada. Neste caso, propúgnase o ensino na lingua "materna" ata que os nenos teñan adquirida unha competencia normal na mesma (é dicir, cando se trata de nenos que presentan inicialmente serios déficits lingüísticos, situación propia dos que proceden de ambientes desfavorecidos). No caso dos nenos que entran na escola cunha competencia normal na súa propia lingua (a maioría deles), o ensino utilizando unha lingua distinta da "materna" non só non é perxudicial senón

A necesaria difusión e intercambio de toda a información que a aplicación do modelo vaia xerando, coa correspondente avaliación. O tempo, a difusión de tódalas informacións e experiencias que se están a facer en ámbitos lingüísticos semellantes ó noso.

Tamén deberá a Administración, para a aplicación do modelo, implicar ás diversas Administracións Locais existentes, coordinando o seu labor educativo nesta dirección. Cremos que os Concellos galegos están chamados a xogar un importante papel na efectiva posta en práctica do modelo.

4.2.- A aplicación do modelo nos primeiros anos da escolaridade.

Entendemos por "primeiros anos da escolaridade" aqueles que abranguen a actual Educación Preescolar e o Ciclo Inicial de EXB, é dicir, o período que vai dende o comezo da escolaridade ata os 8 anos.

Para a aplicación do modelo nestes anos pátrese da evidencia de que en cada Centro existe unha situación sociolingüística específica. O Equipo de Normalización, en coordinación co Seminario de Zona e o propio Seminario de Normalización do Centro, será o encargado de definir cal é esa realidade sociolingüística do Centro, en colaboración coa comunidade educativa.

Así, cada ano se elaborará un estudo sociolingüístico do alumno de novo ingreso no Centro. A pertinencia do carácter anual deste estudo ven dada porque se referirá sempre ós alumnos concretos que ingresan e porque se presupón que a realidade experimentará cambios dun ano para outro. (25)

A vista dos datos obtidos nese estudo, o Equipo de Normalización, en unión do Consello Escolar, determinará cal é a estratexia a seguir no Centro concreto, definindo os correspondentes obxectivos principais, ritmos e características das actividades a realizar en cada curso, conformando así o correspondente Plan de Normalización (que formará parte do Plan Anual de Centro), plan que estará sempre enmarcado dentro dos grandes obxectivos definidos polo modelo de normalización.

que é beneficioso, xa que permite manter uns niveis normais de competencia na lingua propia e ademais adquirir a competencia necesaria na lingua da escola. De aí a importancia da divulgación e extensión dos programas de inmersión.

Cingúndonos xa ás catro realidade sociolingüísticas que defínimos con anterioridade, vemos que:

- Para os nenos e nenas do apartado A) -galego falantes- o ensino nestes anos debe ser na súa lingua, cunha inición no castelán (non se debe esquecer que estes nenos xa acadan unha aceptable competencia en castelán pola maioritaria presenza social do mesmo).
- Para os nenos e nenas do apartado B) -castelán falantes- cremos que no modelo caben dúas posibilidades: ou ben recriar o ensino na súa lingua materna, cunha progresiva introdución da lingua galega, ou ben seguir un programa de inmersión que favoreza a súa competencia no galego. A primeira opción parece recomendábel sobre todo para aqueles nenos que teñan algún déficit cultural e lingüístico.

Non hai que esquecer, de todos xeitos, que corresponderá ás familias dos alumnos deste apartado B) decidir sobre unha ou outra opción. Porque convén lembrar que unha das premisas dos programas de inmersión é a valoración positiva do mesmo por parte da familia.

- Para os nenos e nenas dos apartados C) e D) -castelán falantes aparentes, nos dous casos- é evidente que, dende o punto de vista psicopedagóxico, o ensino en galego se revela como o máis aconsellable.

A última decisión, de calquera maneira, debe ser tomada pola comunidade educativa. Pero é nestes dous apartados onde se ve máis necesario un labor pedagóxico previo por parte dos Equipos de Normalización, dirixido ós membros desa comunidade educativa (en especial ás familias), explicando a racionalidade e as vantaxes pedagóxicas dunha plena escolarización en galego.

O remate do Ciclo Inicial, por parte daqueles nenos e nenas que tiveron o galego como segunda lingua, débese ter conseguida unha certa competencia na mesma, que garanta un suficiente nivel

de comprensión, necesario para que sexa posible a introdución das materias en galego nos outros dous ciclos da Educación Primaria (dós 8 ós 11 anos).

4.3.- A aplicación do modelo nos restantes anos da Educación Primaria.

Entendemos que esta etapa fai referencia ó período que vai dos 8 ós 12 anos, que será a que na futura Reforma do ensino correspondá co Segundo (8-10) e Terceiro Ciclo (10-12) da Educación Primaria.

Para a aplicación do modelo nestes anos haberá que distinguir dous casos ben diferenciados:

- Os nenos e nenas que tiveron o ensino en galego nos primeiros anos, ben fose porque era a súa lingua "materna" ou ben porque, sendo castelán falantes, seguiron programas de inmersión.
- Os nenos e nenas que tiveron durante os primeiros anos un ensino que se desenvolveu en castelán, cunha progresiva introdución no estudo do galego.

No primeiro caso, durante os restantes anos da Educación Primaria consolidárase ese ensino en galego, coa introdución sistemática do castelán.

No segundo caso, inica que o castelán siga a ter importancia como lingua vehicular, o galego será obxecto de estudo específico e usárase como lingua vehicular nun determinado número de materias.

Este número de materias irase incrementando ó longo dos sucesivos cursos. Inca que non parece aconsellable delimitar o número nin as características desas materias, si parece conveniente iniciar a súa introdución con aquelas materias máis ligadas á área de experiencias, buscando unha meirande ligazón motivacional.

En calquera caso, non se debe esquecer, á hora de deseñar as estratexias normalizadoras para esta etapa, que ó remate da mesma (12 anos) débese estar xa en disposición de pasar á etapa na

que o galego estea xa normalizado no ensino, tal e como se indicou ó describi-las liñas básicas do modelo.

Cómprese sinalar tamén, xa que terá importancia dentro das estratexias didácticas a utilizar, que é nestes anos cando está previsto que se introduza unha terceira lingua (estraxeira), de maneira que haberá unha primeira iniciación nos anos do Segundo Ciclo (8-10 anos) e un estudio máis profundo nos anos do Terceiro Ciclo (10-12 anos).

4.4.- A aplicación do modelo na Etapa Secundaria Obrigatoria.

Usamos xa a terminoloxía propia da nova estruturaación prevista na vandeira Reforma do sistema educativo. Como se sabe, a etapa da Secundaria Obrigatoria abranguerá dos 12 ós 16 anos, subdividida en dous ciclos: 12-14 e 14-16. A Secundaria Obrigatoria, por tanto, integra os dous últimos cursos da actual EXB (7º e 8º) e os dous primeiros cursos do actual Ensino Medio (Bacharelato e Formación Profesional).

Acadaada xa na anterior etapa a competencia lingüística suficiente por tódolos membros da comunidade educativa, de acordo coas estratexias que vimos de explicar, nesta etapa o ensino desenvolverase totalmente en galego.

Esta utilización do galego como lingua vehicular estará complementada polo estudio sistemático do castelán, que xoga un importante papel como lingua de relación.

Do mesmo xeito, o estudio da terceira lingua, que xa se iniciara nos dous últimos ciclos da Educación Primaria, vese reforzado neste último tramo do ensino obrigatorio.

De todos xeitos, poderá ocorrer que ó chegar ó punto terminal definido (12 anos), hexa Centros nos que os alumnos non teñan unha competencia lingüística consolidada, que non sexa suficiente. Neses casos haberá que prever que, durante o primeiro ciclo da Secundaria Obrigatoria (12-14 anos), o ensino se desenvolveva utilizando como vehiculares as dúas linguas e reforzando progresivamente aquela das linguas na que hexa problemas de afianzamento (galego ou castelán). Enténdese que, incluso no máis lento dos ca-

sos, ó remate deste primeiro ciclo de Secundaria estaría acadado o punto terminal plenamente normalizador.

Do mesmo xeito, na etapa da Secundaria Post-obrigatoria (Bacharelato e Ensinanzas Técnico-Profesionais), que abrangue dos 16 ós 18 anos, xa non debe existir ningún problema obxectivo que faça inviable a normalización lingüística no ensino, que estará xa plenamente consolidada. O labor, nesta etapa, orientarase máis á necesaria formación complementaria do profesorado e á confección dos materiais didácticos precisos.

4.5.- Estratexia a seguir durante a etapa de transición.

Dado que o Plan que poñía en práctica o modelo que vimos de enunciar empezará a aplicarse sistematicamente cos nenos e nenas que ingresen por primeira vez no sistema educativo, dende o momento en que se decida a súa implantación, haberá varios cursos de alumnos (os que xa estean integrados nos diferentes niveis educativos no momento do inicio do Plan) que non se poderán beneficiar plenamente do mesmo.

Será función dos Equipos de Normalización, en coordinación coas comunidades educativas dos Centros, o defini-las estratexias a seguir en cada caso, logo de analizadas as circunstancias concretas de cada un deles.

De calquera maneira, esta estratexia sempre haberá de ter en conta o punto de partida (maior ou menor grado de normalización acadado ata aquel momento) e as liñas globais do modelo definido, de xeito que se buscarán aquelas adaptacións que fagan posible o meirande achegamento ás pautas definidas polo modelo.

Así, nos actuais Preescolar e Ciclo Inicial, respectando o camiño xa andado, tenderase a solucións semellantes ás propostas anteriormente, inda que non se conte co necesario estudio sociolingüístico de partida (que se substituirá por informes baseados na observación da realidade).

No actual Ciclo Medio, debe afondarse na liña iniciada xa na actualidade, consolidando o galego como lingua vehicular alomenos en toda a área de Experiencias.

Na actual Segunda Etapa débese afondar no que vimos de propoñer para o Ciclo Medio, incorporando o galego como lingua vehicular noutras áreas, ademais da de Experiencias.

En calquera caso deberá tenderse a unha progresiva galeguización, curso a curso, que permita conseguir o máis axiña posible ese momento terminal normalizador.

Esta mesma filosofía normalizadora é a que deberá guiar tamén o proceso nos actuais niveis de Ensino Medio (Bacharelato e Formación Profesional).

NOTAS:

- (1): Como se ve, evitamos usa-lo término "bilingüismo" para a descrición da nosa realidade lingüística, polas razóns que se dan máis adiante.
- (2): Non ven ó caso entrarmos aquí nunha historia da lingua galega, pero si convén lembrar que o galego-portugués foise configurando como específica lingua romance entre os séculos VII e IX e que se falaba en toda a parte noroccidental da península ibérica. Foi no século XV cando, por factores de tipo político (Portugal acada a súa independencia, mentres que Galicia queda baixo a hexemonía política de Castela), se produce un afastamento que leva a que a lingua común falada a unha e outra banda do Miño corra unha sorte ben diferente e, como consecuencia, evolucione tamén dun xeito diverso.
- (3): Cómpre ampliarmos máis esta consideración, xa que en ocasións batemos con interesadas tarxiversacións da realidade histórica.
Porque, se ben é certo que a introdución do castelán se produce durante o século XV, cando Galicia perde o seu poder político e se produce a "doma e castración" impulsada polos Reis Católicos (contando así as posibilidades de desenvolvemento cultural da lingua galega, nuns anos decisivos -non esquezamos que Gutemberg crea a imprenta en 1456, facendo posible a difusión dos manuscritos-), igualmente certo é que a case totalidade da poboación galega seguiu a falar na súa lingua ata datas ben recentes.
Porque nos anos que van dende o século XV ata as primeiras décadas do século XX (e motivado tamén polo atraso cultural a que Galicia se veu sometida, cun sistema escolar moi deficiente), o castelán só era falado en ámbitos moi restrinxidos da sociedade, inda que cualitativamente importante, dado que eran as clases dirixentes e as que detentaban o poder (político, relixioso, económico).
Só a partir dos anos corenta deste século se pode falar dunha penetración masiva do castelán na sociedade galega, e

iso como consecuencia, entre outros, de dous factores básicos:

- a victoria das forzas políticas que se sublevaron contra a Segunda República e a conseguinte instauración da Dictadura do Xeneral Franco, que perseguíu sañudamente sobre todo nos primeiros tempos todo o que significase un intento de normalizar socialmente a lingua e a cultura, difundindo ademais a idea de que o patriota, culto e moderno era falar castelán.

- a aparición dos mass-media de carácter audiovisual (a radio nas décadas 40-50 e a televisión nas décadas 60-70), que introduxeron o castelán ata nos últimos recunchos do país, asociándoo ademais cos valores e formas de vida que propugnaba a sociedade de consumo que por aqueles anos nacía e se ía consolidando no conxunto do Estado.

(4): O concepto "lingua de instalación", que se opón ó seu parello "lingua de relación", defínese lingüisticamente do seguinte xeito:

A lingua de instalación dun falante é aquela que sente como máis intimamente súa e que emprega na meirande parte das situacións da vida cotidián (agás nos ámbitos sociais en que, por razóns diglósicas, non estea ben vista a utilización da mesma).

A carón da nosa lingua de instalación, tódolos falantes poderemos ter competencia noutra ou noutras linguas, que serán para nós linguas de relación.

(5): Coñecemos por "diglosia", a situación sociolingüística que se produce cando nunha comunidade na que existen dúas linguas (ou dúas variedades dunha mesma lingua), se utiliza unha ou outra en función dos contextos socialmente diferenciados. Isto leva á valoración das dúas linguas en función do estatus social: lingua A ou lingua B, de maneira que a lingua A é a que se asocia ás funcións consideradas "altas" (administrativas, intelectuais, relixiosas, etc) e a lingua B para as consideradas "baixas" (coloquiais, familiares, burlescas, etc).

(6): Esta inestabilidade fíxose patente, sobre todo, dende mediados da década dos sesenta, cando se empezou a manifestar socialmente unha recuperación cultural da lingua (logo da desfeita da guerra civil) e unha reivindicación normalizadora. Iso que fai que dende aquela, e máis hoxe, non se poida falar dunha diglosia "aceptada" socialmente, senón que haxa un estimable sector da poboación que se revela contra as normas implícitas da diglosia e tenta modificalas, co conseguinte cambio na valoración social das linguas. De aí o conflito lingüístico que hoxe se manifesta na nosa sociedade.

(7): A práctica lingüística das persoas partidarias da non normalización do galego ten variado moito. Dende as octavillas lanzadas en varias cidades galegas en 1955 ("Hable bien. Sea patriota. No sea bárbaro. Es de cumplido caballero que usted hable nuestro idioma oficial, o sea, el castellano. Es ser patriota. Viva España y la disciplina y nuestro idioma cervantino. ¡Arriba Español!") ata a actualidade, as cousas cambiaron moito, alomenos nas formas. E hoxe eses sectores son sabedores de que chega con conserva-la situación sociolingüística tal como está, mesmo adobida con louvanzas retóricas a favor do galego, para que en poucas décadas o uso do galego quede restrinxido ás actuacións de carácter "latinista".

(8): Palabras necesariamente breves, dado que os medios non constitúen o obxecto de estudo deste documento, inda que teñan unha importancia decisiva e estean estreitamente relacionados con moito do que máis adiante se enunciará.

Para quen desexe profundizar neste tema, dende a nosa perspectiva galega, son de obrigada consulta as ponencias recollidas no volume "Cultura e medios de comunicación en sociedades dependentes" (1982). Edicións do Castro.

(9): Agás no caso do semanario "A Nosa Terra" e algunha prensa de carácter comarcal.

(10): Repárese na ambigüidade do término "lingua materna", necesitado de amplas precisións. Sen entrarmos agora neelas, repárese só nun exemplo que os profesores atopamos a

coño nas nosas aulas: ¿cal é a lingua "materna" dun neno que se expresa nalgo que para entendernos imos chamar "castelán", pero que ten uns pais que se expresan sempre en galego, agás cando falan co neno, que o fan nese galego traducido que convivimos en chamar "castelán"? ¿A lingua materna será o galego que fala a nai a cotío e que está decote presente nas relacións familiares? ¿A lingua que se fala na casa? ¿O deficiente castelán que lle animan a utilizar? ¿A lingua da comunidade na que vive?

(11): O Decreto de Bilingüismo, promulgado en 1979 polo Goberno de UCD, nos tempos da chamada "preautonomía", foi unha arma de dous fiós fortemente contestada polos sectores sociais partidarios da normalización. Se ben con ese Decreto se fixo posible a incorporación legal -inda que moi restrinxida- do galego ó ensino, tamén é certo que na práctica foi utilizado para tentar reprimir a aqueles sectores de ensinantes que tentaban algo máis que dú-las clases "de galego" e o utilizaban como lingua vehicular.

(12): Isto merecería un comentario máis amplo, pero deixemos aquí alomenos a constancia de que a variedade no grao de cumprimento é moita e que adoita estar ligada ó maior ou menor voluntarismo de pais e profesorado, podendo variar moitísimo dun ano para outro.

Non hai dende a Administración, ademais, unha vontade de estimular eses avances. A esa eiva hai que lle engadir tamén a ausencia dos necesarios materiais escolares para unha escolarización en galego: a iniciativa privada retráese polos altos custos e a incertidabilidade, e a Administración non cubre ese evidente oco.

(13): Resulta cando menos chocante a persistencia de certos mitos e valoracións adheridos á lingua galega por parte dos seus detractores, e que van dende o tóxico de que o galego non nos serve, xa que non o podemos utilizar máis alá de Pedrafita, ata o que asocia á lingua coa incapacidade de trascendelo entorno máis inmediato, impedíndonos así o coñecemento doutras culturas. Mitos e tópicos sen base

ningunha, doadamente desmontables todos eles, pero que seguen a ser utilizados hoxendía.

(14): Porque, e isto é tan obvio que non debéra de haber que dicilo, non se pode tratar con igualdade a quen son desiguais.

(15): Enténdese, na terminoloxía científica sobre este tema, que un programa de educación bilingüe é aquel no que se utilizan dúas linguas como vehiculo do ensino. Por tanto, un programa que unicamente considere o estudio dunha segunda lingua, sen que se empregue como vehicular, non entra dentro desta consideración.

(16): Repárese, por citar dous exemplos ben coñecidos, no caso do español (que no noso país é a lingua de prestixio mentres que en Puerto Rico é a minusvalorada, xa que a de prestixio é o inglés) ou do francés (que, por exemplo, é a lingua B no Canadá francófono).

(17): Aparece aquí por primeira vez o término L1, co seu complementario L2, empregado polos sociolingüistas que estudian o medio educativo, para defini-la lingua que a persoa trae da familia e coa que entra na escola. Esa sería a L1, mentres que a L2 sería aquelaoutra que posteriormente pode aprender na escola.

Repárese nas avantaxes desta terminoloxía L1 (lingua primeira ou familiar)/L2 (lingua segunda), que non ten connotación valorativa de ningunha clase e que, ademais, é de carácter individual, porque fai referencia á orde temporal en que a persoa entra en contacto coas dúas linguas.

(18): Este foi o sistema utilizado, ó parecer con grande éxito asumiador, en EE.UU. coas persoas de raza india que falaban nas linguas propias da súa cultura, para integra-las sen traumas no inglés.

(19): Wallace Lambert desenvolveu tódolos seus traballos, teóricos e prácticos, na provincia canadense de Quebec. Alí, o francés funcionaba como lingua "baixa" (inda sendo maioritaria), mentres que a do prestixio era o inglés.

(20): A conclusións semellantes se chegou noutras experiencias posteriores, coma as feitas pola lingüista danesa Skutnabb-Kangas.

(21): Repárese na transcendencia deste aspecto no caso galego. Hoxe a nosa lingua está socialmente minusvalorada e iso fai que en certos ambientes se considere inútil, cando non perxudicial e frustrante, a súa aprendizaxe. Que se advirta esa valoración en nenos e nenas non é máis que constatación da existencia de ambientes adultos nos que esa valoración está vixente.

A vista disto, parece evidente que haberá que corrixilo mediante unha intensa campaña social que desmonte e elimine os prexuízos e tópicos que os moitos anos de abandono e represión asociaron ó galego, incorporando os valores positivos que a nosa lingua ten como principal sinal de identidade do noso país.

(22): Parécenos importante esta distinción entre os grupos C) e D), pertinente sobre todo en cidades e grandes vilas. E non afondamos máis aló da xeración dos avós porque cremos que en Galicia a práctica totalidade da poboación ten o galego como lingua de instalación ben na xeración de seus pais ou, como moito, na de seus avós (se se exceptúa, obviamente, a escasa porcentaxe da poboación provinte de fora de Galicia, incluída xa no apartado B)).

(23): Do dito sobre os programas de inmersión resulta evidente que debe haber un traballo previo sobre a natureza dos mesmos e a súa utilidade. Porque, se se ten en conta que no noso país existen unha serie de tópicos e complexos que fan que a xente non considere o beneficio de aprende-lo galego (e mesmo, en certos sectores, pense que é perxudicial), como consecuencia da diglosia social existente, hai que levar antes a cabo o necesario labor social que contra-reste eses tópicos e complexos.

(24): Este apartado referido á formación do profesorado resulta transcendental. Debe enmarcarse dentro dun máis global Programa Galego de Formación do Profesorado e debe atender a dúas vertentes complementarias: a necesaria for-

mación científica e metodolóxica dos ensinantes e a axuda para a solución dos problemas pedagóxicos, sociolingüísticos, organizativos, etc, que na práctica diaria se presentan.

(25): Repárese -e isto parécenos fundamental-en que non propugnamos un mapa lingüístico de carácter territorial, que cremos ofrecería unha imaxe distorsionadora e enganosa da realidade. Nunha mesma zona, actualmente, poden coexistir persoas que correspondan ós diferentes apartados lingüísticos que consideramos. E esa realidade innegable non pode ser recollida por un mapa que divídese, sempre con carácter xeralizador, a Galicia en diferentes zonas lingüísticas.

Anexo 2

Modelo de normalización lingüística para o ensino (1989)

INDICE	
1. Situación actual e necesidade dun modelo de normalización lingüística para o ensino	7
2. Principios básicos e desenvolvemento do modelo	9
2.1. Líñas xerais	9
2.2. Programas e desenvolvemento	10
2.2.1. Os Equipos de Normalización	10
2.2.2. A Educación Infantil	11
2.2.3. A Educación Primaria	11
2.2.4. A Educación Secundaria e Universitaria	12
3. A Etapa de transición	13
3.1. E.X.B.	13
3.2. B.U.P. / F.P.	13
3.3. Universidade	14
4. Da Administración Educativa	17

Edita: Comisión Promotora
Deseña e produce: Axendas AGA

As organizacións asinantes deste documento, interesadas na necesaria normalización lingüística do ensino, constatamos unha situación aínda moi deficiente de presenza vehicular do galego nos diferentes niveis educativos, e unha falta de vontade política clara por parte da Administración para electivizar esta necesidade, que é, ademais, un mandato legal.

No noso país existe unha poboación escolar ambientalmente galego-falante, e outra ambientalmente español-falante. Tendo en conta, non obstante, a proximidade dun e outro idioma, e o coñecemento, cando menos básico, que a maioría das escolas teñen do galego, propoñémolo seguinte plan ou Modelo de Normalización Lingüística para o Ensino, para que se cumprira o obxectivo de galeguización posúblana neste campo, que é indispensable para unha normalización real do idioma.



A.P.L.L. (Asoc. de Prof. de Lingua e Literatura Galega)/ASPG (Asociación Sociopedagóxica Galega)/B.N.G./C.C.O.O. de Ensino/Concello de Ferrol/Departamento de Filoxía Galega (Univers. de Santiago/División de Estudos de Bilingüismo (I.C.E.)/Federación de A.P.A.s de Ferrolterra/Federación de Asociacións Culturais/Facultade de Filosofía e CC. da Educación/C.E. (Instituto das Ciencias da Educación)/I.G. Instituto da Lingua Galega/INL (Asoc. de Profesores de Lingua Galega)/M.C.G./Nova Escola Galega/PS.G./E.G./S.G.E.I./C.X.T.B./S.G./T.E./U.T.E.G./I.N.T.O.

Compostela, 30 de xuño do 1989

SITUACIÓN ACTUAL E NECESIDADE DUN MODELO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA O ENSINO GALEGO.

Entendemos por normalización lingüística o proceso que teña como resultado o que o noso idioma acade unha situación normal, como lingua de uso de toda a poboación galega en todo tipo de situacións. Na actualidade, e como consecuencia dun proceso histórico, a situación diglósica na que se atopa a poboación galega produce unha infravaloración da propia lingua, o que representa un dos maiores atrasos neste camiño.

Resulta evidente que a normalización lingüística do noso sistema educativo é un obxectivo imprescindibile para a consecución dunha escola renovada, democrática e socialmente integradora.

Non hai que esquecer que só na medida en que unha comunidade, cunha lingua e cultura de seu, esta disposta a mantela súa identidade, poderá establecer e facer seu un sistema educativo no que o tratamento lingüístico non poña en perigo aquela, senón que favoreza o seu mantemento e consolidación.

O ensino é un factor moi importante de transmisión- adquisición de competencia e pautas de comportamento lingüístico, o que o converte nun dos eixes decisivos para a normalización; normalización no ensino que non é un fin en si mesma, senón que se encadra na necesaria normalización en tódolos sectores sociais.

A situación actual neste ámbito, constatada por estudos realizados por diferentes instancias nestes últimos tempos, amosa unhas baixas cotas de normalización, o mesmo que se observa na sociedade en xeral.

Aprecíase que os avances realizados ata agora neste proceso son insuficientes e produto de iniciativas individuais ou de grupos, non do necesario impulso administrativo ou político. Non hai obxectivos procesuais marcados

no camiño normalizador, nin estratexias minimamente definidas, nin vontade de acadar dun xeito efectivo a normalización, nin sequera naqueles fins marcados pola lexislación vixente.

A situación da poboación, no tocante á competencia lingüística, é óptima no noso país, debido sobre todo a:

a) Unha poboación autóctona moi compacta, sen grandes aportes de poboacións foráneas.

b) Proximidade lingüística entre o galego e o español, o que favorece notablemente a intercomunicación e a comprensión.

c) Un grao de familiaridade e coñecemento, aínda que pasivo nalgúns casos, do galego por parte de moi altas porcentaxes de poboación.

Pero esa normalización non se vai acadar dun xeito espontáneo e voluntarista. No propio concepto de normalización está implícita a necesidade de planificación e de control do proceso, é dicir, precisa dun modelo que debe fixar as grandes liñas polas que ha dicorre-lo proceso normalizador, así como a temporalización das diferentes etapas, que debe desembocar nunha situación na que o galego sexa a lingua de uso en todos os niveis educativos. É-la tarefa que abordamos nas páxinas que seguen.

2

UN MODELO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA O ENSINO.

2.1. LIÑAS FUNDAMENTAIS DO MODELO.

Fixanse como liñas fundamentais ou eixes básicos do modelo os seguintes:

a) O modelo aplícarase a todo o territorio e a todo o universo educativo galego. Debe ser asumido, polo tanto, como tal pola Consellería de Educación, polo Goberno e polo Parlamento galegos. Este é o único xeito de que esta garantía a necesaria coherencia do modelo e a súa continuidade, así como o desenvolvemento complementario e os precisos recursos humanos e materiais que cumpran para a súa posta en práctica.

b) A restauración do galego en novos ámbitos de uso e novos falantes deberá ser considerada dende unha dimensión colectiva.

c) O modelo fixa, como momento no que se entende que todos rapaces e rapazas, con independencia da súa procedencia idiomática, deben estar en disposición de realizar o ensino en galego, a idade dos 11/12 anos, comezando co comezo da educación secundaria obrigatoria na futura Reforma Educativa, ou o equivalente no sistema actual.

d) Con anterioridade a ese momento, e partindo das distintas situacións iniciais, debe darse, en todo caso, unha liña de normalización progresiva que teña como obxectivo camiñar cara a esa normalización plena marcada no punto anterior.



2.2. DESENVOLVEMENTO DO MODELO NAS DIFERENTES ETAPAS DO ENSINO.

2.2.1. Equipos de Normalización e criterios de determinación de programas.

Constituiranse Equipos de Normalización Lingüística en tódolos centros escolares, que serán coordinados por un Equipo de Normalización Lingüística de ámbito nacional.

Estes Equipos deberán ter unha preparación técnica que possibilite unha actuación eficaz e manter unha vontade normalizadora e de avance no proceso, e non de froio ou estancamento.

As súas funcións básicas serán:

1. Definir a situación inicial do alumnado de novo ingreso no centro, dende o punto de vista do idioma.
- Dadas as características da situación lingüística galega sería imposible —e quizais contraproducente— facer unha catalogación rixida galego-falantes/español-falantes da poboación escolar galega. Na etapa inicial, previa ó actual EXB, propoñémos que se teñan en conta os seguintes factores:

- a) a fala individual do alumno/a.
- b) a lingua predominante no entorno.
- c) a capacidade de comprensión oral, avaliada mediante proba e a capacidade de expresión e de resposta, co mesmo criterio.

2. Determinación do programa lingüístico a seguir, así como das adaptacións oportunas á realidade concreta, dentro das liñas marcadas neste modelo de normalización e con vista á consecución real dos obxectivos aquí marcados.

3. Seguimento anual e avaliación do proceso, establecendo, no seu caso, as medidas correctoras necesarias para a consecución dos obxectivos sinalados.

4. Desenho e elaboración, en colaboración co profesorado implicado, das estratexas necesarias para que aqueles alumnos/as que poidan presentar algunha dificultade idiomática se poidan integrar totalmente no seu grupo ó longo dos primeiros anos de escolaridade, así como das estratexas necesarias para permitir que, naqueles grupos con programas que non contemplen a total implantación inicial do galego, os avances dos alumnos/as galego-falantes non se vexan coartados, senón favorecidos.

2.2.2. Educación Infantil.

No período de educación infantil, entendido como etapa comprendida entre os 0 e 6 anos, defínense tres posibles grupos con cadanseu programa:

A) Alumnos/as que constitúan grupos caracterizados polo Equipo de Normalización de Centro —á vista dos datos obtidos segundo os criterios expresados en 2.2.1— como de presenza maioritaria do galego.

Neste grupo o programa que se establecerá será totalmente en galego.

B) Alumnos/as que constitúan grupos caracterizados polo Equipo de Normalización de Centro como de presenza media do galego.

A este grupo aplicaráselle un programa en galego. O Equipo de Normalización, en colaboración co profesorado implicado, aplicará as medidas pedagóxicas necesarias para facilitar e garantir o normal desenvolvemento lingüístico, académico e intelectual do alumnado.

C) Alumnos/as que constitúan grupos caracterizados polo Equipo de Normalización de Centro como de presenza maioritaria do español.

A estes grupos aplicaráselles nesta etapa un programa en español coa presenza, como mínimo, de 1/3 das actividades en galego. En todo caso, o Equipo de Normalización poderá ampliar en calquera momento a presenza do galego, á vista da situación concreta do grupo e da súa evolución.

Neste grupo tamén se poderán desenvolver programas de inmersión en galego.

2.2.3. Educación Primaria.

Para os grupos definidos na etapa anterior como A e B, seguiranse os mesmos programas establecidos, en galego, coa incorporación da área de español.

Para o grupo C desenvolverase unha segunda fase do programa inicial, que contemple un aumento porcentual e progresivo da presenza do galego, a partir do frizado na etapa anterior, que desembocará na xeneralización do seu uso no momento marcado nas liñas xerais deste modelo (11/12 anos), ó comezo da Secundaria obrigatoria.

Tamén continuarán, neste grupo, os programas de inmersión, axeitando as estratexas ós niveis acaduados.

2.2.4. Educación secundaria e universitaria.

O ensino será totalmente en galego nestes niveis, co español como asignatura. (Para etapa de transición V. apartado 3).



3

A ETAPA DE TRANSICIÓN.

A efectos de cómputo de materias nesta etapa de transición, péñese da consideración de novas materias non galeguizadas previamente, partindo, xa que logo, da situación na que esta cada centro na actualidade e avanzando a partir dese punto. Así mesmo, pola influencia positiva ou negativa que ten na normalización lingüística, todo labor burocrático, de comunicacións internas ou coa comunidade e institucións, etc. realizarase en galego.

A etapa de transición terá unha duración máxima de 5 anos.

3.1. E.X.B.

Dado que o Plan que poña en práctica o modelo que acabamos de enunciar empezará a aplicarse sistematicamente cos menos e menos que ingresen por primeira vez no sistema educativo, haberá varios grupos de alumnos (os que xa estean integrados nos diferentes niveis educativos no momento actual) que non se poderán beneficiar plenamente do mesmo.

O longo de cinco anos establecerase por parte dos Equipos de Normalización aquelas estratexias que permitan unha transición progresiva da situación actual á etapa terminal do modelo.

De calquera maneira, esas estratexias sempre terán en conta o punto de partida (maior ou menor grao de normalización acadado ata ese momento) e as liñas globais do modelo definido, de xeito que se procurarán aquelas adaptacións que fagan posible o maior achegamento ás peuntas contempladas neste documento.

Así, nos actuais niveis de Preescolar e Ciclo Inicial (se se trata de grupos non iniciais), respectando o camiño xa andado, tenderase a solucións semellantes ás propostas no apartado anterior para estas idades.

No actual Ciclo Medio debe afondarse na liña iniciada xa na actualidade, consolidando o galego como lingua vehicular, como mínimo en toda a área de Experiencias (C. Sociais e C. Naturais).

Esta consolidación deberase ver incrementada na actual Segunda Etapa, incorporando novas áreas en galego, amais da de Experiencias.

En calquera caso, deberá tenderse a unha progresiva galeguización curso a curso, que permita conseguir dentro do prazo previsto a total posta en práctica do modelo.

3.2. B.U.P. / F.P.

No primeiro ano da etapa de transición desenvolveranse dúas materias, como mínimo, en galego, tal e como xa se contemplaba na correspondente Orde da Consellería de Educación.

A partir dese momento, irase aumentando o número de asignaturas en galego, a razón de dúas máis cada ano, ata chegar aos 5 anos marcados para a transición, á galeguización total do currículo.

3.3. Universidade.

A presenza do galego na Universidade como lingua de docencia habitual é moi escasa e, en xeral, vese reducida na maioría dos casos a usos rituais. A galeguización do papel do administrativo non se corresponde en absoluto coa utilización normal do galego nas aulas, nas publicacións ou noutras actividades propias deste nivel de ensino.

Datos estadísticos publicados recentemente avalían estas apreciacións e converten o problema en máis grave, se cabe, visto que é esta institución —en todas as súas ramificacións— a encargada de formar futuros ensinantes para os outros sectores do ensino.

Ante esta situación propoñemos:

1. Xeneralízase a galeguización de toda a burocracia administrativa e de todo o papelado académico saídos dende o que sae do Rectorado, Decanatos, Dirección de Escolas, Colexios Universitarios, Departamentos, etc. e calquera outro programa ou comunicación.
2. Durante o prazo de cinco anos marcado como etapa de transición (no que se procurará que todo docente consiga a suficiente competencia oral e escrita do idioma) impartirase un mínimo de dúas materias por curso en lingua galega, quedando estas á escollla do Consello de Departamento, Xunta de Sección, Escola ou Facultade que, segundo as circunstancias de cada caso, irán ampliando progresivamente este número.

3. O coñecemento da lingua galega (a nivel oral e escrito) será un mérito preferente para o profesorado contratado, asociado e titular interino.

4. Nos concursos de prazas de titulares ou catadráulicos, os tribunais terán en conta, na avaliación dos méritos, a experiencia docente e investigadora realizada en lingua galega.

5. En todos os centros dependentes da Universidade, os Plans de Estudo e os programas terán en conta a especificidade do desenvolvemento social, económico e cultural de Galicia.

6. Será obrigatorio demostrar un coñecemento da lingua galega para formar parte do persoal de Administración e Servizos, tanto dende o punto de vista oral coma escrito.

7. Do volume global das publicacións universitarias financiadas con fondos públicos, como mínimo, o 50% deberá estar en lingua galega.

8. A Universidade, a través dos servizos correspondentes, pondrá a disposición dos autores medios persoais e técnicos para que poidan conseguir versións en galego dos artigos orixinais redixidos noutra lingua.

9. Facilitaranse gratuitamente cursos de galego a todos os membros da comunidade universitaria para perfeccionaren a súa competencia en galego.



4

DA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA

A Administración educativa còmprelle un papel decisivo na posta en práctica deste modelo de normalización, aportando os medios humanos e materiais necesarios, así como exercendo de axente normalizador fundamental.

Esta posta en práctica do modelo debe incluír, ademais dos obxectivos básicos e acadar e das grandes liñas que acabamos de enunciar, unha ampla información sobre o proceso e os medios para levado á práctica. Así mesmo, esa información deberá ser específica e adaptada a cada un dos sectores ós que vaia dirixida.

A Administración, con vistas á aplicación do modelo, debe crear unha estrutura descentralizada, na que se integran os distintos elementos do Equipo de Normalización de ámbito nacional. Este Equipo, de carácter multidisciplinar, debe estar constituído basicamente por membros da Administración, Movementos de Renovación Pedagóxica e Sindicatos do Ensino, e terá unha implantación en toda Galicia a través dos Equipos de Normalización de Centro, de maneira que o seu labor se desenvolva en estreita interrelación coa aplicación práctica do modelo.

O Equipo de Normalización, a través dos seus distintos grupos, será o encargado de orientar, explicar, controlar e avaliar todo o proceso de normalización, en contacto cos Equipos de Normalización de Centro, que estarán constituídos por persoas designadas polos Organos de Goberno dos centros respectivos.

Todo isto, obviamente, supón un forte incremento de recursos humanos e materiais, imprescindible para unha efectiva posta en práctica do modelo.

A Administración deberá favorecer, así mesmo, todas as experiencias puntuais que supoñan un avance no proceso de normalización marcado polo

modelo. Dentro dese favorecemento entra a necesaria garantía de continuidade de desas experiencias, o que leva á necesidade de considerar este factor á hora da asignación das correspondentes plantillas de persoal docente.

A Administración debe considerar, ademais, no contexto do modelo, unha serie de aspectos imprescindibles para a aplicación con éxito do mesmo. Salientamos, entre outros:

- Un rigoroso plan de formación do profesorado, que se debe realizar cos maiores recursos humanos e técnicos e coa máxima proximidade á realidade e ó contexto docente dos implicados.
- Un plan para a creación e difusión dos necesarios recursos e materiais didácticos que se prevean necesarios e que a realidade vaia demandando.

No tocante ó profesorado, deberá contemplar, ademais doutros factores, os seguintes:

1. A situación individual do profesorado no plano lingüístico nunca será impedimento para o normal desenvolvemento dos plans ou programas normalizadores. A Administración arbitrará as medidas oportunas para solucionar estes problemas alí onde se dean, garantindo, en todo caso, a continuidade do proceso normalizador.
2. Os aspirantes a un posto docente no sistema educativo público terán que acreditar coñecemento da lingua galega para a práctica docente da súa materia. O término da etapa de transición non poderá aлегarse descoñecemento do galego ou incapacidade para desenvolver programas nesta lingua por parte de docente ningún.
3. Nas Escolas de Formación do Profesorado, así como nas Facultades e outros centros que teñan a docencia como un dos destinos prioritarios dos seus alumnos, enfatizarase a preparación pedagóxica e sociolingüística para levar a cabo programas de normalización nas formas e nos contidos.
4. Como norma xeral, esixiríselles ós profesores que desenvolvan docencia en español, que respeten escrupulosamente as manifestacións individuais en lingua galega dos seus alumnos, e mesmo que as correspondan nesta lingua tanto oralmente como por escrito.
5. Non se aconsella que os profesores que vehiculen o seu ensino en español sexan os que desenvolvan programas en galego perante o mesmo alumnado.



Anexo 3

NEG: Boletín interno, nº 24, maio de 1991

NOVA ESCOLA GALEGA

BOLETÍN INTERNO 24
MAIO 1991



SUMARIO

- Editorial
- Comprometense a participar VIII Asemblea Anual
- Plan de Actividades 1991
- A educación infantil en Galicia
- Conclusións das Xornadas de Normalización Lingüística no Ensino
- Nova Escola Galega e os anos inovados
- Un modelo de organización para os MRPS de Galicia
- Exposición Ferrer i Guardia e a Escola Moderna
- Novas da Asociación

Francisco Ferrer i Guardia e Escola Moderna (1859-1909)
EXPOSICIÓN E CICLOS DE CONFERENCIAS SOBRE O TEMA

- OURENSE, Facultade de Humanidades, do 2 ó 7 de Maio.
- SANTIAGO, Museo do Pobo Galego, do 9 ó 14 de Maio.
- A CORUNA, Sala de Deputación, do 16 ó 22 de Maio.
- PONTEVEDRA, Salón de Cuka Galista, do 24 ó 30 de Maio.



Organiza:
Nova Escola Galega.

III Xornadas sobre Normalización Lingüística no Ensino

CONCLUSIÓNS

O pasado 19 de Xanero de 1991, no Hotel Peregrino de Santiago, entre as 10 e as 19 horas tiveron lugar as "III Xornadas sobre Normalización Lingüística no Ensino" organizadas por Nova Escola Galega cunha asistencia de 75 persoas.

Os obxectivos, tanto en asistencia como en labor a desenvolver, acadáronse amplamente superando as expectativas previstas.

As presencias concluíronse en colaboración, partindo da mesa dos moderadores, para dar lugar a un intercambio de opinións e puntos de vista que formen o guión de traballo de que dispoñan todos os asistentes.

Estableceuse unha metodoloxía de gran grupo na "Presentación das Xornadas" e a continuación realizáronse en tres grupos de aproximadamente vinte persoas en dúas fiadas e noutras dúas fiadas, para a realización dos "Debates".

Cada grupo estivo coordinado por dúas persoas, unha pertencente a Nova Escola Galega e outra representante dos centros de normalización lingüística. Actuaron como moderadores Xosé Lastra Miravalles, César Martínez Vázquez e Rosa Martínez Ferrero como membros de honor. Agradecemos a colaboración de Bibalazón do ICEL, Lois Tello Martínez (foto SGRI / CXTC) e Goretti Samartín Rei (foto UTEG / INTG).

Posteriormente houbo unha posta en común e un intercambio de opinións de traballo, establecéndose un acordo de relación das conclusións así como o compromiso da organización de facer chegar unha copia das mesmas a todos os asistentes e procedése a clausurar as Xornadas ofrecendo os asistentes a colaborar no futuro en actividades relacionadas co labor a prol da normalización lingüística.

As finalidades propostas resumíense en:
* Xerarse
- Potenciar a normalización lingüística

NOVA ESCOLA GALEGA

Constituíronse os Equipos de Normalización, sen que a Administración contase cun Plan de Normalización no ensino

nos centros de ensino.
- Igualar o coñecemento do "Modelo de Normalización Lingüística para o Ensino".
- Promover que a Admón. educativa asuma o Modelo.

* Concretase:
- Analizar a situación da Normalización Lingüística no ensino principalmente non universitario.

* Valoración das ordes da Comisaría.
- Avaliar a necesidade de elaboración dun documento sobre os "Equipos de Normalización de Centro".
* Fixar as bases da súa elaboración.

- Analizar e definir as funcións dos Equipos de Centro como punto de partida para a elaboración dun Documento Base sobre eles.
- Crear unha comisión redactora dun novo "Documento Base sobre os equipos de centro". Fixar unha primeira data e lugar de reunión.

- Promover o intercambio de experiencias entre os Equipos de Centro e difundir a información da normalización lingüística.

A continuación aparece un resumo das aportacións de cada grupo de traballo sobre cada punto concreto. Dado que se trata de traballos realizados por persoas con diferentes posicións do profesorado fronte ao Equipo de Centro consideramos de interés que aparecieran todas as opinións expostas aínda aquelas contradicorias entre si. Aparecen ordenadas por temas independentemente do grupo de traballo o que pertencían.

1.- ANÁLISE DA SITUACIÓN

1.1.- Valoración da orde de creación dos equipos de normalización de

centro de Concelleira:

Colócanse na crítica resposta por múltiples asociacións e colectivos no seu día.

- Non se aprecia unha vontade normalizadora da Admón., realízanse actuacións aliñadas, feitas dun fío conductor. Aparece a necesidade dun marco xeral englobado nun plan de normalización.

- Constitúense os equipos de Normalización de Centro sen que a Administración asumira un Plan de Normalización do Ensino a nivel nacional que aportase unha liña de actuación xeral. A actual situación pode considerarse como un conxunto de contradicorias entre si.

- As tarefas que a devandita orde establece non poden realizarse cos medios materiais, temporais e humanos de que dispoñen os centros de ensino. É imprescindible que a Administración facilite os recursos técnicos e profesionais, asesoramento técnico e profesorado de apoio.

- A pretensión de analizar a situación socio-lingüística do centro é inválida dun xeito científico cos medios

II Xornadas e asumido por 19 organizacións.

- Desconecamento por amplos sectores. - Aumento de alumnos. Lingüística para o Ensino? Necesidade de impartir a súa difusión e divulgación.

- A Administración debe asumir as súas funcións normalizadoras. O proceso normalizador non pode estar apoiado á existencia de "voluntarismo".

- Actualmente, a Admón. non aporta tódolos medios legais, humanos e materiais necesarios para a normalización lingüística do país.

- Apreciase unha falta de formación do profesorado polo que se debe promover a súa actualización e adxerencias nos niveis de ensino evitando un exceso de gramaticalismo e fomentando unha mellora nos aspectos didácticos así como garantir que tódolos profesores do país realicen estes cursos.

- Necesidade de unha motivación positiva e diferenciada.

- Recordar que a "Normalización Lingüística" non é dar clases de galego senón conseguir que a lingua galega sexa a lingua de uso habitual en tódolos lugares e pais embañados en situacións. Existe un Plan Normalizador Xeral e un Plan Normalizador do Ensino.

- Algunhas das funcións concretas necesarias para a posta en práctica do Plan Normalizador Xeral e o Plan Normalizador do Ensino e garantir a súa continuidade.

- Algunhas das funcións concretas referidas ó apartado anterior serían:

- Creación dun Equipo Normalizador a nivel normalizador no ensino primario e secundario.

- Creación dun Equipo Normalizador a nivel normalizador no ensino universitario.

- Creación dun Equipo Normalizador a nivel normalizador no ensino superior.

- Creación dun Equipo Normalizador a nivel normalizador no ensino de posgrao e doutoramento.

- Creación dun Equipo Normalizador a nivel normalizador no ensino de posgrao e doutoramento.

- Creación dun Equipo Normalizador a nivel normalizador no ensino de posgrao e doutoramento.

- Creación dun Equipo Normalizador a nivel normalizador no ensino de posgrao e doutoramento.

- Creación dun Equipo Normalizador a nivel normalizador no ensino de posgrao e doutoramento.



1.3.- *Fixar as bases da súa elaboración:*

<p>- A adquisición dunha boa competencia noutras linguas estranxeiras é un obxectivo irrenunciábel, debendo utilizarse equitativas medidas pedagóxicas que permitan a súa consecución de xeito coherente co marco normalizador establecido no propio modelo.</p> <p>- O modelo debe fixar un punto terminal normalizador E.O.E.C. un momento no que, logo do proceso previo, se entende que todos os alumnos e alumnas que o galego poida ser a lingua da súa vida en todas as súas linguas vivas. Era momento fixarmos nos 12 anos, coincidindo coa fin da etapa de educación primaria. Naturalmente, nalgúns centros onde sea punto normalizador se podía acadar con anterioridade non será necesario agardar a ese momento, que se debe entender como a hipótese máis dilatada no tempo.</p> <p>- Da anterior fase que, no tempo anterior ó punto indicado, debe darse unha liña de normalización progresiva coa, partindo das distintas situacións iniciais, consideradas, leva como obxectivo cambiar cara a ese punto terminal normalizador. Establecerse os ritmos de aplicación ata chegar ó obxectivo final (fase de transición —fase de aplicación— fase de consolidación)</p> <p>- O modelo debe considerar, así mesmo, as situacións de transición que se dan entre a aplicación propia do mesmo, Habera, logo, que consideren estratexias específicas para as áreas e os centros que xa están en momento de posela un práctica do modelo.</p> <p>- A comunidade educativa de cada centro xoga un papel fundamental no proceso normalizador. Creemos que debe participar activamente na definición, elaboración e posta en práctica das estratexias que se leven a cabo no proceso. O seu papel será básico, por tanto, á hora da definición do seu Proxecto Lingüístico, enmarcado no correspondente Proxecto Educativo do Centro.</p>	<p>competencia na súa lingua materna (mol presente socialmente, especialmente nos medios de comunicación e nas novas tecnoloxías) e adquirir progresivamente unha competencia necesaria na lingua da escola e, á fin, na lingua que compoñe reforzar para acadar o obxectivo fundamental da Lei de Normalización.</p> <p>(b) Iniciación ó ensino en castelán cunha progresiva incorporación do galego que permita o ensino nesta lingua e a súa posible Prestarase especial atención e tempo das estratexias metodolóxicas máis oportunas, fundamentalmente no que se refire a formulación de obxectivos, especialización lingüística do profesorado e dos espazos, uso das dúas linguas, etc.</p> <p>Coñeceranse especialmente, e mediante os apoios necesarios, os casos dos alumnos ou alumnas que poidan presentar algún grao de dificultade no seu desenvolvemento lingüístico.</p>	<p>2.2. A normalización nas diferentes etapas educativas</p> <p>2.2.1. Educación infantil</p> <p>Atendendo a situación sociolingüística do medio no que está ubicado o centro escolar e decidida a lingua de aprendizaxe para estes primeiros anos da escolaridade. Cómpre ter en conta, á hora de tomar esta decisión cun claro obxectivo normalizador, a lingua familiar do alumnado, a lingua predominante no medio e a conveniencia, en todo caso, de reforzar precisamente a lingua menos prestibada, neste caso o galego, xa desde a máis temprá idade, toda vez que o castelán vai estar presente na aprendizaxe familiar e/ou social e que se pretende acadar unha competencia semellante nas dúas linguas oficiais, tal e como aparece recollido na Lei de Normalización Lingüística.</p> <p>Estas liñas de actuación, para serm efectivas, deberán contemplar xa nos centros de educación infantil que atenden ós nenos e nenas de 0 a 3 anos.</p> <p>- Cando a lingua ambiental predominantemente sexa o galego, esta será a lingua familiar, cultura que leva á lingua familiar dos nenos e nenas. En calquera caso, contemplaranse programas de adaptación para aqueles grupos ou individuos que presenten algún tipo de dificultade para iniciar a súa escolaridade en galego, procurando unha pronta integración no ensino galego normalizado.</p> <p>- Cando a lingua ambiental predominantemente sexa o castelán, contemplaranse diferentes situacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> * Alumnado con galego como lingua familiar: ensino en galego * Alumnado con castelán como lingua familiar: <ul style="list-style-type: none"> (a) Ensino en galego naquelas situacións favorables desde o punto de vista sociolingüístico (tipo de familia e da comunidade educativa) <p>No caso destas necesidades cunha competencia normal na súa lingua familiar, neste caso o castelán, e ensino cunha segunda lingua resulta beneficioso, pois permite manter-la</p>	<p>acada—a plena normalización do galego no ensino e os obxectivos básicos da Lei de Normalización.</p> <p>Coñeceranse especialmente, e mediante os apoios necesarios, os casos dos alumnos ou alumnas que poidan presentar algún grao de dificultade no seu desenvolvemento lingüístico.</p> <p>2.2.3. Educación Secundaria Obrigatoria</p> <p>Axudada xa na anterior etapa a competencia lingüística suficiente, nesta etapa, o ensino desenvólvese totalmente en galego.</p> <p>Ésta utilización do galego como lingua vehicular estará complementada polo estudo sistemático do castelán, que xoga un importante papel como lingua de relación.</p> <p>Coñeceranse especialmente, e mediante os apoios necesarios, os casos dos alumnos ou alumnas que poidan presentar algún grao de dificultade no seu desenvolvemento lingüístico.</p> <p>2.2.4. Educación Postobrigatoria</p> <p>Do mesmo xeito, nesta etapa, se non debe estar ningún problema obxectivo que faga inviable a normalización lingüística no ensino, que estará xa plenamente consolidada. O labor nesta etapa, orientarase máis á necesaria formación complementaria do profesorado e á conexión dos materiais didácticos precisos.</p> <p>Coñeceranse especialmente, e mediante os apoios necesarios, os casos dos alumnos ou alumnas que poidan presentar algún grao de dificultade no seu desenvolvemento lingüístico.</p> <p>2.2.5. Universidade</p> <p>A presenza do galego na Universidade como lingua de docencia habitual e moi escasa e, en xeral, veis reducida na maioría dos casos a usos rituais. A galeguización da documentación de carácter administrativo non se corresponde en absoluto coa utilización do galego nas aulas, nas publicacións ou noutras actividades propias deste nivel de ensino. Esta situación contrasta co recoñecemento que os propios Estatutos das tres Universidades de Galicia adogan o galego como lingua oficial.</p>
---	--	---	---

<p>Reiteradamente diversos estudos publicados avoan estas apreciacións e converten o problema en máis grave, se cabe, visto que é esta institución—desde todas as súas titulacións— a encargada de formar futuros ensinantes para os outros niveis de ensino. Asemade cómpre considerar a potencialidade da Universidade como un importante referente social que debe prestila—la lingua e a cultura dele país.</p> <p>Tendo en conta estes extremos proponse:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Xeneraliza-la galeguización de toda a documentación, tanto de carácter administrativo como académico que emana das diferentes instancias universitarias: Rectorados, Decanatos, Direccións de Escuelas, Departamentos, Unidades de Xestión, etc. - Impulsar-la realización de estudos de realidade lingüística e a elaboración de programas de normalización dirixidos a poñerlos—o seu pleno uso en todos os ámbitos da actividade universitaria, tal como se recolle nos propios Estatutos das Universidades Galegas. - Xeneraliza-lo uso do galego como lingua de ensino, potenciando a investigación nas lendicinas propias do contexto socioeconómico, científico, político e cultural de Galicia. - En todos os centros dependentes da Universidade, os Planos de Estudo e os programas terán en conta a especificidade do desenvolvemento social, económico e cultural de Galicia.) - O coñecemento de lingua galega (a nivel oral e escrito) será un mérito preferente para o profesorado contratado, asociado e titular interno. - Nos concursos de prazas de titulares e catedráticos, os tribunais terán en conta, na avaliación dos méritos, a experiencia docente e investigadora realizada en lingua galega. - Para formar parte do período de Admisión e Servizos será obrigatorio demostrar un coñecemento, tanto oral como escrito, da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> - Do volume global das publicacións universitarias financiadas con fondos públicos, como mínimo, o 50% deberá estar en lingua galega. - A Universidade, a través do Servizo de Normalización Lingüística, poñerá a disposición, tanto dos docentes como do alumnado, medios persoais e técnicos para que poidan conseguir versións en galego das linguas orais relacionadas coa lingua galega. - A Universidade convocará axudas para a realización de teses de licenciatura e doutoramento ou proxectos fin de carreira en lingua galega, ofrecendo igualmente asesoramento lingüístico. - Facilitaranse gratuitamente cursos de lingua a todos os membros da comunidade universitaria para perfeccionar a súa competencia en galego. - Para a consecución dos obxectivos propostos cómpre poñer en marcha unha serie de medidas de acompañamento, tendo especial importancia aquelas que se toman durante o período de transición. 	<p>Procedemento a seguir para dotal de homoxeneidade ó proceso.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Emprender campañas de divulgación e fomento da normalización de ámbito xeral. - Propoñer—la elaboración e difusión de materiais e iniciativas que contribúan ó avance na normalización no eido do ensino e na sociedade en xeral. - Apoiar e empender accións concertadas con outras institucións e administracións que favorezan unha dinámica de normalización social. - Realización do seguimento e a avaliación de todo o proceso, informando periodicamente das súa resultados. <p>2.3.1.2.2. EHL de ámbito comarcal</p> <p>Procedemento similar que terán—li que las áreas que non se refiran coñecida a situación e a problemática lingüística coas características xeográficas e socioeconómicas. Será necesario buscar tamén un equilibrio no que se refire ó número de centros adscritos para que os recursos materiais e humanos se aproveiten convenientemente.</p>	<p>Funcións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Facilitar información legal os diferentes órganos, sectores e profesionais docentes. - Inventariar—los recursos didácticos normalizados do centro e de coetáneos. - Coordinar—las iniciativas normalizadas no centro. - Valorar polo cumprimento da normativa legal e a aplicación daquelas iniciativas complementarias que se establezcan. - Propoñer—la incorporación ó PEC das notas de identidade relacionadas coas características sociolingüísticas e culturais propias de Galicia e equibrazas que contribúan á restauración das mesmas. - Elaborar, en colaboración cos diferentes sectores da comunidade educativa, o Proceso Lingüístico de Centro (PLC). Este PLC será un dñor referente básico á hora de establecer—las estratexias didácticas e desenvolver—los contidos curriculares no PEC. - Propoñer—las accións académicas e sociais que garantan os dereitos lingüísticos dos nenos e niñas galegofalantes. - Diseñar planes e accións normalizadas orientados a pais, ANPA e a toda a comunidade educativa. - Promover relacións con sociedades, colectivos e administracións da contorna que teñan incidencia na comunidade educativa. - Establecer—los oportunos procedementos de seguimento e avaliación das distintas iniciativas normalizadas. <p>Funcións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Definir—las estratexias xerais de actuación no seu ámbito. - Coordinar—las actuacións entre os diferentes centros. - Potenciar actividades concertadas que impriman maior ritmo á normalización. - Propoñer—la intercambio de experiencias e o encontro entre equipos e persoas vinculados ás tarefas normalizadoras. - Colaborar, participando con asesoramento e apoio de EHL de centro, na elaboración e posta en práctica do PLC (Proceso Lingüístico de Centro) - Procurar—la vinculación das administracións municipais e doutros organismos (sanitarios, comunicacións, deportivos, culturais, ocio, medios de comunicación, ...) cara ó avance na normalización de todos os sectores sociais.
---	--	---	---

<p>2.3.1.3. Composición 2.3.1.3.1. ENL de ámbito nacional</p> <ul style="list-style-type: none"> - Representación política e técnica da Consellería de Educación. - Representante da inspección educativa. - Representación das diferentes seccións sociais con incidencia no ensino (funcionarios, MHP, ANPA, A.A.) - Representación comarcal e/ou provincial. - Representación de colectivos, asociacións ou organismos de ámbito xeral e carácter normalizador. <p>2.3.1.3.2. ENL de ámbito comarcal</p> <p>Equipo estable e Consejo Comarcal (centros, CEFOCOR, concellos, ANPA, ...)</p> <ul style="list-style-type: none"> - Un técnico especializado en sociolingüística. - Un técnico especializado en tarefas de dinamización. - Inspector responsable da normalización. - Representación dos I.N.L. de centro. <p>2.3.1.3.3. ENL de centro</p> <p>Cómpre revisar a súa actual composición e funcións, máis competencias, máis horarios, horas, posibilidade de encontros comarcais en horario lectivo, máis motivación...</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coordinador/a - Un representante de cada ciclo/área. - Un membro do equipo directivo. - Un representante do alumnado, cando proceda. <p>2.3.2. Acceso e formación inicial e continua</p> <p>Tocante ó profesorado deberá terse en conta:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Na formación inicial dos futuros profesionais de educación deberase contemplar unha formación pedagóxica, sociolingüística e cultural que incida na súa capacitación nasárea tres ámbitos e na mellora das condicións de cara ó proceso normalizador no ensino. O seu período de prácticas deberá coincidir co período normalizador dos centros colaboradores. 	<ul style="list-style-type: none"> - Acceso á docencia (temporal ou permanente) con plena capacitación para a desenvolvemento a actividade en galego. - Formación permanente que dote ó profesorado de instrumentos lingüísticos, sociolingüísticos e culturais para exercer a docencia en galego. - Importante papel dunha metodoloxía axustada como instrumento normalizador. Priorizada a práctica oral no dominio lingüístico para a comunicación. Desinibir ó profesorado para que poida actuar nese senso co alumnado. - Para un mellor desenvolvemento deste modelo de ensino e redución das dificultades, inspección equitativa de apoio á integración... incidindo en aspectos de capacitación sociolingüística, cultural e pedagóxica como elementos fundamentais para a mellora das actitudes cara ó proceso normalizador. - A hora de publicar as vacantes dos diferentes concursos, especialmente dos de provisionais, a Delegación deberá facer constar o modo de ensino do Centro a fin de que o profesorado poida de antemán a lingua na que se impartirá o ensino. - O profesorado adscrito a un Centro deberase sentir obrigado polo documentos organizativos do mesmo (PEC, PCC) a adoptar a súa lingua. A lingua de ensino non pode depender do voluntarismo do profesorado senón da planificación e o traballo en grupo do Centro. <p>2.3.3. Inspección educativa</p> <p>A inspección educativa ten unha incidencia na vida dos centros, especialmente nos de Infantil e Primaria, que pode significar obstáculos ou momentos positivos, non se aplicando positivamente ao proceso normalizador. Tampouco se emprenderon accións decididas tendo a Administración para a activación técnica e competencial deste colectivo no terreo normalizador.</p> <p>A súa incorporación ós equipos nacional e de zona enténdese desde a perspectiva dun labor previo de formación e definición do seu papel no proceso.</p>	<p>Deben abordarse prioritariamente as seguintes cuestións para conseguir un proceso dinámico e eficaz:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Compromiso de velar polo cumprimento da formación vivente na materia, incluíndo a fidelidade dos membros. - Creación dunha sección específica dentro do corpo para participar activamente no proceso. - A Administración acometerá o axuste lexislativo e competencial que clarifique as funcións e o papel que ha desenvolvemento neste contexto. - As inspeccións encamiñaranse a incentivar e apoiar os docentes, non a coartar iniciativas e a limitar a súa liberdade de actuación para obter unha mellor do desenvolvemento do proceso. - Programa de cursos específicos de formación en materia lingüística, sociolingüística, tratamento curricular dos referentes culturais e metodoloxía axustada para o ensino de linguas en contextos non normalizados. <p>2.3.4. Medios e recursos para a dinamización do proceso</p> <ul style="list-style-type: none"> * De ámbito escolar: <p>Medidas incentivadoras para favorecer a existencia de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Bibliotecas escolares ben dotadas, con profesorado bibliotecario atento á normalización da lingua e da cultura nas súas actividades de dinamización e animación á lectura. - Materias curriculares en galego. - Medios informáticos en galego. - Medios audiovisuais en galego. * Outras intervencións educativas: tempo libre <p>Está claro que a educación non formal ten unha importancia fundamental. As veces, os esforzos realizados por ensinar en galego resultan insuficientes para garantir o desenvolvemento, por exemplo, que realice a súa actividade propia, cunha e reforza os procesos educativos con respecto á lingua galega. Aquí os concellos</p>	<p>teñen un papel fundamental. Tanto as Asociacións de Nais e Pais, e as asociacións culturais e veciñais.</p> <ul style="list-style-type: none"> * Outros ámbitos sociais: <p>Considerando a potencialidade normalizadora do ensino parece imprescindible impulsar o proceso normalizador dentro certos ámbitos sociais con medidas de diverso alcance e entidade: "Medidas como:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cine en galego. - Bibliotecas públicas ben dotadas, con terreo bibliotecario atento á normalización da lingua e da cultura nas súas actividades de dinamización e animación á lectura. - Campañas publicitarias. - Campañas directas a sectores concretos: medios de comunicación, monitores de tempo libre, conservadores de música e promoción musical, mundo da publicidade, asociaciónismo, comunidades relixiosas, profesionais da medicina, do deporte, do sector do comercio, etcétera. - Actuacións nas outras administracións (estado, concellos, deputacións, facenda, xustiza, militares...) - Campaña para normalizar definitivamente o uso correcto dos topónimos. - Campañas directas ás grandes empresas (telefonía, petroleras, eléctricas, grandes áreas comerciais...) - Primer día que desenvolvan a súa actividade en galego (de forma planificada e non puramente como sistema para acadar unha subvención) - Potenciar que os medios de comunicación seaxan transmisores de contidos culturais locais, con dimensión galega e xerais desde unha perspectiva non dependente. (fóro, antonozar unha emisora ou ollar un xornal, á parte da lingua, amelia un eco distante de formulacións enfocadas para outros contextos) 	<p>MODELO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA O SISTEMA EDUCATIVO GALEGO</p>	<p>32</p>	<p>21</p>	<p>MODELO</p>
---	---	--	--	--	-----------	-----------	---------------

<p>3. Etapa de transición</p> <p>3.1.1. Prazo</p> <p>A etapa de transición terá unha duración máxima de 5 anos.</p> <p>A efectos de cómputo de materias nesta etapa de transición haberá de considerarse de novo as áreas non galegas coma proxenito, francés, alemán, inglés, portugués, etc. e a avanzada a partir d'elles para.</p> <p>No tocante ás actividades de carácter extracurricular cotizarase que a súa planificación responda de maneira crítica a normalización asumida nas propostas curriculares de cada centro. Así mesmo, pola influencia que ten na normalización lingüística, todo labor administrativo, de comunicacións internas ou coa comunidade e institucións..., realizarase en galego.</p>	<p>calidade suficientes, teñen unha importancia capital.</p> <p>3.3. Medidas transitorias para as diferentes etapas</p> <p>3.3.1. Educación Infantil e Primaria</p> <p>Dado que o Plano que pola en práctica o idioma que se pretende de ensinar empezará a aplicarse a principios de curso, haberá de terse en conta a situación de cada centro e de cada curso. O curso do período transitorio e avanzado a partir d'elles para.</p> <p>En calquera caso, deberá tenderse a unha progresiva galeguización curso a curso. Serán os Equipos de Normalización dos Centros, asesorados e coordinados polo ENL comarcal e, no seu caso polo ENL nacional, os encargados de planificar-lo proceso de incorporación de novas materias en galego, considerando a traxectoria propia de cada centro.</p>	<p>3.3.2. Educación Secundaria (E.S.O. e E.S.P.O.)</p> <p>Como no etapas anteriores e partindo do estricto cumprimento dos mínimos legais establecidos, hánse incorporando progresivamente novas materias ata acadar, na perspectiva dos cinco anos, os obxectivos enunciados no modelo.</p> <p>En calquera caso, deberá tenderse a unha progresiva galeguización curso a curso. Serán os Equipos de Normalización dos Centros, asesorados e coordinados polo ENL comarcal e, no seu caso polo ENL nacional, os encargados de planificar-lo proceso de incorporación de novas materias en galego, considerando a traxectoria propia de cada centro.</p>	<p>3.3.3. Universidade</p> <p>Durante o período de transición empulzado no modelo (no que se procurará que todo docente consiga a suficiente competencia oral e escrita do idioma), impartirase un mínimo dun 30% dos créditos de cada curso en lingua galega, quedando as materias a elección dos Consellos de Dirección en coordinación coas Xes das Facultades correspondentes, que, segundo a situación de cada curso, hán acordado incorporarse a esta proporción ata chegar ó horizonte previsto no modelo.</p> <p>Igualmente, durante este período impulsarase moi especialmente todas aquelas medidas encamiñadas a conseguir da comunidade universitaria unha maior competencia en lingua galega e unha actitude máis favorable ó proceso normalizador. A dotación de medios e recursos, tanto documental como audiovisual e informáticos, así coma o asesoramento e apoio ós labores de docencia e investigación no idioma propio de Galicia, serán elementos especialmente considerados.</p>
<p>3.2. Soporte específico</p> <p>Durante este período de transición cómpre poñer en marcha unha serie de iniciativas encamiñadas a sensibilizar á sociedade en xeral, e ós diferentes sectores da comunidade educativa en particular, dos beneficios do proceso normalizador e das posibilidades do modelo proposto. O impulso do traballo coordinado dos ENL, nos seus distintos marcos de actuación (nacional, comarcal e de centro) será un dos eixes de apoio cira a este obxectivo principal.</p> <p>Paralelamente é imprescindible impulsar todas aquelas medidas encamiñadas a promover unha maior capacidade na vertente pedagóxica, sociolingüística e cultural do profesorado, e doutras accións implicadas no proceso normalizador.</p> <p>Neste sentido, é imprescindible impulsar e permanente do profesorado, o asesoramento e incentivos das centros escolares, así como a dotación de medios e recursos para a dinamización do proceso, en cantidade e</p>	<p>En calquera caso, estas estratexias sempre tomarán en consideración o punto de partida (melor ou peor grao de normalización acadado ata ese momento) e as liñas globais do modelo definido, de xeito que se procurarán aquelas adaptacións que fagan posible un maior achegamento ás pautas contempladas neste documento.</p> <p>Así, nos distintos niveis de Educación Infantil e primario do ciclo de Primaria (tal se trata de grupos, escolas, centros, etc.) e tamén xa acadados, realízanse as accións similares ás propostas no apartado anterior para estas etapas.</p> <p>No segundo e terceiro ciclo de Primaria debe aboñarse na liña de coñecida-lo galego como lingua vehicular, partindo dos mínimos obrigatorios (dúas áreas) e incorporando progresivamente ó longo deste tempo as áreas necesarias ate acadar los niveis previstos no modelo proposto.</p>	<p>O longo dos cinco anos estableceranse por parte dos Equipos de Normalización dos Centros e baixo a coordinación e asesoramento dos ENL de ámbito comarcal, e no seu caso, do ENL de carácter nacional, aquelas estratexias que permitan unha transición progresiva da situación actual á etapa terminal do modelo.</p>	<p>Así, nos distintos niveis de Educación Infantil e primario do ciclo de Primaria (tal se trata de grupos, escolas, centros, etc.) e tamén xa acadados, realízanse as accións similares ás propostas no apartado anterior para estas etapas.</p> <p>No segundo e terceiro ciclo de Primaria debe aboñarse na liña de coñecida-lo galego como lingua vehicular, partindo dos mínimos obrigatorios (dúas áreas) e incorporando progresivamente ó longo deste tempo as áreas necesarias ate acadar los niveis previstos no modelo proposto.</p>
<p>3.3. Soporte específico</p> <p>Durante este período de transición cómpre poñer en marcha unha serie de iniciativas encamiñadas a sensibilizar á sociedade en xeral, e ós diferentes sectores da comunidade educativa en particular, dos beneficios do proceso normalizador e das posibilidades do modelo proposto. O impulso do traballo coordinado dos ENL, nos seus distintos marcos de actuación (nacional, comarcal e de centro) será un dos eixes de apoio cira a este obxectivo principal.</p> <p>Paralelamente é imprescindible impulsar todas aquelas medidas encamiñadas a promover unha maior capacidade na vertente pedagóxica, sociolingüística e cultural do profesorado, e doutras accións implicadas no proceso normalizador.</p> <p>Neste sentido, é imprescindible impulsar e permanente do profesorado, o asesoramento e incentivos das centros escolares, así como a dotación de medios e recursos para a dinamización do proceso, en cantidade e</p>	<p>En calquera caso, estas estratexias sempre tomarán en consideración o punto de partida (melor ou peor grao de normalización acadado ata ese momento) e as liñas globais do modelo definido, de xeito que se procurarán aquelas adaptacións que fagan posible un maior achegamento ás pautas contempladas neste documento.</p> <p>Así, nos distintos niveis de Educación Infantil e primario do ciclo de Primaria (tal se trata de grupos, escolas, centros, etc.) e tamén xa acadados, realízanse as accións similares ás propostas no apartado anterior para estas etapas.</p> <p>No segundo e terceiro ciclo de Primaria debe aboñarse na liña de coñecida-lo galego como lingua vehicular, partindo dos mínimos obrigatorios (dúas áreas) e incorporando progresivamente ó longo deste tempo as áreas necesarias ate acadar los niveis previstos no modelo proposto.</p>	<p>O longo dos cinco anos estableceranse por parte dos Equipos de Normalización dos Centros e baixo a coordinación e asesoramento dos ENL de ámbito comarcal, e no seu caso, do ENL de carácter nacional, aquelas estratexias que permitan unha transición progresiva da situación actual á etapa terminal do modelo.</p>	<p>Así, nos distintos niveis de Educación Infantil e primario do ciclo de Primaria (tal se trata de grupos, escolas, centros, etc.) e tamén xa acadados, realízanse as accións similares ás propostas no apartado anterior para estas etapas.</p> <p>No segundo e terceiro ciclo de Primaria debe aboñarse na liña de coñecida-lo galego como lingua vehicular, partindo dos mínimos obrigatorios (dúas áreas) e incorporando progresivamente ó longo deste tempo as áreas necesarias ate acadar los niveis previstos no modelo proposto.</p>

Anexo 6

NEG Opina, Educar en galego: o compromiso renovado, setembro de 2004

NOVEMBRO 2004

nova escola galega

Opina

Movimento galego de renovación pedagóxica

Educar en galego: o compromiso renovado

Cumpridas xa máis de dúas décadas desde a introdución da lingua galega no ensino, a profusión de estudos de campo dos últimos tempos sobre a realidade do idioma constata un progresivo debilitamento do galego sobre todo no que fai referencia á transmisión interxeracional e á súa vivencia como lingua de uso ordinario entre as novas xeracións.

Paralelamente, conséntase tamén nos nosos días como no ensino -que actuou historicamente como vangarda do proceso- se produciu un tamén progresivo relaxamento no compromiso normalizador, unha actitude esta que seguramente veu determinada, entre outros motivos, pola aparente normalización de pantalla que se tentó transmitir desde algúns ámbitos e desde o propio poder político.

Analizando estas circunstancias **NOVA ESCOLA GALEGA**, movemento de renovación pedagóxica con vinta e un anos de actividade e que ten consagrado boa parte das súas iniciativas ao intento de construción dun sistema educativo galego público, democrático e normalizado, pretende facer chegar a todos os centros educativos de Galicia as liñas mestras do seu **Modelo de Normalización Lingüística para o Sistema Educativo Galego**.

O **Modelo** é un documento que, conservando toda a súa vivencia, foi elaborado xa no ano 1999 partindo do espírito respecto á lexislación vixente para tratar de -utilizando todos os mecanismos que a propia lexislación permite- lograr o obxectivo previsto pola propia lexislación: que o sistema educativo consiga que o alumnado galego sexa efectivamente competente no uso dos dous idiomas oficiais de Galicia. Para lograr, como é lógico, o **Modelo** parte da premisa fundamental de tratar de equilibrar o que está desequilibrado de partida, un elemental razoamento esquecido polas políticas lingüísticas oficiais desenvolvidas ata o momento.

Significado último da normalización

Na súa esencia o termo normalización deriva da expresión **facere normal**. Aplicado o concepto á cuestión lingüística, o proceso de normalización debe procurar que a lingua galega acado un status de normalidade en todos e cada un dos ámbitos da vida dos galegos e das galegas, un status que lle foi usurpado por razóns históricas, sociais e políticas ao longo dos seis-cinco últimos séculos.

Normalización Lingüística

nova escola galega

NEG

MODELO DE
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
PARA O SISTEMA EDUCATIVO GALEGO

Para consultar -e mesmo para baixalo na súa integridade- o Modelo de Normalización Lingüística para o Sistema Educativo Galego feito público por **NOVA ESCOLA GALEGA** en 1999, e sobre todo para coñecer polo miúdo a análise da situación actual e as propostas que nel se realizan canto aos medios necesarios para púntelo en práctica, pode visitarse a páxina web de NEG: www.nova-escola-galega.org (enlace "Normalización Lingüística"). Tamén pode solicitarse no correo electrónico da sede central de NEG en Santiago (neg@iaga.com).

nova escola galega

Normalización Lingüística

Constitúese que a comezos do século XXI se ten conseguido xa que o galego sexa unha lingua normal na consideración que a cidadanía lle merece como lingua, que sexa unha lingua normal no campo da política, en certas facetas administrativas e mesmo nun certo número de medios de comunicación. Trátase, hoxe por hoxe, dunha lingua de uso normal, tamén e a certos niveis, no ensino.

De xeito paralelo ao proceso descrito, como se advertíba, o galego foi profundando na súa anormalidade na vida cotiá, no día a día dos galegos e das galegas, de tal xeito que se pode afirmar que, ao tempo que foi acadando un certo rango de lingua de prestixio, sendo mesmo precisa para acceder a certos postos de traballo, cun cada vez máis rico vocabulario en campos como o deporte, que antes lle eran vedados, foi perdendo vivencia como lingua de uso ordinario, único campo, en realidade, no que foi quen de sobrevivir en condicións extremas durante cinco séculos.


O ensino, ademais de ser un dos eidos para os que se debe recuperar o idioma galego en todos os ámbitos de uso -administración, relacións interpersonais e docencia-, amósase como un campo privilexiado para o proceso de recuperación social da lingua galega. Esta importancia está determinada pola súa contribución á consecución de tres obxectivos fundamentais para ese proceso:

- Dotar ao alumnado de competencia lingüística plena en galego
- Dotar ao alumnado de actitudes favorables para a lingua galega e para o seu proceso de recuperación social.
- Adquirir usos lingüísticos a prol da lingua galega.

As normalizacións ignoradas

Aínda admitindo o acordo entre amplos sectores sociais -e educativos, se nos centramos exclusivamente no terreo do ensino regrado- sobre a definición do obxectivo normalizador último, é latente o debate sobre "o que" normalizar. Nas últimas dúas décadas os esforzos normalizadores centráronse practicamente en exclusiva na lingua, entendendo esta como o auténtico libro no que se identifica Galicia. Os resultados acadados con estes esforzos veñen demostrando, alón do feito constatado de que o ensino non recibiu a axuda que debería doutros ámbitos da vida social na procura da normalización do idioma, que o enfoque que guiou os esforzos foi reduccionista en exceso.

Desde diferentes posicións teóricas defínese a cultura dun grupo social como o conxunto dunha armazón moi dispersa, cunhas relacións tan construídas entre eles que o resultado difícil analízalos individualizadamente. Analizando estas definicións, atopamos o concepto fal referencia, por unha parte, aos elementos constituintes da propia cultura, entre os cales se atopan os valores, o código social, a propia estrutura social, os mitos e tabús... e por outra a aquelas manifestacións, as manifestacións culturais, a través das cales eses elementos se fan visibles. Entre tales manifestacións culturais está singularmente a lingua, cun protagonismo destacado, pero tamén produtos culturais tan esquecidos nos nosos días en Galicia como a arquitec-



Costes de ensino nos sectores de Galicia segundo se compra ou non a linguaxe en materia lingüística (%)
(Fonte: Datos da enquisa realizada por CIG-ASPI, 2001)



¿Como cre que deberá ser o ensino nesta CCAA? (%)
(Fonte: Informe Consejo de Cultura, Vol. I, 2002, a partir de Sigüra, 1999)



¿Debe ser o galego a lingua habitual da escola?
(Fonte: Mapa Sociolingüístico de Galicia, 1994)

tura popular, a música, a arte, os modos de produción, o patrimonio lúdico...

Se consideramos a situación de debilidade na que se atopa a lingua na actualidade, e se temos en conta a interrelación existente entre as distintas manifestacións culturais, que impide que poidan ser contempladas illadamente, estaremos comprobando que tal debilidade da lingua, máis notorio, está agachando o debilitamento dos outros produtos culturais que camifan a seu carón. Máis aínda, o feito de que en Galicia se teñen deseñado ata o momento escalas e medidas de normalización das diferentes manifestacións culturais que fomos quen a crear como pobo, se se exceptúa a lingua, está impedindo tamén que a lingua se normalice plenamente.

Segundo a sinéctica análise realizada, unha iniciativa normalizadora deseñada dende o ensino non debe esquecer as outras manifestacións que conforman, xunto á lingua, a armazón cultural galega. Normalizar a lingua implica, tamén, que a escola asuma o obxectivo de normalizar -dende o seu ámbito- a realidade galega no seu conxunto. Daquela, a capacidade de manobra que deixa aberta a actual armazón lexislativa, dende a perspectiva educativa e dende a perspectiva lingüística, amósase como unha ferramenta nada desprezable de cara á consecución deste obxectivo.

O marco legal da normalización

Os paradoxos da propia historia de Galicia explican que o momento no que se desenvolve a armazón lexislativa que

novos estudos galegos

perseguir a normalización do idioma, coincide tamén co momento histórico no que a penetración do castelán é máis evidente. Coinciden tamén as dúas últimas décadas cunha época histórica de desenvolvemento vertiginoso das novas tecnoloxías e dos mass-media. Daquela, semella que o proceso lexislativo e as accións normalizadoras postas en marcha foron demasiado demoradas no tempo, por unha banda, e en exceso pouco decididas, por outra.

En síntese, o camiño seguido polo ensino para enfrentar a cuestión pódese sintetizar en tres momentos sucesivos, se nos situamos no tempo a partir do ano 1979:

- A incorporación da lingua e da literatura galegas, como materia integrante do currículo, aos planos de estudos de todos os niveis non universitarios do sistema educativo galego.
- A incorporación do galego como lingua vehicular ás aulas das algunhas áreas, especialmente as humanísticas.
- A incorporación do galego como lingua vehicular ás aulas dunha importante batería de materias -de diferentes áreas científicas- do currículo, e mesmo a apertura da posibilidade de acadar un uso, metade por metade, das dúas linguas presentes en Galicia no ensino.


As sucesivas disposicións lexislativas -produto, antes da presión exercida polos profesionais da educación que da existencia dunha vontade política ao respecto- conseguiron, á fin, que o galego non sexa estranxo á escola, que desaparecesen -salvo casos illados- as situacións de conflito e mesmo que a estandarización do idioma non sexa xa unha utopía.

A falta dunha vontade política sobre a cuestión, a desidia dalgunhs dos chansos da administración educativa e mesmo a idea dunha liberdade de cadeira mal entendida, porén, impiden que as disposicións lexislativas se cumpran en boa parte dos centros educativos do país. De aí que, ao tempo que non se debe considerar a actual regulamentación como o desexado punto final, semella preciso unha focalización do esforzo dos sectores comprometidos co idioma cara ao cumprimento de todos os aspectos lexislatados.


NEG A PROPOSTA NORMALIZADORA QUE PRESENTA NOVA ESCOLA GALEGA

Ao longo do ano 1988, o Grupo de Normalización Lingüística de NOVA ESCOLA GALEGA procedeu a unha análise da situación da lingua galega no ámbito do ensino, logo de que a súa implantación estivese regulada polo Estatuto de Autonomía, a Lei de Normalización Lingüística e Decretos e normas que a desenvolvían. Esta análise amosaba un panorama de requilicos avances e dunha carencia case absoluta de política lingüística planificada, con prazos e modelos establecidos. Por iso se procedeu a elaborar unha proposta concreta de actuación neste eido, concretada no documento *Un Modelo de Normalización Lingüística para o Sistema Educativo Galego*.

novos estudos galegos



¿Debe ser o galego a lingua vehicular (según Lang e Liu, España)? (Fonte: Mapa Sociolingüístico de Galicia, 1994)



Grupo de alumnos segundo se compra ou non o lexicón (Fonte: Datos do Estado da Coordinación Comarcial de ENL) 5

Dez anos máis tarde, en 1999, NOVA ESCOLA GALEGA, a través do seu Grupo de Normalización Lingüística, e á vista dos indicadores dos que podía dispoñer, estinou oportuno presentar unha análise da situación e realizar unha nova proposta que, orientada cara o século XXI, poida ser formulada a institucións e entidades para chegar novamente a un acordo no tocante a normalización lingüística no ensino.

Os eixes fundamentais ou liñas básicas sobre os cales se articula o *Modelo de NOVA ESCOLA GALEGA* son:

- Tanto nas súas bases teóricas como nas súas estratexias de aplicación, ten unha dimensión científica contrastada. Aínda que se debe ser consciente de que as dificultades no proceso normalizador non provén dunha insuficiencia científica, nin sequera dunha ausencia de modelo, senón da falta de vontade política para impulsalo e dotalo dos medios necesarios, partese da convicción de que é fundamental que todo o proceso se desenvolva con criterios científicos. Neste sentido, hai que dicir que son numerosos os traballos teóricos e prácticas referidos a contextos moi asemellados ao noso que nos proporcionan unha experiencia suficientemente contrastada e que debemos ter en conta.
- O *Modelo* contempla, ademais do contexto social en que se vai desenvolver, as distintas realidade lingüísticas existentes entre a poboación escolar.
- O *Modelo* propón pautas de actuación tendentes a impulsar a normalización da cultura galega no ámbito escolar.
- O *Modelo* fixa un punto terminal normalizador. É dicir, un momento no que, logo do proceso previo, se entende que todos os alumnos e alumnas acadaron a competencia necesaria para que o galego poida ser xa a lingua



Lingua que se venen de 1º Ciclo de Primaria aprenden a ler (Fonte: Datos oficiais da Consellería de Educación, 1998)

de uso no ensino a todos os niveis. Ese momento queda fixado nos 12 anos, coincidindo coa fin da etapa de Educación Primaria. Naturalmente, naqueles centros onde ese punto normalizador se poida acadar con anterioridade non debería ser necesario agardar a ese momento, que se debe entender como a hipótese máis dilatada no tempo.

- A comunidade educativa de cada centro xoga un papel fundamental no proceso normalizador. Párese tamén da convicción de que debe participar activamente na definición, elaboración e posta en práctica das estratexias que se leven a cabo no proceso. O seu papel debe ser básico, polo tanto, á hora da definición do seu Proxecto Lingüístico, enmarcado no correspondente Proxecto Educativo de Centro.

Propostas para a Educación Infantil

No momento de decidir a estratexia normalizadora na Educación Infantil, deben terse en conta, respectivamente, a lingua familiar do alumnado, a lingua predominante no medio e a convivencia, en todo caso, de reforzar precisamente a lingua menos prestixiada, neste caso o galego, xa dende a máis temprá idade, toda vez que o castelán vai estar presente na aprendizaxe familiar e/ou social e que se pretende acadar unha competencia semellante nas dúas linguas oficiais, tal e como aparece recollido na Lei de Normalización Lingüística.

- Cando a lingua ambiental predominante sexa o galego, esta debe ser a lingua vehicular, calquera que sexa a lingua familiar dos nenos e nenas. En calquera caso, deben contemplarse programas de adaptación para aqueles grupos ou individuos que presenten algún tipo de dificultade para iniciar a súa escolaridade en galego, procurando unha pronta integración no ensino galego normalizado.

- Cando a lingua ambiental predominante sexa o castelán, poden contemplarse diferentes situacións:

- Alumnado con galego como lingua familiar: ensino en galego
- Alumnado con castelán como lingua familiar:

1. Ensino en galego naquelas situacións favorables dende o punto de vista sociolingüístico-apoio da familia e da comunidade educativa-. No caso dos/as nenos/as cunha competencia normal na súa lingua familiar, neste caso o castelán, o ensino nunha segunda lingua resulta benéfico, pois permite manter a competencia na súa lingua materna -moí presente socialmente, especialmente nos medios de comunicación e nas novas tecnoloxías- e adquirir progresivamente unha competencia necesaria na lingua da escola e, á fin, na lingua que cómpre reforzar para acadar o obxectivo fundamental da Lei de Normalización.

2. Iniciación ao ensino en castelán cunha progresiva incorporación do galego que permita o ensino nesta lingua o antes posible. Debe prestarse especial atención ao emprego das estratexias metodolóxicas máis oportunas, fundamentalmente no que se refire á formulación de obxectivos, especialización lingüística do profesorado e dos espazos, uso das dúas linguas, etc.

Deben collarse especialmente, e mediante os apoios necesarios, os casos dos alumnos ou alumnas que poidan presentar algún grao de dificultade no seu desenvolvemento lingüístico.

Propostas para a Educación Primaria

- No Primeiro Ciclo desta etapa propónse continuar co mesmo criterio que na etapa de Educación Infantil. Cómpre ter en conta que é agora cando se afianza a adquisición das técnicas instrumentais básicas e, polo tanto, un período fundamental para afianzar o galego como lingua do ensino. Con referencia ao proceso de ensino-aprendizaxe da lecto-escritura, deberá realizarse na lingua na que o alumno ou alumna veu sendo escolarizado.


- A comezos do Segundo Ciclo, cómpre diferenciar dúas situacións:

- No caso dos/as nenos/as escolarizados/as en galego, calquera que fose a súa lingua familiar, debe consolidarse o ensino en galego.


- No caso dos/as nenos/as escolarizados/as maioritariamente en castelán nos primeiros anos, débese ir incrementando progresivamente a presenza do galego. En calquera caso ampliárase o número de áreas impartidas en lingua galega, tendo en conta a importancia de incorporar de xeito prioritario aquelas máis prestixiadas.

- No Tercero Ciclo continuárase na liña anterior, establecendo as estratexias precisas para acadar a plena normalización do galego no ensino e os obxectivos básicos da Lei de Normalización.


Deben collarse especialmente, e mediante os apoios necesarios, os casos dos alumnos ou alumnas que poidan presentar algún grao de dificultade no seu desenvolvemento lingüístico.



Lingua usada no eureka nos anos no Ensino Infantil e Primario (%)
(Fonte: Informe Consejo de Cultura, Vol. II, 2002)



Lingua usada oralmente nos anos no Ensino Infantil e Primario (%)
(Fonte: Informe Consejo de Cultura, Vol. II, 2002)



Lingua utilizada na Prova de análise de texto das Probas de Acceso á Universidade, Xullo 1996
(Fonte: Datos do Estudo Sociolingüístico da USC)

Propostas para a Educación Secundaria Obligatoria

Acadada xa na anterior etapa a competencia lingüística suficiente, nesta etapa, o ensino desenvolverase totalmente en galego.

Esta utilización do galego como lingua vehicular estará complementada polo estudo sistemático do castelán, que xoga un importante papel como lingua de relación.

Deben coñecerse especialmente, e mediante os apoios necesarios, os casos dos alumnos ou alumnas que poidan presentar algún grao de dificultade no seu desenvolvemento lingüístico.

Propostas para a Educación Postobrigatoria

Do mesmo xeito, nesta etapa xa non debe existir ningún problema obxectivo que faga viable a normalización lingüística no ensino, que estará xa plenamente consolidada. O labor nesta etapa, orientarase máis á necesaria formación complementaria do profesorado e á confección dos materiais didácticos precisos.

Deben coñecerse especialmente, e mediante os apoios necesarios, os casos dos alumnos ou alumnas que poidan presentar algún grao de dificultade no seu desenvolvemento lingüístico.

NEG..... MEDIDAS TRANSITORIAS PARA AS DIFERENTES ETAPAS

Educación Infantil e Primaria

Dado que o Pleno que debe poñer en práctica o Modelo que se acaba de sintetizar empezará a aplicarse sistematicamente cos nenos e nenas que ingresen por primeira vez no sistema educativo, haberá varios grupos de alumnos e alumnas -os que xa están integrados nos diferentes niveis educativos no momento actual- que non se poderán beneficiar plenamente do mesmo.

A proposta que se realiza é que se estableza por parte dos Equipos de Normalización dos Centros e baixo a coordinación e asesoramento dos ENL de ámbito comarcal, e no seu caso, do ENL de carácter nacional, aquelas estratexias que permitan unha transición progresiva da situación actual á etapa terminal do modelo.

En calquera caso, esas estratexias sempre tomarán en consideración o punto de partida -maior ou menor grao de normalización acadado ata ese momento- e as liñas globais do modelo definido, de xeito que se procurarán aquelas adaptacións que fagan posible un maior achegamento ás pautas contempladas neste documento.




Así, nos actuais niveis de Educación Infantil e Primeiro Ciclo de Primaria -se se trata de grupos non iniciais- respectando o camiño xa andado, tenderase a solucións semellantes ás propostas no apartado anterior para estas idades.

No Segundo e Terceiro Ciclo de Primaria debe afondarse na liña de consolidar o galego como lingua vehicular, partindo dos mínimos obrigatorios -dúas áreas- e incorporando progresivamente ao longo deste tempo as áreas necesarias ata acadar os niveis previstos no Modelo proposto.

Educación Secundaria (ESO e ESPO)

Como nas etapas anteriores e partindo do estilo cumprimento dos mínimos legais establecidos tránsese incorporando progresivamente novas materias ata acadar, na perspectiva de cinco anos, os obxectivos enunciados no Modelo.

En calquera caso, deberá tenderse a unha progresiva galeguización curso a curso. Serán os Equipos de Normalización dos Centros, asesorados e coordinados polo ENL comarcal e, no seu caso polo ENL nacional, os encargados de planificar o proceso de incorporación de novas materias en galego, considerando a traxectoria propia de cada centro.



Anexo 7

NEG Opina, Normalización lingüística no ensino, abril de 2007



NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO ENSINO

Co gallo do proxecto de decreto polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a promoción do galego no ensino, no marco da lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Hai poucas semanas deseuse a cofeio o texto do novo decreto que vai regulamentar o uso do galego no ensino non universitario. Os contenciosos dos medios de comunicación, os artigos de opinión, as propostas de texto ou texto breve, o consenso das forzas políticas con representación no Parlamento, o que, en principio, é unha boa noticia. As valoracións da maioría das entidades e organismos relacionados coa lingua e a cultura foron favorables, polo que o optimismo (tan desexado) empezou a tomar corpo nos sectores máis relacionados con esta tarefa.

Antecedentes

Nova Escola Galega, desde o comezo da súa andadura aló polo 1983, sempre tivo como un dos seus eixos fundamentais a pretensión de acadar a plena normalización da lingua e da cultura galega. Traballou arreo neste eido, organizando numerosas xornadas e encontros sobre este asunto, froto dos cales se editou *Un modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego* (1988).

Promovemos un acordo entre moitas outras entidades e organizacións vinculadas á lingua e/ou ao ensino, xerando conxuntamente o documento chamado *Modelo de normalización lingüística para o ensino*, publicado no 1989 e dado a coñecer á opinión pública e á propia Administración, co ánimo de que se camitase na súa aplicación.

